Asinado dixitalmente por:
REXISTRO ELECTRÓNICO
Data: 13/03/2019 02:04:22
Razón: Rexistro electrónico
Localización: Parlamento de Galicia

PARLAMENTO DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

X lexislatura
Número 444
13 de marzo de 2019

Fascículo 1

CSV: GmmWgbzwn8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

SUMARIO

1. Procedementos parlamentarios

1.3. Procedementos de control e impulso
1.3.6. Proposicións non de lei
1.3.6.1. Proposicións non de lei en Pleno
1.3.6.1.1. Proposicións presentadas

47139 (10/PNP-003552)
Grupo Parlamentario de En Marea
Rodríguez Estévez, David e 2 máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas condicións laborais dos traballadores da empresa pública Seaga 151943

47144 (10/PNP-003553)
Grupo Parlamentario de En Marea
Rodríguez Estévez, David e 2 máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación cos incendios rexistrados durante o mes de febreiro de 2019 151947

47146 (10/PNP-003554)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Prado Cores, María Montserrat e 5 máis
Sobre a inclusión por parte do Goberno galego dunha ambulancia de soporte vital avanzado para a comarca do Salnés no concurso para a adxudicación do servizo de transporte sanitario terrestre que se está a iniciar 151951

47189 (10/PNP-003555)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Toja Suárez, María Dolores e Otero Rodríguez, Patricia
Sobre a modificación polo Goberno galego do proxecto de construción de pantaláns para embarcacións no porto Cabo de Cruz, de xeito que se recollan as demandas dos bateeiros 151955

47191 (10/PNP-003556)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Burgo López, María de la Concepción e 2 máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación coa incidencia que tería nos dereitos lingüísticos da cidadanía galega a proposta dun partido político para reducir a presenza na Administración pública das linguas oficiais distintas á castelá 151957

47199 (10/PNP-003557)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Toja Suárez, María Dolores e Otero Rodríguez, Patricia
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co depósito de bolsas de plástico e desperdicios descuberto no porto de Malpica 151960

CSV: GmmWgbzwn8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

47205 (10/PNP-003558)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rodil Fernández, Olalla e 5 máis
Sobre o criterio que debe establecer o Goberno galego para o agrupamento do alumnado nunha mesma aula 151962

47216 (10/PNP-003559)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rodil Fernández, Olalla e 5 máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación coas unidades didácticas elaboradas pola Cámara Oficial de Minaría de Galicia 151965

47238 (10/PNP-003560)
Grupo Parlamentario de En Marea
Quinteiro Araújo, Paula
Sobre a garantía pola Xunta de Galicia da igualdade de xénero na composición dos órganos consultivos do Goberno galego 151968

47255 (10/PNP-003561)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Pérez Seco, José Manuel e Fernández Fernández, Raúl
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación cos puntos negros de atropelos de fauna salvaxe existentes nas estradas de Galicia, así como as demandas que debe realizar ao Goberno central respecto dos danos causados a persoas e vehículos en accidentes ocasionados por esas especies 151971

47260 (10/PNP-003562)
Grupo Parlamentario de En Marea
Vázquez Verao, Paula
Sobre as xestións que debe realizar o Goberno galego diante do Concello de Abadín co fin de garantir a accesibilidade dunha vivenda da parroquia de Abeledo situada no barrio do Couto 151974

47265 (10/PNP-003563)
Grupo Parlamentario de En Marea
Villares Naveira, Luis e 2 máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa creación dos grupos de emerxencias supramunicipais de Maceda, Allariz, Silleda e A Veiga, así como da Montaña lucense 151977

47270 (10/PNP-003564)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Losada Álvarez, Abel Fermín e Pérez Seco, José Manuel
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co anuncio da empresa mexicana Pemex da súa saída do accionariado do estaleiro Barreras, de Vigo, e o abandono de Galicia 151980

47287 (10/PNP-003565)
Grupo Parlamentario de En Marea
Miranda Pena, Flora María

CSV: GmmWgbzwn8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Sobre a atención pola Xunta de Galicia das demandas profesionais do persoal dos puntos de atención continuada 151983

47289 (10/PNP-003566)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Prado Cores, María Montserrat e 5 máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para garantir a continuidade do servizo público de axuda no fogar que se vén prestando no concello de Forcarei 151986

47301 (10/PNP-003567)
Grupo Parlamentario de En Marea
Solla Fernández, Eva
Sobre a elaboración polo Goberno galego, en colaboración coa Fegamp, dun plan coa dotación orzamentaria necesaria para abordar a situación dos problemas nutricionais na infancia e adolescencia, así como a retirada da comida lixo dos centros educativos de Galicia 151991

47316 (10/PNP-003568)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Toja Suárez, María Dolores e Otero Rodríguez, Patricia
Sobre o desenvolvemento polo Goberno galego dun plan de actuacións para loitar contra o furtivismo no sector das bateas 151993

47337 (10/PNP-003570)
Grupo Parlamentario de En Marea
Villares Naveira, Luis e 5 máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa protección e rehabilitación do Camiño Norte a Santiago de Compostela, así como o mantemento da súa consideración como patrimonio da humanidade 151995

47341 (10/PNP-003571)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Pérez Seco, José Manuel e Losada Álvarez, Abel Fermín
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co posible peche da empresa Poligal en Narón 152000

47346 (10/PNP-003572)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Toja Suárez, María Dolores e 2 máis
Sobre a exixencia pola Xunta de Galicia á empresa Ferroatlántica do cumprimento do plan de viabilidade e a garantía da actividade de ferroaliaxes nas fábricas de Cee e Dumbría segundo o reflectido na sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia de 1996, ratificada polo Tribunal Supremo no ano 2001 152002

47347 (10/PNP-003573)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Toja Suárez, María Dolores e 2 máis

CSV: GmmWgbzwn8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para garantir a posta en marcha do centro de día de Corcubión antes do remate de 2019, así como do centro de día Camariñas antes do remate de 2020 152004

47354 (10/PNP-003574)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Prado Cores, María Montserrat e 5 máis
Sobre a posición do Parlamento de Galicia respecto das reivindicacións do persoal da compañía Bosch con sede en Vigo, así como as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co expediente de regulación de emprego temporal presentado pola empresa 152007

47360 (10/PNP-003575)
Grupo Parlamentario de En Marea
Solla Fernández, Eva e Cal Ogando, Marcos
Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación cos criterios sanitarios da calidade da auga de consumo humano, así como as actuacións que debe levar a cabo ao respecto 152013

47365 (10/PNP-003576)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Pérez Seco, José Manuel e 2 máis
Sobre a execución polo Goberno galego, no primeiro semestre de 2019, dos traballos de aglomerado e pintado da estrada que dá acceso ao Parque Natural das Fragas do Eume desde a estrada provincial ata a ponte de Santa Cristina, pola que se accede a pé ao mosteiro 152020

47377 (10/PNP-003577)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Blanco Paradelo, Moisés e 7 máis
Sobre a realización pola Xunta de Galicia dun estudo da mellora do trazado e das prestacións básicas da estrada OU-533 co fin de comunicar a futura autovía A-76 desde Valdeorras coa autovía A-52, no concello da Gudiña 152022

47380 (10/PNP-003578)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Pérez Seco, José Manuel e 2 máis
Sobre o desenvolvemento polo Goberno galego das medidas necesarias para garantir a vixilancia nas costas afectadas pola Confraría de Barallobre, así como as asistencias técnicas que se viñan realizando con cargo ás axudas reflectidas na Orde do 7 de setembro de 2018 152024

47389 (10/PNP-003579)
Grupo Parlamentario de En Marea
Vázquez Verao, Paula e Villares Naveira, Luis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas deficiencias detectadas en materia de accesibilidade no Hospital Universitario Lucus Agusti, de Lugo 152026

47393 (10/PNP-003580)
Grupo Parlamentario de En Marea
Vázquez Verao, Paula e Villares Naveira, Luis

CSV: GmmWgbzwn8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa situación demográfica de Galicia 152028

47397 (10/PNP-003581)
Grupo Parlamentario de En Marea
Cal Ogando, Marcos e 2 máis
Sobre o deseño polo Goberno galego, en colaboración cos concellos, dun plan que permita, nas situacións de contaminación atmosférica, a adopción de medidas áxiles de redución do tráfico motorizado e advertir da necesidade de protexer as persoas máis sensibles 152036

47410 (10/PNP-003582)
Grupo Parlamentario de En Marea
Miranda Pena, Flora María
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación cos coidados paliativos asumidos na atención primaria da saúde 152039

47411 (10/PNP-003583)
Grupo Parlamentario de En Marea
Vázquez Verao, Paula e Villares Naveira, Luis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación co sistema de protección de menores na modalidade de acollemento residencial, de xestión directa 152043

47429 (10/PNP-003584)
Grupo Parlamentario de En Marea
Vázquez Verao, Paula
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas reivindicacións da Plataforma de Familias con Diversidade Funcional de Santiago de Compostela referidas á necesidade de aumentar na comarca o número de prazas residenciais de atención directa para persoas con diversidade funcional 152049

47440 (10/PNP-003585)
Grupo Parlamentario de En Marea
Cal Ogando, Marcos e Sánchez García, Antón
Sobre a elaboración pola Xunta de Galicia dun informe respecto do impacto do eucalipto na auga do seu contorno que permita intervir na mellora da súa calidade e das flutuacións dos caudais 152052

47446 (10/PNP-003586)
Grupo Parlamentario de En Marea
Solla Fernández, Eva e Cal Ogando, Marcos
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas verteduras de lindano nas zonas de Contrasto e Torneiros, no concello do Porriño, e os posibles riscos derivados para a saúde das persoas 152056

47454 (10/PNP-003587)
Grupo Parlamentario de En Marea
Rodríguez Estévez, David e Sánchez García, Antón

CSV: GmmWgbzwn8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Sobre a constitución pola Xunta de Galicia de comisións e grupos de traballo dentro do Consello Forestal para integrar e desenvolver as políticas forestais que Galicia precisa 152059

47456 (10/PNP-003588)
Grupo Parlamentario de En Marea
Casal Vidal, Francisco e 2 máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego e as xestións que debe realizar diante do Goberno central en relación co concurso voluntario de acredores con proposta de liquidación para a fábrica de Poligal en Narón 152062

47462 (10/PNP-003589)
Grupo Parlamentario de En Marea
Chao Pérez, Luca e Cuña Bóveda, María de los Ángeles
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa ensinanza da materia de Relixión nos centros educativos 152071

47472 (10/PNP-003590)
Grupo Parlamentario de En Marea
Quinteiro Araújo, Paula e 3 máis
Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación co impacto do Real decreto 28/2019 nas cotizacións á Seguridade Social dos traballadores do mar 152075

47484 (10/PNP-003591)
Grupo Parlamentario de En Marea
Cal Ogando, Marcos e 2 máis
Sobre a redacción e aprobación polo Goberno galego dos plans de conservación ou recuperación das aves e demais especies vulnerables ou en perigo de extinción 152079

47321 (10/PNP-003569)
Grupo Parlamentario de En Marea
Villares Naveira, Luis e 5 máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa tramitación de proxectos de instalación de parques eólicos 152084

1.3.6.2. Proposicións non de lei en Comisión
1.3.6.2.1. Proposicións presentadas

47138 (10/PNC-003803)
Grupo Parlamentario de En Marea
Rodríguez Estévez, David e 2 máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas condicións laborais dos traballadores da empresa pública Seaga 152089

47143 (10/PNC-003804)
Grupo Parlamentario de En Marea
Rodríguez Estévez, David e 2 máis

CSV: GmmWgbzwn8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación cos incendios rexistrados en Galicia durante o mes de febreiro de 2019 152093

47145 (10/PNC-003805)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Prado Cores, María Montserrat e 5 máis
Sobre a inclusión por parte do Goberno galego dunha ambulancia de soporte vital avanzado para a comarca do Salnés no concurso para a adxudicación do servizo de transporte sanitario terrestre que se está a iniciar 152097

47184 (10/PNC-003806)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Toja Suárez, María Dolores e Otero Rodríguez, Patricia
Sobre a modificación polo Goberno galego do proxecto de construción de pantaláns para embarcacións no porto Cabo de Cruz, de xeito que se recollan as demandas dos bateeiros 152101

47192 (10/PNC-003807)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Burgo López, María de la Concepción e 2 máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación coa incidencia que tería nos dereitos lingüísticos da cidadanía galega a proposta dun partido político para reducir a presenza na Administración pública das linguas oficiais distintas á castelá 152103

47198 (10/PNC-003808)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Toja Suárez, María Dolores e Otero Rodríguez, Patricia
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co depósito de bolsas de plástico e desperdicios descuberto no porto de Malpica 152106

47204 (10/PNC-003809)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rodil Fernández, Olalla e 5 máis
Sobre o criterio que debe establecer o Goberno galego para o agrupamento do alumnado nunha mesma aula 152108

47215 (10/PNC-003810)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rodil Fernández, Olalla e 5 máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación coas unidades didácticas elaboradas pola Cámara Oficial de Minaría de Galicia 152111

47237 (10/PNC-003811)
Grupo Parlamentario de En Marea
Quinteiro Araújo, Paula e Cal Ogando, Marcos
Sobre a garantía pola Xunta de Galicia da igualdade de xénero na composición dos órganos consultivos do Goberno galego 152114

CSV: GmmWgbzwn8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

47254 (10/PNC-003812)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Pérez Seco, José Manuel e Fernández Fernández, Raúl
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación cos puntos negros de atropelos de fauna salvaxe existentes nas estradas de Galicia, así como as demandas que debe realizar ao Goberno central respecto dos danos causados a persoas e vehículos en accidentes ocasionados por esas especies 152117

47259 (10/PNC-003813)
Grupo Parlamentario de En Marea
Vázquez Verao, Paula
Sobre as xestións que debe realizar o Goberno galego diante do Concello de Abadín co fin de garantir a accesibilidade dunha vivenda da parroquia de Abeledo situada no barrio do Couto 152119

47264 (10/PNC-003814)
Grupo Parlamentario de En Marea
Villares Naveira, Luis e Rodríguez Estévez, David
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa creación dos grupos de emerxencias supramunicipais de Maceda, Allariz, Silleda e A Veiga, así como da Montaña lucense 152122

47266 (10/PNC-003815)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Losada Álvarez, Abel Fermín e Pérez Seco, José Manuel
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co anuncio da empresa mexicana Pemex da súa saída do accionariado do estaleiro Barreras, de Vigo, e o abandono de Galicia 152125

47286 (10/PNC-003816)
Grupo Parlamentario de En Marea
Miranda Pena, Flora María
Sobre a atención pola Xunta de Galicia das demandas profesionais do persoal dos puntos de atención continuada co fin de garantir a atención sanitaria, a dotación de persoal necesaria e unhas condicións laborais dignas 152128

47288 (10/PNC-003817)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Prado Cores, María Montserrat e 5 máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para garantir a continuidade do servizo público de axuda no fogar que se vén prestando no concello de Forcarei 152131

47300 (10/PNC-003818)
Grupo Parlamentario de En Marea
Solla Fernández, Eva
Sobre a elaboración polo Goberno galego, en colaboración coa Fegamp, dun plan coa dotación orzamentaria necesaria para abordar a situación dos problemas nutricionais na infancia e adolescencia, así como a retirada da comida lixo dos centros educativos de Galicia 152136

CSV: GmmWgbzwn8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

47311 (10/PNC-003819)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Losada Álvarez, Abel Fermín e Pérez Seco, José Manuel
Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación coas dificultades que teñen as empresas galegas, en especial as pemes, para a súa incorporación aos mercados internacionais 152138

47313 (10/PNC-003820)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Losada Álvarez, Abel Fermín e Pérez Seco, José Manuel
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para diminuír os custos das melloras na subministración de enerxía eléctrica para as pemes agrogandeiras 152141

47315 (10/PNC-003821)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Toja Suárez, María Dolores e Otero Rodríguez, Patricia
Sobre o desenvolvemento polo Goberno galego dun plan de actuacións para loitar contra o furtivismo no sector das bateas 152144

47320 (10/PNC-003822)
Grupo Parlamentario de En Marea
Villares Naveira, Luis e 5 máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa tramitación de proxectos de instalación de parques eólicos 152146

47336 (10/PNC-003823)
Grupo Parlamentario de En Marea
Villares Naveira, Luis e 5 máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa protección e rehabilitación do Camiño Norte a Santiago de Compostela, así como o mantemento da súa consideración como patrimonio da humanidade 152151

47340 (10/PNC-003824)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Pérez Seco, José Manuel e Losada Álvarez, Abel Fermín
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co posible peche da empresa Poligal en Narón 152156

47345 (10/PNC-003825)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Toja Suárez, María Dolores e 2 máis
Sobre a exixencia pola Xunta de Galicia á empresa Ferroatlántica do cumprimento do plan de viabilidade e a garantía da actividade de ferroaliaxes nas fábricas de Cee e Dumbría segundo o reflectido na sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia de 1996 e ratificada polo Tribunal Supremo no ano 2001 152158

47348 (10/PNC-003826)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Toja Suárez, María Dolores e 2 máis

CSV: GmmWgbzwn8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para garantir a posta en marcha do centro de día de Corcubión antes do remate de 2019, así como do centro de día Camariñas antes do remate de 2020 152160

47353 (10/PNC-003827)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Prado Cores, María Montserrat e 5 máis
Sobre a posición do Parlamento de Galicia respecto das reivindicacións do persoal da compañía Bosch con sede en Vigo, así como as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co expediente de regulación de emprego temporal presentado pola empresa 152162

47359 (10/PNC-003828)
Grupo Parlamentario de En Marea
Solla Fernández, Eva e Cal Ogando, Marcos
Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación cos criterios sanitarios da calidade da auga de consumo humano, así como as actuacións que debe levar a cabo ao respecto 152168

47364 (10/PNC-003829)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Pérez Seco, José Manuel e 2 máis
Sobre a execución polo Goberno galego, no primeiro semestre de 2019, dos traballos de aglomerado e pintado da estrada que dá acceso ao Parque Natural das Fragas do Eume desde a estrada provincial ata a ponte de Santa Cristina, pola que se accede a pé ao mosteiro 152175

47369 (10/PNC-003830)
Grupo Parlamentario de En Marea
Torregrosa Sañudo, Julia e 2 máis
Sobre a solicitude pola Xunta de Galicia ao Goberno central entrante do establecemento de límites para o prezo dos alugueiros 152177

47376 (10/PNC-003831)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Blanco Paradelo, Moisés e 7 máis
Sobre a realización pola Xunta de Galicia dun estudo da mellora do trazado e das prestacións básicas da estrada OU-533 co fin de comunicar a futura autovía A-76 desde Valdeorras coa autovía A-52, no concello da Gudiña 152180

47378 (10/PNC-003832)
Grupo Parlamentario de En Marea
Torregrosa Sañudo, Julia e 2 máis
Sobre a elaboración pola Xunta de Galicia dun plan para a inclusión da vivenda baleira no mercado inmobiliario a prezos que poida asumir a cidadanía 152183

47381 (10/PNC-003833)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Pérez Seco, José Manuel e 2 máis

CSV: GmmWgbzwn8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Sobre o desenvolvemento polo Goberno galego das medidas necesarias para garantir a vixilancia nas costas afectadas pola Confraría de Barallobre, así como as asistencias técnicas que se viñan realizando con cargo ás axudas reflectidas na Orde do 7 de setembro de 2018 152187

47388 (10/PNC-003834)
Grupo Parlamentario de En Marea
Vázquez Verao, Paula e Villares Naveira, Luis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas deficiencias detectadas en materia de accesibilidade no Hospital Universitario Lucus Agusti, de Lugo 152189

47392 (10/PNC-003835)
Grupo Parlamentario de En Marea
Vázquez Verao, Paula e Villares Naveira, Luis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa situación demográfica de Galicia 152191

47396 (10/PNC-003836)
Grupo Parlamentario de En Marea
Cal Ogando, Marcos e 2 máis
Sobre o deseño polo Goberno galego, en colaboración cos concellos, dun plan que permita nas situacións de contaminación atmosférica a adopción de medidas áxiles de redución do tráfico motorizado e advertir da necesidade de protexer as persoas máis sensibles 152199

47408 (10/PNC-003837)
Grupo Parlamentario de En Marea
Miranda Pena, Flora María
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación cos coidados paliativos asumidos na atención primaria da saúde 152202

47409 (10/PNC-003838)
Grupo Parlamentario de En Marea
Vázquez Verao, Paula e Villares Naveira, Luis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación co sistema de protección de menores na modalidade de acollemento residencial, de xestión directa 152206

47428 (10/PNC-003839)
Grupo Parlamentario de En Marea
Vázquez Verao, Paula
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas reivindicacións da Plataforma de Familias con Diversidade Funcional de Santiago de Compostela referidas á necesidade de aumentar na comarca o número de prazas residenciais de atención directa para persoas con diversidade funcional 152212

47439 (10/PNC-003840)
Grupo Parlamentario de En Marea
Cal Ogando, Marcos e Sánchez García, Antón

CSV: GmmWgbzwn8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Sobre a elaboración pola Xunta de Galicia dun informe respecto do impacto do eucalipto na auga do seu contorno que permita intervir na mellora da súa calidade e das flutuacións dos caudais 152215

47445 (10/PNC-003841)
Grupo Parlamentario de En Marea
Solla Fernández, Eva e Cal Ogando, Marcos
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas verteduras de lindano nas zonas de Contrasto e Torneiros, no concello do Porriño, e os posibles riscos derivados para a saúde das persoas 152219

47453 (10/PNC-003842)
Grupo Parlamentario de En Marea
Rodríguez Estévez, David e Sánchez García, Antón
Sobre a constitución pola Xunta de Galicia de comisións e grupos de traballo dentro do Consello Forestal para integrar e desenvolver as políticas forestais que Galicia precisa 152222

47455 (10/PNC-003843)
Grupo Parlamentario de En Marea
Casal Vidal, Francisco e 2 máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego e as xestións que debe realizar diante do Goberno central en relación co concurso voluntario de acredores con proposta de liquidación para a fábrica de Poligal en Narón 152225

47461 (10/PNC-003844)
Grupo Parlamentario de En Marea
Chao Pérez, Luca e Cuña Bóveda, María de los Ángeles
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa ensinanza da materia de Relixión nos centros educativos 152234

47471 (10/PNC-003845)
Grupo Parlamentario de En Marea
Quinteiro Araújo, Paula e 3 máis
Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación co impacto do Real decreto 28/2019 nas cotizacións á Seguridade Social dos traballadores do mar 152238

2. Elección e composición do Parlamento, réxime e goberno interior, organización e funcionamento

2.3. Réxime e goberno interior

2.3.2. Acordos e resolucións dos órganos da Cámara en materia de réxime e goberno interior

Acordo da Mesa do Parlamento de Galicia, do 5 de marzo de 2019, polo que se aproban as Normas reguladoras da política de seguridade da información do Parlamento de Galicia 151931

CSV: GmmWgbzwn8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

A Mesa do Parlamento, na súa sesión do día 11 de marzo de 2019, adoptou os seguintes acordos:

1. Procedementos parlamentarios

1.3. Procedementos de control e impulso

1.3.6. Proposicións non de lei

1.3.6.1. Proposicións non de lei en Pleno

1.3.6.1.1. Proposicións presentadas

Admisión a trámite e publicación

- 47139 (10/PNP-003552)
Grupo Parlamentario de En Marea
Rodríguez Estévez, David e 2 máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas condicións laborais dos traballadores da empresa pública Seaga

- 47144 (10/PNP-003553)
Grupo Parlamentario de En Marea
Rodríguez Estévez, David e 2 máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación cos incendios rexistrados durante o mes de febreiro de 2019

- 47146 (10/PNP-003554)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Prado Cores, María Montserrat e 5 máis
Sobre a inclusión por parte do Goberno galego dunha ambulancia de soporte vital avanzado para a comarca do Salnés no concurso para a adxudicación do servizo de transporte sanitario terrestre que se está a iniciar

- 47189 (10/PNP-003555)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Toja Suárez, María Dolores e Otero Rodríguez, Patricia
Sobre a modificación polo Goberno galego do proxecto de construción de pantaláns para embarcacións no porto Cabo de Cruz, de xeito que se recollan as demandas dos bateeiros

- 47191 (10/PNP-003556)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Burgo López, María de la Concepción e 2 máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación coa incidencia que tería nos dereitos lingüísticos da cidadanía galega a proposta dun partido político para reducir a presenza na Administración pública das linguas oficiais distintas á castelá

- 47199 (10/PNP-003557)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Toja Suárez, María Dolores e Otero Rodríguez, Patricia

CSV: GmmWgbzwn8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co depósito de bolsas de plástico e desperdicios descuberto no porto de Malpica

- 47205 (10/PNP-003558)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rodil Fernández, Olalla e 5 máis
Sobre o criterio que debe establecer o Goberno galego para o agrupamento do alumnado nunha mesma aula

- 47216 (10/PNP-003559)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rodil Fernández, Olalla e 5 máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación coas unidades didácticas elaboradas pola Cámara Oficial de Minaría de Galicia

- 47238 (10/PNP-003560)
Grupo Parlamentario de En Marea
Quinteiro Araújo, Paula
Sobre a garantía pola Xunta de Galicia da igualdade de xénero na composición dos órganos consultivos do Goberno galego

- 47255 (10/PNP-003561)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Pérez Seco, José Manuel e Fernández Fernández, Raúl
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación cos puntos negros de atropelos de fauna salvaxe existentes nas estradas de Galicia, así como as demandas que debe realizar ao Goberno central respecto dos danos causados a persoas e vehículos en accidentes ocasionados por esas especies

- 47260 (10/PNP-003562)
Grupo Parlamentario de En Marea
Vázquez Verao, Paula
Sobre as xestións que debe realizar o Goberno galego diante do Concello de Abadín co fin de garantir a accesibilidade dunha vivenda da parroquia de Abeledo situada no barrio do Couto

- 47265 (10/PNP-003563)
Grupo Parlamentario de En Marea
Villares Naveira, Luis e 2 máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa creación dos grupos de emerxencias supramunicipais de Maceda, Allariz, Silleda e A Veiga, así como da Montaña lucense

- 47270 (10/PNP-003564)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Losada Álvarez, Abel Fermín e Pérez Seco, José Manuel
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co anuncio da empresa mexicana Pemex da súa saída do accionariado do estaleiro Barreras, de Vigo, e o abandono de Galicia

CSV: GmmWgbzwn8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

- 47287 (10/PNP-003565)
Grupo Parlamentario de En Marea
Miranda Pena, Flora María
Sobre a atención pola Xunta de Galicia das demandas profesionais do persoal dos puntos de atención continuada

- 47289 (10/PNP-003566)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Prado Cores, María Montserrat e 5 máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para garantir a continuidade do servizo público de axuda no fogar que se vén prestando no concello de Forcarei

- 47301 (10/PNP-003567)
Grupo Parlamentario de En Marea
Solla Fernández, Eva
Sobre a elaboración polo Goberno galego, en colaboración coa Fegamp, dun plan coa dotación orzamentaria necesaria para abordar a situación dos problemas nutricionais na infancia e adolescencia, así como a retirada da comida lixo dos centros educativos de Galicia

- 47316 (10/PNP-003568)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Toja Suárez, María Dolores e Otero Rodríguez, Patricia
Sobre o desenvolvemento polo Goberno galego dun plan de actuacións para loitar contra o furtivismo no sector das bateas

- 47337 (10/PNP-003570)
Grupo Parlamentario de En Marea
Villares Naveira, Luis e 5 máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa protección e rehabilitación do Camiño Norte a Santiago de Compostela, así como o mantemento da súa consideración como patrimonio da humanidade

- 47341 (10/PNP-003571)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Pérez Seco, José Manuel e Losada Álvarez, Abel Fermín
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co posible peche da empresa Poligal en Narón

- 47346 (10/PNP-003572)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Toja Suárez, María Dolores e 2 máis
Sobre a exixencia pola Xunta de Galicia á empresa Ferroatlántica do cumprimento do plan de viabilidade e a garantía da actividade de ferroaliaxes nas fábricas de Cee e Dumbría segundo o reflectido na sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia de 1996, ratificada polo Tribunal Supremo no ano 2001

CSV: GmmWgbzwn8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

- 47347 (10/PNP-003573)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Toja Suárez, María Dolores e 2 máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para garantir a posta en marcha do centro de día de Corcubión antes do remate de 2019, así como do centro de día Camariñas antes do remate de 2020

- 47354 (10/PNP-003574)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Prado Cores, María Montserrat e 5 máis
Sobre a posición do Parlamento de Galicia respecto das reivindicacións do persoal da compañía Bosch con sede en Vigo, así como as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co expediente de regulación de emprego temporal presentado pola empresa

- 47360 (10/PNP-003575)
Grupo Parlamentario de En Marea
Solla Fernández, Eva e Cal Ogando, Marcos
Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación cos criterios sanitarios da calidade da auga de consumo humano, así como as actuacións que debe levar a cabo ao respecto

- 47365 (10/PNP-003576)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Pérez Seco, José Manuel e 2 máis
Sobre a execución polo Goberno galego, no primeiro semestre de 2019, dos traballos de aglomerado e pintado da estrada que dá acceso ao Parque Natural das Fragas do Eume desde a estrada provincial ata a ponte de Santa Cristina, pola que se accede a pé ao mosteiro

- 47377 (10/PNP-003577)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Blanco Paradelo, Moisés e 7 máis
Sobre a realización pola Xunta de Galicia dun estudo da mellora do trazado e das prestacións básicas da estrada OU-533 co fin de comunicar a futura autovía A-76 desde Valdeorras coa autovía A-52, no concello da Gudiña

- 47380 (10/PNP-003578)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Pérez Seco, José Manuel e 2 máis
Sobre o desenvolvemento polo Goberno galego das medidas necesarias para garantir a vixilancia nas costas afectadas pola Confraría de Barallobre, así como as asistencias técnicas que se viñan realizando con cargo ás axudas reflectidas na Orde do 7 de setembro de 2018

- 47389 (10/PNP-003579)
Grupo Parlamentario de En Marea
Vázquez Verao, Paula e Villares Naveira, Luis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas deficiencias detectadas en materia de accesibilidade no Hospital Universitario Lucus Agusti, de Lugo

CSV: GmmWgbzwn8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

- 47393 (10/PNP-003580)
Grupo Parlamentario de En Marea
Vázquez Verao, Paula e Villares Naveira, Luis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa situación demográfica de Galicia

- 47397 (10/PNP-003581)
Grupo Parlamentario de En Marea
Cal Ogando, Marcos e 2 máis
Sobre o deseño polo Goberno galego, en colaboración cos concellos, dun plan que permita, nas situacións de contaminación atmosférica, a adopción de medidas áxiles de redución do tráfico motorizado e advertir da necesidade de protexer as persoas máis sensibles

- 47410 (10/PNP-003582)
Grupo Parlamentario de En Marea
Miranda Pena, Flora María
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación cos coidados paliativos asumidos na atención primaria da saúde

- 47411 (10/PNP-003583)
Grupo Parlamentario de En Marea
Vázquez Verao, Paula e Villares Naveira, Luis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación co sistema de protección de menores na modalidade de acollemento residencial, de xestión directa

- 47429 (10/PNP-003584)
Grupo Parlamentario de En Marea
Vázquez Verao, Paula
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas reivindicacións da Plataforma de Familias con Diversidade Funcional de Santiago de Compostela referidas á necesidade de aumentar na comarca o número de prazas residenciais de atención directa para persoas con diversidade funcional

- 47440 (10/PNP-003585)
Grupo Parlamentario de En Marea
Cal Ogando, Marcos e Sánchez García, Antón
Sobre a elaboración pola Xunta de Galicia dun informe respecto do impacto do eucalipto na auga do seu contorno que permita intervir na mellora da súa calidade e das flutuacións dos caudais

- 47446 (10/PNP-003586)
Grupo Parlamentario de En Marea
Solla Fernández, Eva e Cal Ogando, Marcos
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas verteduras de lindano nas zonas de Contrasto e Torneiros, no concello do Porriño, e os posibles riscos derivados para a saúde das persoas

CSV: GmmWgbzwn8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

- 47454 (10/PNP-003587)
Grupo Parlamentario de En Marea
Rodríguez Estévez, David e Sánchez García, Antón
Sobre a constitución pola Xunta de Galicia de comisións e grupos de traballo dentro do Consello Forestal para integrar e desenvolver as políticas forestais que Galicia precisa

- 47456 (10/PNP-003588)
Grupo Parlamentario de En Marea
Casal Vidal, Francisco e 2 máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego e as xestións que debe realizar diante do Goberno central en relación co concurso voluntario de acredores con proposta de liquidación para a fábrica de Poligal en Narón

- 47462 (10/PNP-003589)
Grupo Parlamentario de En Marea
Chao Pérez, Luca e Cuña Bóveda, María de los Ángeles
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa ensinanza da materia de Relixión nos centros educativos

- 47472 (10/PNP-003590)
Grupo Parlamentario de En Marea
Quinteiro Araújo, Paula e 3 máis
Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación co impacto do Real decreto 28/2019 nas cotizacións á Seguridade Social dos traballadores do mar

- 47484 (10/PNP-003591)
Grupo Parlamentario de En Marea
Cal Ogando, Marcos e 2 máis
Sobre a redacción e aprobación polo Goberno galego dos plans de conservación ou recuperación das aves e demais especies vulnerables ou en perigo de extinción

Admisión a trámite con modificacións

- 47321 (10/PNP-003569)
Grupo Parlamentario de En Marea
Villares Naveira, Luis e 5 máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa tramitación de proxectos de instalación de parques eólicos

A Mesa acorda a admisión a trámite coa adición na parte resolutoria da expresión «O Parlamento insta a Xunta de Galicia a:...».

CSV: GmmWgbzwn8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

1.3.6.2. Proposicións non de lei en Comisión
1.3.6.2.1. Proposicións presentadas

Admisión a trámite, asignación a comisión e publicación

- 47138 (10/PNC-003803)
Grupo Parlamentario de En Marea
Rodríguez Estévez, David e 2 máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas condicións laborais dos traballadores da empresa pública Seaga
Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

- 47143 (10/PNC-003804)
Grupo Parlamentario de En Marea
Rodríguez Estévez, David e 2 máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación cos incendios rexistrados en Galicia durante o mes de febreiro de 2019
Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

- 47145 (10/PNC-003805)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Prado Cores, María Montserrat e 5 máis
Sobre a inclusión por parte do Goberno galego dunha ambulancia de soporte vital avanzado para a comarca do Salnés no concurso para a adxudicación do servizo de transporte sanitario terrestre que se está a iniciar
Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 47184 (10/PNC-003806)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Toja Suárez, María Dolores e Otero Rodríguez, Patricia
Sobre a modificación polo Goberno galego do proxecto de construción de pantaláns para embarcacións no porto Cabo de Cruz, de xeito que se recollan as demandas dos bateeiros
Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

- 47192 (10/PNC-003807)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Burgo López, María de la Concepción e 2 máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación coa incidencia que tería nos dereitos lingüísticos da cidadanía galega a proposta dun partido político para reducir a presenza na Administración pública das linguas oficiais distintas á castelá
Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 47198 (10/PNC-003808)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Toja Suárez, María Dolores e Otero Rodríguez, Patricia

CSV: GmmWgbzwn8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co depósito de bolsas de plástico e desperdicios descuberto no porto de Malpica
Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

- 47204 (10/PNC-003809)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rodil Fernández, Olalla e 5 máis
Sobre o criterio que debe establecer o Goberno galego para o agrupamento do alumnado nunha mesma aula
Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 47215 (10/PNC-003810)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rodil Fernández, Olalla e 5 máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación coas unidades didácticas elaboradas pola Cámara Oficial de Minaría de Galicia
Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 47237 (10/PNC-003811)
Grupo Parlamentario de En Marea
Quinteiro Araújo, Paula e Cal Ogando, Marcos
Sobre a garantía pola Xunta de Galicia da igualdade de xénero na composición dos órganos consultivos do Goberno galego
Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

- 47254 (10/PNC-003812)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Pérez Seco, José Manuel e Fernández Fernández, Raúl
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación cos puntos negros de atropelos de fauna salvaxe existentes nas estradas de Galicia, así como as demandas que debe realizar ao Goberno central respecto dos danos causados a persoas e vehículos en accidentes ocasionados por esas especies
Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

- 47259 (10/PNC-003813)
Grupo Parlamentario de En Marea
Vázquez Verao, Paula
Sobre as xestións que debe realizar o Goberno galego diante do Concello de Abadín co fin de garantir a accesibilidade dunha vivenda da parroquia de Abeledo situada no barrio do Couto
Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 47264 (10/PNC-003814)
Grupo Parlamentario de En Marea
Villares Naveira, Luis e Rodríguez Estévez, David
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa creación dos grupos de emerxencias supramunicipais de Maceda, Allariz, Silleda e A Veiga, así como da Montaña lucense
Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

CSV: GmmWgbzwn8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

- 47266 (10/PNC-003815)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Losada Álvarez, Abel Fermín e Pérez Seco, José Manuel
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co anuncio da empresa mexicana Pemex da súa saída do accionariado do estaleiro Barreras, de Vigo, e o abandono de Galicia
Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

- 47286 (10/PNC-003816)
Grupo Parlamentario de En Marea
Miranda Pena, Flora María
Sobre a atención pola Xunta de Galicia das demandas profesionais do persoal dos puntos de atención continuada co fin de garantir a atención sanitaria, a dotación de persoal necesaria e unhas condicións laborais dignas
Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 47288 (10/PNC-003817)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Prado Cores, María Montserrat e 5 máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para garantir a continuidade do servizo público de axuda no fogar que se vén prestando no concello de Forcarei
Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 47300 (10/PNC-003818)
Grupo Parlamentario de En Marea
Solla Fernández, Eva
Sobre a elaboración polo Goberno galego, en colaboración coa Fegamp, dun plan coa dotación orzamentaria necesaria para abordar a situación dos problemas nutricionais na infancia e adolescencia, así como a retirada da comida lixo dos centros educativos de Galicia
Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 47311 (10/PNC-003819)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Losada Álvarez, Abel Fermín e Pérez Seco, José Manuel
Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación coas dificultades que teñen as empresas galegas, en especial as pemes, para a súa incorporación aos mercados internacionais
Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

- 47313 (10/PNC-003820)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Losada Álvarez, Abel Fermín e Pérez Seco, José Manuel
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para diminuír os custos das melloras na subministración de enerxía eléctrica para as pemes agrogandeiras
Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

- 47315 (10/PNC-003821)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Toja Suárez, María Dolores e Otero Rodríguez, Patricia

CSV: GmmWgbzwn8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Sobre o desenvolvemento polo Goberno galego dun plan de actuacións para loitar contra o furtivismo no sector das bateas
Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

- 47320 (10/PNC-003822)
Grupo Parlamentario de En Marea
Villares Naveira, Luis e 5 máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa tramitación de proxectos de instalación de parques eólicos
Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

- 47336 (10/PNC-003823)
Grupo Parlamentario de En Marea
Villares Naveira, Luis e 5 máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa protección e rehabilitación do Camiño Norte a Santiago de Compostela, así como o mantemento da súa consideración como patrimonio da humanidade
Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

- 47340 (10/PNC-003824)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Pérez Seco, José Manuel e Losada Álvarez, Abel Fermín
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co posible peche da empresa Poligal en Narón
Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

- 47345 (10/PNC-003825)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Toja Suárez, María Dolores e 2 máis
Sobre a exixencia pola Xunta de Galicia á empresa Ferroatlántica do cumprimento do plan de viabilidade e a garantía da actividade de ferroaliaxes nas fábricas de Cee e Dumbría segundo o reflectido na sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia de 1996 e ratificada polo Tribunal Supremo no ano 2001
Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

- 47348 (10/PNC-003826)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Toja Suárez, María Dolores e 2 máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para garantir a posta en marcha do centro de día de Corcubión antes do remate de 2019, así como do centro de día Camariñas antes do remate de 2020
Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 47353 (10/PNC-003827)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

CSV: GmmWgbzwn8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Sobre a posición do Parlamento de Galicia respecto das reivindicacións do persoal da compañía Bosch con sede en Vigo, así como as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co expediente de regulación de emprego temporal presentado pola empresa
Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 47359 (10/PNC-003828)
Grupo Parlamentario de En Marea
Solla Fernández, Eva e Cal Ogando, Marcos
Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación cos criterios sanitarios da calidade da auga de consumo humano, así como as actuacións que debe levar a cabo ao respecto
Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 47364 (10/PNC-003829)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Pérez Seco, José Manuel e 2 máis
Sobre a execución polo Goberno galego, no primeiro semestre de 2019, dos traballos de aglomerado e pintado da estrada que dá acceso ao Parque Natural das Fragas do Eume desde a estrada provincial ata a ponte de Santa Cristina, pola que se accede a pé ao mosteiro
Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 47369 (10/PNC-003830)
Grupo Parlamentario de En Marea
Torregrosa Sañudo, Julia e 2 máis
Sobre a solicitude pola Xunta de Galicia ao Goberno central entrante do establecemento de límites para o prezo dos alugueiros
Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 47376 (10/PNC-003831)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Blanco Paradelo, Moisés e 7 máis
Sobre a realización pola Xunta de Galicia dun estudo da mellora do trazado e das prestacións básicas da estrada OU-533 co fin de comunicar a futura autovía A-76 desde Valdeorras coa autovía A-52, no concello da Gudiña
Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 47378 (10/PNC-003832)
Grupo Parlamentario de En Marea
Torregrosa Sañudo, Julia e 2 máis
Sobre a elaboración pola Xunta de Galicia dun plan para a inclusión da vivenda baleira no mercado inmobiliario a prezos que poida asumir a cidadanía
Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 47381 (10/PNC-003833)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Pérez Seco, José Manuel e 2 máis

CSV: GmmWgbzwn8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Sobre o desenvolvemento polo Goberno galego das medidas necesarias para garantir a vixilancia nas costas afectadas pola Confraría de Barallobre, así como as asistencias técnicas que se viñan realizando con cargo ás axudas reflectidas na Orde do 7 de setembro de 2018
Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

- 47388 (10/PNC-003834)
Grupo Parlamentario de En Marea
Vázquez Verao, Paula e Villares Naveira, Luis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas deficiencias detectadas en materia de accesibilidade no Hospital Universitario Lucus Agusti, de Lugo
Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 47392 (10/PNC-003835)
Grupo Parlamentario de En Marea
Vázquez Verao, Paula e Villares Naveira, Luis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa situación demográfica de Galicia
Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 47396 (10/PNC-003836)
Grupo Parlamentario de En Marea
Cal Ogando, Marcos e 2 máis
Sobre o deseño polo Goberno galego, en colaboración cos concellos, dun plan que permita nas situacións de contaminación atmosférica a adopción de medidas áxiles de redución do tráfico motorizado e advertir da necesidade de protexer as persoas máis sensibles
Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 47408 (10/PNC-003837)
Grupo Parlamentario de En Marea
Miranda Pena, Flora María
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación cos coidados paliativos asumidos na atención primaria da saúde
Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 47409 (10/PNC-003838)
Grupo Parlamentario de En Marea
Vázquez Verao, Paula e Villares Naveira, Luis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación co sistema de protección de menores na modalidade de acollemento residencial, de xestión directa
Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 47428 (10/PNC-003839)
Grupo Parlamentario de En Marea
Vázquez Verao, Paula
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas reivindicacións da Plataforma de Familias con Diversidade Funcional de Santiago de Compostela referidas á necesidade de aumentar na comarca o número de prazas residenciais de atención directa para persoas con diversidade funcional
Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

CSV: GmmWgbzwn8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

- 47439 (10/PNC-003840)
Grupo Parlamentario de En Marea
Cal Ogando, Marcos e Sánchez García, Antón
Sobre a elaboración pola Xunta de Galicia dun informe respecto do impacto do eucalipto na auga do seu contorno que permita intervir na mellora da súa calidade e das flutuacións dos caudais
Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 47445 (10/PNC-003841)
Grupo Parlamentario de En Marea
Solla Fernández, Eva e Cal Ogando, Marcos
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas verteduras de lindano nas zonas de Contrasto e Torneiros, no concello do Porriño, e os posibles riscos derivados para a saúde das persoas
Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 47453 (10/PNC-003842)
Grupo Parlamentario de En Marea
Rodríguez Estévez, David e Sánchez García, Antón
Sobre a constitución pola Xunta de Galicia de comisións e grupos de traballo dentro do Consello Forestal para integrar e desenvolver as políticas forestais que Galicia precisa
Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

- 47455 (10/PNC-003843)
Grupo Parlamentario de En Marea
Casal Vidal, Francisco e 2 máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego e as xestións que debe realizar diante do Goberno central en relación co concurso voluntario de acredores con proposta de liquidación para a fábrica de Poligal en Narón
Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

- 47461 (10/PNC-003844)
Grupo Parlamentario de En Marea
Chao Pérez, Luca e Cuña Bóveda, María de los Ángeles
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa ensinanza da materia de Relixión nos centros educativos
Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 47471 (10/PNC-003845)
Grupo Parlamentario de En Marea
Quinteiro Araújo, Paula e 3 máis
Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación co impacto do Real decreto 28/2019 nas cotizacións á Seguridade Social dos traballadores do mar
Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

Santiago de Compostela, 12 de marzo de 2019
Diego Calvo Pouso
Vicepresidente 1º

CSV: GmmWgbzwn8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

2. Elección e composición do Parlamento, réxime e goberno interior, organización e funcionamento

2.3. Réxime e goberno interior

2.3.2. Acordos e resolucións dos órganos da Cámara en materia de réxime e goberno interior

Acordo da Mesa do Parlamento de Galicia, do 5 de marzo de 2019, polo que se aproban as Normas reguladoras da política de seguridade da información do Parlamento de Galicia

Exposición de motivos

As leis 39/2015, do procedemento administrativo común das administracións públicas, e 40/2015, do réxime xurídico do sector público, establecen que a tramitación electrónica dos procedementos debe constituír a acción habitual de todas as administracións, tanto na súa relación coa cidadanía como na xestión interna e nos intercambios de información entre diferentes organismos. Tamén salientan o documento, arquivo e ficheiro electrónico, que requiren un profundamento da transformación dixital das administracións públicas, co consecuente aumento da eficiencia e da calidade dos servizos prestados á cidadanía.

Entre os seus obxectivos tamén está a creación de condicións de confianza no uso dos medios electrónicos. Establecen as medidas necesarias para a preservación da integridade dos dereitos fundamentais, especialmente aqueles relacionados coa privacidade e protección de datos persoais, garantindo a seguridade dos sistemas electrónicos, datos, comunicacións e servizos.

Estes obxectivos foron desenvolvidos polo Real decreto 3/2010, do 8 de xaneiro, polo que se regula o Esquema nacional de seguridade (en adiante, ENS) no ámbito da administración electrónica. Así mesmo, a información procesada nos sistemas electrónicos a que se refire o ENS estará protexida tendo en conta os criterios establecidos na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal. O ENS, pola súa banda, establece o marco regulador da política de seguridade da información, que está incorporado nun documento, accesible e comprensible para todos os membros, que define o que significa a seguridade da información nunha determinada organización e que regula o xeito en que unha organización xestiona e protexe información e servizos críticos. A política de seguridade debe xerarse de acordo cos requisitos do ENS, que establece que todos os órganos superiores das administracións públicas deben ter oficialmente unha política de seguridade da información aprobada polo órgano superior competente.

Tendo en conta o anterior, a Mesa do Parlamento de Galicia, na súa sesión do 5 de marzo de 2019 e ao abeiro do establecido nos artigos 3.2.c) e 17 do Regulamento de organización e funcionamento da administración do Parlamento de Galicia (DOG núm. 87, do 7 de maio de 2018), dispón:

CAPÍTULO I

Política de seguridade da información do Parlamento de Galicia

Artigo 1. *Obxecto*

1. A finalidade destas normas é a aprobación da política de seguridade da información (en adiante, PSI) e o establecemento dun marco organizativo e tecnolóxico para iso.

CSV: GmmWgbzwn8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

2. A seguridade entenderase composta por un proceso integral que consiste en todos os elementos técnicos, humanos, materiais e organizativos relacionados cos sistemas de información, excluíndo calquera tipo de accións específicas ou tratamento a curto prazo.

3. Debe ser coñecida e cumprida por todas as persoas usuarias dos sistemas de información do Parlamento de Galicia, con independencia da posición, cargo e responsabilidade dentro del.

4. O Parlamento de Galicia depende dos sistemas TIC (tecnoloxías de información e comunicacións) para alcanzar os seus obxectivos. Estes sistemas deben ser administrados con dilixencia, tomando as medidas adecuadas para protexelos fronte a danos accidentais ou deliberados que poidan afectar a dispoñibilidade, integridade, confidencialidade, autenticidade e rastrexabilidade da información tratada ou dos servizos prestados.

5. O obxectivo da seguridade da información é garantir a calidade da información e a prestación continuada dos servizos, actuando preventivamente, supervisando a actividade diaria e reaccionando con presteza aos incidentes.

6. Os sistemas TIC deben estar protexidos contra ameazas de rápida evolución con potencial para incidir na confidencialidade, integridade, dispoñibilidade, uso previsto e valor da información e os servizos. Para defenderse destas ameazas, requírese unha estratexia que se adapte aos cambios nas condicións do contorno para garantir a prestación continua dos servizos. Isto implica que os departamentos deben aplicar as medidas mínimas de seguridade exixidas polo ENS, así como realizar un seguimento continuo dos niveis de prestación de servizos, seguir e analizar as vulnerabilidades obxecto de informe e mais preparar unha resposta efectiva aos incidentes para garantir a continuidade dos servizos prestados.

7. Os diferentes departamentos deben asegurarse de que a seguridade TIC é unha parte integral de cada etapa do ciclo de vida do sistema, desde a súa concepción ata a súa retirada de servizo, pasando polas decisións de desenvolvemento ou adquisición e as actividades de explotación. Os requisitos de seguridade e as necesidades de financiamento deben ser identificados e incluídos na planificación, na solicitude de ofertas e nos pregos de licitación para proxectos de TIC.

8. Os departamentos deben estar preparados para previr, detectar, reaccionar e recuperarse de incidentes, de acordo ao artigo 7 do ENS.

Artigo 2. *Principios do sistema de seguridade*

A) Prevención

1. Os departamentos deben evitar, ou polo menos previr na medida do posible, que a información ou os servizos se vexan prexudicados por incidentes de seguridade. Para iso, os departamentos deben implementar as medidas mínimas de seguridade determinadas polo ENS, así como calquera control adicional identificado a través dunha avaliación de ameazas e riscos. Estes controis, e os roles e responsabilidades de seguridade de todo o persoal, deben estar claramente definidos e documentados.

2. Para garantir o cumprimento da política, os departamentos deben:

CSV: GmmWgbzwn8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

a) Autorizar os sistemas antes de entrar en operación.

b) Avaliar regularmente a seguridade, incluíndo avaliacións dos cambios de configuración realizados de forma rutineira.

c) Solicitar a revisión periódica por parte de terceiros co fin de obter unha avaliación independente.

B) Detección

1. Dado que os servizos se poden degradar rapidamente debido a incidentes, que van desde unha simple desaceleración ata a súa detención, os servizos deben monitorizar a operación de maneira continua para detectar anomalías nos niveis de prestación dos servizos e actuar en consecuencia segundo o establecido no artigo 9 do ENS.

2. A monitorización é especialmente relevante cando se establecen liñas de defensa de acordo co artigo 8 do ENS. Estableceranse mecanismos de detección, análise e informe que cheguen ás persoas responsables regularmente e cando se produce unha desviación significativa dos parámetros que se preestablecesen como normais.

C) Resposta

Os departamentos deben:

a) Establecer mecanismos para responder eficazmente aos incidentes de seguridade.

b) Designar un punto de contacto para as comunicacións con respecto a incidentes detectados noutros departamentos ou noutros organismos.

c) Establecer protocolos para o intercambio de información relacionada co incidente. Isto inclúe comunicacións, en ambos os sentidos, cos equipos de resposta a emerxencias (CERT).

D) Recuperación

Para garantir a dispoñibilidade dos servizos, dispoñeranse os medios e as técnicas necesarios que garantan a recuperación dos servizos máis críticos.

Artigo 3. *Alcance*

Esta política aplícase a todos os sistemas TIC do Parlamento de Galicia e a todas as persoas usuarias dos sistemas da información da institución, sen excepcións.

Artigo 4. *Misión*

O Parlamento de Galicia, como soporte dos principios de seguridade da información establecidos segundo o ENS, ofrece os seguintes obxectivos de partida:

CSV: GmmWgbzwn8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

a) Fomentar a relación electrónica da cidadanía co Parlamento de Galicia.

b) Reducir os tempos de espera de atención ao cidadán ou cidadá.

c) Acurtar os tempos de espera na resolución de trámites solicitados polo cidadán ou cidadá.

d) Mellorar o uso interno dos sistemas de información do Parlamento de Galicia.

e) Desenvolver un sistema de xestión de información documental que facilite un rápido acceso do persoal do Parlamento de Galicia á información solicitada pola cidadanía, garantindo a seguridade da información en canto á súa integridade, confidencialidade, autenticidade, rastrexabilidade e dispoñibilidade.

f) Cumprir cos requisitos exixidos pola normativa nacional de protección de datos de carácter persoal e de impulso das administracións públicas.

g) Manter, operar e evolucionar un sistema de xestión da seguridade.

Artigo 5. *Marco normativo*

Esta política enmárcase na seguinte lexislación aplicable, sen prexuízo da aplicación da lexislación autonómica que corresponda e da normativa propia do Parlamento de Galicia:

— Real decreto 3/2010, do 8 de xaneiro, polo que se regula o Esquema nacional de seguridade no ámbito da administración electrónica.

— Real decreto 951/2015, do 23 de outubro, de modificación do Real decreto 3/2010, de 8 de xaneiro, polo que se regula o Esquema nacional de seguridade no ámbito da administración electrónica.

— Resolución do 13 de outubro de 2016, da Secretaría de Estado das Administracións Públicas, pola que se aproba a Instrución técnica de seguridade de conformidade co Esquema nacional de seguridade.

— Resolución do 7 de outubro de 2016, da Secretaría de Estado de Administracións Públicas, pola que se aproba a Instrución técnica de seguridade de informe do estado da seguridade.

— Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento dos seus datos persoais e á libre circulación destes datos.

— Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.

— Lei 34/2002, do 11 de xullo, de servizos da sociedade da información e do comercio electrónico.

— Lei 9/2014, do 9 de maio, xeral de telecomunicacións.

CSV: GmmWgbzwn8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

— Real decreto 1671/2009, do 6 de novembro, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos.

— Lei 37/2007, do 16 de novembro, sobre reutilización da información do sector público.

— Lei 25/2007, do 18 de outubro, de conservación de datos relativos ás comunicacións electrónicas e ás redes públicas de comunicacións.

— Real decreto lexislativo 1/1996, de 12 de abril, polo que se aproba o texto refundido da Lei de propiedade intelectual.

— Real decreto lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do estatuto básico do empregado público.

— Lei 59/2003, do 19 de decembro, de sinatura electrónica.

— Real decreto 1553/2005, do 23 de decembro, polo que se regula o documento nacional de identidade e os seus certificados de sinatura electrónica.

— Lei 56/2007, de 28 de decembro, de medidas de impulso da sociedade da información.

— Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

— Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

— Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

— Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello do 27 de abril de 2016 relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos).

— Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014.

CAPÍTULO II
Organización da seguridade

Artigo 6. *Comité Coordinador de Seguridade TIC*

1. O Comité Coordinador de Seguridade TIC é o máximo responsable de seguridade da información e servizos. Este comité terá a seguinte composición:

a) A persoa responsable da información de administración electrónica.

CSV: GmmWgbzwn8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

b) A persoa responsable do Servizo de Tecnoloxías da Información.

c) As persoas responsables dos servizos electrónicos.

d) A persoa responsable do Servizo de Persoal e Réxime Interior.

e) A persoa responsable de seguridade da información.

f) A persoa delegada de protección de datos.

2. O secretario do Comité de Seguridade TIC será a persoa responsable do Servizo de Tecnoloxías da Información, que se encargará de convocar as reunións do Comité e levantar acta delas.

3. O Comité de Seguridade TIC informará a Mesa do Parlamento de Galicia e, segundo o indicado no Real decreto 3/2010, terá as seguintes funcións:

a) Coordinar e aprobar as accións en materia de seguridade da información, o que inclúe, polo menos, unha revisión anual da política de seguridade.

b) Impulsar a cultura en seguridade da información e garantir a divulgación da política e normativa de seguridade da organización.

c) Participar na categorización dos sistemas e na análise de riscos.

d) Revisar a documentación relacionada coa seguridade da información.

e) Resolver discrepancias e problemas que poidan xurdir na xestión da seguridade.

f) Desenvolver o procedemento de designación de roles.

Artigo 7. *Roles: funcións e responsabilidades*

A) A persoa responsable da información

As súas funcións serán as seguintes:

a) Establecer os requisitos da información en materia de seguridade.

b) Identificar, avaliar e aprobar a información dos cidadáns e cidadás, ou doutras administracións públicas, que sexa tratada polo PG.

c) Ter en conta o estado de seguridade da información tratada.

d) Comunicar ao goberno da organización a necesidade de suspender un servizo por aquelas violacións de seguridade que afecten a información tratada.

CSV: GmmWgbzwn8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

e) Traballar en colaboración coa persoa responsable de seguridade e a persoa responsable de sistemas no mantemento dos sistemas catalogados segundo o anexo I do ENS.

B) As persoas responsables dos servizos

As súas funcións son as seguintes:

a) Establecer os requisitos dos servizos TI en materia de seguridade.

b) Identificar, avaliar e aprobar os servizos tecnolóxicos prestados polo Parlamento de Galicia á cidadanía ou a outras administracións públicas.

c) Ter en conta o estado de seguridade dos servizos prestados.

d) Comunicar ao goberno da organización a necesidade de suspender un servizo por aquelas violacións de seguridade que afecten o propio servizo.

e) Traballar en colaboración coa persoa responsable de seguridade e as persoas responsables de sistemas no mantemento dos sistemas catalogados segundo o anexo I do ENS.

C) A persoa responsable de seguridade da información

As súas funcións serán as seguintes:

a) Aconsellar as persoas responsables correspondentes, na identificación da información e os servizos, así como na avaliación dos niveis de seguridade necesarios para a información e o servizo.

b) Realizar a categorización do sistema no Parlamento de Galicia.

c) Elaborar a política de seguridade.

d) Realizar análises de risco dos sistemas de información segundo determinan as normas de seguridade anexas ao ENS.

e) Elaborar o documento de aplicabilidade do ENS.

f) Establecer as medidas de seguridade de acordo co nivel de seguridade resultante.

g) Elaborar os documentos cos procedementos operativos de xestión da seguridade, así como a normativa de uso dos medios, que será aprobada pola dirección.

h) Revisar a posta en marcha dos procedementos de xestión de seguridade, así como a súa avaliación no transcurso do ciclo de vida dos sistemas de información.

i) Elaborar os plans de mellora da seguridade.

CSV: GmmWgbzwn8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

D) A persoa responsable do sistema TI

As súas funcións, dentro das súas áreas de actuación, son as seguintes:

a) Implantar as medidas de seguridade de carácter técnico que estipulase como necesarias a persoa responsable de seguridade.

b) Implantar os plans de continuidade do servizo, asesorada pola persoa responsable de seguridade.

c) Xestionar, configurar e actualizar, segundo corresponda, o hardware e o software no que se basean os mecanismos e servizos de seguridade do sistema de información.

d) Xestionar as autorizacións concedidas ás persoas usuarias do sistema, en particular os privilexios concedidos, incluído o control de que a actividade desenvolvida no sistema cumpre co que está autorizado.

e) Aplicar os procedementos operativos de seguridade.

f) Aprobar os cambios na configuración actual do sistema de información.

g) Asegurarse de que se cumpran os controis de seguridade establecidos estritamente.

h) Asegurarse de que se aplican os procedementos aprobados para xestionar o sistema de información.

i) Supervisar as instalacións de hardware e software e as súas modificacións e melloras para asegurar que a seguridade non sexa comprometida e que en todo momento cumpren coas autorizacións relevantes.

j) Monitorizar o estado de seguridade do sistema, sempre polas ferramentas e mecanismos de xestión de eventos de seguridade e auditorías técnicas que se implementaron.

E) A persoa delegada de protección de datos

As súas funcións son as seguintes:

a) Informar e asesorar a persoa responsable ou a encargada do tratamento e o persoal que se ocupe do tratamento das obrigas que lles incumben en virtude do RXPD e doutras disposicións de protección de datos da Unión ou dos Estados membros.

b) Supervisar o cumprimento do disposto no Regulamento ou outras disposicións de protección de datos da Unión ou dos Estados membros e das políticas da persoa responsable ou da encargada do tratamento en materia de protección de datos persoais.

c) Ofrecer o asesoramento que se lle solicite acerca da avaliación de impacto relativa á protección de datos e supervisar a súa aplicación.

CSV: GmmWgbzwn8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

d) Cooperar coa autoridade de control.

e) Actuar como punto de contacto coa autoridade de control para cuestións relativas ao tratamento.

Artigo 8. *Resolución de conflitos*

No caso de conflito entre as diferentes partes, este será resolto polo superior xerárquico delas. Na ausencia do anterior, prevalecerá a decisión da persoa responsable de seguridade.

A persoa delegada de protección de datos informará directamente a Mesa do Parlamento de Galicia.

Artigo 9. *Procedementos de designación*

A designación para os distintos roles detállase a seguir:

a) A persoa titular de Oficialia Maior terá o rol de responsable da información do PG.

b) A persoa titular do Servizo de Persoal e Réxime Interior terá o rol de responsable dos servizos do Parlamento de Galicia.

c) A persoa titular do Servicio de Tecnoloxías da Información terá o rol de responsable de seguridade da información.

d) A persoa responsable dos sistemas TI será nomeada polo letrado oficial maior do Parlamento de Galicia por proposta do Comité Coordinador de Seguridade TIC.

e) Os nomeamentos serán revisados cada dous anos ou cando un dos postos quede vacante.

Artigo 10. *Obrigas do persoal*

1. Todas as persoas usuarias dos sistemas da información do Parlamento de Galicia teñen a obriga de coñecer e cumprir esta política de seguridade da información e a normativa de seguridade, sendo responsabilidade do Comité de Seguridade TIC dispoñer os medios necesarios para que a información chegue ás persoas afectadas. Estas obrigas mantéñense tanto no período durante o cal se ocupa un posto como posteriormente, no caso de rescisión da cesión ou traslado a outro emprego.

2. Establecerase un programa de concienciación continua para atender todas as persoas usuarias dos sistemas da información do Parlamento de Galicia, en particular as de nova incorporación.

3. As persoas con responsabilidade no uso, operación ou administración de sistemas TIC recibirán formación para o manexo seguro dos sistemas na medida en que a necesiten para realizaren o seu traballo. A formación será obrigatoria antes de asumir unha responsabilidade, tanto se é a súa primeira asignación como se se trata dun cambio de posto de traballo ou de responsabilidades neste.

CSV: GmmWgbzwn8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

4. O manifesto incumprimento da política de seguridade da información ou da normativa e os procedementos derivados delas pode levar consigo o inicio de medidas disciplinarias adecuadas e, se é o caso, outras medidas legais aplicables.

Artigo 11. *Política de seguridade da información*

Será misión do Comité Coordinador de Seguridade TIC a revisión anual desta política de seguridade da información e a proposta de revisión ou mantemento dela. A política será aprobada pola Mesa do Parlamento de Galicia e difundida para que a coñezan todas as partes afectadas.

Artigo 12. *Normativa e procedementos de seguridade da información*

Será misión do Comité Coordinador de Seguridade TIC a revisión e o mantemento das Normas técnicas de seguridade e procedementos técnicos de seguridade da información, que serán aprobadas polo propio Comité Coordinador de Seguridade TIC e difundidas para que as coñezan todas as partes afectadas.

Artigo 13. *Cualificación da documentación*

Para facilitar o nivel de privacidade dos documentos do propio sistema de xestión da seguridade (política, normativa...), establécense catro niveis de privacidade:

a) Pública: información que se pode difundir libremente dentro e fóra do organismo e cuxa divulgación non afecta a institución en termos de perda de imaxe e/ou económica.

b) Interna: información que, sen ser confidencial nin restrinxida, debe manterse no ámbito interno do organismo e non debe estar dispoñible externamente, non sendo para terceiras partes involucradas, logo do compromiso de confidencialidade e coñecemento da persoa propietaria dela.

c) Restrinxida: información sensible interna a áreas ou proxectos a que debe ter acceso controlado un grupo reducido de persoas e non toda a organización.

d) Confidencial: información de alta sensibilidade que debe ser protexida pola súa relevancia sobre decisións estratéxicas, impacto financeiro, oportunidades de negocio, potencial de fraude ou requisitos legais.

2. Calquera información non clasificada será tratada por defecto como interna, polo que a súa divulgación deberá estar autorizada pola persoa propietaria.

3. Para a súa etiquetaxe, designarase un código na cabeceira do documento para identificar o nivel de exposición: Ref.PUB = pública, Ref.INT = interna, Ref.RES = reservada e Ref.CONF = confidencial.

CSV: GmmWgbzwn8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

CAPÍTULO III
Protección de datos, formación e xestión

Artigo 14. *Datos de carácter persoal*

1. O Parlamento de Galicia trata datos de carácter persoal. O Rexistro de Actividades de Tratamento recolle os ficheiros afectados e as persoas responsables correspondentes, e estará accesible a través da internet no enderezo www.parlamentodegalicia.es, baixo a epígrafe de «Protección de datos».

2. Todos os sistemas de información do Parlamento de Galicia se axustarán aos niveis de seguridade requiridos pola normativa para a natureza e finalidade dos datos de carácter persoal recollidos no Rexistro de Actividades de Tratamento, conforme o establecido pola Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.

3. A obriga de confidencialidade respecto dos datos de carácter persoal mantense tanto no período durante o que se realiza o traballo como posteriormente, no caso de rescisión da asignación ou traslado a outro posto de traballo.

Artigo 15. *Xestión de riscos*

1. Todos os sistemas suxeitos a esta política deberán realizar unha análise de riscos, avaliando as ameazas e os riscos a que están expostos. Esta análise repetirase:

a) Regularmente, polo menos unha vez ao ano.

b) Cando cambie a información manexada.

c) Cando cambien os servizos prestados.

d) Cando ocorra un incidente grave de seguridade.

e) Cando se informe de vulnerabilidades graves.

2. A persoa responsable de seguridade establecerá unha valoración de referencia para os diferentes tipos de información manexados e os diferentes servizos prestados, que elaborará conxuntamente coa persoa responsable do sistema TI e as persoas administradoras da seguridade (sistemas e comunicación) e comunicará ao Comité Coordinador de Seguridade TIC.

3. O Comité Coordinador de Seguridade TIC dinamizará a dispoñibilidade de recursos para atender as necesidades de seguridade dos diferentes sistemas, promovendo investimentos de carácter horizontal.

Artigo 16. *Desenvolvemento da política de seguridade da información*

1. Esta política desenvolverase por medio de normativa de seguridade que afronte aspectos específicos. A normativa de seguridade estará á disposición de todas as persoas usuarias dos sistemas

CSV: GmmWgbzwn8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

da información da institución que necesiten coñecela, en particular para aquelas que utilicen, operen ou administren os sistemas de información e comunicacións.

2. A normativa de seguridade estará dispoñible na intranet do Parlamento de Galicia (http://intranet) e impresa nas dependencias do Servizo de Tecnoloxías da Información.

Artigo 17. *Terceiras partes*

1. Cando o Parlamento de Galicia preste servizos a outros organismos ou manexe información doutros organismos, faraos partícipes desta política de seguridade da información e establecerá canles para informe e coordinación dos respectivos comités de seguridade TIC e procedementos de actuación para a reacción ante incidentes de seguridade.

2. Cando o Parlamento de Galicia utilice servizos de terceiros ou ceda información a terceiros, faraos partícipes desta política de seguridade e da normativa de seguridade que incumba aos devanditos servizos ou información. A dita terceira parte quedará suxeita ás obrigas establecidas na devandita normativa, e poderá desenvolver os seus propios procedementos operativos para satisfacela. Estableceranse procedementos específicos de informe e resolución de incidencias.

3. Garantirase que o persoal de terceiros está adecuadamente concienciado en materia de seguridade, polo menos ao mesmo nivel que o establecido nesta política.

4. Cando algún aspecto da política non poida ser satisfeito por unha terceira parte segundo se require nos parágrafos anteriores, requiririase un informe da persoa responsable de seguridade que precise os riscos en que se incorre e a forma de tratalos. Será requirida a aprobación deste informe polas persoas responsables da información e os servizos afectados antes de seguir adiante.

5. Cooperación entre organismos e outras administracións públicas: para efectos de intercambiar experiencias e obter asesoramento para a mellora das prácticas e controis de seguridade, o Parlamento de Galicia poderá manter contactos periódicos con organismos ou entidades especializadas en temas de seguridade, como poden ser o Incibe, o CCN e outros.

Disposición derrogatoria única. *Derrogación normativa*

Esta disposición administrativa deixa sen efecto calquera acordo ou norma en materia de política de seguridade adoptada pola Mesa do Parlamento de Galicia, nomeadamente o Acordo da Mesa do Parlamento de Galicia, do 13 de decembro de 2017, polo que se regula a política de seguridade da información do Parlamento de Galicia (BOPG núm. 228, do 18 de decembro de 2017).

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor*

Esta disposición administrativa entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia.*

Santiago de Compostela, 6 de marzo de 2019
Miguel Ángel Santalices Vieira
Presidente

CSV: GmmWgbzwn8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/03/2019 09:30:00
Nº Rexistro: 47139
Data envio: 28/02/2019 19:15:24.940

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario de En Marea, por iniciativa dos seus deputados **Davide Rodríguez Estévez e Antón Sánchez García**, e da súa deputada **Paula Quinteiro Araújo**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno,** sobre as melloras que se deben de acometer nas condicións das traballadoras e traballadores da empresa pública SEAGA.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

SEAGA é unha empresa pública creada pola Xunta de Galiza no ano 2006 para a realización, como medio propio da Administración galega, e ao seu servizo, de todo tipo de actuacións, obras, traballos e prestacións de servizos en materias forestais, especialmente as relacionadas coa prevención e loita contra os incendios forestais en particular e, en xeral, intervencións de carácter urxente relacionadas cos lumes forestais.

No dispositivo de prevención e extinción de incendios forestais conviven diversos actores, pero á hora do ataque directo na primeira liña de lume atópase o persoal que dirixe as tarefas (axentes e técnicos fundamentalmente) e o persoal que se enfronta ás lapas: brigadas contratadas directamente pola Consellería de Medio Rural e brigadas contratadas a través da empresa pública SEAGA.

Non existe diferenza ningunha entre estes dous tipos de traballadores e traballadoras á hora da extinción dos lumes forestais, están baixo o mesmo mando e actúan conxuntamente.

Pero si existen varias diferenzas previas posteriores:

- O persoal contratado directamente pola Consellería está incluído no V Convenio Colectivo do Persoal Laboral da Xunta de Galicia.

CSV: GmmWgbzwn8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/03/2019 09:30:00
Nº Rexistro: 47139
Data envio: 28/02/2019 19:15:24.940

– O persoal contratado a través de SEAGA non ten convenio nin se lle aplica o V Convenio. Aplícaselle o Estatuto dos Traballadores excepto, curiosamente cando se trata de reducir o salario pola aplicación dos recortes salariais aos empregados públicos.

- Os salarios dos traballadores de SEAGA son inferiores aos do persoal contratado directamente. Non se lles recoñece o tempo traballado en SEAGA para acceder ás listas de contratación da Xunta de Galicia.

- Aos traballadores de SEAGA a empresa obrígaos, mediante un protocolo imposto que denunciaron ante a inspección de traballo, a realizar na mesma xornada tarefas de prevención e extinción, co risco que isto supón para a seguridade e a merma de efectividade na extinción dos lumes. Teñen constatadas xornadas laborais de 4 horas de traballo de prevención, máis 8 de extinción.

En resumo, realizan as mesmas funcións que os seus compañeiros e compañeiras do Servizo de Prevención e Extinción de Incendios Forestais (SPDCIF), pero cobran menos, teñen menos dereitos, teñen contratos de menor duración, teñen que realizar tarefas de prevención e extinción na mesma xornada e ademais non se lles recoñece o tempo traballado.

Desde os Comités de Empresa e a título individual, os traballadores-as denunciaron e gañaron sentenzas que lles recoñecen dereitos do V Convenio único do Persoal Laboral da Xunta de Galicia, están agardando resolución da Inspección de Traballo polo protocolo que lles obriga a duplicar tarefas e están demandando ante a dirección de SEAGA e ante Función Pública que se lles aplique a disposición transitoria sexta da LOFAXGA, que di:

“En relación co persoal regulado no título III desta lei cuxo réxime xurídico lle asigne retribucións inferiores ás establecidas no convenio colectivo do persoal da Xunta de Galicia para as correspondentes categorías procederase, nun prazo de

CSV: GmmWgbzwn8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/03/2019 09:30:00
Nº Rexistro: 47139
Data envio: 28/02/2019 19:15:24.940

dous anos desde a aprobación desta lei, a negociar coas organizacións sindicais presentes na Mesa Xeral de Empregados Públicos a aplicación do convenio colectivo do persoal laboral da Xunta de Galicia".

Neste momento, as traballadoras e traballadores de SEAGA están nunha situación de incerteza. Estamos a falar de 500 persoas aproximadamente con contrato de fixo-discontinuo que non sabemos o que vai a ser deles e delas.

Por unha banda, o día 12 de febreiro, na Comisión de Persoal, saíu para adiante a reforma do Decreto 37/2006 co voto en contra de todos os sindicatos por diferentes motivos (non incluía consorcio, non se puntuaba dunha categoría para outra, etc...).

A pesar de ir para adiante, a día de hoxe non está publicado e parece que vai seguir no caixón por un tempo.

Con esta tardanza deliberada, traballadores e traballadoras que levan máis de 10 campañas non van poder entrar a cubrir praza no SPDCIF.

Por outra banda está o convenio das faixas de protección de núcleos entre a FEGAMP e SEAGA, na que a día de hoxe están sumados 150 municipios aproximadamente e polo que sabemos só se contrataron de momento técnicos (en febreiro) sen saber que vai a pasar cas labores de roza que xa se tiñan que estar executando.

Por todo o exposto o Grupo Parlamentario de En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Pleno.

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:

CSV: GmmWgbzwn8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/03/2019 09:30:00
Nº Rexistro: 47139
Data envio: 28/02/2019 19:15:24.940

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

1) Reunirse de forma urxente co Comité de Empresa de SEAGA para aclarar o seu futuro.

2) Aclarar cal vai ser o cometido destes 500 traballadores e traballadoras a partir de hoxe, tanto nas tarefas de prevención no convenio asinado entre a Xunta de Galicia e a FEGAMP (faixas de protección de núcleos rurais) como nas tarefas de extinción de incendios.

Santiago de Compostela, 26 de febreiro de 2019

Asdo.: Davide Rodríguez Estévez
Paula Quinteiro Araújo
Deputado e deputada do G.P. de En Marea
Antón Sánchez Garcia
Deputado e Voceiro S. do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

David Rodríguez Estévez na data 28/02/2019 19:12:08

Paula Quinteiro Araújo na data 28/02/2019 19:12:17

Antón Sánchez García na data 28/02/2019 19:12:26

CSV: GmmWgbzwn8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/03/2019 09:30:00
Nº Rexistro: 47144
Data envio: 28/02/2019 19:32:01.229

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de EN MAREA, por iniciativa dos seus deputados **Davide Rodríguez Estévez, Antón Sanchez García e Luís Villares Naveira** e da súa deputada **Paula Vázquez Verao,** ao abeiro do artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, sobre os lumes que estamos a sufrir no mes de febreiro.

Exposición de motivos.

Os incendios que se están a producir na provincia de Ourense, e que se levan producido xa no inverno, amosan a desestacionalidade dos lumes e o cambio climático e os seus efectos no medio ambiente. Así, a primeiros deste ano xa se calcinaran 450 hectáreas na provincia de Ourense e 45 hectáreas en Caroi no concello de Cerdedo- Cotobade.

Así temos o incendio en Xunqueira de Ambía que afectou a 5 hectáreas, en Castromil, o de A Mezquita que afectou a 27,7 hectáreas, o de Madarnás que afectou a 23 hectáreas no Carballiño e dous que inda seguen activos na Gudiña con 13 hectáreas queimadas. Na parroquia de Tameirón, o lume calcinou 9 hectáreas.

Estes incendios súmanse aos que se produciron na provincia de Lugo, en Folgoso do Courel , na parroquia de Noceda entre esta localidade e Teixeira, que foi un dos máis graves, xa que afectou a 30 hectáreas, ademais dos que se produciron nos montes de Taro Branco, monte de terra caliza no que medran as orquídeas, endémicas desta zona, e os das parroquias de Vilela e Miraz. Todos estes núcleos forman parte da Rede Natura, e gozan dunha protección ecolóxica, medioambiental e legal elevada.

CSV: GmmWgbzwn8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/03/2019 09:30:00
Nº Rexistro: 47144
Data envio: 28/02/2019 19:32:01.229

Outro incendio afectou a 10 hectáreas na parroquia de O Burgo, concello de Muras.

Ademais declarouse outro incendio no concello de Padrenda, na Rede Natura 2000, e que xa leva calcinadas 150 hectáreas.

Visto o acontecido e que as temperaturas afectan a propagación do lume, así como o nivel acumulado en diferentes zonas da provincia de Lugo onde a nevada producida en outubro provocou a caída e creba de numerosas árbores que se sumarán ao incremento da biomasa, co perigo que supón na prevención, control e extinción de incendios, fai necesario activar as brigadas contratadas como dotacións de reforzo durante os período de máximo risco.

Tamén é necesario que se realizan labores de limpeza nas zonas afectadas polo temporal que deixou milleiros de árbores caídas e que co aumento das temperaturas poden incrementar o risco e a virulencia dos mesmos.

Ata o mes de marzo non se produce a contratación das 610 persoas traballadoras fixas descontinuas.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar de En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Pleno.

O Parlamento de Galicia insta a Xunta a:

1. Ampliar o período de alto risco de incendio.
2. Ampliar o número de dotacións e unidades dedicadas á prevención e extinción de incendios.
3. Mellorar os recursos destinados aos concellos na labor de limpeza das vías, lindeiros de ríos a través da coordinación cos organismos de cunca naquelas zonas afectadas polas nevadas como zonas de alto risco de incendio e colaborando cos concellos para a limpeza dos montes, nomeadamente naquelas zonas que forman parte da Rede Natura 2000,

CSV: GmmWgbzwn8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/03/2019 09:30:00
Nº Rexistro: 47144
Data envio: 28/02/2019 19:32:01.229

zonas ZEC, zonas protección de Aves, Reserva da biosfera, Parques naturais, ou outras figuras de protección medioambiental.

4. Incrementar a duración a 12 meses da prestación do servicio das persoas traballadoras contratadas como fixas descontinuas.
5. Substituír ao persoal traballador fixo do operativo contraincendios nos casos de IT e nos períodos vacacionais, para dar servicio as 24 horas en quendas de traballo e a cobertura de todos os distritos que non obriguen ao desprazamento e que obrigan a mobilizarse aos dispositivos deixando sen cobertura a outras zonas.

Santiago de Compostela, 28 de febreiro de 2019.

Asdo.: Davide Rodríguez Estévez

Antón Sánchez García

Paula Vázquez Verao

Deputados e deputada do G.P. de En Marea.

Luís Villares Naveira

Voceiro do G.P. de En Marea

Asinado dixitalmente por:

David Rodríguez Estévez na data 28/02/2019 19:28:37

Antón Sánchez García na data 28/02/2019 19:28:44

CSV: GmmWgbzwn8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/03/2019 09:30:00
Nº Rexistro: 47144
Data envio: 28/02/2019 19:32:01.229

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Paula Vázquez Verao na data 28/02/2019 19:28:50

Luis Villares Naveira na data 28/02/2019 19:28:55

CSV: GmmWgbzwn8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/03/2019 10:04:04
Nº Rexistro: 47146
Data envio: 01/03/2019 10:04:04.681

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Montserrat Prado Cores**, **Luis Bará Torres**, **Ana Pontón Mondelo**, **Xosé Luis Rivas Cruz**, **Olalla Rodil Fernández** e **Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, relativa á necesidade de dotar á comarca do Salnés dunha ambulancia medicalizada de xeito permanente.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A comarca do Salnés vén demandando unha ambulancia de soporte vital avanzado practicamente dende a inauguración do propio Hospital do Salnés.

Unha demanda máis que xustificada porque os recursos sanitarios existentes no Salnés non permiten a atención de patoloxías graves, nin a maior parte das veces, prestar asistencia médica *in situ* a doentes de extrema gravidade, nin asistilos con persoal facultativo e de enfermería durante os traslados a un centro hospitalario, ao non contar con ambulancia de soporte vital avanzado, nin ter UCI o Hospital do Salnés.

A ambulancia de soporte vital avanzado máis próxima ten a súa base en Pontevedra, e si ten que acudir esta ambulancia, no mellor dos casos, tarda unha media de 30 minutos que se ve ampliada a 50 nos casos da Illa de Arousa ou de Catoira; iso cando esta ambulancia non está ocupada e hai que chamar a que estea, por exemplo en Vigo, co cal os tempos de resposta, as isócronas, multiplícanse.

CSV: GmmWgbzwn8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/03/2019 10:04:04
Nº Rexistro: 47146
Data envio: 01/03/2019 10:04:04.681

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Polo tanto hai unha ambulancia de soporte vital avanzado en Pontevedra que ten que atender unha poboación de máis de 300.000 habitantes: toda a zona de Pontevedra, parte do Morrazo, parte da zona de A Estrada-Deza e toda a comarca do Salnés, isto en época normal, porque en épocas como a estival, esa poboación multiplícase, cando a OMS recomenda que haxa unha por cada 120.000.

Na atención das patoloxías de gravidade o tempo é un factor esencial, polo cal non é entendíbel que unha comarca tan ampla, cunha poboación de máis de 115.000 habitantes como a do Salnés, que se multiplica en épocas do ano, especialmente no verán, cun porto de interese xeral, unha importante actividade económica con potencial risco como é o traballo no mar e cunha alta sinistralidade viaria non teña un hospital con UCI e non conte con ningunha ambulancia de soporte vital avanzado, é dicir dotada cun equipo humano especializado, con persoal facultativo e de enfermería e coa dotación de equipos necesarios para atender emerxencias de gravidade.

Sobran as razóns que xustifican a necesidade dunha ambulancia de soporte vital avanzado para a comarca do Salnés, e non hai argumentos para xustificar o contrario.

O BNG considera imprescindíbel esta dotación para non seguir a poñer en risco a saúde e vida d@s veciñ@s da comarca, motivo polo cal presentamos a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

"O Parlamento de Galiza insta ao Goberno galego a que no novo concurso, para o Servizo de Transporte Sanitario Urxente Terrestre que a Fundación Pública

CSV: GmmWgbzwn8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/03/2019 10:04:04
Nº Rexistro: 47146
Data envio: 01/03/2019 10:04:04.681

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Urxencias Sanitarias de Galiza-061 está iniciando, se contemple para a comarca do Salnés dun servizo permanente, 24 horas ao día, os 365 días do ano, de como mínimo unha ambulancia de Soporte Vital Avanzado, é dicir, dotada permanentemente cun equipo humano composto por persoal facultativo e de enfermería, especializado na atención sanitaria en situacións de emerxencias e dous/dúas técnicas en transporte sanitario urxente e ao mantemento das existentes.”

Santiago de Compostela, 1 de marzo de 2019

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Luis Bará Torres

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 01/03/2019 10:02:52

CSV: GmmWgbzwn8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/03/2019 10:04:04
Nº Rexistro: 47146
Data envio: 01/03/2019 10:04:04.681

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Xose Luis Rivas Cruz na data 01/03/2019 10:02:58

Olalla Rodil Fernández na data 01/03/2019 10:03:00

Noa Presas Bergantiños na data 01/03/2019 10:03:01

Xosé Luis Bará Torres na data 01/03/2019 10:03:03

Ana Pontón Mondelo na data 01/03/2019 10:03:11

CSV: GmmWgbzwn8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/03/2019 11:35:33
Nº Rexistro: 47189
Data envio: 04/03/2019 11:35:33.034

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa das súas deputadas, María Dolores Toja Suárez e Patricia Otero Rodríguez, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno.

Nos orzamentos do ano 2018 figuraba unha partida destinada á construción de pantaláns para embarcacións de acuicultura en Cabo de Cruz, concello de Boiro, por un importe de 1.700.000 €, pero a realidade é que a día de hoxe, estes pantaláns non están construídos. Nos orzamentos de 2019 figura de novo unha partida por importe de 2.000.000 €.

O expediente 3/2018/CNTOB, tiña por obxecto a construción de espazos para embarcacións de acuicultura nese molle por valor de 5.996.221,33 euros sen IVE. Publicouse no DOG do venres, 2 de marzo de 2018, pero en maio dese mesmo ano tivo lugar unha xuntanza entre técnicos de Portos de Galicia e representantes do sector bateeiro. Na dita xuntanza os bateeiros explicaron que as características mudaron desde o ano no que se redactou o proxecto inicial, porque as medidas tomadas como referencia, naquel entón, non son un parámetro válido na actualidade, xa que a maioría das antigas embarcacións que se tiveron en conta nos estudos previos xa non existen.

Nunha reunión mantida recentemente con este grupo parlamentario, os bateeiros puxeron de manifesto a súa preocupación pola disparidade que hai entre a relación de embarcacións reflectidas no proxecto e as existentes na actualidade. Descoñecen a procedencia desta relación, valoran incluso a posibilidade de que se trate de embarcacións que existían no ano 2009 cando se fixeron os estudos previos da obra. Esta cuestión é fundamental aclarala porque a incongruencia existente crea graves problemas de operatividade, impediría que os novos barcos poidan usar os pantaláns, dadas as medidas de 18 metros que teñen na actualidade.

En decembro de 2018, a empresa adxudicataria reuniuse cos bateeiros, e para sorpresa destes últimos, o proxecto non sufrira ningunha modificación, cuestión que causou un gran malestar no sector e, como consecuencia, o sector non está disposto a aceptar a súa execución sen que recolla as novas demandas e garanta a operatividade no porto de Cabo de Cruz.

CSV: GmmWgbzwn8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/03/2019 11:35:33
Nº Rexistro: 47189
Data envio: 04/03/2019 11:35:33.034

grupo socialista Parlamento de Galicia · PSG PSOE

Ante esta sucesión de atrasos e de incertezas é preciso coñecer en que situación se atopa o proxecto, determinar se este recolle as modificacións precisas, así como se é preciso realizar unha nova licitación.

Por iso o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a levar a cabo a modificación do proxecto para a construción de pantaláns en Cabo de Cruz, de xeito que recollan as demandas dos bateeiros.

Pazo do Parlamento, 5 de marzo de 2019

Asinado dixitalmente por:

María Dolores Toja Suárez na data 04/03/2019 11:13:41

Patricia Otero Rodríguez na data 04/03/2019 11:13:54

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 04/03/2019 11:14:06

CSV: GmmWgbzwn8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/03/2019 12:25:25
Nº Rexistro: 47191
Data envio: 04/03/2019 12:25:25.708

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia,** por iniciativa da súa deputada **Concepción Burgo López,** do seu deputado-portavoz **Xoaquín Fernández Leiceaga** e do seu deputado **Luis Manuel Alvarez Martínez,** a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte P**roposición non de lei** para o seu debate en **Pleno.**

Exposición de motivos

O novo líder do Partido Popular, Pablo Casado, vén de anunciar que está disposto a comezar unha guerra lingüística en todos os territorios con lingua cooficial, tal como fixo en Galicia Alberto Núñez Feijoo.

Así, Pablo Casado leva ao programa electoral para as eleccións do 28 de abril a promesa de desenvolver unha "lei de linguas" que fundamentalmente significaría fortes recortes para os idiomas oficiais diferentes ao castelán, e por suposto tamén para o galego.

O Partido Popular quere con esta lei eliminar calquera obriga de coñecer o galego para acceder a empregos públicos ao considerar indispensable soamente o coñecemento do español, e un mérito coñecer o galego, que se convertería en algo opcional. Isto significa prohibir que coñecer o idioma galego poda ser considerado como un requisito para acceder a un posto na administración pública, cando o coñecemento do español xa é unha obrigación marcada pola Constitución.

Tamén pretende inmiscuírse nas decisión das comunidades autónomas con idioma cooficial en asuntos como o idioma nas sinalización, a utilización do idioma propio na administración e na súa relación cos cidadáns.

Esta proposta de lei orgánica vai en contra dos dereitos lingüísticos dos galegas e galegas garantidos no Estatuto de Autonomía.

Así o artigo 5 afirma que o galego é a lingua propia de Galicia e cooficial co castelán. Todos os cidadáns teñen dereito a coñecelos e usalos, e os poderes públicos teñen que garantir o uso normal e oficial de ambos idiomas e potenciar o "emprego do galego en tódolos planos da vida pública, cultural e informativa,

CSV: GmmWgbzwn8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/03/2019 12:25:25
Nº Rexistro: 47191
Data envio: 04/03/2019 12:25:25.708

e disporán os medios necesarios para facilita-lo seu coñecemento", afirmando categoricamente que ninguén pode ser discriminado pola súa lingua.

A proposta do Presidente do Partido Popular, Pablo Casado, vulnera gravemente o dereito da cidadanía galega a usar a nosa lingua en todos as ordes da vida, tamén na administración pública dereito que ten ser defendido polo goberno de Galicia, e que xa foi restrinxido polo goberno do presidente Feijoo en Galicia ao modificar a lei da Función Pública en canto as obrigas lingüísticas dos empregados públicos, xa en 2009.

Propostas como as do Partido Popular son totalmente involucionistas e nos sitúan en tempos preconstitucionais cando só existía para a administración o español.

Ante a campaña de vulneración de dereitos da cidadanía, tamén da galega, que está a levar a cabo o Partido Popular consideramos que o presidente Feijoo e o goberno da Xunta de Galicia ten que manifestar claramente a súa repulsa ante ela, e dar a coñecer as medidas que tomarán para que os dereitos, neste caso lingüísticos, dos galegos e galegas non sexan vulnerados, así como manifestar claramente si van ou non a defender o Estatuto de Autonomía de Galicia

Polo exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei:

"O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a defender os dereitos lingüísticos da cidadanía galega garantidos polo noso Estatuto de Autonomía, opoñéndose de forma radical e pública ás propostas que se están a realizar por certos partidos políticos para que se reduza a presencia do idioma galego na Administración Pública fronte ao castelán, e a impulsar de forma decidida todas as medidas contidas no Plan Xeral de Normalización Lingüística para ampliar a presenza do galego nese ámbito."

Pazo do Parlamento, 4 de marzo de 2019

Asdo.: Concepción Burgo López
Luis Manuel Alvarez Martínez
Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia
Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Deeputado-Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

CSV: GmmWgbzwn8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/03/2019 12:25:25
Nº Rexistro: 47191
Data envio: 04/03/2019 12:25:25.708

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Asinado dixitalmente por:

Maria de la Concepción Burgo López na data 04/03/2019 12:09:47

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 04/03/2019 12:09:52

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 04/03/2019 12:10:02

CSV: GmmWgbzwn8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/03/2019 13:01:20
Nº Rexistro: 47199
Data envio: 04/03/2019 13:01:20.062

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa das súas deputadas, María Dolores Toja Suárez e Patricia Otero Rodriguez, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno.

Nos últimos días, as mareas vivas sacaron á luz un depósito de bolsas de plástico e desperdicios no porto de Malpica. As causas poden ser varias, entre elas están a mala xestión de residuos ou a necesidade de actuacións máis frecuentes por parte de Portos de Galicia.

No Porto de Malpica, foi o propio Goberno municipal o que levou a cabo a limpeza da dársena, aínda que se trata dunha competencia propia do ente dependente da Consellería do Mar.

O certo é que esta situación non é única, a limpeza dos portos ten consecuencias directas non só no mar senón tamén nas praias ás que chegan residuos propios dos labores do mar, como cordas, aparellos… residuos que poñen en risco a seguridade nas augas interiores e tamén a fauna mariña.

A finais do ano pasado Portos de Galicia facía públicas as súas actuacións de limpeza dos portos galegos, que dada a situación real na que se atopan, resultan totalmente insuficientes.

Por iso, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego para que:

1º) Leve a cabo unha campaña informativa sobre as consecuencias da mala xestión dos residuos, tanto na fauna mariña como para a seguridade das embarcacións en augas interiores.

2) Realice labores de limpeza nas dársenas portuarias durante este ano 2019 e seguintes.

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA

Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

CSV: GmmWgbzwn8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/03/2019 13:01:20
Nº Rexistro: 47199
Data envio: 04/03/2019 13:01:20.062

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Pazo do Parlamento, 4 de marzo de 2019

Asinado dixitalmente por:

María Dolores Toja Suárez na data 04/03/2019 12:55:05

Patricia Otero Rodríguez na data 04/03/2019 12:55:17

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 04/03/2019 12:55:27

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA

Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

CSV: GmmWgbzwn8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/03/2019 13:19:23
Nº Rexistro: 47205
Data envio: 04/03/2019 13:19:23.672

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Olalla Rodil Fernández**, **Luis Bará Torres**, **Ana Pontón Mondelo**, **Xosé Luis Rivas Cruz**, **Montserrat Prado Cores** e **Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, sobre o agrupamento de alumnado de distinto ciclo formativo nos centros de ensino público de Galiza.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Desde o ano 2009 a Xunta de Galiza decidiu que en centros con pouco alumnado matriculado, especialmente no rural, poderían agruparse estudantes de distinto ciclo na mesma aula. Inicialmente, o Goberno galego acordou con algunhas organizacións sindicais que este tipo de agrupamentos só se poderían levar a cabo cando o número de estudantes se situase por baixo de 12 en Primaria.

En 2012, a Consellaría decidiu rachar con estas condicións a través dun Decreto unilateral.

No curso 2018/2019 o CEIP Virxe da Luz de Portomarín foi un dos centros que se viron obrigados a agrupar o alumnado de distinto ciclo na mesma aula. Neste senso, o estudantado de 1º, 2º e 3º de Primaria nunha aula e o de 4º, 5º e 6º noutra.

Malia contar cunha alumna máis matriculada en relación ao curso anterior, a Xunta de Galiza suprimiu un docente no centro e impuxo o agrupamento fóra do mesmo ciclo o que provocou importantes denuncias entre as familias do Concello de

CSV: GmmWgbzwn8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/
151962

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/03/2019 13:19:23
Nº Rexistro: 47205
Data envio: 04/03/2019 13:19:23.672

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Portomarín. Denuncias e malestar que trasladaron ao conxunto da opinión pública e que motivou a presentación dunha iniciativa parlamentar do Bloque Nacionalista Galego debatida na Comisión 4ª en decembro de 2018 exixindo a restitución da praza suprimida e o agrupamento do alumnado dentro do mesmo ciclo formativo.

Para o BNG os agrupamentos dentro do mesmo ciclo non teñen por que ser considerados negativos desde un punto de vista pedagóxico naqueles centros que contan con pouco estudantado, especialmente no rural. Porén, cando as idades agrupadas son tan amplas, agrupar supón unha merma da calidade do ensino.

Por todo o exposto, o Grupo parlamentar do BNG formula a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

"O Parlamento insta a Xunta de Galiza a fixar como criterio para o agrupamento de alumnado nunha mesma aula que só poida desenvolverse entre alumnado que pertenza ao mesmo ciclo formativo, agás no suposto excepcional das escolas unitarias."

Santiago de Compostela, 4 de marzo de 2019

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

Montserrat Prado Cores

Luis Bará Torres

Noa Presas Bergantiños

Xosé Luis Rivas Cruz

CSV: GmmWgbzwn8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

151963

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/03/2019 13:19:23
Nº Rexistro: 47205
Data envio: 04/03/2019 13:19:23.672

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 04/03/2019 13:10:59

María Montserrat Prado Cores na data 04/03/2019 13:11:05

Ana Pontón Mondelo na data 04/03/2019 13:11:13

Xose Luis Rivas Cruz na data 04/03/2019 13:11:14

Noa Presas Bergantiños na data 04/03/2019 13:11:16

CSV: GmmWgbzwn8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/03/2019 13:46:57
Nº Rexistro: 47216
Data envio: 04/03/2019 13:46:57.728

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Olalla Rodil Fernández**, **Luis Bará Torres**, **Ana Pontón Mondelo**, **Xosé Luis Rivas Cruz**, **Montserrat Prado Cores** e **Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, sobre as subvencións da Xunta de Galiza á patronal mineira para a elaboración de unidades didácticas dirixidas a crianzas e centros de ensino.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A través da resolución publicada no DOG con data 12 de febreiro de 2019 a Xunta de Galiza concedeu 43.761,12 euros á Cámara Oficial de Minaría de Galiza para a elaboración de unidades didácticas para crianzas.

Estas unidades didácticas deseñadas pola patronal da minaría insírense dentro da campaña ‘Minaría sostíbel de Galiza’ e difunde entre a mocidade en idade escolar do noso país unha imaxe parcial e interesada desta actividade extractiva de enorme impacto en Galiza.

O nesgo editorial pode observarse nos contidos audiovisuais xa editados e difundidos a través da rede.

Diversas organizacións e colectivos sociais en defensa do medio ambiente así como ANPAS Galegas e CIG-Ensino, amosaron publicamente o seu rexeitamento a que estas accións reciban apoio público e a que se distribúa e difunda nas escolas públicas

CSV: GmmWgbzwn8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

151965

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/03/2019 13:46:57
Nº Rexistro: 47216
Data envio: 04/03/2019 13:46:57.728

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

do noso país material didáctico de parte que amosa unha visión nesgada da minaría. Así mesmo, os contidos elaborados, representan apenas os intereses económicos das empresas mineiras negando e mesmo ocultado unha parte fundamental que atinxe esta actividade económica, os enormes prexuízos medioambientais e ecolóxicos que carrexa.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

"O Parlamento insta a Xunta de Galiza a non distribuír nos centros de ensino e entre o alumnado campañas de propaganda promovidas pola patronal da minaría en Galiza."

Santiago de Compostela, 4 de marzo de 2019

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

Montserrat Prado Cores

Luis Bará Torres

Noa Presas Bergantiños

Xosé Luis Rivas Cruz

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

CSV: GmmWgbzwn8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

151966

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/03/2019 13:46:57
Nº Rexistro: 47216
Data envio: 04/03/2019 13:46:57.728

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 04/03/2019 13:41:10

María Montserrat Prado Cores na data 04/03/2019 13:41:16

Ana Pontón Mondelo na data 04/03/2019 13:41:18

Xose Luis Rivas Cruz na data 04/03/2019 13:41:19

Noa Presas Bergantiños na data 04/03/2019 13:41:20

Xosé Luis Bará Torres na data 04/03/2019 13:41:22

CSV: GmmWgbzwn8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/03/2019 17:09:35
Nº Rexistro: 47238
Data envio: 04/03/2019 17:09:35.331

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de En Marea, a iniciativa da súa deputada **Paula Quinteiro Araujo e** do seu deputado **Marcos Cal Ogando,** ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno.**

Exposición de motivos

A desigualdade de xénero está presente en todos os espazos da vida, pero as administracións deben dar exemplo en canto garantir a igualdade e a paridade.

O Consello Económico e Social (CES) de Galicia é, nas súas propias palabras, "un órgano consultivo da Xunta de Galicia creado para facilitar a participación dos axentes socioeconómicos e dos representantes da sociedade civil organizada no proceso de toma de decisións". "O Consello é, deste xeito, a plataforma de diálogo e participación de organizacións cidadáns de todo tipo, un elemento que semella imprescindible na consecución dunha mellor calidade democrática das nosas sociedades". Malia as súas boas intencións, o CES presenta unha eiva inexplicable: dos 33 membros do seu pleno, só 8 son mulleres. Con semellante disparidade de xénero, non pode aspirar, como di, a conseguir unha "mellor calidade democrática", xa que non hai democracia posible se as mulleres non están representadas como corresponde.

O pleno do CES está constituído pola presidenta e o secretario xeral, e por tres grupos de representantes. Cada grupo de representantes, a saber, o dos sindicatos, o da confederación de empresarios de Galicia e o das universidades,

CSV: GmmWgbzwn8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/03/2019 17:09:35
Nº Rexistro: 47238
Data envio: 04/03/2019 17:09:35.331

consumidores e organizacións do mundo rural e marítimo, consta de 11 membros, que son designados polas propias organizacións.

A composición do CES varía ao longo do ano, pero sen respectar ningún criterio de paridade.

Hai, ademais, un dato curioso que cómpre poñer sobre a mesa. Entre os suplentes hai 18 mulleres e 15 homes, unha composición moito máis igualitaria que a do propio pleno. Cabería pensar, polo tanto, que hai suficientes mulleres que poderían asumir as responsabilidades pertinentes para poder ter un CES paritario. Se non o hai, é porque non existe a vontade política de que aconteza.

Por todo o dito, o Grupo Parlamentar de En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a garantir a igualdade de xénero nos órganos consultivos do Goberno galego.

Santiago de Compostela, 4 de marzo de 2019.

Asdo.: Paula Quinteiro Araujo
Marcos Cal Ogando
Deputada e deputado do G.P. de En Marea.
Luís Villares Naveira
Voceiro do G.P. de En Marea.

CSV: GmmWgbzwn8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/03/2019 17:09:35
Nº Rexistro: 47238
Data envio: 04/03/2019 17:09:35.331

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Asinado dixitalmente por:

Paula Quinteiro Araújo na data 04/03/2019 17:04:35

Marcos Cal Ogando na data 04/03/2019 17:04:44

Luis Villares Naveira na data 04/03/2019 17:06:29

CSV: GmmWgbzwn8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/03/2019 09:30:00
Nº Rexistro: 47255
Data envio: 04/03/2019 18:37:28.197

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa dos seus deputados, José Manuel Pérez Seco e Raúl Fernández Fernández, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno.

O xabaril ten unha gran capacidade de desprazamento e adaptación a todo tipo de hábitats e, en Galicia, atopou no abandono das terras en particular e no medio rural en xeral o agocho perfecto para a súa expansión. A proliferación do bosque e mato recrean o escenario perfecto para a súa reprodución.

Os continuos estragos producidos por este animal está ocasionando graves problemas económicos, ambientais, sociais e de seguridade viaria no noso territorio, especialmente nas economías rurais das familias e das explotacións gandeiras e agrícolas pola desfeita que fan nas leiras e nos cultivos.

Os danos económicos producidos nos cultivos e prados teñen un gran alcance xa que impiden a sega e o ensilado, afectan ao millo, ás hortas e a outras producións e cultivos, como, por exemplo, a vide ou a castaña.

O xabaril, no tema da seguridade viaria, tamén ampliou o seu radio de actuación ata ser, a día de hoxe, unha das principais causas da sinistralidade viaria, co agravante de que a súa presenza nas estradas xa non só afecta ás vías secundarias senón que se estende á totalidade das estradas, incluídas as autoestradas, provocando importantes danos materiais e poñendo en risco a vida das persoas.

É, tamén, competencia desigual con outras especies das que son predadores directos, especialmente nos contornos dos Espazos Naturais Protexidos, poñéndoas en risco de desaparición (aves, réptiles, anfibios, coellos e micro mamíferos). Tamén teñen responsabilidade en canto aos riscos zoosanitarios, polo contaxio ás especies domésticas, de zoonoses das que son reservorios, como a tuberculose, peste porcina, etc.

CSV: GmmWgbzwn8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/03/2019 09:30:00
Nº Rexistro: 47255
Data envio: 04/03/2019 18:37:28.197

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Por iso, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a:

1. Identificar, nun prazo de tres meses, os puntos negros de atropelos de fauna salvaxe nas estradas galegas, especialmente naqueles nos que aumentan os accidentes por especies cinexéticas.

2. Realizar un proxecto de actuación conxunto co goberno do Estado nos puntos negros identificados nos tramos de estradas da Comunidade Autónoma de Galicia, que contemple medidas para o tránsito de animais que, na medida do posible, se sitúen fóra dos tramos críticos de circulación de vehículos. Para iso estudarase a viabilidade de solucións como a mellora de visibilidade (incluíndo alumeado nocturno) , o aumento das advertencias aos condutores ou o establecemento de pasos alternativos para a fauna.

3. Implantar plans coordinados entre as administracións competentes e realizar un seguimento anual que permita coñecer a efectividade das medidas adoptadas. Levar a cabo unha medición dos resultados esperados, contabilizando o número de accidentes, o de atropelos de animais nesas zonas e a valoración dos danos causados ás persoas así como a vehículos.

4. Demandar do goberno do Estado a elaboración dun marco lexislativo que, no relativo ao réxime de seguros, confiran o máis amplo marxe de seguridade ante os danos causados a persoas e vehículos en accidentes causados por fauna, con independencia do lugar do accidente.

Pazo do Parlamento, 1 de marzo de 2019

Asinado dixitalmente por:

CSV: GmmWgbzwn8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/03/2019 09:30:00
Nº Rexistro: 47255
Data envio: 04/03/2019 18:37:28.197

grupo socialista Parlamento de Galicia · PSG PSOE

Jóse Manuel Pérez Seco na data 04/03/2019 18:35:28

Raúl Fernández Fernández na data 04/03/2019 18:35:38

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 04/03/2019 18:35:47

CSV: GmmWgbzwn8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/03/2019 09:30:00
Nº Rexistro: 47260
Data envio: 04/03/2019 19:23:00.510

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario de En Marea**, a iniciativa da súa deputada **Paula Vázquez Verao,** ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno.**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O 9 de setembro de 2013, unha muller da parroquia de Abeledo, Abadín, con mobilidade reducida que precisa de cadeira de rodas nos seus desprazamentos, diríxese á Alcaldía para que se teña en conta a Lei de Accesibilidade de Galicia e que se elimine a barreira arquitectónica que está presente á saída da súa casa, dado que o desnivel e a pendente da pista municipal colindante coa casa non lle permite acceder a ela en cadeira de rodas. Esta petición é reiterada o 27 de outubro de 2014. A pendente lonxitudinal de acceso á pista é superior ao 20%, cando as rampas adaptadas non poden superar o 10% de pendente.

A casa da muller citada estaba alí antes de ser asfaltada a pista; os sucesivos asfaltados elevaron o nivel da pista uns 12-15 cm. a respecto da entrada da casa, agravando, ademais o risco de inundación da vivenda, ao tupírense con frecuencia as tuberías dos desaugadoiros.

En novembro de 2015 a problemática da falta de accesibilidade da casa de dita muller con mobilidade reducida en Abadín ponse en coñecemento da Valedora do Pobo, acompañado dun informe técnico que determina que a vía municipal debe ser arranxada para garantir a accesibilidade á vivenda e que esta obra ten un custe menor.

CSV: GmmWgbzwn8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/03/2019 09:30:00
Nº Rexistro: 47260
Data envio: 04/03/2019 19:23:00.510

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

O 8 de setembro de 2016, a Valedora do Pobo informou ás persoas que lle enviaron esta petición que fixera xestións co Concello para buscar unha solución ao problema de accesibilidade, pero o Concello non remite, pasados os anos, o informe técnico requirido pola Valedora para buscar dita solución de accesibilidade.

De feito, o 14 de novembro de 2018, logo de reiteradas peticións por parte da Valedora do Pobo, indica que o Concello de Abadín continúa sen dar unha solución á barreira arquitectónica urbanística xerada pola súa actuación nunha pista continua á casa n.º 8 do lugar de Couto, en dito Concello, polo que a queixa foi incluída no Informe anual da Valedora do Pobo.

A existencia desta barreira arquitectónica nunha casa do barrio do Couto, parroquia de Abeledo, concello de Abadín, condiciona negativamente a vida e autonomía persoal dunha persoa en cadeira de rodas e incumpre a Lei 10/2014, do 3 de decembro, de accesibilidade. En concreto, a pavimentación considérase un elemento de urbanización e debe, polo tanto, garantir "a seguridade, a accesibilidade, a autonomía e a non-discriminación de todas as persoas". A barreira arquitectónica urbanística que supón a configuración da pista municipal obriga a facer modificacións na mesma, xa que non chegan as adaptacións que se puideran acometer na vivenda.

Polo exposto, o Grupo Parlamentario de En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento de Galicia insta á Xunta a dirixirse ao Concello de Abadín para que garanta a accesibilidade da vivenda situada no número 8 do barrio do Couto, parroquia de Abeledo, mediante a adaptación da pista municipal.

Santiago de Compostela, 4 de marzo de 2019.

CSV: GmmWgbzwn8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/03/2019 09:30:00
Nº Rexistro: 47260
Data envio: 04/03/2019 19:23:00.510

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Asdo.: Paula Vázquez Verao

Deputada do G.P. de En Marea

Luís Villares Naveira

Voceiro do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Paula Vázquez Verao na data 04/03/2019 19:14:59

Luis Villares Naveira na data 04/03/2019 19:15:07

CSV: GmmWgbzwn8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/03/2019 09:54:11
Nº Rexistro: 47265
Data envio: 05/03/2019 09:54:11.667

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa dos seus deputados **Luís Villares Naveira e Davide Rodríguez Estévez** e da súa deputada **Paula Vázquez Verao**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en **Pleno.**

Exposición de motivos:

Os Grupos de Emerxencias Supramunicipais (GES) creáronse no ano 2013 mediante un convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia, as Deputacións provinciais e a Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP) para cubrir a rede de emerxencias de Galicia nas que había zonas de sombra, onde os parques de bombeiros non chegaban a dar cobertura.

Neste convenio recóllense as funcións encomendadas aos GES entre as que se atopan a intervención en incendios forestais e urbanos no ámbito territorial da súa demarcación, definición de redes de faixas de xestión da biomasa de prevención e defensa contra os incendios forestais, investigación da propiedade das redes de faixas secundarias de xestión de biomasa forestal, prácticas preventivas, de carácter local e a pequena escala, que creen descontinuidades verticais e horizontais da cuberta vexetal, mediante rozas en terreos forestais de titularidade dos concellos ou de propietarias descoñecidas e perímetros e parcelas declaradas como abandonadas, actuacións de prevención de pragas (vespa velutina, etc.) como control e retirada de niños, intervención en situacións de risco e de emerxencia para manter a rede de estradas mediante a limpeza e retirada de obxectos, especialmente no caso de accidentes, intervención en situacións derivadas de riscos naturais, nevaradas, inundacións, temporais, xeadas, choivas intensas, sismos, derrubes, colaborar en casos de aglomeracións de persoas en lugares e momentos determinados, etc.

CSV: GmmWgbzwn8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/03/2019 09:54:11
Nº Rexistro: 47265
Data envio: 05/03/2019 09:54:11.667

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Os concellos de Maceda, Allariz e A Veiga reclamaron a creación de GES para dar cobertura ás zonas de poboación, que non teñen bombeiros preto e que por proximidades cubran as zonas de sombra existentes actualmente. Hai 27 GES e para completar o mapa de emerxencias que abarcase todo o territorio precisaríanse 8 novos GES.

O GES da Fonsagrada que está inactivo, a sede deste pasou a Baleira, inda que deixa sen cobertura a moitas das localidades máis afastadas, sobre todo na alta montaña lucense, co que coa produción dun sinistro este pode ter unha incidencia maior, sendo inasumible polas condicións de acceso a estas localidades e polas distancias que o GES de Becerreá ou outros teñen que asumir.

Ademais, outras localidades como Silleda tamén mostraron a necesidade de contar cun GES específico ou ben a inclusión no convenio da zona que lle corresponda, para que non se dean casos como os do ano pasado que quedaron sen cobertura.

Este concello conta con parque de bombeiros e non se incluíu no convenio de zona cos GES de Lalín e/ou da Estrada.

Por todo o exposto o Grupo Parlamentario de En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Pleno.

O Parlamento de Galicia insta á Xunta a:

1.- Aprobar a creación don GES de Maceda, Allariz, Silleda e A Veiga e dotalos de orzamento.

2.- Crear un GES na montaña lucense que reduza os tempos de resposta as emerxencias que se produzan.

Santiago de Compostela, 4 de marzo de 2019.

CSV: GmmWgbzwn8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/03/2019 09:54:11
Nº Rexistro: 47265
Data envio: 05/03/2019 09:54:11.667

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Asdo.: Davide Rodríguez Estévez

Paula Vázquez Verao

Luís Villares Naveira

Deputado, deputada e Voceiro do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

David Rodríguez Estévez na data 05/03/2019 09:41:36

Paula Vázquez Verao na data 05/03/2019 09:41:45

Luis Villares Naveira na data 05/03/2019 09:41:48

CSV: GmmWgbzwn8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/03/2019 10:32:49
Nº Rexistro: 47270
Data envio: 05/03/2019 10:32:49.847

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia,** por iniciativa dos seus deputados **Abel Losada Álvarez e José Manuel Pérez Seco**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei** en **Pleno.**

Exposición de motivos

A política de publicidade e propaganda do goberno Feijóo dende 2009 ten un dos seus exemplos máis notorios no asunto PEMEX. Tódolos galegos recordamos a desconexión en "prime time" da televisión pública para que o presidente presentara a empresa mexicana PEMEX, como unha especie de "Eldorado" para Galicia. Nun momento, ademais en que as taxas de desemprego eran moi elevadas nas comarcas mais industrializadas do país.

Falou o presidente Feijóo dunha morea de contratos de construción de buques nos estaleiros galegos, tanto os privados en Vigo, como os públicos en Ferrol, ademais do establecemento dunha base loxística de distribución de hidrocarburos de PEMEX para Europa no porto de Punta Langosteira. Íanse a construír, ademais dos floteis, tres buques tanque, un atuneiro, un barco de apoio a plataformas petrolíferas, outro buque-hotel, a renovación de parte da frota, dous quimiqueiros e os remolcadores... só se construíron dous floteis.

Noutra precampaña, a empresa anunciou a entrada no capital de Barreras, cun control do 51 % desde 2013. Co anuncio de establecer unha "alianza estratéxica" que a Xunta de Galicia impulsou coa petroleira; foi logo dunha ampliación de capital de 5,1 millóns abonada ao completo por PEMEX para salvar a empresa ante a mala situación de Barreras, que lle permitiu aos mexicanos acceder a tecnoloxía naval da empresa galega para iniciarse na construción naval.

Os galegos vimos que neste escenario de publicidade e propaganda, a realidade lamentablemente acabou por imporse. Aínda que PEMEX anunciou a construción dun terceiro flotel en setembro de 2015 no estaleiro de Barreras (Vigo), xa no mes de novembro de 2016, manifestou que non se ía construír ese novo buque e que paralizaba a futura, e non comezada, base loxística de Punta Langosteira (A Coruña). Os dous floteis construídos foron o único resultado da xigantesca operación de propaganda.

CSV: GmmWgbzwn8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/03/2019 10:32:49
Nº Rexistro: 47270
Data envio: 05/03/2019 10:32:49.847

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Agora, en 2019, PEMEX anunciou que deixa Barreras e abandona Galicia tras sete anos de presenza e só os dous floteis construídos. A petroleira estatal mexicana considera o estaleiro vigués un activo non estratéxico e intenta diminuír a súa elevadísima débeda. Todo parece indicar que México quere retirarse de maneira precipitada do capital de Barreras por orde do novo Goberno de López Obrador.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Realizar un informe detallado sobre:

1.1. Os efectos das inversións que no seu momento desenvolveu PEMEX no tecido da industria naval de Galicia.

1.2. Os fondos públicos da Xunta de Galicia recibidos pola empresa PEMEX, para as súas inversións en Galicia, tanto para a construción naval, como para a adquisición do estaleiro Barreras, en caso de telos recibido.

1.3. Cales teñen sido os mecanismos de control postos en marcha por parte da administración autonómica dos fondos aportados a estas operacións empresariais.

1.4. O posible impacto negativo na empresa Barreras, e as súas auxiliares, da saída do capital da mesma de PEMEX.

2. Estudar a pertinencia da entrada no capital do estaleiro Barreras da Xunta de Galicia, unha vez que PEMEX venda a súa participación.

3. Apoiar a negociación co propio estaleiro, con Pymar, coas empresas contratantes e coas entidades financeiras para atopar socios e avais que aporten garantías para as próximas construcións que Barreras ten en carteira, desenvolvendo un plan de específico de protección das inversións.

Pazo do Parlamento, 04 de marzo de 2019

CSV: GmmWgbzwn8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/03/2019 10:32:49
Nº Rexistro: 47270
Data envio: 05/03/2019 10:32:49.847

grupo socialista Parlamento de Galicia · PSG PSOE

Asinado dixitalmente por:

Abel Fermín Losada Álvarez na data 05/03/2019 10:31:58

Jóse Manuel Pérez Seco na data 05/03/2019 10:32:04

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 05/03/2019 10:32:14

CSV: GmmWgbzwn8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/03/2019 12:57:26
Nº Rexistro: 47287
Data envio: 05/03/2019 12:57:26.446

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de En Marea, por iniciativa da súa deputada **Flora Miranda Pena**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno.**

Exposición de motivos.

O Servizo Galego de Saúde padece un grave problema de xestión de persoal no entorno da Atención Primaria de Saúde e nomeadamente nos Puntos de Atención Continuada. Isto é consecuencia de anos de mala xestión, de maltrato de profesionais formadas e de falta de programación e vontade política na defensa da sanidade pública.

Sen ir máis lonxe, o Punto de Atención Continuada (PAC) de Vigo viviu o pasado sábado, dous de marzo, un novo colapso asistencial tralo traslado dun dos catro efectivos médicos para substituír unha ausencia no PAC de Moaña desde as 15 horas do propio sábado ata as 8 am do domingo. Neste tempo, con só tres médicas/os no propio PAC de Vigo, a situación asistencial foi de franca sobrecarga con máis de dúas horas de demora na atención de pacientes, que se acumulaban na sá de agarda. Isto suscitou malestar entre as persoas usuarias, que chegaron a ser trinta en espera de ser atendidas.

As propias profesionais advertían ás persoas usuarias desa situación, que ademais de demoras asistenciais redundaba nun severo malestar laboral, como é tónica habitual no entorno da Atención Primaria do SERGAS, especialmente na área de Vigo (lembremos que ten un orzamento en torno a un 11%, inferior ao precario 12.6% galego e moi lonxe do recomendable 25% sobre o total sanitario).

CSV: GmmWgbzwn8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/03/2019 12:57:26
Nº Rexistro: 47287
Data envio: 05/03/2019 12:57:26.446

Ademais do acontecido no PAC de Vigo o día 2, o PAC de Cangas tamén rexistrou unha ausencia non substituída o domingo 3 en horario nocturno, de modo que a cobertura se efectuou cun único efectivo médico, cando a dotación basal é de dous. Esta situación non é extraordinaria, senón que aconteceu de modo perigosamente común nos últimos tempos en diversos PACs no territorio galego.

Cómpre lembrar neste contexto a gravísima consecuencia que tivo sobre a saúde dun paciente no PAC da Estrada a ausencia dun efectivo médico o pasado verán.

Á marxe desta situación conxuntural indebida cómpre lembrar tamén a situación de sobrecarga crónica nos PACs de dotación menor e/ou máis periféricos, como os que teñen necesidade de realizar moitas saídas a emerxencias ou longos traslados ao Hospital de referencia (véxase, por exemplo, a demanda social no PAC de Curtis neste aspecto).

Dita situación non só compromete a atención digna para as persoas enfermas, senón que induce ás profesionais a desenvolver o seu traballo cunha sobrecarga emocional e laboral impropia dun servizo de saúde, condicionando cadros de estrés laboral, fomentando a precariedade, incrementando o malestar e redundando nunha dinámica de maltrato profesional que non contribúe na búsqueda de solucións ao grave problema de dotación de persoal médico.

Estas e estes profesionais levan meses consensuando e reivindicando melloras básicas no que respecta á definición e cómputo da súa xornada laboral, á súa protección de riscos laborais, á dotación de persoal mínimo, ao dereito ao cobro de complementos estipulados e, en definitiva, a un trato digno pola Administración Sanitaria.

Polo exposto, o Grupo Parlamentar de En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei:

CSV: GmmWgbzwn8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/03/2019 12:57:26
Nº Rexistro: 47287
Data envio: 05/03/2019 12:57:26.446

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a atender as demandas profesionais consensuadas polas profesionais dos Puntos de Atención Continuada de cara a garantir non só a atención sanitaria, senón a dotación presente e futura de profesionais suficientes con condicións laborais dignas.

Santiago de Compostela, 5 de marzo de 2019.

Asdo.: Flora Maria Miranda Pena

Deputada do G.P. de En Marea.

Luís Villares Naveira

Voceiro do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Flora María Miranda Pena na data 05/03/2019 12:49:55

Luis Villares Naveira na data 05/03/2019 12:50:03

CSV: GmmWgbzwn8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/03/2019 13:09:19
Nº Rexistro: 47289
Data envio: 05/03/2019 13:09:19.614

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Montserrat Prado Cores**, **Luis Bará Torres**, **Ana Pontón Mondelo**, **Xosé Luis Rivas Cruz**, **Olalla Rodil Fernández** e **Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, relativa ás medidas a tomar para garantir a continuidade do servizo de axuda no fogar no concello de Forcarei.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Estes días estamos a ver como no concello de Forcarei se manifestan as 18 traballadoras do servizo de axuda no fogar, reclamando a continuidade dun servizo público esencial que ven ameazado de peche.

Esta problemática arranca no ano 2016, cando se permitiu ao xerente de Servizos Sociais á Comunidade SL, Nonito Crespo, marchar sen cumprir o contrato, con débedas ás traballadoras e sen unha soa penalización a través do prego de contratación. Permitiuse así mesmo que marchara coa fianza do 5% sobre o valor total do contrato deixando débedas con traballadoras e seguridade social.

No ano 2016, tras meses de tardanzas nos cobros por parte das traballadoras adxudicouse de novo o servizo a Serinter Sl, empresa á que as débedas herdadas da anterior concesionaria levaron a unha situación de inviabilidade económica, de novo cunha alcaldía que non fixo ningunha labor de control administrativo, deixando ás traballadoras indefensas e sen cobrar de novo.

CSV: GmmWgbzwn8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/03/2019 13:09:19
Nº Rexistro: 47289
Data envio: 05/03/2019 13:09:19.614

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Esta empresa, á finalización do contrato en Agosto de 2018 solicitou a finalización da concesión, retendo a alcaldía incomprensiblemente a unha empresa en quebra técnica, en concurso de acredores até Novembro, onde grazas á presión do BNG e traballadoras se licita de novo o servizo.

Son meses de atrasos inxustificábeis, tan só explicábeis dende a inoperancia do Goberno municipal de Forcarei e que fan que a Asociación de Empresarios de Servizos Sociais e Axuda a Domicilio de Galiza puxera en aviso @s seus/súas asociad@s da situación do concello.

Todas estas actuacións van en contra e supón o incumprimento do protocolo da inspección de servizos sociais sobre as entidades prestadoras de servizos sociais que desenvolven o servizo de axuda no fogar en Galiza, da propia Xunta de Galicia (2012) onde, entre outros extremos a comprobar nos cumprimentos empresariais, se debe esixir os TC2, contratos, substitucións de baixas etc..., o que, obviamente, non se fixo no concello de Forcarei.

Esta mala fe nas actuacións, este desastre organizativo, así como a inseguridade financeira fixo que en novembro á licitación só se presentara unha empresa, renunciando a formalizar o contrato tras comprobar a débeda.

É polo tanto a situación actual preocupante en Forcarei, cunhas traballadoras suxeitas a un ERE que se fará efectivo antes do día 15 de Marzo e sen empresa que queira asumir o servizo, cun concello que non quere asumir a xestión directa.

É unha quebra técnica do servizo de axuda no fogar en Forcarei, que vai deixar dependentes sen atención pola incapacidade da alcaldía para asumir un servizo obrigatorio e esencial por lei.

CSV: GmmWgbzwn8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/03/2019 13:09:19
Nº Rexistro: 47289
Data envio: 05/03/2019 13:09:19.614

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A asistencia aos servizos sociais é unha obriga da administración autonómica cedida aos concellos de Galicia, pero que é básica e de obrigada prestación.

A lei 27/2013 de 27 de Decembro de Racionalización e sostibilidade da administración local modifica o apartado 2 do artigo 25 da lei de Bases do Réxime local, atribuíndolle aos concellos a "avaliación e información de situacións de necesidade social e a atención inmediata a persoas en situación ou risco de exclusión social."

A maiores abunda a lei 13/2008 do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia nesta obrigatoriedade de prestación polos concellos de Galicia, establecendo no capítulo II, competencias das administracións públicas, artigo 61 a atribución aos concellos da "creación, a xestión e o mantemento dos servizos sociais comunitarios básicos", polo que a NON prestación do servizo por parte do concello é contrario á obrigatoriedade normativa, debendo en caso necesario solicitar a dispensa do mesmo.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

"O Parlamento de Galiza insta ao Goberno a:

Realizar de inmediato todas as actuacións precisas para esixirlle ao concello de Forcarei a prestación do servizo de axuda no fogar, que como básica ten a obriga de prestar, sen que signifique ningún empeoramento no servizo que veñen recibindo, e coa subrogación do persoal que o ven prestando até agora, con criterios de igualdade e transparencia.

Presentar un informe á menor brevidade dando conta de:

CSV: GmmWgbzwn8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/03/2019 13:09:19
Nº Rexistro: 47289
Data envio: 05/03/2019 13:09:19.614

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

-Dispensa solicitada polo concello de Forcarei de prestar o servizo.

-Seguimento e fiscalización das empresas e do concello de Forcarei na prestación do servizo do fogar: inspeccións realizadas pola Xunta, expedientes sancionadores abertos, sancións,...”

Santiago de Compostela, 5 de marzo de 2019

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Luis Bará Torres

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 05/03/2019 12:58:43

Ana Pontón Mondelo na data 05/03/2019 12:58:47

CSV: GmmWgbzwn8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/03/2019 13:09:19
Nº Rexistro: 47289
Data envio: 05/03/2019 13:09:19.614

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Xose Luis Rivas Cruz na data 05/03/2019 12:58:49

Olalla Rodil Fernández na data 05/03/2019 12:58:50

Noa Presas Bergantiños na data 05/03/2019 12:58:51

Xosé Luis Bará Torres na data 05/03/2019 12:58:53

CSV: GmmWgbzwn8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/03/2019 10:07:54
Nº Rexistro: 47301
Data envio: 06/03/2019 10:07:54.082

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa da súa deputada **Eva Solla Fernández,** ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno.**

Exposición de motivos:

Segundo os últimos datos publicados pola Enquisa Nacional de Saúde de España, en Galicia un 34,6% de nenos e nenas sofren de obesidade infantil e sobrepeso, o que fai que nos situemos por enriba da media española como unha das comunidades nas que máis incide esta enfermidade. Unha enfermidade que debe ser tratada dende diferentes puntos de vista, tanto a nivel sanitario como no ámbito sociocultural, no que cada vez se está a evidenciar máis que o risco de sufrir obesidade tamén ven marcado polas condicións materiais de vida, sendo o empobrecemento un factor determinante na alimentación.

Dende a Organización Mundial da Saúde, estase a poñer o foco na obesidade infantil, xa que a obesidade é unha enfermidade que se asocia con outras enfermidades crónicas, como as cardiovasculares, psicolóxicas ou de diabetes e cuxa prevalencia fai imprescindible que sexa tratada como un problema de saúde pública.

O Plan Xermola foi publicado no ano 2013 co obxectivo de diminuír a prevalencia da obesidade na poboación infantil e xuvenil, mellorando o patrón alimentario e de actividade física como principais determinantes desta patoloxía.

Seis anos despois, os datos non melloran e a Xunta de Galicia non fai un balance e avaliación sobre o grao de cumprimento do Plan e incidencia do mesmo. Todo isto nun contexto no que as consecuencias dos recortes sanitarios comezan a facer estragos no propio sistema.

CSV: GmmWgbzwn8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/03/2019 10:07:54
Nº Rexistro: 47301
Data envio: 06/03/2019 10:07:54.082

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Por todo o anterior o Grupo Parlamentario de En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei.

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:

- Elaborar en colaboración coa FEGAMP un Plan que conte con orzamento suficiente para abordar a situación de problemas nutricionais na infancia e adolescencia.
- Retirar a comida lixo dos centros educativos de Galicia.

Santiago de Compostela, 6 de marzo de 2019.

Asdo.: Eva Solla Fernández

Deputada do G.P. de En Marea.

Luís Villares Naveira

Voceiro do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Eva Solla Fernández na data 06/03/2019 09:54:35

Luis Villares Naveira na data 06/03/2019 09:54:44

CSV: GmmWgbzwn8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/03/2019 10:49:48
Nº Rexistro: 47316
Data envio: 06/03/2019 10:49:48.972

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa das súas deputadas, María Dolores Toja Suárez e Patricia Otero Rodríguez, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno.

Unha vez máis o furtivismo é protagonista das preocupacións das persoas galegas que viven do mar, neste caso trátase da Organización de Produtores de Mexillón de Galicia, OPMEGA, a cal transmitiu ao noso Grupo Parlamentario a súa preocupación ante os roubos, cada vez máis frecuentes, que se producen nos polígonos de bateas.

Así, en datas recentes produciuse o roubo de 100 cordas de fazula, en dúas bateas na ría de Arousa, máis en concreto en Vilaxoán, soamente dous meses despois de sufrir un roubo similar. Como consecuencia presentáronse as correspondentes denuncias ante a Policía Nacional. Lamentan, non obstante, que as denuncias non sempre se producen e os responsables quedan impunes.

Estes roubos, afectan a todos os polígonos bateeiros e o prexuízo económico é moi importante, xa que poden implicar a perda da colleita enteira, o que supón anos enteiros de traballo. É unha situación realmente preocupante, por iso é necesario concienciar á Administración e a todo o sector para erradicar de maneira definitiva estas prácticas, lamentablemente cada vez máis habituais.

As actuacións inmediatas que se levarán a cabo por parte de OPMEGA consisten na intensificación de vixilancia nos polígonos, pero precisan doutras medidas que impliquen a actuación do Goberno galego nestes labores de vixilancia, xa sexa a través do reforzo de ferramentas ou da dotación de máis persoal destinado a salvagardar os intereses dos mexilloeiros.

Por iso, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a levar a cabo un plan de actuacións para loitar contra o furtivismo que está a sufrir o sector das bateas, no que se contemplen, entre outras cuestións, todas as medidas de vixilancia posibles, e o reforzo de ferramentas de carácter tecnolóxico.

CSV: GmmWgbzwn8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/03/2019 10:49:48
Nº Rexistro: 47316
Data envio: 06/03/2019 10:49:48.972

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Pazo do Parlamento,7 de marzo de 2019

Asinado dixitalmente por:

María Dolores Toja Suárez na data 06/03/2019 10:48:12

Patricia Otero Rodríguez na data 06/03/2019 10:48:23

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 06/03/2019 10:48:35

CSV: GmmWgbzwn8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/03/2019 11:58:57
Nº Rexistro: 47337
Data envio: 06/03/2019 11:58:57.565

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario de En Marea a iniciativa dos seus deputados **Luís Villares Naveira, Francisco Casal Vidal, Davide Rodríguez Estévez** e das súas deputadas **Paula Vázquez Verao, Luca Chao Pérez e Anxeles Cuña Bóveda,** ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, formula a seguinte **Proposición non de lei**, para o seu debate en **Pleno.**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

A Consellería de Economía e Industria da Xunta de Galicia publicou no Diario Oficial de Galicia, o 6 de febreiro de 2012, a través dunha resolución, do 15 de decembro de 2011, o sometemento a información pública a autorización administrativa, aprobación do proxecto de execución, declaración de utilidade pública, inclusión no réxime especial de produción de enerxía eléctrica, aprobación do estudo de impacto ambiental, e do proxecto sectorial de incidencia supramunicipal, das instalacións relativas ao parque eólico Sasdónigas, fase II (Expediente LU-11/125-EOL) promovido por NORVENTO.

Este parque eólico no concello de Mondoñedo, que é un só, inda que dividido en dúas fases, volve, como xa fixo a Mina de Touro, a afectar a un ben patrimonio cultural, segundo a Lei 5/2016 da Lei de patrimonio cultural de Galicia, ademais declarado Patrimonio da Humanidade desde o ano 2015, como é o Camiño do Norte do Camiño de Santiago.

O parque eólico mal chamado Sasdónigas, provocou desfeitas no trazado do Camiño do Norte, que ademais xa provocara as mobilizacións da veciñanza cando as obras dos viais e os aeroxeradores, empezaran no mes de outubro, sen resolverse os recursos de alzada que se interpuxeran contra o mesmo. De feito constan denuncias realizadas ante a Fiscalía Provincial de Lugo do mes de febreiro de 2019, e ante a Xefatura Territorial da Consellería de Economía,

CSV: GmmWgbzwn8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/03/2019 11:58:57
Nº Rexistro: 47337
Data envio: 06/03/2019 11:58:57.565

Emprego e Industria, na Xefatura Territorial da Delegación de Lugo nas que se constata a realización de traballos sen permiso por parte da empresa Norvento e sen a presencia das persoas afectadas e das autoridades municipais no levantamento de actas previas á ocupación. Estes traballos de delimitación, con colocación de estacas nas fincas fixéronse sen contar cos medios, permisos, e a presencia das persoas afectadas, e sen identificación das persoas actuantes en representación da empresa, e coa conivencia cos representantes da Administración autonómica, que deberían velar polo cumprimento estrito da legalidade vixente e do procedemento administrativo e que tampouco fixeron nada para salvagardar os dereitos de todas as partes implicadas.

A Xunta inda non resolvera estes recursos de alzada, que paralizan a vía administrativa, inda que non polo visto as máquinas, que mandadas poden facer o que lles dea a gana co beneplácito das autoridades, Xunta e Concello, e este último ademais non pode dar licencia de obras mentres estes recursos pendan de resolución segundo a Lei de Expropiación Forzosa.

A veciñanza requiriu a presenza da Garda Civil e dos Servizos de protección da Natureza- SEPRONA- por entender que non tiñan os permisos necesarios para comezar as obras, e menos sen terse comunicado á veciñanza, autoridades, persoas propietarias das parcelas afectadas, presidencia dos MVMC, etc..

A denuncia deu lugar ás dilixencias previas do procedemento abreviado 406/2018 na que se solicitaba un informe dos feitos ao SEPRONA, e que se remitiron despois de realizado ao xulgado de Instancia e Instrución nº 1 de Mondoñedo.

A empresa promotora do eólico, Norvento, apegouse as condicións do Convenio Doing Business, que ofrece vantaxes fiscais ás empresas que se asenten en determinados concellos (que teñen que estar adscritos a este convenio e que tamén reporta vantaxes para eles), sempre e cando se creen determinados postos

CSV: GmmWgbzwn8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/03/2019 11:58:57
Nº Rexistro: 47337
Data envio: 06/03/2019 11:58:57.565

de traballo. Evidentemente estes postos teñen que ter relevancia, e ser duradeiros, se estamos a falar de contratos parciais e de duración determinada, para as empresas é moi fácil esta creación, sen que se fiscalice realmente se estamos a falar de creación de emprego de calidade.

A Xunta mentres aprobaba un plan para a mellora do Camiño de Santiago, no ámbito daqueles proxectos e actuacións e promocións a levar a cabo antes da cita do Xacobeo 2021.

As afectacións ao Camiño Norte son evidentes, á vista das fotografías que se recollen.

Vemos xusto nesta imaxe un indicador do Camiño, co que a desfeita xa está consumada, no que a paisaxismo respecta.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario de EN MAREA presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Pleno.

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:

CSV: GmmWgbzwn8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/03/2019 11:58:57
Nº Rexistro: 47337
Data envio: 06/03/2019 11:58:57.565

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

1.- Garantir a protección do CAMIÑO do NORTE do Camiño de Santiago, que establece no réxime común de protección dos bens de interese cultural e catalogados unha contorna de protección de 30 metros no caso de vías culturais, e 200 metros no caso de bens integrantes do patrimonio arqueolóxico.

2.- Rehabilitar o Camiño do Norte do Camiño de Santiago ao seu paso por Mondoñedo e habilitar un trazado alternativo que garanta a seguridade das peregrinas, segundo o disposto 79.1 da Lei 5/2016.

3.- Iniciar accións tendentes a que estas actuacións non supoñan a perda da consideración do Camiño Norte como Patrimonio da Humanidade.

Santiago de Compostela, 6 de marzo de 2019.

Asdo.: Luís Villares Naveira
Francisco Casal Vidal
Davide Rodríguez Estévez
Paula Vázquez Verao
Luca Chao Pérez
Anxeles Cuña Bóveda
Deputadas, deputados e Voceiro do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

CSV: GmmWgbzwn8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/03/2019 11:58:57
Nº Rexistro: 47337
Data envio: 06/03/2019 11:58:57.565

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Luis Villares Naveira na data 06/03/2019 11:56:38

Francisco Casal Vidal na data 06/03/2019 11:56:46

David Rodríguez Estévez na data 06/03/2019 11:56:54

Paula Vázquez Verao na data 06/03/2019 11:57:00

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 06/03/2019 11:57:03

Luca Chao Pérez na data 06/03/2019 11:57:06

CSV: GmmWgbzwn8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/03/2019 12:03:38
Nº Rexistro: 47341
Data envio: 06/03/2019 12:03:38.541

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa dos seus deputados, José Manuel Pérez Seco e Abel Fermín Losada Álvarez, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno.

Poligal é un dos principais fabricantes europeos de film de polipropileno biorientado (BOPP) e polipropileno cast (CPP), que ten fabricas en Narón (España), Arcos de Valdevez (Portugal) e Skarbimierz (Polonia).

A fabrica situada no Polígono da Gándara, concello de Narón, desde 1989. Poligal chegou a empregar a 238 persoas pero, despois de varios ERE, reducións nas quendas e axustes salariais, na actualidade conta cun cadro de persoal de 108 traballadores directos, así como as empresas que dependen da actividade de Poligal.

Trala celebración das eleccións sindicais, o pasado día 22 a dirección da empresa, pertencente ao Grupo Peralada, comunicáballe aos traballadores que a fabrica de Narón era insolvente, e por non poder facer fronte ás súas obrigas vai ser un administrador concursal o interlocutor que se ocupe de xestionar o futuro da fábrica de plásticos do sector da alimentación.

Poligal recibiu subvencións e axudas do Plan de reindustrialización para a comarca de Ferrolterra polo que mercou solo industrial, construíu instalacións e contratou persoal. Ademais, foi en Narón onde comezou e expandiu a súa actividade, chegando a ter que competir, na actualidade, coas fabricas que o seu propio Grupo empresarial ten en Portugal e Polonia.

Por iso, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia para que:

1º) Defenda diante da sociedade propietaria a continuidade da actividade produtiva e o mantemento dos postos de traballo, na planta de Poligal en Narón.

2º) Revise o cumprimento das condicións de concesións de todas as axudas públicas autonómicas recibidas pola empresa Poligal, tanto a través do Igape,

CSV: GmmWgbzwn8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/03/2019 12:03:38
Nº Rexistro: 47341
Data envio: 06/03/2019 12:03:38.541

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Gain e os distintos mecanismos de apoio á formación continúa e á actualización profesional.

Pazo do Parlamento, 4 de marzo de 2019

Asinado dixitalmente por:

Jóse Manuel Pérez Seco na data 06/03/2019 11:45:35

Abel Fermín Losada Álvarez na data 06/03/2019 11:45:44

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 06/03/2019 11:45:52

CSV: GmmWgbzwn8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/03/2019 12:13:45
Nº Rexistro: 47346
Data envio: 06/03/2019 12:13:45.883

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputadas e dos seus deputados, María Dolores Toja Suárez, José Manuel Pérez Seco e Abel Fermín Losada Álvarez, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno.

O 18 de novembro de 1992, a Consellería do Territorio e Obras Pública outorga unha autorización administrativa previa para a transferencia da concesión dos aproveitamentos hidroeléctricos dos que era titular Carburos Metálicos SA, a favor de Ferroatlántica SL e Banesto Leasing SAF, baixo unha serie de condicións que haberían de ser cumpridas polos cotitulares.

O 21 de marzo de 1994 dítase resolución definitiva aprobando a referida transferencia e ordénase a súa inscrición no Rexistro de Augas de Galicia, baixo, entre outras, as seguintes condicións:

O réxime de cotitularidade non poderá ser alterado sen previa e expresa autorización administrativa.

Non poderán segregarse de Ferroatlántica SL as actividades de produción de enerxía eléctrica e ferroaleacións polas centrais ás que se refire a autorización.

Como causa de extinción recóllese a perda por parte de Ferroatlántica SL, da súa condición de cotitular dos aproveitamentos.

Contra a dita resolución definitiva a entidade mercantil Ferroatlántica presentou recurso contencioso administrativo, sendo parte demandada a Dirección Xeral de Obras Públicas (COTOP), o Concello de Cee e o Comité de Empresa de Ferroatlántica. Recurso que foi desestimado por sentenza ditada pola Sala do Contencioso-Administrativo do TSX de Galicia do 9 de maio de 1996, confirmada por sentenza do TS do 15 de outubro de 2001.

É necesario salientar da fundamentación xurídica da sentenza do TSX de Galicia que:

- Ferroatlántica SA aceptou ca resolución previa as condicións impostas, ao non recorrer a dita resolución.

CSV: GmmWgbzwn8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/03/2019 12:13:45
Nº Rexistro: 47346
Data envio: 06/03/2019 12:13:45.883

grupo socialista Parlamento de Galicia · PSG PSOE

- A finalidade da autorización definitiva é a comprobación do cumprimento das ditas condicións.

- A empresa ten a obriga de presentar un plan de viabilidade que garanta a actividade das ferroaleacións.

O dito plan de viabilidade é consecuencia da necesidade de concretar e cumprir a condición esencial consistente na non segregación das actividades de produción de ferroaleacións e enerxía eléctrica.

Como consecuencia da proposta de ERTE presentada por Ferroatlántica nos últimos días, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a que exixa o cumprimento do Plan de viabilidade, e que garanta a actividade das ferroaleaccións das fábricas de Cee e Dumbría conforme se recolle na sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia do ano 1996 e ratificado polo Tribunal Supremo na sentenza de 2001.

Pazo do Parlamento, 6 de marzo de 2019

Asinado dixitalmente por:

María Dolores Toja Suárez na data 06/03/2019 12:09:02

Jóse Manuel Pérez Seco na data 06/03/2019 12:09:14

Abel Fermín Losada Álvarez na data 06/03/2019 12:09:28

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 06/03/2019 12:09:35

CSV: GmmWgbzwn8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/03/2019 12:27:05
Nº Rexistro: 47347
Data envio: 06/03/2019 12:27:05.345

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa das súas deputadas e do seu deputado, María Dolores Toja Suárez, Noela Blanco Rodríguez e Julio Torrado Quintela, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno.

Corcubión conta cun edificio rehabilitado para o seu uso como centro de día cunha capacidade para 25 persoas aproximadamente. A súa radicación é inmellorable porque está no centro da localidade contando cunha correctísima accesibilidade e proximidade ao centro de saúde da vila, así como o hospital de Cee a tan só 1,5 km.

Desde o Concello, que leva investido no edificio en torno aos 300.000 euros, e desde este grupo parlamentario foron varias as ocasións nas que se solicitou ao Goberno un convenio para poñelo en funcionamento. Inexplicablemente a resposta da Xunta sempre foi negativa, indicando a existencia dun centro de día en Cabana e outro en Muros, ambos a unha distancia de aproximadamente 45 km, e con tempos de desprazamento de entre 50 minutos e unha hora e dez minutos, ao que lle hai que engadir o tempo de volta.

Tamén a Camariñas lle foi rexeitado o apoio de financiamento conxunto por parte do Goberno galego cando solicitou levar a cabo a construción dun centro de día, ante a necesidade evidente, xa que a poboación camariñesa está moi envellecida. Ante a negativa, o Goberno local, buscou apoios no ente provincial. A resposta novamente remitiuse á dispoñibilidade existente noutros centros de día na Comarca.

Sorprende, enormemente, que a dous meses das eleccións municipais a conselleira de Política Social anuncie a posta en marcha dun convenio de colaboración para poñer en marcha un centro de día no Concello de Malpica, localizado a 22 quilómetros do de Cabana.

Resulta, cando menos, preocupante, que a Xunta denegue a colaboración aos concellos de Corcubión e Camariñas, indicando alternativas a case 50 km, e en cambio as ofreza a Malpica a tan só 22 km. Por outro lado, hai que recordar que nunha resposta escrita a este grupo parlamentario cando se solicitou a posta en marcha do centro de día de Corcubión o Goberno sempre indicou que as necesidades estaban cubertas.

CSV: GmmWgbzwn8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/03/2019 12:27:05
Nº Rexistro: 47347
Data envio: 06/03/2019 12:27:05.345

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Isto lévanos a pensar que lonxe de valorar e sopesar a realidade social das comarcas, e as necesidades dos galegos e galegas, a decisión vén motivada unicamente por criterios políticos e partidistas, facendo unha vez máis un uso indebido dos fondos e recursos públicos, e prexudicando gravemente a aqueles concellos nos que non goberna o PP.

Por todo isto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1º) Asinar, no prazo máximo de tres meses, un convenio co Concello de Corcubión para garantir a posta en marcha do centro de día desta localidade, antes de que finalice o ano 2019.

2º) Asinar, no prazo máximo de tres meses, un convenio de financiamento conxunto co Concello de Camariñas para garantir a posta en marcha do centro de día desta localidade, antes de que finalice o ano 2020.

Pazo do Parlamento, 6 de marzo de 2019

Asinado dixitalmente por:

María Dolores Toja Suárez na data 06/03/2019 12:23:48

Noela Blanco Rodríguez na data 06/03/2019 12:24:03

Julio Torrado Quintela na data 06/03/2019 12:24:09

CSV: GmmWgbzwn8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/03/2019 12:27:05
Nº Rexistro: 47347
Data envio: 06/03/2019 12:27:05.345

grupo socialista Parlamento de Galicia · PSG PSOE

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 06/03/2019 12:24:19

CSV: GmmWgbzwn8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/03/2019 12:56:22
Nº Rexistro: 47354
Data envio: 06/03/2019 12:56:22.655

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Montserrat Prado Cores**, **Luis Bará Torres**, **Ana Pontón Mondelo**, **Xosé Luis Rivas Cruz**, **Olalla Rodil Fernández** e **Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, relativa ás medidas a tomar diante do ERTE da empresa Bosch en Vigo que afecta a máis de 600 traballadores/as.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A empresa Bosch Service Solutions do sector de centros de chamadas está ubicada en Vigo desde o ano 2003, ten un cadro de persoal de 1683 traballadores e traballadoras, maioritariamente feminino (60%), sendo nun 55% persoal indefinido. O resto son contratacións por obra e contratos de formación, o 3%. Ao cadro de persoal hai que engadir unhas 350 persoas contratadas a través de Empresas de Traballo Temporal.

Esta contratación por ETT non fai máis que contribuír a precarizar un sector xa de por si precario, a media da xornada en Bosch é parcial de 35 horas, cun salario bruto mensual medio de 900€ ao mes. O contrato estándar é por obra e servizo, que permite despedir por diminución de volume na obra e só garante que o 50% do persoal sexa indefinido, sen ter en conta neste porcentaxe as contratacións por ETT que fagan as empresas. Cabe destacar que estamos nun sector non temporal, a media de antigüidade do persoal de Bosch é superior aos 6 anos.

CSV: GmmWgbzwn8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/03/2019 12:56:22
Nº Rexistro: 47354
Data envio: 06/03/2019 12:56:22.655

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

O 60% do cadro de persoal de Bosch traballa para proxectos de Vodafone, principalmente en 3 servizos: Soporte Técnico, Provisión (xestión de altas) e Reclamacións. Un 30% traballa para servizos de Orange e o resto noutros servizos: Junkers, Repsol- Viesgo, Leaseplan...

A redución de carga de traballo por parte de Vodafone, motivada pola deslocalización de parte dos servizos a Colombia e Exipto, e a presentación dun ERE por parte desta empresa, provoca que se despidan, até o mes de marzo, a 200 persoas de ETT que traballaban nestes servizos.

Para o persoal de plantilla a empresa presenta un ERTE ata o 31 de xullo que afectará, finalmente, a unhas 600 persoas con suspensións de entre 10 días ata dous meses, dependendo do servizo e das tarefas que realicen.

En ningún momento por parte da empresa se intentou minimizar o impacto nin as consecuencias da medida, tanto no número de persoal afectado como en termos económicos. Tanto é así que tendo a empresa 98 vacantes no centro de Vigo para servizos distintos de Vodafone négase a recolocar ao persoal indefinido afectado polo ERTE alegando que non consideran que cumpre o perfil apropiado, iniciando incluso campañas de contratación para persoal externo.

A empresa pechou o o período de consultas sen informar @s traballadores/as de cal era a situación real, sen previsións certas, sen concrecións, sen documentación completa e correcta... pretendendo que todas as repercusións sexan a costa d@s traballadores/as.

É unha evidencia que a decisión dos gobernos españois de liberalizar o sector das telecomunicacións para facilitar o negocio do capital, e pasar de ser un servizo público a considerarse un servizo de interese xeral, ten modificado profundamente este

CSV: GmmWgbzwn8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/03/2019 12:56:22
Nº Rexistro: 47354
Data envio: 06/03/2019 12:56:22.655

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

sector fundamentalmente en cuestións como: o abandono e deterioro do servizo naqueles territorios que non son economicamente rendíbeis; o conseguinte incremento da "fenda dixital" e a baixa calidade do servizo, a destrución de emprego e a precariedade das condicións de traballo.

É unha constatación que o deseño, a dirección, a organización e a planificación da actividade das telecomunicacións realízanse cada vez máis afastadas do noso país, e ten como consecuencia deixar a Galiza sen un sector estratéxico, en canto á toma de decisións e ao desenvolvemento económico e de emprego. Un sistema de xestión cos centros de decisión noutros territorios conduce a un descoñecemento da realidade económica, e mesmo física de Galiza, que se traduce inevitabelmente nunha redución da cantidade e calidade do servizo, nun atraso económico e tecnolóxico e na execución dunha política empresarial de concentración e centralización tanto do persoal como da estrutura organizativa. A consecuencia é o espolio dunha infraestrutura produtiva fundamental como é a das telecomunicacións e a perda e deterioro de postos de traballo.

As persoas que residen en Galicia, traballan e tributan neste territorio, o mesmo deben facer as empresas. O Goberno galego debe exercer a súa capacidade de presión para evitar a deslocalización de servizos de atención ao cliente. Ás compañías beneficiarias da explotación de recursos d servizos propios, deben contribuír ao retorno industrial de servizos e emprego.

O Goberno galego debe enviar un sinal claro e firme ás compañías que contratan coa Xunta ou xestionan concesións administrativas ou servizos públicos. Debe existir un retorno claro en Galicia, en forma de emprego no sector de servizos ou no sector industrial. Non son admisibles os procesos de deslocalización mentres @s galeg@s reciben cada vez peor servizo e no caso de atención @s clientes o galego é relegado ou

CSV: GmmWgbzwn8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/03/2019 12:56:22
Nº Rexistro: 47354
Data envio: 06/03/2019 12:56:22.655

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

directamente excluído. A capacidade da Xunta como investidor, cliente ou como parte contratante, é innegable. Debe ser exercida con plenitude.

Ante esta situación, o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

"O Parlamento de Galiza mostra o seu apoio ás reivindicacións das traballadoras e traballadores da compañía Bosch con sede en Vigo.

O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a:

1.- Que como autoridade laboral sexa garante da legalidade vixente, e polo tanto inste a compañía Bosch ubicada en Vigo a paralizar todo o proceso do ERTE en tanto non presente toda a documentación precisa, a empezar pola situación económica da empresa e a afectación real e concreta do ERE de Vodafone.

2.- Manter unha posición activa de mediación entre a dirección de Bosch e as traballadoras e os traballadores afectados para minimizar os efectos do ERTE.

3.- Demandar de Vodafone e de Bosh que garanta a atención a tod@s @s clientes en galego.

4.- Garantir o dereito d@s galeg@s a seren atendidas en galego polas empresas que prestan servizos de atención telefónica e con elo contribuír ao mantemento do emprego en Galiza no sector dos centros de chamadas.

5.- Que en todos os convenios e subvencións que a Xunta realice con empresas de telecomunicación, sexan condicionados á produción local e á creación de emprego en Galiza integrado este en todo o proceso produtivo.

CSV: GmmWgbzwn8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/03/2019 12:56:22
Nº Rexistro: 47354
Data envio: 06/03/2019 12:56:22.655

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

6.- Realizar todas as actuacións precisas para impedir a deslocalización das empresas de telecomunicacións incluídos os servizos de soporte técnico, provisión (xestión de altas) e reclamacións.

7.- Presentar no actual período de sesións un estudo onde se analice a situación do sector así como as necesidades para garantir a súa viabilidade, o seu futuro e o emprego en Galiza."

Santiago de Compostela, 6 de marzo de 2019

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Luis Bará Torres

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 06/03/2019 11:41:59

CSV: GmmWgbzwn8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/03/2019 12:56:22
Nº Rexistro: 47354
Data envio: 06/03/2019 12:56:22.655

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ana Pontón Mondelo na data 06/03/2019 11:42:05

Xose Luis Rivas Cruz na data 06/03/2019 11:42:06

Olalla Rodil Fernández na data 06/03/2019 11:42:08

Noa Presas Bergantiños na data 06/03/2019 11:42:09

Xosé Luis Bará Torres na data 06/03/2019 11:42:11

CSV: GmmWgbzwn8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/03/2019 12:59:30
Nº Rexistro: 47360
Data envio: 06/03/2019 12:59:30.502

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa da súa deputada **Eva Solla Fernández** e do seu deputado **Marcos Cal Ogando,** ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno.**

Exposición de motivos:

A Plataforma Antilindano da Louriña, traslada a seguinte Proposición non de lei, que dende o noso Grupo Parlamentario asumimos como propia e transcribimos integramente para o seu tratamento:

Descrición do HCH-lindano

O lindano é un composto químico, que foi usado como pesticida. É un isómero químico do hexaclorociclohexano (HCH), trátase dunha substancia organoclorada e como tal caracterízase por unha elevada:

- Persistencia: lenta e difícil biodegradación
- Toxicidade: causa efectos adversos no medio natural e as especies animais.
- Mobilidade: fácil volatilidade.
- Bioacumulación y biomagnificación: a difícil biodegradación e a fácil concentración fan que se acumule na cadea trófica.

A temperatura ambiente o seu estado físico e aspecto é o dun po cristalino branco.

CSV: GmmWgbzwn8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/03/2019 12:59:30
Nº Rexistro: 47360
Data envio: 06/03/2019 12:59:30.502

Utilizouse fundamentalmente en agricultura como pesticida e insecticida, en gandería como antiparasitario e en usos farmacolóxicos en seres humanos (contra sarna e piollos).

O proceso de fabricación do produto comercial era altamente xerador de residuos: por cada kg. de produto se xerábanse ao redor de 9 kg. de residuos con las mesmas características contaminantes.

Dende 2015, a Organización Mundial da Saúde (OMS) clasifícao como "canceríxeno para os seres humanos", dentro do Grupo 1: compostos químicos cuxa toxicidade está comprobada.

Tamén actúa como "disruptor endocrino": substancias alleas a un organismo vivo capaces de alterar o seu equilibrio hormonal, pudendo afectar aos sistemas reprodutores e ao sistema neurolóxico. Os efectos agudos por sobreexposición son perniciosos para os sistemas respiratorio, cardiovascular e hepático e poden chegar a causar a morte.

Fabricación de lindano en Galicia e dispersión dos residuos

En Galicia o lindano-HCH se fabricó en Zeltia entre los años 40 y finais dos 60 del siglo XX, na dúa fábrica do Porriño.

Como xa se sinalou, este proceso de fabricación era altamente xerador de residuos que, coa mesma composición química e poder contaminante, foron depositados durante anos de forma incontrolada, no vertedoiro da coñecida como "Gándara de Torneiros". Tamén se usaron como firme en camiños, estradas e ata

CSV: GmmWgbzwn8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/03/2019 12:59:30
Nº Rexistro: 47360
Data envio: 06/03/2019 12:59:30.502

fincas particulares "porque compactaba moi ben", chegando incluso a propia plantilla da fábrica a levalo para as súas casas. Temos hoxe toda unha comunidade residencial, educativa e de servicios erguida enriba do vertedoiro oficial da factoría en Torneiros e resto deste veleno espallado polas Gándaras de Budiño, rúas do casco urbano, camiños rurais e, insistimos, fincas privadas.

A única acción de descontaminación feita foi a executada no ano 2001 coa construción do Parque do Lindano en Torneiros. Nin se continuou co planificado despois dun estudo técnico feito no ano 1998 nin se fixo un seguimento ás advertencias da Confederación Hidrográfica Miño-Sil xa no ano 2012 sobre a presenza deste contaminante nas augas do río Louro. No ano 2017 aparece no Contrasto-Torneiros un novo verquido ao abrir unhas gavias por mor dunha obra de saneamento e hai constancia de varias fincas particulares deste barrio tamén contaminadas.

Regulación legal.

A perigosidade do lindano-HCH fixo que a súa fabricación e uso foran prohibidos ou restrinxidos en moitos países dende os años 80 do século XX.

A nivel internacional, destaca el *Convenio de Estocolmo de 2004* (ratificado por 181 países) *para a eliminación dos compostos orgánicos persistentes* (COP), que inclúe o HCH como contaminante a eliminar en 2010.

En Europa hai lexislación restritiva dende 1979: *Directiva 79/117/CEE, Directiva 84/491/CEE*… entre outras. O *Regulamento (CE) 850/2004* prohibiu todos os usos do lindano, con algunhas excepcións que expiraban a finais de 2007.

CSV: GmmWgbzwn8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/03/2019 12:59:30
Nº Rexistro: 47360
Data envio: 06/03/2019 12:59:30.502

En canto ao control da súa presenza en augas, a *Directiva 2013/39/UE sobre substancias prioritarias no ámbito da política de augas* inclúe o HCH como substancia prioritaria e perigosa, establecéndose límites á súa presenza en augas superficiais: concentración media anual de 20 ng/l e concentración máxima admisible de 40 ng/l. Estes límites deben ser considerados nos plans hidrolóxicos para valorar o estado químico das masas de auga.

Esta normativa traspúxose ao ordenamento xurídico español a través do *Real Decreto 817/2015 polo que se establecen os criterios de seguimento e avaliación do estado das augas superficiais as normas de calidade ambiental*, coa mesma cualificación (substancia prioritaria e perigosa) e iguais límites de concentración admisible.

De forma sorprendente e contraditoria, a *Directiva 1998/83/CE sobre calidade augas de consumo humano*, non contempla especificamente o HCH como substancia perigosa e prioritaria, considerándose unicamente como un praguicida e sometido á normativa xeral destas substancias e con límites moi superiores: 100 ng/l para praguicidas individuais e 500 ng/l para o total de praguicidas. Esta normativa é la que se recolle e aplica actualmente no *Real Decreto 140/2003 sobre criterios de calidade de augas de consumo humano*.

Tamén a *Directiva 2000/60/CE Marco da Auga* recolle esixencias de calidade de augas e de plans de acción sobre substancias contaminantes prioritarias nos Plans Hidrolóxicos de Conca. Esixencias de control e acción que, en moitos casos, se están incumprindo.

Por outra parte, sería de aplicación a moitas destas situacións de contaminación a lexislación en materia de solos contaminados e xestión de residuos.

CSV: GmmWgbzwn8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/03/2019 12:59:30
Nº Rexistro: 47360
Data envio: 06/03/2019 12:59:30.502

Especialmente a *Directiva 2008/98/CE Marco sobre Residuos* e o seu desenvolvemento no ordenamento xurídico español: *Lei 22/2011 de residuos e solos contaminados* (modificada parcialmente pola *Lei 5/2013*), a *Lei 4/2015 de 25 de xuño para la prevención e corrección da contaminación do solo*, o *Real Decreto 9/2005 de 14 de xaneiro polo que se establece a relación de actividades potencialmente contaminadoras do solo e os criterios e estándares para a declaración de solos contaminados*, o *Decreto 165/2008 de 30 de setembro de inventario de solos que soportan ou soportaron actividades ou instalacións potencialmente contaminantes do solo e o Decreto 49/2009 de 24 de febreiro polo que se regula a eliminación de residuos mediante depósito en vertedoiro e a execución de recheos*, entre outras normativas. Tamén sería de aplicación, no que puidera afectarlle, o *Real Decreto Lexislativo 1/2016 de 16 de decembro polo que se aproba el texto refundido da Ley de prevención e control integrados da contaminación.*

Entendemos que este Parlamento, no exercicio das súas competencias e liderando a protección do medio ambiente de seu territorio e a saúde pública para las xeracións presentes e futuras, debe promover o desenvolvemento de políticas coordinadas entre todas as autoridades públicas implicadas (municipais, autonómicas, estatais e europeas), especialmente as autoridades competentes en materia de sanidade y protección do medio ambiente.

Por todo o anterior o Grupo Parlamentario de En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei.

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:

1. Instar ao Goberno de España para que inclúan no Real Decreto 140/2003, sobre os criterios de calidade de augas de consumo humano, a lista de

CSV: GmmWgbzwn8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

substancias prioritarias e prioritarias perigosas, así como os parámetros de control e os seus límites establecidos no Real Decreto 817/2015 polo que se establecen os criterios de seguimento e avaliación do estado das augas superficiais e as normas de calidade ambiental, así como a inclusión disto na lexislación autonómica correspondente.

2. **Declarar** como non aptos para a captación de auga de produción destinada ao consumo humano, as augas superficiais e subterráneas que estean afectadas **por estes contaminantes persistentes; as augas que** conteñan substancias prioritarias.

3. **Corrixir as deficiencias da 2º fase dos Plans Hidrolóxicos a executar no horizonte 2016-2021 e que se apliquen as medidas correctoras específicas para a eliminación das substancias prioritarias, nas augas superficiais, de acordo coa lexislación ambiental en vigor, instando tamén ao Goberno de España a facer o mesmo dentro das súas competencias.**

4. **Promover** a nivel autonómico e nos niveis locais directamente afectados, Mesas de Acción institucional e social, que inclúan a participación das autoridades públicas implicadas, organizacións da sociedade civil e representantes do ámbito técnico-científico, como as Universidades, para desenvolver unha acción coordinada a nivel autonómico, estatal e europeo, para intercambiar coñecementos sobre a descontaminación e para mobilizar os fondos autonómicos, estatais e europeos necesarios para abordar un plan de acción integral para desenvolver as tarefas de investigación e solución.

Santiago de Compostela, 6 de marzo de 2019.

CSV: GmmWgbzwn8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/03/2019 12:59:30
Nº Rexistro: 47360
Data envio: 06/03/2019 12:59:30.502

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Asdo.: Eva Solla Fernández

Marcos Cal Ogando

Deputada e deputado do G.P. de En Marea.

Luís Villares Naveira

Voceiro do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Eva Solla Fernández na data 06/03/2019 12:58:22

Marcos Cal Ogando na data 06/03/2019 12:58:31

Luis Villares Naveira na data 06/03/2019 12:58:38

CSV: GmmWgbzwn8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/03/2019 13:02:35
Nº Rexistro: 47365
Data envio: 06/03/2019 13:02:35.770

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa dos seus deputados e da súa deputada, José Manuel Pérez Seco, Luís Manuel Álvarez Martínez e María Luisa Pierres López, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno.

As Fragas do Eume son un parque natural do norte de Galicia que foi creado o 30 de xullo de 1997 e protexe aproximadamente 9.100 ha. nas ribeiras do río Eume, concretamente nos municipios de Cabanas, A Capela, Monfero, Pontedeume e As Pontes de García Rodríguez.

O acceso ás Fragas do Eume desde o concello de Pontedeume nos seus primeiros quilómetros faise a través dunha estrada provincial (DP-6902) desde a parroquia de Nogueirosa ata a parroquia de Ombre, no concello de Pontedeume, e foi aglomerado e pintado non hai moito tempo, pero desde que remata a estrada provincial ata que se accede a pé ao Mosteiro de Caaveiro pertence á Xunta de Galicia, este ultimo tramo na actualidade atopase nun estado lamentable, cheo de fochancas, polo que resulta imposible chegar en coche ata a ponte de Santa Cristina que cruza o río Eume.

Non dá unha boa imaxe que un dos parques naturais máis importantes de Europa teña uns accesos nesas condicións, condicións intransitables e lamentables polo abandono do Goberno galego.

Por iso, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a que, no primeiro semestre do ano 2019, realice o aglomerado e pintado da estrada que dá acceso ao Parque Natural Fragas do Eume, desde a estrada provincial (DP-6902) ata a ponte de Santa Cristina pola que se accede a pé ao mosteiro.

Pazo do Parlamento, 6 de marzo de 2019

Asinado dixitalmente por:

Jóse Manuel Pérez Seco na data 06/03/2019 12:57:39

CSV: GmmWgbzwn8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/03/2019 13:02:35
Nº Rexistro: 47365
Data envio: 06/03/2019 13:02:35.770

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 06/03/2019 12:57:50

María Luisa Pierres López na data 06/03/2019 12:57:56

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 06/03/2019 12:58:05

CSV: GmmWgbzwn8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/03/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 47377
Data envio: 06/03/2019 15:47:20.279

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA

A Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa dos deputados e deputadas, **Moisés Blanco Paradelo, Martín Fernández Prado, Jaime Castiñeira Broz, Jacobo Moreira Ferro, Marta Nóvoa Iglesias, Mª Julia Rodríguez Barreira, Gonzalo Trénor López** e **Daniel Varela Suanzes-Carpegna,** ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate en Pleno.**

Exposición de motivos

A estrada OU-533, pertencente a Rede Autonómica de Estradas de Galicia (RAEGA), catalogada como rede Primaria Básica, comunica as localidades da Rúa de Valdeorras (N-120) e A Gudiña (N-525).

Ao longo de 50,15 km debulla un trazado sinuoso que vai atravesando diferentes poboacións, destacando entre outras, Viana do Bolo, como un dos núcleos urbanos máis relevantes.

Estámonos a referir a unha infraestrutura que partindo da N-120, vertebra o oriente ourensán, unindo as comarcas de Valdeorras e as Terras do Bolo, favorecendo o acceso a Autovía A-52 desde a propia A Gudiña.

Polo que se pode dicir, que conta cun tráfico importante, destacando ademais a circulación dun bo número de vehículos pesados que transportan mercancías cara a outros puntos de España, a veciña Portugal ou a diferentes portos da península.

Co obxecto de que poida estar sempre nas mellores condicións de seguridade nos últimos anos ten sido obxecto de varias obras de mellora, de reforzo do firme e acondicionamento en todo o trazado, cuxo investimento ascendeu a 1,2 millóns de € tan só nos últimos tres anos.

De todos é sabido, que o pasado mes de setembro o Administrador de Infraestruturas Ferroviarias (ADIF) aprobou a licitación para a construción da nova estación “Porta de Galicia”, na Gudiña. Cun orzamento de licitación de 4 millóns de euros e un prazo de execución de oito meses, inclúe tamén un enlace coa estrada OU-533.

Será a única nova terminal que se levantará para a chegada do AVE en Galicia. Unha actuación imprescindible que, sen lugar a dúbidas, terá unha forte repercusión na zona, proporcionando un servizo de conexión con Madrid a toda a comarca de Verín, a poboacións do norte de Portugal e por suposto, tamén á comarca de Valdeorras, que precisamente terá que acceder a través da OU-533.

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

CSV: GmmWgbzwn8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/03/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 47377
Data envio: 06/03/2019 15:47:20.279

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA

Diferentes colectivos, así como concellos e asociacións de empresariais como AEVA (Asociación Empresarial de Valdeorras) teñen insistido na necesidade de que se melloren as prestacións do eixo que constitúe a estrada OU-533, valorando as posibilidades de mellora do seu trazado de tal modo que sirva de enlace de conexión entre a Autovía A-76 e a Autovía A-52, ao seu paso pola Gudiña.

Tendo en conta o anteriormente exposto, o Grupo Parlamentario Popular, presenta a seguinte proposición non de lei en Pleno:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a realizar un estudo de mellora do trazado e as prestacións da estrada OU-533, de modo que conte coas características axeitadas para comunicar, a través dunha renovada infraestrutura, a futura Autovía A-76 desde Valdeorras, coa Autovía A-52, no concello da Gudiña".

Santiago de Compostela, 6 de marzo de 2019

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 06/03/2019 15:44:05

Moisés Blanco Paradelo na data 06/03/2019 15:44:14

Martín Fernández Prado na data 06/03/2019 15:44:20

Jaime Castiñeira Broz na data 06/03/2019 15:44:28

Jacobo Moreira Ferro na data 06/03/2019 15:44:34

Marta Novoa Iglesias na data 06/03/2019 15:44:43

María Julia Rodriguez Barreira na data 06/03/2019 15:44:49

Gonzalo Trenor López na data 06/03/2019 15:44:55

Daniel Luis Varela Suanzes-Carpegna na data 06/03/2019 15:45:04

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

CSV: GmmWgbzwn8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/03/2019 16:58:16
Nº Rexistro: 47380
Data envio: 06/03/2019 16:58:16.902

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado e das súas deputadas, José Manuel Pérez Seco, María Dolores Toja Suárez e Patricia Otero Rodríguez, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno.

A Orde do 7 de setembro de 2018 establece as bases reguladoras xerais en réxime de concorrencia competitiva, axudas a proxectos colectivos financiados polo Fondo Europeo Marítimo e da Pesca (FEMP), que contribúan á protección e recuperación da biodiversidade mariña a través dunha mellor xestión e conservación dos recursos mariños e dos seus ecosistemas, así como ao fomento da sensibilización ambiental. (DOG núm. 180, 20.09.2018).

A confraría de Barallobre non será beneficiada con estas axudas. A perda delas está motivada pola existencia de sanciones nos últimos doce meses por comercializar exemplares por talles moi xustos. As consecuencias son inmediatas, así no mes de febreiro xa a confraría presentaba un Expediente de Regulación de Emprego (ERE) extintivo para cinco dos seus sete traballadores.

Hai preocupación, porque isto vai repercutir directamente na menor vixilancia nas costas das confrarías afectadas, así como nunha menor asistencia técnica, polo que se se considera que por parte do Goberno galego, deben, cando menos, valorar as consecuencias destas medidas; así como establecer medidas alternativas, que garantan a igualdade de oportunidades para todas as confrarías, aínda sen recibir estas axudas. Desde a confraría estímase que a falla de vixilancia vai ter consecuencias moi graves nos bancos marisqueiros, e na produción xa minguada nos últimos anos, o que vén causando unha difícil situación económica da confraría.

A Secretaría Xeral de Pesca, coñece cal é a situación en Galicia, xa que mantivo unha reunión o pasado luns 25 de febreiro, cos patróns maiores das confrarías de Ferrol e Barallobre, xunto con outros responsables doutros tres pósitos de Galicia. Nesta reunión abordáronse as posibles solucións á supresión das ditas axudas para a vixilancia e asistencia técnica destas organizacións.

Por iso, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei:

CSV: GmmWgbzwn8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/03/2019 16:58:16
Nº Rexistro: 47380
Data envio: 06/03/2019 16:58:16.902

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a levar a cabo as medidas necesarias para garantir a vixilancia nas costas afectadas pola Confraría de Barallobre; así como as asistencias técnicas, que se viñan realizando ao abeiro das axudas que no ano 2018 se recollen na da Orde do 7 de setembro de 2018 financiadas polo Fondo Europeo Marítimo e da Pesca (FEMP).

Pazo do Parlamento, 6 de marzo de 2019

Asinado dixitalmente por:

Jóse Manuel Pérez Seco na data 06/03/2019 16:17:17

María Dolores Toja Suárez na data 06/03/2019 16:17:28

Patricia Otero Rodríguez na data 06/03/2019 16:17:39

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 06/03/2019 16:17:56

CSV: GmmWgbzwn8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/03/2019 18:21:24
Nº Rexistro: 47389
Data envio: 06/03/2019 18:21:24.810

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario de En Marea,** por iniciativa da súa deputada **Paula Vázquez Verao** e do seu deputado L**uís Villares Naveira,** ao abeiro do artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno.**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

A Asociación Auxilia organizou este mes de febreiro de 2019 unha xornada reivindicativa sobre a falta de accesibilidade do HULA.

Deste xeito, Auxilia denuncia a falta de accesibilidade deste Hospital e as dificultades de mobilidade que nel atopan as persoas con mobilidade reducida.

Por unha parte, as dificultades comezan xa nos accesos ao centro sanitario, con prazas insuficientes no aparcadoiro para vehículos de persoas con mobilidade reducida e sen parada de bus na zona de entrada a rehabilitación e Urxencias. Ademais, a falta dunha zona cuberta entre a porta principal e o acceso ao recinto provoca que unha persoa con mobilidade reducida teña que pechar o paraugas nun día de choiva nun amplo tramo lonxitudinal que, ademais, conta cunha incómoda pavimentación irregular.

Outra das queixas é o escaso espazo para as duchas nas habitacións, que ademais de ser pequenas contan cunha mínima barra de apoio.

Por outra parte, os retretes dos servizos accesibles son moi baixos.

Alerta tamén Auxilia do escaso número de zonas de descanso, con cadeiras ou bancos, nos pasillos, e da falta de mostradores adaptados para persoas en cadeira de rodas nos puntos de atención ao paciente ou nos de solicitude de cita.

CSV: GmmWgbzwn8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/03/2019 18:21:24
Nº Rexistro: 47389
Data envio: 06/03/2019 18:21:24.810

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Polo exposto, o Grupo Parlamentario de En Marea formula a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Pleno.

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:

1. Realizar, antes de seis meses, un estudo sobre a accesibilidade do HULA e corrixir as deficiencias detectadas á maior brevidade posible.

2. Habilitar unha zona cuberta entre a zona de acceso ao recinto e a porta principal do HULA e modificar o pavimento para facelo regular.

Santiago de Compostela, 6 de marzo de 2019.

Asdo.: Paula Vázquez Verao

Deputada do G.P. de En Marea

Luís Villares Naveira

Deputado e Voceiro do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Paula Vázquez Verao na data 06/03/2019 18:11:30

Luis Villares Naveira na data 06/03/2019 18:11:35

CSV: GmmWgbzwn8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/03/2019 09:30:00
Nº Rexistro: 47393
Data envio: 06/03/2019 18:58:33.661

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario de En Marea**, a iniciativa da deputada **Paula Vázquez Verao** e do deputado **Luís Villares Naveira**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno.**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

O proceso de cambio demográfico é un fenómeno complexo e multifactorial.

Para atallar o "problema demográfico" galego -tendo moi en conta a complexidade de factores e condicionantes que motivan a realidade demográfica do País- a Xunta de Galicia debe mudar radicalmente o seu papel, pasando de ser un axente que contribúe a reforzar as dinámicas históricas que nos levan á caída poboacional e á desvertebración territorial a ser un elemento activo que poña todos os seus recursos e capacidades ao servizo dun modelo de País cun bo equilibrio territorial e con capacidade para xerar benestar para a maioría social. Aínda así, non é realista pensar que se poden reverter de xeito radical procesos históricos complexos, polo que o fundamental é adaptar as políticas públicas ás necesidades sociais actuais, garantindo servizos publicos a toda a poboación.

A Xunta de Galicia impulsou, na Xª Lexislatura, o Observatorio Demográfico Galego de cara a propoñer medidas contra o devalo demográfico, tendo a Xunta manifestado que o obxectivo é propoñer unha Lei de Impulso Demográfico antes de finais do ano 2018, cuestión non cumprida.

Non se trata de perseguir a "recuperación demográfica" como fin en sí mesmo, senón de garantir emprego de calidade, especialmente para a xente moza, e benestar para a poboación.

CSV: GmmWgbzwn8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/03/2019 09:30:00
Nº Rexistro: 47393
Data envio: 06/03/2019 18:58:33.661

En 2018, segundo datos do IGE, a poboación galega situouse en 2.701.743 persoas, representando o 5,78% da poboación española, tendo 344.170 menos de 16 anos, 1.684.643 entre 16 e 64, e 672.930 máis de 64 anos, o 24,9% do total.

A moderna historia demográfica de Galiza ven determinada polo fenómeno da intensa emigración ao longo de varios períodos que ten provocado unha perda de peso poboacional respecto ao resto do Estado, moi especialmente de poboación activa. Así, a poboación galega medrou un 37% entre 1900 e 2017, mentres que a española o fixo nun 150%. Así e todo, o devalo demográfico galego entra nunha fase aguda en 2010, punto no que o menor crecemento da paso a un manifesto decrecemento. De feito, si contamos a partir dese punto de inflexión e até 2017, mentres o conxunto da poboación española caeu un 0,9% a galega fixoo nun 3,2% situándonos no grupo das comunidades con peor evolución demográfica do Estado, con maior taxa de envellecemento.

A dinámica demográfica é o resultante do movemento natural da poboación e dos movementos migratorios froito a súa vez das políticas laborais e de benestar. En canto ao primeiro, Galicia é a comunidade co peor saldo vexetativo do Estado, de modo que a diferencia entre nacementos e defuncións arroxou un saldo negativo de 12.692 efectivos en 2016; no primeiro semestre de 2018, o saldo vexetativo negativo foi de 9.135 persoas, á cabeza do Estado. Este resultado é a consecuencia dunha estrutura poboacional cun escaso peso dos grupos de idade potencialmente fértiles, fronte a un elevado peso dos grupos de persoas de idade máis avanzada. En canto ao segundo a falta de emprego, a proliferación de empregos de moi baixa calidade e o déficit de servicios públicos de atención a familia e a infancia turran de emigración da xente moza ao tempo que laminan as súas expectativas futuras freando a natalidade.

O grupo de poboación con maior incidencia nas taxas de fertilidade, aquel comprendido entre os 25 e os 39 anos, foi medrando de modo progresivo ate

CSV: GmmWgbzwn8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/03/2019 09:30:00
Nº Rexistro: 47393
Data envio: 06/03/2019 18:58:33.661

acadar o seu máximo en 2008, con 642.690 persoas. A partir deste punto comeza un acentuado declive, consecuencia tanto da redución de efectivos a consecuencia da caída da natalidade en xeracións anteriores como, sobre todo, da emigración de persoas mozas a causa da ausencia de suficientes oportunidades laborais e de conciliación en Galiza. O resultado é que a fertilidade galega se atopa, con 1,1 fillos por muller entre as máis baixas do planeta, estando a idade media de acceso á maternidade en 32,6 anos (2016).

O envellecemento demográfico é un fenómeno global e, particularmente, común a toda Europa, pero en Galiza preséntanse elementos que fan necesario o deseño de políticas estruturais que afronten o reto de vivir máis vivindo mellor e o reto da conciliación e os usos do tempo:

- Sobreenvellecemento moi acusado en zonas de Montaña e do interior rural.

A taxa de envellecemento é a segunda máis elevada do Estado, cun índice de 192,5 en 2017 (é dicir, existen 192,5 persoas maiores de 65 anos por cada 100 menores de 15; unha proporción que se aproxima a 2 persoas adultas maiores por cada persoa moza).

- Gran diverxencia territorial costa-interior e mantemento dun modelo territorial e económico que non corrixe estas dinámicas.

- Feminización da vellez.

- Alta taxa de dependencia e discapacidade.

O cambio demográfico conleva outro tipo de transformacións, a nivel social, económico e de valores.

Entre os factores que condicionan unha menor natalidade, existen elementos que son indicativos de progreso social –maior lonxevidade en todas as capas sociais, universalización dos métodos anticonceptivos- e outros que teñen que ver con

CSV: GmmWgbzwn8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

dificultades estruturais da economía galega derivadas das políticas públicas, que impiden ás mulleres e familias ter a descendencia que desexan ter.

Por unha parte, existe unha prolongación da etapa autoconsiderada como "mocidade", e un retraso na emancipación residencial, así como un adiamento da idade de fecundidade, condicionada polo elevado prezo dos alugueiros e a precariedade do mercado laboral, que se agrava no caso das mulleres, que ocupan os empregos menos remunerados e de peor calidade (maior taxa de temporalidade e presenza maioritaria no sector servizos).

A falta dun sistema integral de atención a persoas menores e dependentes conleva unha enorme ocupación nestas tarefas por parte das persoas en idade produtiva e reprodutiva, sobre todo por parte das mulleres de mediana idade.

A falta de políticas públicas que favorezan o emprego feminino e a conciliación familiar.

A maioría das persoas coidadoras (72,7%) pertencen ao propio fogar.

A saída da crise a nivel macro non se traslada á economía da maioría social, de xeito que persiste unha alta porcentaxe de persoas en risco de pobreza, o que se agrava no caso das familias con menores a cargo, especialmente se son familias monomarentais.

A situación socioeconómica descrita é un factor de expulsión de poboación cara a emigración.

As proxeccións realizadas polo INE indican que a poboación galega (si nada cambia) pasará de 2.720.668 habitantes en 2016 a 2.489.947 en 2031, unha perda do 8,5% da poboación, 230.721 efectivos menos. E si ben todas as provincias perderán poboación, a situación será particularmente grave en Lugo e Ourense, que perderán en torno ao 12% dos habitantes, producíndose un baleirado de extensas áreas.

CSV: GmmWgbzwn8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/03/2019 09:30:00
Nº Rexistro: 47393
Data envio: 06/03/2019 18:58:33.661

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentario de En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei, para o seu debate en Pleno.

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:

1. Elaborar o prometido proxecto de lei de impulso demográfico mediante a promoción dunha gran convención nacional galega sobre cambio demográfico con persoas expertas, forzas políticas, institucións e outros axentes implicados, que, tomando como base o Observatorio Demográfico, fomente o debate social e a achega de propostas por parte de toda a cidadanía.

2. Loitar contra a enorme precariedade laboral que padece Galiza en todas as súas vertentes (temporalidade, accidentes laborais…), coa petición, ao Goberno Central, das competencias plenas en materia de Inspección Laboral para a Comunidade Autónoma e o reforzamento deste servizo.

3. Deseñar plans industriais que posibiliten o despregamento de medianas empresas.

4. Desenvolver a economía circular.

5. Apoiar os cambios lexislativos no Estado que conleven a recuperación da obriga da negociación colectiva e que reforcen a capacidade de contrapeso dos sindicatos fronte ao empresariado.

6. Impulsar un proceso de negociación colectiva en Galiza para acadar acordos que permitan reducir a fenda laboral de xénero e elevar os salarios.

7. Avanzar nunha proposta de modelo de financiamento autonómico que consolide máis recursos e poder fiscal recuperando, no inmediato, o nivel de ingresos/gastos previos aos recortes derivados da política de austeridade.

CSV: GmmWgbzwn8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/03/2019 09:30:00
Nº Rexistro: 47393
Data envio: 06/03/2019 18:58:33.661

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

8. Substituír o modelo actual da RISGA por unha renda de ingresos mínimos e de complemento de ingresos, de carácter subxectivo e non condicionada, elevando a contía orzamentaria, canto menos, ao cuádruple da actual nunha lexislatura.

9. Impulsar un plan de choque específico contra a pobreza infantil.

10. Dirixirse ao Goberno de España para solicitar máis financiamento para planificar a universalización do ensino 1-3 anos.

11. Planificar, antes de fin de 2019, un plan de desenvolvemento do ensino universal 1-3 anos para estar implementado antes de 2022, trasladando as competencias sobre o mesmo da Consellería de Política Social á de Educación.

12. Dirixirse ao Goberno de España para aumentar os permisos de maternidade e paternidade ata un horizonte que garanta, canto menos, un ano de permiso, para fomentar a corresponsabilidade na atención das crianzas e aplicar medidas específicas que teñan en consideración as necesidades das mulleres tras un parto.

13. Desenvolver un plan de vivenda de alugueiro social para facilitar a emancipación das persoas mozas.

14. Impulsar a colaboración de Xunta e concellos para a incorporación ao parque de alugueiro público das vivendas baleiras.

15. Deseñar plans de apoio á rehabilitación de vivendas no medio rural e programas específicos para acceso da mocidade á vivenda no rural.

16. Impulsar un plan de retorno da mocidade emigrada, con dotación económica anual nos Orzamentos da Xunta, que preste especial atención ao aumento dos fondos de I+D+i.

17. Reforzo dos programas de máster e doutoramento das universidades galegas como estratexia para atraer persoal cualificado.

CSV: GmmWgbzwn8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/03/2019 09:30:00
Nº Rexistro: 47393
Data envio: 06/03/2019 18:58:33.661

18. Creación de medidas ponte entre as actividades formativas de atracción de estudantado estranxeiro e a actividade laboral e/ou empresarial.

19. Deseñar unha estratexia nacional de coidados que garanta redes eficaces de servizos públicos en materia de familia e atención á infancia.

20. Deseño dunha estratexia nacional de atención ás persoas dependentes, así como emprego digno no sector da atención á Dependencia.

21. Profesionalizar o traballo de persoas coidadoras no ámbito familiar, que inclúa a petición ao Goberno Central da recuperación da cotización á SS das persoas coidadoras non profesionais.

22. Impulsar unha lei da Montaña galega que blinde os servizos básicos nos entornos de montaña.

23. Impulsar un plan de acollida de persoas refuxiadas, aumentando o compromiso solidario da Xunta co deber de socorro ás persoas ameazadas nos seus estados de orixe, reforzando a escola pública como elo clave na integración plena de persoas inmigrantes.

24. Poñer freo a aqueles usos do territorio que se retroalimentan co despoboamento, como é o caso da expansión de monocultivo de especies de crecemento rápido ou da megaminaría en detrimento da diversificación das actividades en zonas rurais.

25. Recuperar as políticas de desenvolvemento rural e os seus principios inspiradores: participación activa da poboación a fin de liderar o seu propio desenvolvemento, mobilización da poboación, enfoque territorial, promoción de medianas empresas, apoio á innovación en zonas rurais e mellora da calidade de vida.

CSV: GmmWgbzwn8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/03/2019 09:30:00
Nº Rexistro: 47393
Data envio: 06/03/2019 18:58:33.661

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

26. Apoiar o deseño de estratexias de cambio demográfico e envellecemento activo nas cidades e vilas: planificación urbana participativa coa perspectiva do envellecemento activo e loita contra a soidade. Promoción dun urbanismo inclusivo: espazos públicos máis amables, pensados para as persoas.

Santiago de Compostela, 6 de marzo de 2019.

Asdo.: Paula Vázquez Verao

Deputada do G.P. de En Marea

Luís Villares Naveira

Deputado e Voceiro do G.P. de En Marea

Asinado dixitalmente por:

Paula Vázquez Verao na data 06/03/2019 18:56:43

Luis Villares Naveira na data 06/03/2019 18:56:53

CSV: GmmWgbzwn8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/03/2019 10:17:00
Nº Rexistro: 47397
Data envio: 07/03/2019 10:17:00.666

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de En Marea, por iniciativa dos seus deputados **Marcos Cal Ogando e Antón Sánchez García** e da súa deputada **Eva Solla Fernández**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno.**

Exposición de motivos

Ecoloxistas en Acción vén de advertir que o pasado mes de febreiro o anticiclón que atravesou a Península e o tráfico motorizado presente nas áreas metropolitanas dispararon os niveis de partículas no aire, a pesar do cal a maior parte das administracións autonómicas non adoptaron ningunha medida para protexer a saúde da cidadanía, nin sequera cando a chegada de po africano agravou aínda máis a situación.

O Principado de Asturias si restrinxiu a circulación e a velocidade dos vehículos en Xixón e Oviedo para reducir as emisións contaminantes, preocupado pola acontecido. Non obstante, a Xunta de Galicia, estivo a velas vir. As cidades de Vigo, A Coruña, Pontevedra, Santiago e Ferrol superaron durante días os límites legais de partículas PM10 (50 microgramos por metro cúbico), e Lugo e Ourense estiveron a piques de facelo, a pesar do cal o Goberno de Feijóo non moveu un dedo para atallar o problema. Non adoptou ningunha medida, nin informativa nin de limitación do tráfico urbano.

Ante esta grave ameaza, Ecoloxistas en Acción esixiu “que se estendan a todas as áreas afectadas as medidas de redución do tráfico motorizado adoptadas polas autoridades de Asturias e Valladolid, advertindo ás persoas máis sensibles á

CSV: GmmWgbzwn8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/03/2019 10:17:00
Nº Rexistro: 47397
Data envio: 07/03/2019 10:17:00.666

contaminación atmosférica, tales como a infancia, as persoas maiores, as mulleres xestantes ou persoas con problemas respiratorios ou cardiovasculares, de que se protexan".

Teñamos en conta que non se trata dun risco abstracto, senón dun perigo real. Segundo un estudo da Axencia Europea de Medio Ambiente, a contaminación atmosférica por partículas foi a responsable de case 28.000 mortes prematuras en España durante o ano 2015.

A situación podería agravarse aínda máis por mor do cambio climático, que reduce as precipitacións e favorece os escenarios proclives a acumulación de contaminación atmosférica, polo que o Goberno da Xunta debería elaborar e aplicar plans de acción que permitan atallar os picos de contaminación.

Polo exposto, o Grupo Parlamentar de En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a deseñar un plan, en colaboración cos concellos, que permita, nas situacións de contaminación atmosférica, adoptar medidas áxiles de redución do tráfico motorizado e advertir de que se protexan as persoas máis sensibles, tales como a infancia, as persoas maiores, as mulleres xestantes ou persoas con problemas respiratorios ou cardiovasculares, nas situacións de contaminación atmosférica.

Santiago de Compostela, 7 de marzo de 2019.

Asdo.: Marcos Cal Ogando

Eva Solla Fernández

CSV: GmmWgbzwn8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/03/2019 10:17:00
Nº Rexistro: 47397
Data envio: 07/03/2019 10:17:00.666

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Antón Sánchez García

Deputadas e Vicevoceiro do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Marcos Cal Ogando na data 07/03/2019 10:14:09

Antón Sánchez García na data 07/03/2019 10:14:17

Eva Solla Fernández na data 07/03/2019 10:14:23

CSV: GmmWgbzwn8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/03/2019 11:08:15
Nº Rexistro: 47410
Data envio: 07/03/2019 11:08:15.286

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de **En Marea,** por iniciativa da súa deputada **Flora Maria Miranda Pena**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, relativa aos coidados paliativos.

Exposición de motivos.

A Morte Digna é unha aspiración lexítima das persoas no exercicio da súa autonomía. Ante o diagnóstico dunha enfermidade grave cun prognóstico infausto, ante a evolución dunha patoloxía sen expectativas de recuperación ou incluso ante o esgotamento natural das funcións vitais pola idade, as persoas aspiramos a un final das nosas vidas nas mellores condicións posibles: preferiblemente nun entorno cálido, próximo, amable, reconfortadas con coidados de persoas queridas e coa mellor atención sanitaria que garanta a ausencia no posible de dor e outros síntomas limitantes da calidade de vida como o insomnio, angustia, dificultade respiratoria, etc.

No noso país aínda non dispoñemos dunha lei que regule a Eutanasia. Mais si podemos facer uso duns coidados paliativos que mitiguen os síntomas que acompañan o final da vida.

Estes coidados poden ser administrados en entorno hospitalario (cando son moi refractarios) ou no ámbito domiciliario (entorno preferido pola meirande parte das persoas).

CSV: GmmWgbzwn8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/03/2019 11:08:15
Nº Rexistro: 47410
Data envio: 07/03/2019 11:08:15.286

Os coidados paliativos no domicilio poden correr a cargo de unidades de hospitalización a domicilio ou das propias profesionais da Atención Primaria de Saúde.

As unidades de hospitalización domiciliaria son altamente cualificadas e específicas da función que se require, mais teñen unha grave limitación: só atenden o ámbito urbano e periurbano, cun radio de acción de 30 quilómetros en torno á cidade na que se instalan (teñen sé hospitalar). Isto atenta contra o principio de xustiza distributiva de recursos, beneficiando ás persoas dos ámbitos periurbanos e penalizando o rural (como é habitual).

O mecanismo compensador, equitativo e accesible por antonomasia en atención sanitaria é a Atención Primaria. Nela traballan profesionais globalmente ben formadas con capacidade para atender os coidados paliativos no entorno no que maioritariamente se requiren: os domicilios das e dos pacientes.

Hai uns anos instaurouse de modo pouco definido e desigual a figura de profesionais referentes en coidados paliativos por cada servizo de atención primaria. Estes profesionais formábanse no seu tempo libre e asumían, a maiores da súa carga asistencial, a función de servir de soporte técnico cualificado ás súas compañeiros e compañeiras do centro de saúde cando un paciente requiría coidados paliativos con certa dificultade. A gratificación era a propia do cumprimento do deber deontolóxico, non outra.

Na práctica, os coidados paliativos en Atención Primaria asúmense, moitas máis veces do recomendable, a maiores dun volume considerable de pacientes na consulta, cunha atención domiciliaria fraccionada e supeditada á dispoñibilidade de tempo (moi escasa na maioría dos centros e profesionais), en ocasións despois de rematada a xornada ordinaria e cunha calidade subóptima debida á propia sobrecarga. (Hai que considerar o tempo en desprazamentos necesario para prestar este tipo de atención).

CSV: GmmWgbzwn8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/03/2019 11:08:15
Nº Rexistro: 47410
Data envio: 07/03/2019 11:08:15.286

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Asumir os coidados paliativos na Atención Primaria de saúde é recomendable, necesario e desexable para a maior parte de persoas e familias, máxime tendo en conta o avellentamento da poboación: a idoneidade de que as persoas que esgotan as súas expectativas vitais de modo natural non sexan remitidas ao hospital é outro factor que recomenda limitar o esforzo terapéutico no domicilio, onde a meirande parte das persoas anciás desexan falecer. (Por outra banda sería tamén unha "boa práctica" na medida en que evita o consumo dun recurso moito máis custoso, o ingreso hospitalario, que en termos de eficiencia e xustiza distributiva é máis desaconsellable). O principio de Autonomía tomando decisións sobre a vida, mais tamén sobre a morte é merecente de ser respectado.

Pero isto é inasumible sen recursos. Sabemos da saturación da Atención Primaria. Este é outro argumento para dotala dignamente. Unha práctica respectuosa, libre, digna, coidadosa e considerada coa vontade das persoas require, fundamentalmente, recursos humanos.

Polo exposto, o Grupo Parlamentar de En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a reforzar a Atención Primaria de saúde tamén para un óptimo dimensionamento dos coidados paliativos asumidos neste entorno, con formación, recursos humanos suficientes e dispoñibilidade de tempo e material para tal función.

Santiago de Compostela, 7 de marzo de 2019.

Asdo.: Flora María Miranda Pena

CSV: GmmWgbzwn8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/03/2019 11:08:15
Nº Rexistro: 47410
Data envio: 07/03/2019 11:08:15.286

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Deputada do G.P. de En Marea.

Luís Villares Naveira

Voceiro do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Flora María Miranda Pena na data 07/03/2019 11:01:51

Luis Villares Naveira na data 07/03/2019 11:01:56

CSV: GmmWgbzwn8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/03/2019 11:08:21
Nº Rexistro: 47411
Data envio: 07/03/2019 11:08:21.746

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario de En Marea**, a iniciativa da deputada **Paula Vázquez Verao** e do deputado **Luís Villares Naveira**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno.**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

Cada vez é máis numeroso o colectivo de menores que se atopan en situación de tutela ou garda por parte da Xunta de Galicia.

Na situación de garda a Xunta só asume o coidado da persoa menor, que se atopa desprotexida nalgunha faceta da vida e durante un período de tempo, por decisión dos propios proxenitores ou ben por decisión xudicial, aínda que a patria potestade a conserven os proxenitores. Esta garda realízase a través do acollemento residencial ou do acollemento familiar.

No caso da tutela, existe unha situación de desamparo maior, e a Xunta asume a garda e a custodia do propio menor, suspendéndose de facto a patria potestade que teñen os pais, por non darse os requisitos para que o menor continúe baixo a supervisión destes. Así, as modalidades de tutela son acollemento familiar, pola propia familia extensa, de poderse dar este suposto, acollemento por outras familias ou ben internamento residencial.

2993 persoas menores de idade están nalgunha destas dúas situacións. Dentro destes 2326 menores tutelados, 1392 están en residencias e 1315 acollidos no propio entorno da familia extensa, e 286 en acollemento familiar.

CSV: GmmWgbzwn8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/03/2019 11:08:21
Nº Rexistro: 47411
Data envio: 07/03/2019 11:08:21.746

Entre as circunstancias que máis abundan para os proxenitores nestas situacións son os problemas mentais, violencia, problemas coas drogas, hospitalizacións ou estancias laborais fóra do fogar, xunto con outras como a falta de escolarización, que constitúen situacións de risco para os e as menores e nos que non hai un desamparo, que si se dá nos casos máis graves de tutela. O acollemento poderá realizarse en residencias se as circunstancias son especialmente difíciles.

Ademais dos problemas dos proxenitores, engádense outros como os problemas de índole psicolóxico ou psiquiátrico que poden padecer os e as propios menores, nalgúns casos con imposibilidade da convivencia produto da adición a substancias.

En total existen 75 centros de protección de menores en Galicia, cun total de 887 prazas de internado, e 371 de atención de día, claramente insuficientes e con deficiencias a nivel de infraestruturas e persoal.

A propia Memoria dos Orzamentos da Xunta recoñece, na análise DAFO, os puntos identificados como debilidades na protección da infancia, constatando o fracaso da Xunta na falta de programas de Educación Familiar e na indefinición entre servizos sociais, educación e sanidade, para a intervención e tratamento de problemas da infancia e de saúde mental. Ademais, cómpre analizar o aumento de trastornos do comportamento entre a infancia, que ocasionan comportamentos que poden derivar en imposición de medidas xudiciais a menores.

Nos últimos anos constátase un aumento constante na apertura de expedientes de protección da infancia: 377 no ano 2013, 621 no 2014, 943 no 2015, 1.141 no 2016 e 925 no 2017.

Asemade, cómpre unha análise dos novos perfís debidos á crise social.

Faltan recursos, recoñéceo a propia Memoria citada: “Incremento do número de medidas xudiciais de internamento terapéutico, para as que o recurso existente

CSV: GmmWgbzwn8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/03/2019 11:08:21
Nº Rexistro: 47411
Data envio: 07/03/2019 11:08:21.746

queda escaso." "-Escaseza de recursos específicos para a atención de menores con problemas de comportamento e saúde mental."

Asemade, falta conexión dos centros e da Consellería de Política Social cos servizos sociais comunitarios para o seguimento dos casos.

A propia Memoria dos Orzamentos de 2019 para a Consellería de Política Social recoñece, tamén, a "existencia de áreas de competencia non definida entre servizos sociais, educación e sanidade, para a intervención e tratamento de problemas da infancia e de saúde mental.

Por outra parte, o sistema de protección de menores está fundamentalmente privatizado.

Doutra banda, Galicia é a Comunidade Autónoma con maior porcentaxe de menores de 6 anos en centros: aínda hai 104 nenos e nenas menores de 6 anos en centros, segundo UNICEF.

En canto ao acollemento de MENAS, non hai recursos en centros, polo que a Xunta propuxo impulsar o acollemento familiar, pero sen ir acompañado dun aumento de recursos en Educación Familiar, persoas intérpretes ou colaboración na información sobre MENA no Estado. O CGCEES emitiu un comunicado sobre esta cuestión, que transcribimos:

As Educadoras e os Educadores Sociais son unhas/uns das/os profesionais con responsabilidade educativa nos centros de acollida que deben atender en primeira instancia, e ao longo do proceso de acompañamento, ás/os nenas, nenos e adolescentes migrantes sen referentes adultos, tal como queda definido na lexislación española. Nos últimos meses constatouse a creación de novos centros de emerxencia, a través de convenios con "entidades colaboradoras", con pouca marxe de tempo, sen ter en conta a cualificación profesional necesaria do persoal contratado e con contratos laborais precarios. O CGCEES

CSV: GmmWgbzwn8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/03/2019 11:08:21
Nº Rexistro: 47411
Data envio: 07/03/2019 11:08:21.746

manifesta o seu total desacordo con estas actuacións e reclama que se actúe dentro da legalidade e no marco dos convenios colectivos establecidos.

Na acollida de MENAS o Estado suspende. Galicia acolle 169 MENAS hoxe (84 en 2017), menos do 2% do Estado.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario de En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:

1. Incrementar o número de prazas do sistema de protección de menores en acollemento residencial, de xestión directa.

2. Incrementar os recursos persoais e materiais deste tipo de centros para garantir de xeito integral a protección dos e das menores implicadas.

3. Incrementar o número de inspeccións non comunicadas, para detectar e subsanar as deficiencias que se detecten na atención a menores en ditos centros.

4. Incrementar o número de familias en réxime de acollemento mediante a implementación dun proxecto piloto de acollemento profesional.

5. Incrementar o número de acollementos para os e as menores de 6 anos.

6. Incrementar os recursos destinados ás familias, nomeadamente económicos e de carácter socioterapéutico.

7. Mellorar os sistemas de detección temperá de problemas condutuais nas familias a través dos centros educativos e sanitarios, mediante unha coordinación eficaz entre estes eidos e os servizos sociais comunitarios.

CSV: GmmWgbzwn8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/03/2019 11:08:21
Nº Rexistro: 47411
Data envio: 07/03/2019 11:08:21.746

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

8. Incrementar os recursos para saúde mental na Atención Primaria e, particularmente, para atención á infancia con trastornos mentais.

9. Reforzar os programas de Educación Familiar, contando con profesionais de Educación Social.

10. Impulsar a acollida de menores estranxeiros non acompañados, de acordo co Goberno do Estado, ofrecendo recursos que posibiliten un esforzo solidario importante da Comunidade Autónoma, no marco dun plan de acollida de persoas refuxiadas que conte coa presenza de educadores e educadoras sociais no proceso acolledor.

11. Realizar un estudo sobre a evolución do perfil das e dos menores que se atopan no sistema de protección e sobre a rotación dos mesmos entre os distintos centros da Comunidade Autónoma.

Santiago de Compostela, 7 de marzo de 2019.

Asdo.: Paula Vázquez Verao

Deputada do G.P. de En Marea

Luís Villares Naveira

Deputado e Voceiro do G.P. de En Marea

Asinado dixitalmente por:

CSV: GmmWgbzwn8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/03/2019 11:08:21
Nº Rexistro: 47411
Data envio: 07/03/2019 11:08:21.746

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Paula Vázquez Verao na data 07/03/2019 10:33:28

Luis Villares Naveira na data 07/03/2019 10:33:37

CSV: GmmWgbzwn8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/03/2019 13:26:45
Nº Rexistro: 47429
Data envio: 07/03/2019 13:26:45.893

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario de En Marea**, a iniciativa da súa deputada **Paula Vázquez Verao,** ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno.**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O feito de non contar cun centro específico de atención á diversidade funcional na comarca de Compostela provoca situacións tanto de falta de atención ás persoas con diversidade funcional como de falta de posibilidades de conciliación nas familias.

O alumnado do Centro de Educación Especial A Barcia, de Santiago de Compostela, ao non ter centro de continuidade, inmediatamente despois da etapa educativa, sendo rapaces e rapazas de 21 anos, perde a súa socialización, o seu entorno social de amizades e compañeiros/as e sofren un parón na súa evolución educativa.

Asemade, aínda cando conseguen atopar praza nun centro, o cambio de entorno é difícil para persoas con discapacidade intelectual.

A falta de prazas residenciais na comarca de Compostela empeora as posibilidades de conciliación das familias.

A Plataforma de Familias con Diversidade Funcional de Santiago, de recente creación, que aglutina as reivindicacións da Asociación de Nais e Pais do Alumnado (ANPA) do centro de educación especial da Barcia, xunto ás familias de persoas con trastornos do espectro autista e do alumnado do centro de

CSV: GmmWgbzwn8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/03/2019 13:26:45
Nº Rexistro: 47429
Data envio: 07/03/2019 13:26:45.893

educación especial López Navalón, do Pedroso, reivindica a necesidade de ter prazas residenciais suficientes para as persoas con diversidade funcional da comarca de Compostela, adaptadas tamén ás necesidades das persoas con discapacidade intelectual.

As promesas de apertura do CEGADI a usos de atención directa de persoas con diversidade funcional fóronse adiando. A Xunta alega que o atraso na apertura do centro de atención directa se debe ao atraso nunha transferencia de 500.000 € pendente do IMSERSO e á necesaria posta en funcionamento dos dous organismos que neste complexo dependen do Estado, en virtude dun convenio asinado entre Xunta e Estado. Así mesmo, a Xunta volve prometer que en 2019 se comezará a licitar o material para a posta en marcha deste centro e prometendo que, no que depende da Xunta, estará en funcionamento antes de remate de 2019, obviando que xa prometera abrir o CEGADI, primeiro, na primeira metade de 2017, logo, a finais de 2017. De feito, no Plan de Acción Integral para as Persoas con Discapacidade 2010-2013, prevíase a apertura do CEGADI en 2013; sen embargo, na Estratexia Galega sobre discapacidade 2015-2020 non se menciona este complexo.

A previsión de prazas de atención directa era de 162 (60 para habilitación funcional, emocional e psicosocial, 70 para formación e 32 de residencia), moi necesarias polo acusado déficit das mesmas na comarca de Santiago, pero insuficientes, no que ten que ver coas prazas residenciais.

Polo exposto, o Grupo Parlamentario de En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:

CSV: GmmWgbzwn8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/03/2019 13:26:45
Nº Rexistro: 47429
Data envio: 07/03/2019 13:26:45.893

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

1. Reunirse de xeito inmediato coa Plataforma de Familias con Diversidade Funcional de Santiago.

2. Aumentar o número de prazas residenciais de atención directa para persoas con diversidade funcional na comarca de Compostela, incluíndo a posta en marcha inmediata destes usos no CEGADI.

Santiago de Compostela, 7 de marzo de 2019.

Asdo.: Paula Vázquez Verao

Deputada do G.P. de En Marea

Luís Villares Naveira

Voceiro do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Paula Vázquez Verao na data 07/03/2019 11:19:18

Luis Villares Naveira na data 07/03/2019 11:19:25

CSV: GmmWgbzwn8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/03/2019 13:35:02
Nº Rexistro: 47440
Data envio: 07/03/2019 13:35:02.047

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de En Marea, por iniciativa dos seus deputados **Marcos Cal Ogando e Antón Sánchez García,** ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno.**

Exposición de motivos

A Sociedade Galega de Historia Natural (SGHN) advertiu recentemente do perigo inmenso que supoñen as plantacións de Eucalyptus globulus (EG) para a abundancia e a calidade da auga.

Segundo indica a documentación académica manexada pola SGHN, "os solos baixo eucaliptais son moi hidrofóbicos, provocando grandes flutuacións estacionais nos caudais". Así o demostrou o cambio de "rotación forraxeira millo-pasteiro a unha plantación de E. globulus", que "alterou a hidroloxía da estación seca nunha pequena bacía, facendo que o nivel da capa freática ao cabo de seis anos baixase o dobre de rápido que antes da plantación". "Durante os 10 primeiros anos dunha plantación de *E. globulus* o caudal diminuíu nun 22% debido a unha maior intercepción da chuvia (sobre todo no período húmido) e a unha maior evapotranspiración durante o período seco". "No mesmo senso, cando hai un menor demanda de auga polas plantacións de eucaliptos aumentan os caudais nos cursos de auga".

Así as cousas, os investigadores aconsellan que "influencia da plantación de *E. globulus* sobre as reservas e as descargas de auga debería terse en conta no manexo da bacía hidrolóxica". Nesta materia, imos cun significativo retraso en comparación co noso país veciño, xa que "hai máis de 30 anos, en Portugal xa se

CSV: GmmWgbzwn8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/03/2019 13:35:02
Nº Rexistro: 47440
Data envio: 07/03/2019 13:35:02.047

coñecían problemas coa baixada da capa freática e o subministro de auga en zonas con escasas precipitacións e e grandes plantacións de *Eucalyptus*".

A calidade da auga nas contornas das plantacións de eucaliptos vén condicionada polas follas do E. globulus, que "teñen un maior contido de aceites esenciais, fenoles e taninos (...), e menor de nutrientes, apenas a metade no caso de nitróxeno e fósforo". Como consecuencia:

- Os seus lixiviados diminúen o contido de osíxeno das augas, aumentando a súa acidez, condutividade e contido fenólico.
- Os fungos acuáticos colonizan con máis dificultade as súas follas.
- As súas follas descompóñense máis lentamente sobre todo se as augas xa son oligotróficas, é dicir, pobres en nutrientes.

Ante este escenario, a SGHN advirte de que:

- A alteración, en cantidade e calidade, dos aportes de materia orgánica particulada nos eucaliptais afecta á viabilidade e á ecoloxía dos macro-invertebrados acuáticos.
- Os monocultivos de eucaliptos afectan ás comunidades de macro-invertebrados bentónicos en cauces fluviais pequenos, reducindo tanto o número de invertebrados como o de taxóns presentes, incluídos algúns dos principais taxóns de macroinvertebrados acuáticos como *Echinogammarus* sp., *Leuctra* spp. e Nemouridae.
- As follas de eucaliptos son un alimento pobre para os trituradores, que son incapaces de crecer e morren cando só dispoñen de follas de eucalipto

CSV: GmmWgbzwn8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/03/2019 13:35:02
Nº Rexistro: 47440
Data envio: 07/03/2019 13:35:02.047

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Levamos tempo subliñando o perigo inmenso que supón o monocultivo do eucalipto, tanto polo papel protagonista que interpreta tódolos anos na tempada de lumes, como polos prexuízos enormes que causa á contorna natural. Os datos que pon sobre a mesa a SGHN son unha nova chamada de atención que, por responsabilidade coa terra, a Xunta de Galicia tería que atender de maneira urxente.

Polo exposto, o Grupo Parlamentar de En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a elaborar un informe sobre o impacto do eucalipto na auga da súa contorna que permita intervir na mellora da súa calidade e das flutuacións de caudais.

Santiago de Compostela, 7 de marzo de 2019.

Asdo.: Marcos Cal Ogando

Antón Sánchez García

Deputado e Vicevoceiro do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Marcos Cal Ogando na data 07/03/2019 13:29:34

CSV: GmmWgbzwn8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/03/2019 13:35:02
Nº Rexistro: 47440
Data envio: 07/03/2019 13:35:02.047

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Antón Sánchez García na data 07/03/2019 13:29:42

CSV: GmmWgbzwn8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/03/2019 13:49:28
Nº Rexistro: 47446
Data envio: 07/03/2019 13:49:28.589

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa da súa deputada **Eva Solla Fernández** e do seu deputado **Marcos Cal Ogando,** ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno.**

Exposición de motivos:

O Lindano, segundo a Organización Mundial da Saúde, é un canceríxeno de tipo 1 que foi fabricado pola compañía Zeltia durante moitos anos, nunha planta situada no polígono de Torneiros, no concello do Porriño. Estímase que máis de 1.000 toneladas de residuos xerados nesta fábrica, foron vertidos na zona e outros puntos da rexión, empregando unha parte deste compoñente químico como material para o arranxo de estradas, orixinando diferentes focos de contaminación.

Outra zona de contaminación no concello do Porriño foi a zona de Contrasto, na que no mes de outubro realizáronse analíticas para as que se lles tomaron mostras de sangue as veciñas e veciños da zona.

En relación a estas analíticas, a alcaldesa de Porriño, informou no pasado pleno do luns a instancias dunha pregunta rexistrada por EU Son Porriño, sobre os resultados positivos de Lindano atopados nas analíticas e a falta absoluta de información e coñecemento relativo a algún plan ou actuación por parte tanto por parte da Consellería de Sanidade, así como dos comités científico técnicos anunciados pola Consellería de Medioambiente.

CSV: GmmWgbzwn8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/03/2019 13:49:28
Nº Rexistro: 47446
Data envio: 07/03/2019 13:49:28.589

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Por todo o anterior o Grupo Parlamentario de En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Pleno.

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:

- Informar de xeito urxente, dos resultados das analíticas realizadas, dando traslado da previsión e planificación que se vai a levar a cabo.

- Promover a nivel autonómico e nos niveis locais directamente afectados, Mesas de Acción institucional e social, que inclúan a participación das autoridades públicas implicadas, organizacións da sociedade civil e representantes do ámbito técnico-científico, como as Universidades, para desenvolver unha acción coordinada a nivel autonómico, estatal e europeo, para intercambiar coñecementos sobre a descontaminación e a protección da saúde pública e para mobilizar os fondos autonómicos, estatais e europeos necesarios para abordar un plan de acción integral que desenvolva as tarefas de investigación e solución do problema.

- Iniciar controis poboacionais ás persoas que viven nas zonas de Contrasto e Torneiros ou aquelas outras que teñen ou tiveron contacto cos mesmos, con arranxo á evidencia científica que indica cales son os prexuízos da sustancia a todos os niveis (endocrino, neurolóxico...)

Santiago de Compostela, 7 de marzo de 2019.

Asdo.: Eva Solla Fernández
Marcos Cal Ogando
Deputada e deputado do G.P. de En Marea.

CSV: GmmWgbzwn8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/03/2019 13:49:28
Nº Rexistro: 47446
Data envio: 07/03/2019 13:49:28.589

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Luís Villares Naveira

Voceiro do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Eva Solla Fernández na data 07/03/2019 13:47:52

Marcos Cal Ogando na data 07/03/2019 13:47:59

Luis Villares Naveira na data 07/03/2019 13:48:09

CSV: GmmWgbzwn8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/03/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 47454
Data envio: 07/03/2019 14:09:33.317

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de En Marea, por iniciativa dos seus deputados **Davide Rodríguez Estévez e Antón Sánchez García,** ao abeiro do recollido no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno,** sobre a exclusión dos axentes do sector dentro do Consello Forestal á hora de dialogar e traballar para facer políticas forestais de consenso.

Exposición de motivos

Trala celebración da última xuntanza do Consello Forestal, o pasado 19 de febreiro, o Sindicato Labrego Galego, Asociación Frouma e Amigos da Terra, denunciaron, unha vez máis, a exclusión dos axentes do sector á hora de dialogar e traballar para facer políticas forestais de consenso.

Dende a súa creación no 2004 como órgano consultivo e asesor da Administración, o Consello Forestal de Galicia coxeou na súa faceta de ser a "*canle de participación dos axentes sectoriais, sociais e científicos para a elaboración e execución de políticas orientadas ao desenvolvemento sustentable*", tal como marca a Conferencia de Nacións Unidas dende o ano 1992. E, nos últimos tempos, converteuse nun instrumento de trámite para xustificar unha consulta pública que, en realidade, non se producía.

No último pleno do Consello Forestal, o conselleiro de Medio Rural aludiu sempre á *Comisión especial non permanente de estudo e análise das reformas da política forestal, de prevención e extinción de incendios forestais e do Plan Forestal de Galicia* e aos grupos de expertos creados no Parlamento de Galicia, como única vía de traballo para a elaboración das políticas forestais.

CSV: GmmWgbzwn8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/03/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 47454
Data envio: 07/03/2019 14:09:33.317

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Isto é un grave erro xa que a participación das organizacións sociais e sectoriais son vitais.

Concretamente, no aspecto da prevención e defensa contra os incendios forestais, o conselleiro negou en repetidas ocasións a solicitude de creación dunha Mesa dos Lumes no seo do Consello Forestal, onde poder aportar e debater propostas para avanzar nunha solución a esta problemática do territorio galego, que ten moito que ver coas políticas forestais e do medio rural. Cabe recordar que a creación desta mesa de traballo foi un compromiso adquirido pola Consellería, na figura de Tomás Fernández Couto, na anterior convocatoria do Consello Forestal (18 de abril de 2018), trala polémica xurdida pola tramitación do PLADIGA e a presión das organizacións sociais.

Dende a Xunta de Galicia volven a poñer a política de costas ao pobo, en troques de contar coa experiencia e traballo dos axentes sociais.

O Goberno da Xunta de Galicia e o PP seguen sen ter en consideración os axentes sociais representativos do sector forestal do país. Seguen tendo unha visión dos montes unicamente co fin de producir madeira de mala calidade, deixando de lado a multifuncionalidade e a loita contra o cambio climático. A Consellaría de Medio Rural segue sen dar prioridade á imprescindible xestión sustentable dos montes e ecosistemas forestais de Galicia para conseguir o desenvolvemento económico, ecolóxico e social do conxunto do país.

Polo exposto, o Grupo Parlamentar de En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a constituír comisións e grupos de traballo dentro do Consello Forestal que integren e desenvolvan as políticas forestais que Galicia precisa.

CSV: GmmWgbzwn8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/03/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 47454
Data envio: 07/03/2019 14:09:33.317

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Santiago de Compostela, 7 de marzo de 2019.

Asdo.: Davide Rodríguez Estévez

Antón Sánchez García

Deputado e vicevoceiro do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

David Rodríguez Estévez na data 07/03/2019 14:06:52

Antón Sánchez García na data 07/03/2019 14:07:03

CSV: GmmWgbzwn8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/03/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 47456
Data envio: 07/03/2019 14:32:35.625

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario de En Marea, por iniciativa dos seus deputados **Francisco Casal Vidal, Manuel Lago Peña e Luis Villares Naveira,** ao abeiro do artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno,** relativa ao concurso voluntario de acredores con proposta de liquidación para a fábrica de Poligal en Narón**.**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O conselleiro delegado de Poligal, Santiago Font, comunicaba na mañá do venres 22 de febreiro á representación social que a compañía vén de solicitar **concurso voluntario de acredores con proposta de liquidación para a fábrica de Poligal en Narón** e, polo tanto, co posíbel despedimento dos seus preto de 120 traballadores e traballadoras da plantilla, o que afectaría tamén ao emprego dos mais de 50 postos de traballo indirectos.

Os traballadores e traballadoras de Poligal Packaging Narón e En Marea rexeitamos esta decisión e entendemos que **a empresa ten futuro e viabilidade**. Afirmamos que á falta de coñecer a documentación presentada na mañá do 22 no xulgado do Mercantil de Barcelona, para os traballadores e traballadoras de Poligal en Narón non existen razóns xustificadas para unha medida tan drástica, máis cando a fábrica pertence ao grupo Peralada que desvía a produción a outras plantas, segundo máis lle conveña para cadrar (ou descadrar) as contas.

A noticia caeu como un xerro de auga fría entre as traballadoras e traballadores, a quen a empresa quere enviar para a casa cun permiso retribuído até que se nomee ao/á administrador/a concursal. De ningunha maneira era esperable unha decisión

CSV: GmmWgbzwn8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/03/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 47456
Data envio: 07/03/2019 14:32:35.625

desta índole, pois aínda que a dirección fala de perdas acumuladas, as nóminas están ao día e non se rexistraron atrasos nos pagos a todos os provedores e acredores.

Cómpre lembrar que Poligal (que se dedica á fabricación de plástico para a industria alimentaria e laminación) foi o buque insignia das subvencións e dos famosos plans de reindustrialización para a comarca de Ferrolterra, ao abeiro das que recibiu suculentas axudas para mercar solo industrial, montar as naves e contratar persoal. E **foi dende Narón, cos resultados obtidos e as patentes desenvoltas, dende onde expandiu a súa actividade levantando fábricas en Portugal e Polonia, coas que agora ten que competir**.

Foi a principios do 2006 cando a Dirección da Empresa de forma oculta comeza unhas inversións en Portugal, concretamente na localidade de Arcos de Valdevez. Tras meses negándoo a empresa acabou recoñecendo dita inversión, asegurando que serían complementarias e afirmando novas inversións en Narón.

Dentro destas inversións están a ampliación da nave da factoría, onde albergaríase unha nova liña de produción de "cast". Para ilo solicitou subvencións apoiándose no Plan Ferrol acadando así as seguintes subvencións:

- 2.645.520 €, dos 6.382.082€ do orzamento financiable. REINDUS 2007
- 552.099€, de 5.520.990€ financiable e do 1.945.219€ da solicitada (é dicir, o 10% do orzamento financiable). IG100 IGAPE.
- IGAPE (Incentivos Rexionais), non concedida.
- 508.750€ dos 2.554.000€ solicitado e 5.108.000€ do orzamento financiable. REINDUS 2009

CSV: GmmWgbzwn8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/03/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 47456
Data envio: 07/03/2019 14:32:35.625

Resumindo, os prestamos concedidos a interese 0% e dous anos de carencia foi de:

1ª Fase: 2.645.520 €
2ª Fase: 508.750 €

Un total de 3.154.270 € que equivalía ao 27,45% do orzamento financiable (REINDUS 2007 e 2009) máis os 508.750 € do IG100 a fondo perdido ao remate da inversión.

No 2008, solicita de novo unha axuda ao Plan Ferrol para a renovación da Liña 1 de produción, concedéndolle 922.720 € dun orzamento financiable de 2.742.400 €. REINDUS 2008.

Cadro resumo:

Liña de Cast	Préstamo REINDUS 2007	2.645.520
	Préstamo REINDUS 2009	922.720
	A fondo perdido IG100 2007	552.099
Renov. Liña 1	Préstamo REINDUS 2008	922.720
	Total	4.629.089

A Empresa chegou a ter ingresado nas súas contas a contía de 4.490.960 € que tivo que devolver ao non desenvolver as inversións comprometidas nos proxectos presentados.

CSV: GmmWgbzwn8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/03/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 47456
Data envio: 07/03/2019 14:32:35.625

Xa metidos no 2010, e coincidindo coa "Crise económica" como xustificaron algúns, entre eles a Dirección de Poligal, serviu de escusa para paralizar as inversións, deixando só a construción da nova nave na parte de atrás da empresa pero sen maquinaria nin renovacións da mesma. A escusa, a crise.

Entón, ano tras ano a Empresa comeza en Narón un proceso de axustes e reorganización que levaron consigo a presentación de varios Expedientes de Regulación algúns deles rexeitados pola Autoridade Laboral e outros non chegaron a presentarse por falta de acordo. Así se aguanta a situación até a chegada da Reforma Laboral do 2010, onde as normas de xogo cambian drasticamente para a parte social.

A partires de aquí a empresa apoiada no sustento que lle daba a Reforma Laboral realizou un Expediente de Regulación de Emprego 2010-2011 que supuxo a suspensión de emprego para a plantilla de 4 meses que se prorrogaron no 2011-2012 con outros 2 meses de suspensión.

A finais do 2012 e tras rematar os ERE´s de suspensión, é cando na Empresa desembarca o que actualmente é o CEO do grupo Poligal e propón á parte social unha redución de 35 postos de traballo ou o peche. É entón cando se asina un Acordo Global con data 29/11/12 onde se acorda a extinción de 35 postos de traballo e un mes de suspensión para o resto a cambio dun Plan de Viabilidade contendo unha estabilidade laboral e inversións que garantía o futuro da planta de Narón.

Cabe resaltar que dito Plan de Viabilidade foi asinado polo propio Santiago Font, CEO do grupo Poligal.

CSV: GmmWgbzwn8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/03/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 47456
Data envio: 07/03/2019 14:32:35.625

Do Plan, só se investiu nunha regranuladora, quedando pendente a parte importante da renovación da factoría, e a que garantiría o futuro, a inversión na liña 1 de produción, e a liña de cast, nas que acordouse investir ao redor duns 6 millóns de euros. Este incumprimento por parte da empresa foi denunciado pola representación dos traballadores existindo unha sentencia firme do TSXG que obriga a empresa a cumprir os seus compromisos no acordo de extinción dos 35 postos de traballo.

Pasa o tempo e a empresa inviste máis de 40 millóns de euros nunha nova fábrica en Polonia, Skarbimierz, e na factoría de Portugal montan unha liña de cast, cunha inversión de 15 M€. E a maiores anuncian na prensa a súa intención de seguir medrando, incluso plantexando mercar unha fábrica en México. Todas elas producindo produtos cuxas patentes foron desenvoltas en Narón onde se encontra a súa unidade de I+D+i.

A Empresa crea unha maraña organizativa coa única **finalidade de descapitalizar e deslocalizar calquera empresa en calquera momento, e facer imposible coñecer de verdade a rendibilidade concreta de cada factoría.** Así temos que:

- Os responsable de compras, de vendas, director financeiro, recursos humanos, calidade, I+D, seguridade alimentaria, son os responsables das tres (Polonia, Narón e Portugal).
- Poligal Global Service é a cormercializadora do grupo e único cliente das tres factorías, eles deciden o que se fai, cando e onde, podendo así manexar os pedidos en funcións dos intereses empresariais. A maiores, as tres factorías pagan un canon a esta comercializadora pola prestación de servizos. Nesta comercializadora están centralizadas tamén as nóminas dos que son xefes e responsables das 3 empresas simultaneamente. Por certo,

CSV: GmmWgbzwn8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/03/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 47456
Data envio: 07/03/2019 14:32:35.625

Poligal Global Service opera dende as instalacións de Poligal Narón sen abonar aluguer nin ningún outro servizo do que é usuario.

- Incrementaron gastos conscientemente (uns 500.000 €) á planta de Narón ao non ser copartícipes o resto de factorías dos custes de fabricación de especialidades de I+D, repercutindo o 100% deste custe na factoría de Narón. Os traballadores exixiron en varias reunións coa empresa que eses custes de probas de materiais, do que se van a beneficiar o resto das empresas do grupo debería ser presupostado anualmente e costeado entre as tres.

A situación actual é a descrita no inicio desta exposición de motivos, e Poligal Narón está ameazada de morte. A empresa alega que o mercado está sobrecapacitado, pero se desenvolveron inversións en novos proxectos fora e non aquí, onde tiñan o compromiso, incluso con sentencia firme por incumprimento do acordo global do ERE do 2012, que ignoraron. Os traballadores van a exixir a execución da mencionada sentencia.

Poligal Narón conta cunha plantilla máis que cualificada, nestes anos conseguíronse os máis altos recoñecementos en calidade e seguridade alimentaria, chegando a obter e manter a BRC.

Esta planta e plantel teñen a característica de innovación e desenvolvemento de materiais especiais, recordando que o propio empresario definía Poligal Narón como a “Boutique” do grupo.

Resumindo:

CSV: GmmWgbzwn8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/03/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 47456
Data envio: 07/03/2019 14:32:35.625

- Hai unha evidencia de mercado actual e potencial e pedidos en vigor na planta de Narón. A factoría de Narón exporta o 80% da súa produción polo que non está limitada aos movementos do mercado local en España.
- A empresa non xustifica en absoluto as teóricas perdas deste centro de produción, e en caso de explicitarllas evidenciase que poden deberse a enxeñería contable e a imputación desmesurada de costes de todo o Grupo a esta factoría.
- Narón produce plásticos especiais que só se producen nesta factoría do Grupo, pero a empresa di que manterá o mercado, pero non se sabe de onde sacarán estes produtos. O que parece que pensan facer é levar as patentes desenvoltas en Narón a outras factorías e montar maquinaria en nas plantas doutros países.
- A actividade de I+D+i desenvólvese en Narón cos seus custos derivados, polo que os beneficios en forma de novos produtos deberían recaer tamén nesta factoría.

Por todo elo encontrámonos diante dunha ilexítima e inxusta deslocalización, cunha decisión empresarial de primar outras plantas, a pesares de que o Grupo creouse en Narón e alí desenvolven todos os produtos, todo elo con axudas públicas da Xunta de Galicia e do Goberno de España.

Ante todo o exposto e considerando que o Goberno da Xunta de Galicia debe intervir e a este fin, En Marea presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno:**

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:

1.- **I**ntervir de maneira contundente ante a empresa para garantir o mantemento da actividade e dos postos de traballo na planta de Poligal en Narón.

CSV: GmmWgbzwn8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/03/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 47456
Data envio: 07/03/2019 14:32:35.625

2.- Desenvolver todas as accións necesarias para conseguir que a empresa, como primeiro paso na negociación de posibles solucións ao conflito, retire o plan de liquidación por non estar en absoluto xustificado. Deste xeito recibir a nivel de Conselleiro aos representantes sociais de Poligal para desenvolver as estratexias necesarias para reverter o peche e o ERE.

3.- Exixir a empresa, como receptora de axudas para a súa implantación e desenvolvemento, a realización dunha auditoría, con control público, que explicite se Poligal Narón está a ser cargado con custos que non lle corresponderían, o que podería alterar as súas contas de resultados.

4.- Considerar a exixencia de devolución das axudas adxudicadas a empresa, en caso de insistir na súa intención de liquidar a factoría e deslocalizar a produción a outros países.

5.- Modificar todas as convocatorias de axudas directas, financeiras ou subvencións de calquera tipo as empresas para que inclúan cláusulas de garantía da actividade produtiva e dos postos de traballo a medio/longo prazo, en función dos importes das mesmas.

6.- Reforzar e apoiar ante a empresa aos traballadores de Poligal na súa exixencia de cumprimento da sentencia xudicial que lle obriga a facer inversións que melloren a competitividade da planta de Narón.

CSV: GmmWgbzwn8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/03/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 47456
Data envio: 07/03/2019 14:32:35.625

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

7.- Instar ao Goberno do Estado e trasladar ao Congreso dos Deputados a necesidade dunha Lei que axude a impedir ou limitar a deslocalización de centros de produción ou servizos perfectamente viables coas actuacións tecnolóxicas, de I+D+i e de produtividade necesarias.

Santiago de Compostela, 7 de marzo de 2019.

Asdo.: Francisco Casal Vidal
Manuel Lago Peñas
Luís Villares Naveira
Deputados e voceiro do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Francisco Casal Vidal na data 07/03/2019 14:31:10

José Manuel Lago Peñas na data 07/03/2019 14:31:22

Luis Villares Naveira na data 07/03/2019 14:31:31

CSV: GmmWgbzwn8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/03/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 47462
Data envio: 07/03/2019 16:23:59.403

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de EN MAREA, a iniciativa das súas deputadas **Luca Chao Pérez e Ánxeles Cuña Bóveda,** ao abeiro do artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate no Pleno.**

Exposición de motivos.

Dende o ano 2013, o alumnado ten que cursar seis horas semanais de materias específicas e de libre configuración, a escoller entre materias de 4, 3, 2 e 1 hora. Alumnos e alumnas teñen que matricularse en, polo menos, dúas destas materias. Se a suma de dúas delas é de cinco horas, poden completar a carga horaria ou ben coa materia de Relixión ou ben cunha materia alternativa programada polo Centro. O problema é que moitos centros non teñen ningunha materia alternativa programada porque non teñen medios para impartila. Así, na práctica, moitos dos alumnos/as que queren cursar materias optativas vénse na obriga de inscribirse en Relixión Católica.

O Decreto 86/2015, do 25 de xuño, que establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato en Galicia, determina que en 1º curso de Bacharelato a Relixión é unha materia específica.

Este decreto establece como necesario que o alumnado curse dúas materias específicas para poder titular, e isto implica que cando ao alumnado lle ofertan materias optativas autonómicas como Robótica, Antropoloxía, Coeducación para o século XXI ou Tecnoloxía da Información e a Comunicación, a distribución da

CSV: GmmWgbzwn8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/03/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 47462
Data envio: 07/03/2019 16:23:59.403

carga horaria para poder titular obriga ao alumnado a cursar necesariamente Relixión Católica case na totalidade dos centros escolares galegos.

Non tería por que ser así. Noutras comunidades autónomas buscouse un encaixe moito máis sensato que non obriga a ninguén a cursar unha materia confesional nun estado aconfesional. É o caso da Comunidade de Madrid, onde tódalas materias específicas e de libre configuración son de 2 horas semanais; ou o de Castela e León, nos que as materias son todas de 2 e 4 horas.

Asistimos a unha queixa interposta polo profesorado de filosofía de secundaria ante a Valedoría do Pobo e ante o Parlamento de Galicia no día de onte. A queixa realízase pola obrigatoriedade do alumnado de cursar Relixión Católica en 1º de Bacharelato. A finalidade da queixa é garantir o dereito do alumnado á liberdade ideolóxica, relixiosa e de culto.

A CE ampara a igualdade ante a lei, sen que poda prevalecer discriminación por razón de nacemento, raza, sexo, relixión, opinión ou calquera condición ou circunstancia persoal ou social no artigo 14 e a liberdade ideolóxica, de crenza, credo e culto de todas as persoas e comunidades no artigo 16.

Ademais, proclámase a laicidade do Estado, no apartado 16.3 ao sinalar que ningunha confesión terá carácter estatal.

O Estatuto de Autonomía di no artigo 31 que é competencia plena da CA de Galicia o regulamento e administración do ensino en toda a súa extensión, niveis e graos.

Baixo o prisma do artigo 1 da CE no que se recolle que o Estado é un estado social, democrático de dereito, que ten como valores superiores a liberdade, a xustiza, a igualdade non é normal a imposición de cursar esta materia para poder acceder a outras, xa que se vulneran os cimentos mesmos do Estado, e por tanto os dereitos e deberes fundamentais sinalados no artigo 10, e

CSV: GmmWgbzwn8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/03/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 47462
Data envio: 07/03/2019 16:23:59.403

nomeadamente aqueles protexidos constitucionalmente, como son o 14 e o 16 e a igualdade que imbúe todo o sistema constitucional español.

Por ser un agravio comparativo con outras comunidades, nas que o alumnado si que se forma libremente nas materias que desexan e escollen, sen outra limitación, e por atentar contra o principio básico de igualdade, de liberdade de ideolóxica, crenza, culto e de laicidade do Estado, e o dereito a non declarar sobre a mesma este grupo solicita a eliminación deste requisito para cursar outras materias de interese para o alumnado.

Tendo en conta que existe unha solución sinxela á situación e que no período de alegacións ao decreto o Goberno foi explicitamente advertido do que podía suceder, o Partido Popular non pode alegar ignorancia para rebaixar a súa responsabilidade. Está forzando deliberadamente a moitos rapaces e rapazas a cursar a materia de Relixión en contra dos seus intereses reais.

Por todo o exposto o Grupo Parlamentar de En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Pleno.

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1.- Eliminar a obrigatoriedade de cursar a materia de Relixión en todos os centros de ensino, tanto públicos como privados, para o acceso a outras materias.

2.- Deseñar unha alternativa que permita en todos os casos non cursar a materia de Relixión a aqueles alumnos e alumnas que non teñan interese nela e dotar aos centros de recursos suficientes para poder impartilas.

Santiago de Compostela, 7 de marzo de 2019.

Asdo.: Luca Chao Pérez

Ánxeles Cuña Bóveda

CSV: GmmWgbzwn8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/03/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 47462
Data envio: 07/03/2019 16:23:59.403

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Deputadas do G.P. de En Marea

Luís Villares Naveira

Voceiro do G.P. de En Marea

Asinado dixitalmente por:

Luca Chao Pérez na data 07/03/2019 16:05:31

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 07/03/2019 16:05:37

Luis Villares Naveira na data 07/03/2019 16:05:44

CSV: GmmWgbzwn8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/03/2019 16:46:15
Nº Rexistro: 47472
Data envio: 07/03/2019 16:46:15.401

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa das súas deputadas **Paula Quinteiro Araujo, Flora Miranda Pena, Carmen Santos Queiruga** e do seu deputado **Luís Villares Naveira,** ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno.**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

Coa aprobación do Real Decreto 28/2018, do 28 de decembro, para a revalorización das pensións públicas e outras medidas urxentes en materia social, laboral e de emprego, modificáronse as cotizacións á seguridade social tamén para os traballadores do mar, con especial incidencia aos pertencentes ao Grupo II de cotización ao Réxime Especial do Mar incluíndo ás mariscadoras e pescadores artesanais, con incremento que en moitos casos poden supoñer enormes riscos para a continuidade da actividade, sobre todo de determinadas mariscadoras e pequenas embarcacións.

A pesar de que en principio advertíase da exclusión deste incremento ás embarcacións inferiores a 10 toneladas, na realidade esta exclusión non se levou a cabo na aplicación nin redacción definitiva do decreto.

Estes colectivos non foron escoitados, xa que non consensuaron con eles ningunha destas medidas porque non se abordou na mesa de negociación das comisións executivas do ISM e, ademais, denuncian que non recibiron información clara e previa por parte deste organismo polo que non tiñan prevista a contía que recibiron das novas cotas da seguridade social.

CSV: GmmWgbzwn8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/03/2019 16:46:15
Nº Rexistro: 47472
Data envio: 07/03/2019 16:46:15.401

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Un dos incrementos máis importantes nas cotizacións das mariscadoras e outros colectivos, ten a ver co incremento das bases de cotización das continxencias profesionais polo feito de ter coeficientes redutores para a xubilación, pero esta tense feito de forma lineal sen contemplar os diferentes coeficientes de cada sector, sendo polo tanto unha suba inxusta.

A mellora das prestacións que contempla o decreto, como é o incremento da prestación por cese de actividade ou a exención de pago de cotas unha vez superados os 60 días de baixa médica, non compensa o brutal incremento dos custes para as mariscadores e pescadores artesanais como ben se pode comprobar na seguinte táboa:

2018			**2019**	
Bases 1335€			**Base 1419€**	
Cota mensual			**Cota mensual 240,05€**	
194,26		**Conceptos**		
Tipo	**Cota**		**Tipos**	**Cota**
26,5%	117,93€	Continxencias Comúns	26,74%	126,48
2,60	12,45	I.T Comúns	1,56%	7,38
1,65%	22,03	I.T de A.T	3,45%	48,96
1,70%	22,70	I.M.S de A.T.	3,70%	52,50
0,70	9,35	Formación Profesional	0.1%	1,42
2,2%	9,79	Protección cese actividade	0,7%	3.31%

Por todo o exposto o Grupo Parlamentario de **En Marea**, formula a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Pleno.

CSV: GmmWgbzwn8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/03/2019 16:46:15
Nº Rexistro: 47472
Data envio: 07/03/2019 16:46:15.401

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:

Primeiro.- Demandar do Goberno Central a negociación dun acordo cas confrarías para mellorar as condicións dos traballadores do mar que contemple as novas cotas de cotización e as melloras nas prestacións.

Segundo.- Deixar sen efecto a parte relativa ao incremento da custes de cotización para o sector do mar, namentres non se chegue a un acordo co conxunto do sector.

Terceiro.- Realizar un estudio para saber cal é a situación dos traballadores do mar en Galicia tendo en conta as diferentes continxencias profesionais e, en base a este, demandar ao goberno central proteccións para eles.

Santiago de Compostela, 7 de marzo de 2019.

Asdo.: Paula Quinteiro Araujo
Flora Miranda Pena
Carmen Santos Queiruga
Luís Villares Naveira
Deputadas e Voceiro do G.P. de En Marea

Asinado dixitalmente por:

CSV: GmmWgbzwn8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/03/2019 16:46:15
Nº Rexistro: 47472
Data envio: 07/03/2019 16:46:15.401

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Paula Quinteiro Araújo na data 07/03/2019 16:41:52

Flora María Miranda Pena na data 07/03/2019 16:42:02

Carmen Santos Queiruga na data 07/03/2019 16:42:10

Luis Villares Naveira na data 07/03/2019 16:42:18

CSV: GmmWgbzwn8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/03/2019 17:44:08
Nº Rexistro: 47484
Data envio: 07/03/2019 17:44:08.483

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de En Marea, por iniciativa dos seus deputados **Marcos Cal Ogando** e **Antón Sánchez García** e da súa deputada **Luca Chao Pérez,** ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno.**

Exposición de motivos

O 23 de febreiro do presente ano a directora de Turismo de Galicia, Nava Castro, acudiu á Feira Internacional de Ornitoloxía celebrada no Parque Nacional de Monfragüe, en Extremadura. Galicia estivo presente no evento cun stand que promocionaba 100 rutas de turismo ornitolóxico.

Segundo a nota de prensa da Xunta de Galicia, Nava Castro acudiu a feira porque "a Consellería de Cultura e Turismo impulsa dende fai varios anos experiencias como Galicia Birding, que achega as múltiples posibilidades que a nosa Comunidade ofrece para o turismo ornitolóxico e permite coñecer os espazos de alto interese ornitolóxico identificados en Galicia e distribuídos por toda a súa xeografía".

Así, case parece que ao actual Goberno da Xunta lle preocupa moito a ornitoloxía, pero a realidade é ben distinta. Trinta especies de paxaros vulnerables ou en perigo de extinción carecen aínda dun plan de conservación ou recuperación, malia que, como o propio Goberno recoñece, terían que telo.

Isto pode comprobarse visitando a web da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda. Nela, podemos atopar tres decretos de aprobación de plans

CSV: GmmWgbzwn8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/03/2019 17:44:08
Nº Rexistro: 47484
Data envio: 07/03/2019 17:44:08.483

de conservación ou recuperación de especies ameazadas en Galicia, e un borrador. As especies ameazadas que son obxecto de protección por parte do Goberno galego son a píllara das dunas (charadrius alexandrinus; chortilejo patinegro, en castelán); o sapoconcho común (Emys orbicularis); a escribenta das canaveiras (Emberiza schoeniclus L.subsp. lusitanica Steinbacher); e o oso pardo (Ursus arcyps).

É inexplicable que na páxina web só se recollan catro plans, xa que, na súa propia redacción, se subliña que "a catalogación dunha especie como vulnerable [ou en perigo de extinción] implica a elaboración dun plan de conservación cuxo fin é garantir a conservación da especie que vive en estado silvestre no territorio da Comunidade Autónoma, dos seus hábitats e establecer medidas adecuadas que permitan preservar, manter e restablecer as súas poboacións naturais facéndoas viables". Atendendo só ás aves tería que haber trinta plans de conservación e recuperación que, agora mesmo, nin están nin se lles espera.

As aves en perigo de extinción ou vulnerables son:

En perigo de extinción:

61. Anas crecca L. (Poboación nidificante)
62. Aquila chrysaetos L.
63. Botaurus stellaris L.
64. Burhinus oedicnemus L.
65. Emberiza schoeniclus L. subsp. lusitanica Steinbacher
66. Gallinago gallinago L. (Poboación nidificante)
67. Milvus milvus L.
68. Numenius arquata L. (Poboación nidificante)
69. Puffinus mauretanicus Lowe

CSV: GmmWgbzwn8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

70. Tetrao urogallus L. subsp. cantabricus Castroviejo
71. Tetrax tetrax L.
72. Uria aalge (Pontoppidan) (Poboación nidificante)
73. Vanellus vanellus L.(Poboación nidificante)

Vulnerables:

167. Bubo bubo L.
168. Charadrius alexandrinus L.
169. Circus cyaneus L.
170. Circus pygargus L.
171. Haematopus ostralegus L. (Poboación nidificante)
172. Hieraaetus fasciatus Vieillot
173. Himantopus himantopus L.
174. Hydrobates pelagicus L.
175. Ixobrychus minutus L.
176. Luscinia svecica L.
177. Neophron percnopterus L.
178. Perdix perdix L. subsp. hispaniensis Reichenow
179. Phalacrocorax aristotelis L.
180. Rissa tridactyla L.
181. Scolopax rusticola L. (Poboación nidificante)
197. Pandion haliaetus L.
198. Phoenicurus phoenicurus L.

Deste xeito, a viaxe da directora de Turismo de Galicia á Feira Internacional de Ornitoloxía celebrada no Parque Nacional de Monfragüe, en Extremadura, se pode interpretar como un xesto hipócrita para lavar a imaxe do Goberno, xa que é

CSV: GmmWgbzwn8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/03/2019 17:44:08
Nº Rexistro: 47484
Data envio: 07/03/2019 17:44:08.483

dunha claridade meridiana que á Xunta de Núñez Feijóo non ten feito os deberes en conservación de aves nin da natureza.

Polo exposto, o Grupo Parlamentar de En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a redactar e aprobar os 30 plans de conservación ou recuperación de aves vulnerables ou en perigo de extinción que terían que estar xa publicados, así como os plans de conservación ou recuperación das restantes especies vulnerables ou en perigo de extinción.

Santiago de Compostela, 7 de marzo de 2019.

Asdo.: Marcos Cal Ogando

Luca Chao Pérez

Deputado e deputada do G.P de En Marea

Antón Sánchez García

Vicevoceiro do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Marcos Cal Ogando na data 07/03/2019 12:42:06

CSV: GmmWgbzwn8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/03/2019 17:44:08
Nº Rexistro: 47484
Data envio: 07/03/2019 17:44:08.483

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Antón Sánchez García na data 07/03/2019 12:42:14

Luca Chao Pérez na data 07/03/2019 12:42:21

CSV: GmmWgbzwn8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/03/2019 11:02:19
Nº Rexistro: 47321
Data envio: 06/03/2019 11:02:19.996

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Mesa 11.03.2019
A Mesa acorda a admisión a trámite coa adición na parte resolutoria da expresión "O Parlamento insta á Xunta de Galicia a:"

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario de En Marea a iniciativa dos seus deputados **Luís Villares Naveira, Francisco Casal Vidal, Davide Rodríguez Estévez** e das súas deputadas **Paula Vázquez Verao, Luca Chao Pérez e Anxeles Cuña Bóveda,** ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, formula a seguinte **Proposición non de lei**, para o seu debate en **Pleno.**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

A Consellería de Economía e Industria da Xunta de Galicia publicou no Diario Oficial de Galicia, o 6 de febreiro de 2012, a través dunha resolución do 15 de decembro de 2011, o sometemento a información pública a autorización administrativa, aprobación do proxecto de execución, declaración de utilidade pública, inclusión no réxime especial de produción de enerxía eléctrica, aprobación do estudo de impacto ambiental, e do proxecto sectorial de incidencia supramunicipal, das instalacións relativas ao parque eólico Sasdónigas, fase II (expediente LU-11/125-EOL) promovido por a empresa NORVENTO, inicialmente Norvento SL, posteriormente Norvento Sasdónigas SL e agora Norvento Estelo SLU.

Este parque eólico no concello de Mondoñedo, que é un só, inda que dividido en dúas fases, volve, como xa fixo a Mina de Touro, a afectar a un ben patrimonio cultural, segundo a Lei 5/2016 da Lei de patrimonio cultural de Galicia, ademais declarado Patrimonio da Humanidade desde o ano 2015, como é o Camiño do Norte do Camiño de Santiago.

Ademais, afectou a unha empedrada feito en pedra seca, Preto da Subestación, afectación do camiño real a Betanzos-Ferrol. A parcela está pechada sobre si con pedra seca (elemento declarado patrimonio da humanidade) e está empedrada e

CSV: GmmWgbzwn8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/03/2019 11:02:19
Nº Rexistro: 47321
Data envio: 06/03/2019 11:02:19.996

documentada do século XVIII, tamén afecta a un muro con pedra en seco. Tamén afectou ás neveiras no Monte da Costa, elemento singular de Mondoñedo, ao pasarlle unha pista por riba, afección tamén a un campamento romano coñecido como xacemento de Cavana de Vella e documentado como GA 27030035 Castra Aestiva, no que a propia empresa Norvento, parte interesada, fai unhas sondaxes arqueolóxicas nas que determina que non existe tal xacemento arqueolóxico nin campamento romano senón que é un elemento propio do aproveitamento tradicional dos terreos do monte, no que ademais se atopou unha moeda romana, e da que non consta que se vaia facer ningunha intervención máis.

O parque eólico mal chamado Sasdónigas, provocou desfeitas no trazado do Camiño do Norte, que ademais xa provocara as mobilizacións da veciñanza cando as obras dos viais e os aeroxeradores, empezaran no mes de outubro, sen resolverse os recursos de alzada que se interpuxeran contra o mesmo.

A empresa Norvento que nun primeiro momento optara pola colaboración coa veciñanza mostrou despois a verdadeira cara, acudindo á vía expropiatoria, e ofrecendo prezos irrisorios ás propietarias afectadas e ás comunidades de montes veciñais.

A Xunta de Galicia, eliminou o requisito da prevalencia, que beneficia ás grandes empresas multinacionais, Naturgy, Enel Green Power e Capital Energy e á empresa galega Norvento. A saída viable para compatibilizar os parques eólicos e as actividades gandeiro- agrícolas- e de aproveitamento dos montes veciñais en man común, non é deixar as persoas propietarias sen terras, mediante a vía da declaración de utilidade pública, bastante difusa nestes casos, senón potenciar a participación dos axentes locais vía cooperativas de propietarios de terras, e non beneficiar aos grandes monopolios, e sobre todo facilitar a repercusión destes parques eólicos na vida económica das persoas ás que afecta e nos concellos nos que se asenta.

CSV: GmmWgbzwn8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/03/2019 11:02:19
Nº Rexistro: 47321
Data envio: 06/03/2019 11:02:19.996

Ademais, informes preceptivos como o de Augas de Galicia, chegaron máis tarde do que sinala a lei nestes casos, que esixe que antes de publicarse a resolución que da publicidade á aprobación do proxecto deben estar feitos e remitidos os mesmos.

A Lei de Expropiación Forzosa, nas garantías xurisdicionais di no artigo 124 que ninguén pode ser expropiado salvo que concorran causas de utilidade publica ou interese social e previa a correspondente indemnización e segundo o disposto nas leis.

As expropiacións teñen que cumprir os requisitos establecidos na lei. Así, nos artigos 17 e seguintes, concrétase o deber de facer unha relación concreta e individualizada dos bens ou dereitos a expropiar pola beneficiaria da expropiación, neste caso Norvento. A relación contempla as relacións das persoas propietarias, e ábrese información publica mínimo 15 días, as persoas poden facer alegacións, e inda despois téñense que resolver estas alegacións por período de 20 días, sobre a necesidade de ocupación.

Ademais, contempla o artigo 22 que contra este acordo da necesaria ocupación darase recurso de alzada, que é de 10 días desde a notificación persoal ou ben nos boletíns oficiais, para a interposición do mesmo e 20 para a resolución. Se hai propietarios descoñecidos, como pasou neste procedemento hai que facer as actuacións necesarias tendentes á identificación das propietarias, a fin de que comparezan e aleguen o que teñan por conveniente, non sendo posible a ocupación dos terreos mentres estas comunicacións e averiguacións non se leven a cabo.

A interposición do recurso de alzada ten EFECTOS SUSPENSIVOS ata que se dite resolución expresa. Por tanto, o comezo das obras sen contestar á veciñanza foi un acto ilegal e vulnerando os dereitos esenciais nos procedementos expropiatorios, e con indefensión posto que se produciu a ocupación dos terreos

CSV: GmmWgbzwn8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/03/2019 11:02:19
Nº Rexistro: 47321
Data envio: 06/03/2019 11:02:19.996

sen ter título habilitante para elo, xa que non se levaran a cabo os trámites de levantamento de actas previas á ocupación cos necesarios requisitos procesuais e de fondo neste tipo de actuacións.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario de EN MAREA presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

1.- Realizar as expropiación con todas as garantías procesuais e de fondo recollidas na Lei de expropiación forzosa, así como a non producir indefensión.

2.- Inspeccionar os parques eólicos e as súas fases, uso fraudulento do procedemento para evitar o pago dos impostos correspondentes, nomeadamente o canon eólico, e outros, aplicando as regularizacións correspondentes e o pago dos mesmos con xuros de mora ós que haxa lugar.

3.- Revisar o procedemento de prevalencia de usos, así como o de utilidade pública, e a súa adecuación á legalidade, así como o impacto económico nas propietarias que viven no campo e ás comunidades de montes veciñais en man común.

4.- Revisar o cumprimento do Doing Business, no tocante á creación de postos de traballo que dan lugar as exencións fiscais.

5.- Revisar o contido dos contratos de pago pola expropiación do uso do solo, as cláusulas, nomeadamente aquelas abusivas.

6.- Establecer o pago como máximo en dous anos.

Santiago de Compostela, 6 de marzo de 2019.

Asdo.: Luís Villares Naveira

Francisco Casal Vidal

CSV: GmmWgbzwn8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/03/2019 11:02:19
Nº Rexistro: 47321
Data envio: 06/03/2019 11:02:19.996

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Davide Rodríguez Estévez

Paula Vázquez Verao

Luca Chao Pérez

Anxeles Cuña Bóveda

Deputadas, deputados e Voceiro do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Luis Villares Naveira na data 06/03/2019 11:00:25

Francisco Casal Vidal na data 06/03/2019 11:00:33

David Rodríguez Estévez na data 06/03/2019 11:00:40

Paula Vázquez Verao na data 06/03/2019 11:00:47

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 06/03/2019 11:00:50

Luca Chao Pérez na data 06/03/2019 11:00:53

CSV: GmmWgbzwn8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/03/2019 09:30:00
Nº Rexistro: 47138
Data envio: 28/02/2019 19:14:39.743

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario de En Marea, por iniciativa dos seus deputados **Davide Rodríguez Estévez e Antón Sánchez García**, e da súa deputada **Paula Quinteiro Araújo**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate na **Comisión 7.ª,** sobre as melloras que se deben de acometer nas condicións das traballadoras e traballadores da empresa pública SEAGA.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

SEAGA é unha empresa pública creada pola Xunta de Galiza no ano 2006 para a realización, como medio propio da Administración galega, e ao seu servizo, de todo tipo de actuacións, obras, traballos e prestacións de servizos en materias forestais, especialmente as relacionadas coa prevención e loita contra os incendios forestais en particular e, en xeral, intervencións de carácter urxente relacionadas cos lumes forestais.

No dispositivo de prevención e extinción de incendios forestais conviven diversos actores, pero á hora do ataque directo na primeira liña de lume atópase o persoal que dirixe as tarefas (axentes e técnicos fundamentalmente) e o persoal que se enfronta ás lapas: brigadas contratadas directamente pola Consellería de Medio Rural e brigadas contratadas a través da empresa pública SEAGA.

Non existe diferenza ningunha entre estes dous tipos de traballadores e traballadoras á hora da extinción dos lumes forestais, están baixo o mesmo mando e actúan conxuntamente.

Pero si existen varias diferenzas previas posteriores:

- O persoal contratado directamente pola Consellería está incluído no V Convenio Colectivo do Persoal Laboral da Xunta de Galicia.

CSV: GmmWgbzwn8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/03/2019 09:30:00
Nº Rexistro: 47138
Data envio: 28/02/2019 19:14:39.743

– O persoal contratado a través de SEAGA non ten convenio nin se lle aplica o V Convenio. Aplícaselle o Estatuto dos Traballadores excepto, curiosamente cando se trata de reducir o salario pola aplicación dos recortes salariais aos empregados públicos.

- Os salarios dos traballadores de SEAGA son inferiores aos do persoal contratado directamente. Non se lles recoñece o tempo traballado en SEAGA para acceder ás listas de contratación da Xunta de Galicia.

- Aos traballadores de SEAGA a empresa obrígaos, mediante un protocolo imposto que denunciaron ante a inspección de traballo, a realizar na mesma xornada tarefas de prevención e extinción, co risco que isto supón para a seguridade e a merma de efectividade na extinción dos lumes. Teñen constatadas xornadas laborais de 4 horas de traballo de prevención, máis 8 de extinción.

En resumo, realizan as mesmas funcións que os seus compañeiros e compañeiras do Servizo de Prevención e Extinción de Incendios Forestais (SPDCIF), pero cobran menos, teñen menos dereitos, teñen contratos de menor duración, teñen que realizar tarefas de prevención e extinción na mesma xornada e ademais non se lles recoñece o tempo traballado.

Desde os Comités de Empresa e a título individual, os traballadores-as denunciaron e gañaron sentenzas que lles recoñecen dereitos do V Convenio único do Persoal Laboral da Xunta de Galicia, están agardando resolución da Inspección de Traballo polo protocolo que lles obriga a duplicar tarefas e están demandando ante a dirección de SEAGA e ante Función Pública que se lles aplique a disposición transitoria sexta da LOFAXGA, que di:

“En relación co persoal regulado no título III desta lei cuxo réxime xurídico lle asigne retribucións inferiores ás establecidas no convenio colectivo do persoal da Xunta de Galicia para as correspondentes categorías procederase, nun prazo de

CSV: GmmWgbzwn8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/03/2019 09:30:00
Nº Rexistro: 47138
Data envio: 28/02/2019 19:14:39.743

dous anos desde a aprobación desta lei, a negociar coas organizacións sindicais presentes na Mesa Xeral de Empregados Públicos a aplicación do convenio colectivo do persoal laboral da Xunta de Galicia".

Neste momento, as traballadoras e traballadores de SEAGA están nunha situación de incerteza. Estamos a falar de 500 persoas aproximadamente con contrato de fixo-discontinuo que non sabemos o que vai a ser deles e delas.

Por unha banda, o día 12 de febreiro, na Comisión de Persoal, saíu para adiante a reforma do Decreto 37/2006 co voto en contra de todos os sindicatos por diferentes motivos (non incluía consorcio, non se puntuaba dunha categoría para outra, etc...).

A pesar de ir para adiante, a día de hoxe non está publicado e parece que vai seguir no caixón por un tempo.

Con esta tardanza deliberada, traballadores e traballadoras que levan máis de 10 campañas non van poder entrar a cubrir praza no SPDCIF.

Por outra banda está o convenio das faixas de protección de núcleos entre a FEGAMP e SEAGA, na que a día de hoxe están sumados 150 municipios aproximadamente e polo que sabemos só se contrataron de momento técnicos (en febreiro) sen saber que vai a pasar cas labores de roza que xa se tiñan que estar executando.

Por todo o exposto o Grupo Parlamentario de En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 7.ª

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:

CSV: GmmWgbzwn8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/03/2019 09:30:00
Nº Rexistro: 47138
Data envio: 28/02/2019 19:14:39.743

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

1) Reunirse de forma urxente co Comité de Empresa de SEAGA para aclarar o seu futuro.

2) Aclarar a esta Comisión cal vai ser o cometido destes 500 traballadores e traballadoras a partir de hoxe, tanto nas tarefas de prevención no convenio asinado entre a Xunta de Galicia e a FEGAMP (faixas de protección de núcleos rurais) como nas tarefas de extinción de incendios.

Santiago de Compostela, 26 de febreiro de 2019

Asdo.: Davide Rodríguez Estévez
Paula Quinteiro Araújo
Deputado e deputada do G.P. de En Marea
Antón Sánchez Garcia
Deputado e Voceiro S. do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

David Rodríguez Estévez na data 28/02/2019 19:13:52

Paula Quinteiro Araújo na data 28/02/2019 19:14:03

Antón Sánchez García na data 28/02/2019 19:14:11

CSV: GmmWgbzwn8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/03/2019 09:30:00
Nº Rexistro: 47143
Data envio: 28/02/2019 19:30:50.156

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de EN MAREA, por iniciativa dos seus deputados **Davide Rodríguez Estévez, Antón Sanchez García e Luís Villares Naveira** e da súa deputada **Paula Vázquez Verao,** ao abeiro do artigo 160 do Regulamento desta Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 7.ª**, sobre os lumes que estamos a sufrir no mes de febreiro.

Exposición de motivos.

Os incendios que se están a producir na provincia de Ourense, e que se levan producido xa no inverno, amosan a desestacionalidade dos lumes e o cambio climático e os seus efectos no medio ambiente. Así, a primeiros deste ano xa se calcinaran 450 hectáreas na provincia de Ourense e 45 hectáreas en Caroi no concello de Cerdedo- Cotobade.

Así temos o incendio en Xunqueira de Ambía que afectou a 5 hectáreas, en Castromil, o de A Mezquita que afectou a 27,7 hectáreas, o de Madarnás que afectou a 23 hectáreas no Carballiño e dous que inda seguen activos na Gudiña con 13 hectáreas queimadas. Na parroquia de Tameirón, o lume calcinou 9 hectáreas.

Estes incendios súmanse aos que se produciron na provincia de Lugo, en Folgoso do Courel , na parroquia de Noceda entre esta localidade e Teixeira, que foi un dos máis graves, xa que afectou a 30 hectáreas, ademais dos que se produciron nos montes de Taro Branco, monte de terra caliza no que medran as orquídeas, endémicas desta zona, e os das parroquias de Vilela e Miraz. Todos estes núcleos forman parte da Rede Natura, e gozan dunha protección ecolóxica, medioambiental e legal elevada.

CSV: GmmWgbzwn8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/03/2019 09:30:00
Nº Rexistro: 47143
Data envio: 28/02/2019 19:30:50.156

Outro incendio afectou a 10 hectáreas na parroquia de O Burgo, concello de Muras.

Ademais declarouse outro incendio no concello de Padrenda, na Rede Natura 2000, e que xa leva calcinadas 150 hectáreas.

Visto o acontecido e que as temperaturas afectan a propagación do lume, así como o nivel acumulado en diferentes zonas da provincia de Lugo onde a nevada producida en outubro provocou a caída e creba de numerosas árbores que se sumarán ao incremento da biomasa, co perigo que supón na prevención, control e extinción de incendios, fai necesario activar as brigadas contratadas como dotacións de reforzo durante os período de máximo risco.

Tamén é necesario que se realizan labores de limpeza nas zonas afectadas polo temporal que deixou milleiros de árbores caídas e que co aumento das temperaturas poden incrementar o risco e a virulencia dos mesmos.

Ata o mes de marzo non se produce a contratación das 610 persoas traballadoras fixas descontinuas.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar de En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Comisión.

O Parlamento de Galicia insta a Xunta a:

1. Ampliar o período de alto risco de incendio.
2. Ampliar o número de dotacións e unidades dedicadas á prevención e extinción de incendios.
3. Mellorar os recursos destinados aos concellos na labor de limpeza das vías, lindeiros de ríos a través da coordinación cos organismos de cunca naquelas zonas afectadas polas nevadas como zonas de alto risco de incendio e colaborando cos concellos para a limpeza dos montes, nomeadamente naquelas zonas que forman parte da Rede Natura 2000,

CSV: GmmWgbzwn8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/03/2019 09:30:00
Nº Rexistro: 47143
Data envio: 28/02/2019 19:30:50.156

zonas ZEC, zonas protección de Aves, Reserva da biosfera, Parques naturais, ou outras figuras de protección medioambiental.

4. Incrementar a duración a 12 meses da prestación do servicio das persoas traballadoras contratadas como fixas descontinuas.
5. Substituír ao persoal traballador fixo do operativo contraincendios nos casos de IT e nos períodos vacacionais, para dar servicio as 24 horas en quendas de traballo e a cobertura de todos os distritos que non obriguen ao desprazamento e que obrigan a mobilizarse aos dispositivos deixando sen cobertura a outras zonas.

Santiago de Compostela, 28 de febreiro de 2019.

Asdo.: Davide Rodríguez Estévez

Antón Sánchez García

Paula Vázquez Verao

Deputados e deputada do G.P. de En Marea.

Luís Villares Naveira

Voceiro do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

David Rodríguez Estévez na data 28/02/2019 19:29:40

Antón Sánchez García na data 28/02/2019 19:29:47

CSV: GmmWgbzwn8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/03/2019 09:30:00
Nº Rexistro: 47143
Data envio: 28/02/2019 19:30:50.156

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Paula Vázquez Verao na data 28/02/2019 19:30:00

Luis Villares Naveira na data 28/02/2019 19:30:08

CSV: GmmWgbzwn8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/03/2019 10:03:50
Nº Rexistro: 47145
Data envio: 01/03/2019 10:03:50.418

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Montserrat Prado Cores**, **Luis Bará Torres**, **Ana Pontón Mondelo**, **Xosé Luis Rivas Cruz**, **Olalla Rodil Fernández** e **Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 5ª**, relativa á necesidade de dotar á comarca do Salnés dunha ambulancia medicalizada de xeito permanente.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A comarca do Salnés vén demandando unha ambulancia de soporte vital avanzado practicamente dende a inauguración do propio Hospital do Salnés.

Unha demanda máis que xustificada porque os recursos sanitarios existentes no Salnés non permiten a atención de patoloxías graves, nin a maior parte das veces, prestar asistencia médica *in situ* a doentes de extrema gravidade, nin asistilos con persoal facultativo e de enfermería durante os traslados a un centro hospitalario, ao non contar con ambulancia de soporte vital avanzado, nin ter UCI o Hospital do Salnés.

A ambulancia de soporte vital avanzado máis próxima ten a súa base en Pontevedra, e si ten que acudir esta ambulancia, no mellor dos casos, tarda unha media de 30 minutos que se ve ampliada a 50 nos casos da Illa de Arousa ou de Catoira; iso cando esta ambulancia non está ocupada e hai que chamar a que estea, por exemplo en Vigo, co cal os tempos de resposta, as isócronas, multiplícanse.

CSV: GmmWgbzwn8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/03/2019 10:03:50
Nº Rexistro: 47145
Data envio: 01/03/2019 10:03:50.418

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Polo tanto hai unha ambulancia de soporte vital avanzado en Pontevedra que ten que atender unha poboación de máis de 300.000 habitantes: toda a zona de Pontevedra, parte do Morrazo, parte da zona de A Estrada-Deza e toda a comarca do Salnés, isto en época normal, porque en épocas como a estival, esa poboación multiplícase, cando a OMS recomenda que haxa unha por cada 120.000.

Na atención das patoloxías de gravidade o tempo é un factor esencial, polo cal non é entendíbel que unha comarca tan ampla, cunha poboación de máis de 115.000 habitantes como a do Salnés, que se multiplica en épocas do ano, especialmente no verán, cun porto de interese xeral, unha importante actividade económica con potencial risco como é o traballo no mar e cunha alta sinistralidade viaria non teña un hospital con UCI e non conte con ningunha ambulancia de soporte vital avanzado, é dicir dotada cun equipo humano especializado, con persoal facultativo e de enfermería e coa dotación de equipos necesarios para atender emerxencias de gravidade.

Sobran as razóns que xustifican a necesidade dunha ambulancia de soporte vital avanzado para a comarca do Salnés, e non hai argumentos para xustificar o contrario.

O BNG considera imprescindíbel esta dotación para non seguir a poñer en risco a saúde e vida d@s veciñ@s da comarca, motivo polo cal presentamos a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 5ª:

"O Parlamento de Galiza insta ao Goberno galego a que no novo concurso, para o Servizo de Transporte Sanitario Urxente Terrestre que a Fundación Pública

CSV: GmmWgbzwn8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/03/2019 10:03:50
Nº Rexistro: 47145
Data envio: 01/03/2019 10:03:50.418

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Urxencias Sanitarias de Galiza-061 está iniciando, se contemple para a comarca do Salnés dun servizo permanente, 24 horas ao día, os 365 días do ano, de como mínimo unha ambulancia de Soporte Vital Avanzado, é dicir, dotada permanentemente cun equipo humano composto por persoal facultativo e de enfermería, especializado na atención sanitaria en situacións de emerxencias e dous/dúas técnicas en transporte sanitario urxente e ao mantemento das existentes.”

Santiago de Compostela, 1 de marzo de 2019

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Luis Bará Torres

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 01/03/2019 10:02:15

CSV: GmmWgbzwn8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/03/2019 10:03:50
Nº Rexistro: 47145
Data envio: 01/03/2019 10:03:50.418

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Xose Luis Rivas Cruz na data 01/03/2019 10:02:21

Olalla Rodil Fernández na data 01/03/2019 10:02:22

Noa Presas Bergantiños na data 01/03/2019 10:02:24

Xosé Luis Bará Torres na data 01/03/2019 10:02:25

Ana Pontón Mondelo na data 01/03/2019 10:02:34

CSV: GmmWgbzwn8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/03/2019 11:12:57
Nº Rexistro: 47184
Data envio: 04/03/2019 11:12:57.263

grupo socialista Parlamento de Galicia · PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa das súas deputadas, María Dolores Toja Suárez e Patricia Otero Rodríguez, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 8ª.

Nos orzamentos do ano 2018 figuraba unha partida destinada á construción de pantaláns para embarcacións de acuicultura en Cabo de Cruz, concello de Boiro, por un importe de 1.700.000 €, pero a realidade é que a día de hoxe, estes pantaláns non están construídos. Nos orzamentos de 2019 figura de novo unha partida por importe de 2.000.000 €.

O expediente 3/2018/CNTOB, tiña por obxecto a construción de espazos para embarcacións de acuicultura nese molle por valor de 5.996.221,33 euros sen IVE. Publicouse no DOG do venres, 2 de marzo de 2018, pero en maio dese mesmo ano tivo lugar unha xuntanza entre técnicos de Portos de Galicia e representantes do sector bateeiro. Na dita xuntanza os bateeiros explicaron que as características mudaron desde o ano no que se redactou o proxecto inicial, porque as medidas tomadas como referencia, naquel entón, non son un parámetro válido na actualidade, xa que a maioría das antigas embarcacións que se tiveron en conta nos estudos previos xa non existen.

Nunha reunión mantida recentemente con este grupo parlamentario, os bateeiros puxeron de manifesto a súa preocupación pola disparidade que hai entre a relación de embarcacións reflectidas no proxecto e as existentes na actualidade. Descoñecen a procedencia desta relación, valoran incluso a posibilidade de que se trate de embarcacións que existían no ano 2009 cando se fixeron os estudos previos da obra. Esta cuestión é fundamental aclarala porque a incongruencia existente crea graves problemas de operatividade, impediría que os novos barcos poidan usar os pantaláns, dadas as medidas de 18 metros que teñen na actualidade.

En decembro de 2018, a empresa adxudicataria reuniuse cos bateeiros, e para sorpresa destes últimos, o proxecto non sufrira ningunha modificación, cuestión que causou un gran malestar no sector e, como consecuencia, o sector non está disposto a aceptar a súa execución sen que recolla as novas demandas e garanta a operatividade no porto de Cabo de Cruz.

CSV: GmmWgbzwn8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/03/2019 11:12:57
Nº Rexistro: 47184
Data envio: 04/03/2019 11:12:57.263

grupo socialista Parlamento de Galicia · PSG PSOE

Ante esta sucesión de atrasos e de incertezas é preciso coñecer en que situación se atopa o proxecto, determinar se este recolle as modificacións precisas, así como se é preciso realizar unha nova licitación.

Por iso o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a levar a cabo a modificación do proxecto para a construción de pantaláns para embarcacións en Cabo de Cruz, de xeito que recollan as demandas dos bateeiros.

Pazo do Parlamento, 4 de marzo de 2019

Asinado dixitalmente por:

María Dolores Toja Suárez na data 04/03/2019 10:59:29

Patricia Otero Rodríguez na data 04/03/2019 10:59:40

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 04/03/2019 11:03:09

CSV: GmmWgbzwn8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/03/2019 12:25:43
Nº Rexistro: 47192
Data envio: 04/03/2019 12:25:43.855

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia,** por iniciativa da súa deputada **Concepción Burgo López,** do seu deputado-portavoz **Xoaquín Fernández Leiceaga** e do seu deputado **Luis Manuel Alvarez Martínez,** a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Comisión 4.ª, Educación e Cultura.**

Exposición de motivos

O novo líder do Partido Popular, Pablo Casado, vén de anunciar que está disposto a comezar unha guerra lingüística en todos os territorios con lingua cooficial, tal como fixo en Galicia Alberto Núñez Feijoo.

Así, Pablo Casado leva ao programa electoral para as eleccións do 28 de abril a promesa de desenvolver unha "lei de linguas" que fundamentalmente significaría fortes recortes para os idiomas oficiais diferentes ao castelán, e por suposto tamén para o galego.

O Partido Popular quere con esta lei eliminar calquera obriga de coñecer o galego para acceder a empregos públicos ao considerar indispensable soamente o coñecemento do español, e un mérito coñecer o galego, que se convertería en algo opcional. Isto significa prohibir que coñecer o idioma galego poda ser considerado como un requisito para acceder a un posto na administración pública, cando o coñecemento do español xa é unha obrigación marcada pola Constitución.

Tamén pretende inmiscuírse nas decisión das comunidades autónomas con idioma cooficial en asuntos como o idioma nas sinalización, a utilización do idioma propio na administración e na súa relación cos cidadáns.

Esta proposta de lei orgánica vai en contra dos dereitos lingüísticos dos galegas e galegas garantidos no Estatuto de Autonomía.

Así o artigo 5 afirma que o galego é a lingua propia de Galicia e cooficial co castelán. Todos os cidadáns teñen dereito a coñecelos e usalos, e os poderes públicos teñen que garantir o uso normal e oficial de ambos idiomas e potenciar o "emprego do galego en tódolos planos da vida pública, cultural e informativa,

CSV: GmmWgbzwn8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/03/2019 12:25:43
Nº Rexistro: 47192
Data envio: 04/03/2019 12:25:43.855

e disporán os medios necesarios para facilita-lo seu coñecemento", afirmando categoricamente que ninguén pode ser discriminado pola súa lingua.

A proposta do Presidente do Partido Popular, Pablo Casado, vulnera gravemente o dereito da cidadanía galega a usar a nosa lingua en todos as ordes da vida, tamén na administración pública dereito que ten ser defendido polo goberno de Galicia, e que xa foi restrinxido polo goberno do presidente Feijoo en Galicia ao modificar a lei da Función Pública en canto as obrigas lingüísticas dos empregados públicos, xa en 2009.

Propostas como as do Partido Popular son totalmente involucionistas e nos sitúan en tempos preconstitucionais cando só existía para a administración o español.

Ante a campaña de vulneración de dereitos da cidadanía, tamén da galega, que está a levar a cabo o Partido Popular consideramos que o presidente Feijoo e o goberno da Xunta de Galicia ten que manifestar claramente a súa repulsa ante ela, e dar a coñecer as medidas que tomarán para que os dereitos, neste caso lingüísticos, dos galegos e galegas non sexan vulnerados, así como manifestar claramente si van ou non a defender o Estatuto de Autonomía de Galicia

Polo exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei:

"O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a defender os dereitos lingüísticos da cidadanía galega garantidos polo noso Estatuto de Autonomía, opoñéndose de forma radical e pública ás propostas que se están a realizar por certos partidos políticos para que se reduza a presencia do idioma galego na Administración Pública fronte ao castelán, e a impulsar de forma decidida todas as medidas contidas no Plan Xeral de Normalización Lingüística para ampliar a presenza do galego nese ámbito."

Pazo do Parlamento, 4 de marzo de 2019

Asdo.: Concepción Burgo López
Luis Manuel Alvarez Martínez
Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia
Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Deeputado-Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

CSV: GmmWgbzwn8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/03/2019 12:25:43
Nº Rexistro: 47192
Data envio: 04/03/2019 12:25:43.855

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Asinado dixitalmente por:

Maria de la Concepción Burgo López na data 04/03/2019 12:16:29

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 04/03/2019 12:16:39

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 04/03/2019 12:22:06

CSV: GmmWgbzwn8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/03/2019 13:01:00
Nº Rexistro: 47198
Data envio: 04/03/2019 13:01:00.516

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa das súas deputadas, María Dolores Toja Suárez e Patricia Otero Rodriguez, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 8ª.

Nos últimos días, as mareas vivas sacaron á luz un depósito de bolsas de plástico e desperdicios no porto de Malpica. As causas poden ser varias, entre elas están a mala xestión de residuos ou a necesidade de actuacións máis frecuentes por parte de Portos de Galicia.

No Porto de Malpica, foi o propio Goberno municipal o que levou a cabo a limpeza da dársena, aínda que se trata dunha competencia propia do ente dependente da Consellería do Mar.

O certo é que esta situación non é única, a limpeza dos portos ten consecuencias directas non só no mar senón tamén nas praias ás que chegan residuos propios dos labores do mar, como cordas, aparellos… residuos que poñen en risco a seguridade nas augas interiores e tamén a fauna mariña.

A finais do ano pasado Portos de Galicia facía públicas as súas actuacións de limpeza dos portos galegos, que dada a situación real na que se atopan, resultan totalmente insuficientes.

Por iso, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta ao Goberno galego para que:

1º) Leve a cabo unha campaña informativa sobre as consecuencias da mala xestión dos residuos, tanto na fauna mariña como para a seguridade das embarcacións en augas interiores.

2) Realice labores de limpeza nas dársenas portuarias durante este ano 2019 e seguintes.

Pazo do Parlamento, 1 de marzo de 2019

CSV: GmmWgbzwn8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/03/2019 13:01:00
Nº Rexistro: 47198
Data envio: 04/03/2019 13:01:00.516

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Asinado dixitalmente por:

María Dolores Toja Suárez na data 04/03/2019 12:51:50

Patricia Otero Rodríguez na data 04/03/2019 12:52:02

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 04/03/2019 12:52:16

CSV: GmmWgbzwn8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/03/2019 13:19:10
Nº Rexistro: 47204
Data envio: 04/03/2019 13:19:10.710

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Olalla Rodil Fernández**, **Luis Bará Torres**, **Ana Pontón Mondelo**, **Xosé Luis Rivas Cruz**, **Montserrat Prado Cores** e **Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 4ª**, sobre o agrupamento de alumnado de distinto ciclo formativo nos centros de ensino público de Galiza.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Desde o ano 2009 a Xunta de Galiza decidiu que en centros con pouco alumnado matriculado, especialmente no rural, poderían agruparse estudantes de distinto ciclo na mesma aula. Inicialmente, o Goberno galego acordou con algunhas organizacións sindicais que este tipo de agrupamentos só se poderían levar a cabo cando o número de estudantes se situase por baixo de 12 en Primaria.

En 2012, a Consellaría decidiu rachar con estas condicións a través dun Decreto unilateral.

No curso 2018/2019 o CEIP Virxe da Luz de Portomarín foi un dos centros que se viron obrigados a agrupar o alumnado de distinto ciclo na mesma aula. Neste senso, o estudantado de 1º, 2º e 3º de Primaria nunha aula e o de 4º, 5º e 6º noutra.

Malia contar cunha alumna máis matriculada en relación ao curso anterior, a Xunta de Galiza suprimiu un docente no centro e impuxo o agrupamento fóra do mesmo ciclo o que provocou importantes denuncias entre as familias do Concello de

CSV: GmmWgbzwn8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/03/2019 13:19:10
Nº Rexistro: 47204
Data envio: 04/03/2019 13:19:10.710

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Portomarín. Denuncias e malestar que trasladaron ao conxunto da opinión pública e que motivou a presentación dunha iniciativa parlamentar do Bloque Nacionalista Galego debatida na Comisión 4ª en decembro de 2018 exixindo a restitución da praza suprimida e o agrupamento do alumnado dentro do mesmo ciclo formativo.

Para o BNG os agrupamentos dentro do mesmo ciclo non teñen por que ser considerados negativos desde un punto de vista pedagóxico naqueles centros que contan con pouco estudantado, especialmente no rural. Porén, cando as idades agrupadas son tan amplas, agrupar supón unha merma da calidade do ensino.

Por todo o exposto, o Grupo parlamentar do BNG formula a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 4ª:

"O Parlamento insta a Xunta de Galiza a fixar como criterio para o agrupamento de alumnado nunha mesma aula que só poida desenvolverse entre alumnado que pertenza ao mesmo ciclo formativo, agás no suposto excepcional das escolas unitarias."

Santiago de Compostela, 4 de marzo de 2019

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

Montserrat Prado Cores

Luis Bará Torres

Noa Presas Bergantiños

Xosé Luis Rivas Cruz

CSV: GmmWgbzwn8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/03/2019 13:19:10
Nº Rexistro: 47204
Data envio: 04/03/2019 13:19:10.710

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 04/03/2019 13:11:42

María Montserrat Prado Cores na data 04/03/2019 13:11:49

Ana Pontón Mondelo na data 04/03/2019 13:11:50

Xose Luis Rivas Cruz na data 04/03/2019 13:11:51

Noa Presas Bergantiños na data 04/03/2019 13:11:53

Xosé Luis Bará Torres na data 04/03/2019 13:11:54

CSV: GmmWgbzwn8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/03/2019 13:46:47
Nº Rexistro: 47215
Data envio: 04/03/2019 13:46:47.281

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Olalla Rodil Fernández**, **Luis Bará Torres**, **Ana Pontón Mondelo**, **Xosé Luis Rivas Cruz**, **Montserrat Prado Cores** e **Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 4ª**, sobre as subvencións da Xunta de Galiza á patronal mineira para a elaboración de unidades didácticas dirixidas a crianzas e centros de ensino.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A través da resolución publicada no DOG con data 12 de febreiro de 2019 a Xunta de Galiza concedeu 43.761,12 euros á Cámara Oficial de Minaría de Galiza para a elaboración de unidades didácticas para crianzas.

Estas unidades didácticas deseñadas pola patronal da minaría insírense dentro da campaña 'Minaría sostíbel de Galiza' e difunde entre a mocidade en idade escolar do noso país unha imaxe parcial e interesada desta actividade extractiva de enorme impacto en Galiza.

O nesgo editorial pode observarse nos contidos audiovisuais xa editados e difundidos a través da rede.

Diversas organizacións e colectivos sociais en defensa do medio ambiente así como ANPAS Galegas e CIG-Ensino, amosaron publicamente o seu rexeitamento a que estas accións reciban apoio público e a que se distribúa e difunda nas escolas públicas

CSV: GmmWgbzwn8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/03/2019 13:46:47
Nº Rexistro: 47215
Data envio: 04/03/2019 13:46:47.281

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

do noso país material didáctico de parte que amosa unha visión nesgada da minaría. Así mesmo, os contidos elaborados, representan apenas os intereses económicos das empresas mineiras negando e mesmo ocultado unha parte fundamental que atinxe esta actividade económica, os enormes prexuízos medioambientais e ecolóxicos que carrexa.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 4ª:

"O Parlamento insta a Xunta de Galiza a non distribuír nos centros de ensino e entre o alumnado campañas de propaganda promovidas pola patronal da minaría en Galiza."

Santiago de Compostela, 4 de marzo de 2019

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

Montserrat Prado Cores

Luis Bará Torres

Noa Presas Bergantiños

Xosé Luis Rivas Cruz

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

CSV: GmmWgbzwn8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

152112

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/03/2019 13:46:47
Nº Rexistro: 47215
Data envio: 04/03/2019 13:46:47.281

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 04/03/2019 13:42:22

María Montserrat Prado Cores na data 04/03/2019 13:42:27

Ana Pontón Mondelo na data 04/03/2019 13:42:29

Xose Luis Rivas Cruz na data 04/03/2019 13:42:30

Noa Presas Bergantiños na data 04/03/2019 13:42:33

Xosé Luis Bará Torres na data 04/03/2019 13:42:34

CSV: GmmWgbzwn8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/03/2019 17:08:51
Nº Rexistro: 47237
Data envio: 04/03/2019 17:08:51.670

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de En Marea, a iniciativa da súa deputada **Paula Quinteiro Araujo e** do seu deputado **Marcos Cal Ogando,** ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 1.ª.**

Exposición de motivos

A desigualdade de xénero está presente en todos os espazos da vida, pero as administracións deben dar exemplo en canto garantir a igualdade e a paridade.

O Consello Económico e Social (CES) de Galicia é, nas súas propias palabras, "un órgano consultivo da Xunta de Galicia creado para facilitar a participación dos axentes socioeconómicos e dos representantes da sociedade civil organizada no proceso de toma de decisións". "O Consello é, deste xeito, a plataforma de diálogo e participación de organizacións cidadáns de todo tipo, un elemento que semella imprescindible na consecución dunha mellor calidade democrática das nosas sociedades". Malia as súas boas intencións, o CES presenta unha eiva inexplicable: dos 33 membros do seu pleno, só 8 son mulleres. Con semellante disparidade de xénero, non pode aspirar, como di, a conseguir unha "mellor calidade democrática", xa que non hai democracia posible se as mulleres non están representadas como corresponde.

O pleno do CES está constituído pola presidenta e o secretario xeral, e por tres grupos de representantes. Cada grupo de representantes, a saber, o dos sindicatos, o da confederación de empresarios de Galicia e o das universidades,

CSV: GmmWgbzwn8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/03/2019 17:08:51
Nº Rexistro: 47237
Data envio: 04/03/2019 17:08:51.670

consumidores e organizacións do mundo rural e marítimo, consta de 11 membros, que son designados polas propias organizacións.

A composición do CES varía ao longo do ano, pero sen respectar ningún criterio de paridade.

Hai, ademais, un dato curioso que cómpre poñer sobre a mesa. Entre os suplentes hai 18 mulleres e 15 homes, unha composición moito máis igualitaria que a do propio pleno. Cabería pensar, polo tanto, que hai suficientes mulleres que poderían asumir as responsabilidades pertinentes para poder ter un CES paritario. Se non o hai, é porque non existe a vontade política de que aconteza.

Por todo o dito, o Grupo Parlamentar de En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a garantir a igualdade de xénero nos órganos consultivos do Goberno galego.

Santiago de Compostela, 4 de marzo de 2019.

Asdo.: Paula Quinteiro Araujo
Marcos Cal Ogando
Deputada e deputado do G.P. de En Marea.
Luís Villares Naveira
Voceiro do G.P. de En Marea.

CSV: GmmWgbzwn8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/03/2019 17:08:51
Nº Rexistro: 47237
Data envio: 04/03/2019 17:08:51.670

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Asinado dixitalmente por:

Paula Quinteiro Araújo na data 04/03/2019 17:05:22

Marcos Cal Ogando na data 04/03/2019 17:05:29

Luis Villares Naveira na data 04/03/2019 17:06:12

CSV: GmmWgbzwn8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/03/2019 09:30:00
Nº Rexistro: 47254
Data envio: 04/03/2019 18:36:59.173

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa dos seus deputados, José Manuel Pérez Seco e Raúl Fernández Fernández, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 7ª.

O xabaril ten unha gran capacidade de desprazamento e adaptación a todo tipo de hábitats e, en Galicia, atopou no abandono das terras en particular e no medio rural en xeral o agocho perfecto para a súa expansión. A proliferación do bosque e mato recrean o escenario perfecto para a súa reprodución.

Os continuos estragos producidos por este animal está ocasionando graves problemas económicos, ambientais, sociais e de seguridade viaria no noso territorio, especialmente nas economías rurais das familias e das explotacións gandeiras e agrícolas pola desfeita que fan nas leiras e nos cultivos.

Os danos económicos producidos nos cultivos e prados teñen un gran alcance xa que impiden a sega e o ensilado, afectan ao millo, ás hortas e a outras producións e cultivos, como, por exemplo, a vide ou a castaña.

O xabaril, no tema da seguridade viaria, tamén ampliou o seu radio de actuación ata ser, a día de hoxe, unha das principais causas da sinistralidade viaria, co agravante de que a súa presenza nas estradas xa non só afecta ás vías secundarias senón que se estende á totalidade das estradas, incluídas as autoestradas, provocando importantes danos materiais e poñendo en risco a vida das persoas.

É, tamén, competencia desigual con outras especies das que son predadores directos, especialmente nos contornos dos Espazos Naturais Protexidos, poñéndoas en risco de desaparición (aves, réptiles, anfibios, coellos e micro mamíferos). Tamén teñen responsabilidade en canto aos riscos zoosanitarios, polo contaxio ás especies domésticas, de zoonoses das que son reservorios, como a tuberculose, peste porcina, etc.

Por iso, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a:

CSV: GmmWgbzwn8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/03/2019 09:30:00
Nº Rexistro: 47254
Data envio: 04/03/2019 18:36:59.173

grupo socialista Parlamento de Galicia · PSG PSOE

1. Identificar, nun prazo de tres meses, os puntos negros de atropelos de fauna salvaxe nas estradas galegas, especialmente naqueles nos que aumentan os accidentes por especies cinexéticas.

2. Realizar un proxecto de actuación conxunto co Goberno do Estado nos puntos negros identificados nos tramos de estradas da Comunidade Autónoma de Galicia, que contemple medidas para o tránsito de animais que, na medida do posible, se sitúen fóra dos tramos críticos de circulación de vehículos. Para iso estudarase a viabilidade de solucións como a mellora de visibilidade (incluíndo alumeado nocturno) , o aumento das advertencias aos condutores ou o establecemento de pasos alternativos para a fauna.

3. Implantar plans coordinados entre as administracións competentes e realizar un seguimento anual que permita coñecer a efectividade das medidas adoptadas. Levar a cabo unha medición dos resultados esperados, contabilizando o número de accidentes, o de atropelos de animais nesas zonas e a valoración dos danos causados ás persoas así como a vehículos.

4. Demandar do Goberno do Estado a elaboración dun marco lexislativo que, no relativo ao réxime de seguros, confiran a máis ampla marxe de seguridade ante os danos causados a persoas e vehículos en accidentes causados por fauna, con independencia do lugar do accidente.

Pazo do Parlamento, 4 de marzo de 2019

Asinado dixitalmente por:

Jóse Manuel Pérez Seco na data 04/03/2019 18:34:09

Raúl Fernández Fernández na data 04/03/2019 18:34:22

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 04/03/2019 18:34:33

CSV: GmmWgbzwn8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/03/2019 09:30:00
Nº Rexistro: 47259
Data envio: 04/03/2019 19:22:35.754

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario de En Marea**, a iniciativa da súa deputada **Paula Vázquez Verao,** ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate na **Comisión 5.ª**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O 9 de setembro de 2013, unha muller da parroquia de Abeledo, Abadín, con mobilidade reducida que precisa de cadeira de rodas nos seus desprazamentos, diríxese á Alcaldía para que se teña en conta a Lei de Accesibilidade de Galicia e que se elimine a barreira arquitectónica que está presente á saída da súa casa, dado que o desnivel e a pendente da pista municipal colindante coa casa non lle permite acceder a ela en cadeira de rodas. Esta petición é reiterada o 27 de outubro de 2014. A pendente lonxitudinal de acceso á pista é superior ao 20%, cando as rampas adaptadas non poden superar o 10% de pendente.

A casa da muller citada estaba alí antes de ser asfaltada a pista; os sucesivos asfaltados elevaron o nivel da pista uns 12-15 cm. a respecto da entrada da casa, agravando, ademais o risco de inundación da vivenda, ao tupírense con frecuencia as tuberías dos desaugadoiros.

En novembro de 2015 a problemática da falta de accesibilidade da casa de dita muller con mobilidade reducida en Abadín ponse en coñecemento da Valedora do Pobo, acompañado dun informe técnico que determina que a vía municipal debe ser arranxada para garantir a accesibilidade á vivenda e que esta obra ten un custe menor.

CSV: GmmWgbzwn8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/03/2019 09:30:00
Nº Rexistro: 47259
Data envio: 04/03/2019 19:22:35.754

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

O 8 de setembro de 2016, a Valedora do Pobo informou ás persoas que lle enviaron esta petición que fixera xestións co Concello para buscar unha solución ao problema de accesibilidade, pero o Concello non remite, pasados os anos, o informe técnico requirido pola Valedora para buscar dita solución de accesibilidade.

De feito, o 14 de novembro de 2018, logo de reiteradas peticións por parte da Valedora do Pobo, indica que o Concello de Abadín continúa sen dar unha solución á barreira arquitectónica urbanística xerada pola súa actuación nunha pista continua á casa n.º 8 do lugar de Couto, en dito Concello, polo que a queixa foi incluída no Informe anual da Valedora do Pobo.

A existencia desta barreira arquitectónica nunha casa do barrio do Couto, parroquia de Abeledo, concello de Abadín, condiciona negativamente a vida e autonomía persoal dunha persoa en cadeira de rodas e incumpre a Lei 10/2014, do 3 de decembro, de accesibilidade. En concreto, a pavimentación considérase un elemento de urbanización e debe, polo tanto, garantir "a seguridade, a accesibilidade, a autonomía e a non-discriminación de todas as persoas". A barreira arquitectónica urbanística que supón a configuración da pista municipal obriga a facer modificacións na mesma, xa que non chegan as adaptacións que se puideran acometer na vivenda.

Polo exposto, o Grupo Parlamentario de En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 5ª:

O Parlamento de Galicia insta á Xunta a dirixirse ao Concello de Abadín para que garanta a accesibilidade da vivenda situada no número 8 do barrio do Couto, parroquia de Abeledo, mediante a adaptación da pista municipal.

Santiago de Compostela, 4 de marzo de 2019.

CSV: GmmWgbzwn8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/03/2019 09:30:00
Nº Rexistro: 47259
Data envio: 04/03/2019 19:22:35.754

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Asdo.: Paula Vázquez Verao

Deputada do G.P. de En Marea

Luís Villares Naveira

Voceiro do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Paula Vázquez Verao na data 04/03/2019 19:14:29

Luis Villares Naveira na data 04/03/2019 19:14:38

CSV: GmmWgbzwn8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/03/2019 09:53:40
Nº Rexistro: 47264
Data envio: 05/03/2019 09:53:40.014

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa dos seus deputados **Luís Villares Naveira e Davide Rodríguez Estévez** e da súa deputada **Paula Vázquez Verao**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate na **Comisión 1.ª**

Exposición de motivos:

Os Grupos de Emerxencias Supramunicipais (GES) creáronse no ano 2013 mediante un convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia, as Deputacións provinciais e a Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP) para cubrir a rede de emerxencias de Galicia nas que había zonas de sombra, onde os parques de bombeiros non chegaban a dar cobertura.

Neste convenio recóllense as funcións encomendadas aos GES entre as que se atopan a intervención en incendios forestais e urbanos no ámbito territorial da súa demarcación, definición de redes de faixas de xestión da biomasa de prevención e defensa contra os incendios forestais, investigación da propiedade das redes de faixas secundarias de xestión de biomasa forestal, prácticas preventivas, de carácter local e a pequena escala, que creen descontinuidades verticais e horizontais da cuberta vexetal, mediante rozas en terreos forestais de titularidade dos concellos ou de propietarias descoñecidas e perímetros e parcelas declaradas como abandonadas, actuacións de prevención de pragas (vespa velutina, etc.) como control e retirada de niños, intervención en situacións de risco e de emerxencia para manter a rede de estradas mediante a limpeza e retirada de obxectos, especialmente no caso de accidentes, intervención en situacións derivadas de riscos naturais, nevaradas, inundacións, temporais,

CSV: GmmWgbzwn8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

xeadas, choivas intensas, sismos, derrubes, colaborar en casos de aglomeracións de persoas en lugares e momentos determinados, etc.

Os concellos de Maceda, Allariz e A Veiga reclamaron a creación de GES para dar cobertura ás zonas de poboación, que non teñen bombeiros preto e que por proximidades cubran as zonas de sombra existentes actualmente. Hai 27 GES e para completar o mapa de emerxencias que abarcase todo o territorio precisaríanse 8 novos GES.

O GES da Fonsagrada que está inactivo, a sede deste pasou a Baleira, inda que deixa sen cobertura a moitas das localidades máis afastadas, sobre todo na alta montaña lucense, co que coa produción dun sinistro este pode ter unha incidencia maior, sendo inasumible polas condicións de acceso a estas localidades e polas distancias que o GES de Becerreá ou outros teñen que asumir.

Ademais, outras localidades como Silleda tamén mostraron a necesidade de contar cun GES específico ou ben a inclusión no convenio da zona que lle corresponda, para que non se dean casos como os do ano pasado que quedaron sen cobertura.

Este concello conta con parque de bombeiros e non se incluíu no convenio de zona cos GES de Lalín e/ou da Estrada.

Por todo o exposto o Grupo Parlamentario de En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 1.ª

O Parlamento de Galicia insta á Xunta a:

1.- Aprobar a creación don GES de Maceda, Allariz, Silleda e A Veiga e dotalos de orzamento.

2.- Crear un GES na montaña lucense que reduza os tempos de resposta as emerxencias que se produzan.

CSV: GmmWgbzwn8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/03/2019 09:53:40
Nº Rexistro: 47264
Data envio: 05/03/2019 09:53:40.014

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Santiago de Compostela, 4 de marzo de 2019.

Asdo.: Davide Rodríguez Estévez

Paula Vázquez Verao

Luís Villares Naveira

Deputado, deputada e Voceiro do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

David Rodríguez Estévez na data 05/03/2019 09:40:38

Paula Vázquez Verao na data 05/03/2019 09:40:48

Luis Villares Naveira na data 05/03/2019 09:40:52

CSV: GmmWgbzwn8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/03/2019 10:05:08
Nº Rexistro: 47266
Data envio: 05/03/2019 10:05:08.522

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia,** por iniciativa dos seus deputados **Abel Losada Alvarez e José Manuel Pérez Seco**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei** en **Comisión 6.ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo**.

Exposición de motivos

A política de publicidade e propaganda do goberno Feijóo dende 2009 ten un dos seus exemplos máis notorios no asunto PEMEX. Tódolos galegos recordamos a desconexión en "prime time" da televisión pública para que o presidente presentara a empresa mexicana PEMEX, como unha especie de "Eldorado" para Galicia. Nun momento, ademais en que as taxas de desemprego eran moi elevadas nas comarcas mais industrializadas do país.

Falou o presidente Feijóo dunha morea de contratos de construción de buques nos estaleiros galegos, tanto os privados en Vigo, como os públicos en Ferrol, ademais do establecemento dunha base loxística de distribución de hidrocarburos de PEMEX para Europa no porto de Punta Langosteira. Íanse a construír, ademais dos floteis, tres buques tanque, un atuneiro, un barco de apoio a plataformas petrolíferas, outro buque-hotel, a renovación de parte da frota, dous quimiqueiros e os remolcadores... só se construíron dous floteis.

Noutra precampaña, a empresa anunciou a entrada no capital de Barreras, cun control do 51 % desde 2013. Co anuncio de establecer unha "alianza estratéxica" que a Xunta de Galicia impulsou coa petroleira; foi logo dunha ampliación de capital de 5,1 millóns abonada ao completo por PEMEX para salvar a empresa ante a mala situación de Barreras, que lle permitiu aos mexicanos acceder a tecnoloxía naval da empresa galega para iniciarse na construción naval.

Os galegos vimos que neste escenario de publicidade e propaganda, a realidade lamentablemente acabou por imporse. Aínda que PEMEX anunciou a construción dun terceiro flotel en setembro de 2015 no estaleiro de Barreras (Vigo), xa no mes de novembro de 2016, manifestou que non se ía construír ese novo buque e que paralizaba a futura, e non comezada, base loxística de Punta Langosteira (A Coruña). Os dous floteis construídos foron o único resultado da xigantesca operación de propaganda.

CSV: GmmWgbzwn8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/03/2019 10:05:08
Nº Rexistro: 47266
Data envio: 05/03/2019 10:05:08.522

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Agora, en 2019, PEMEX anunciou que deixa Barreras e abandona Galicia tras sete anos de presenza e só os dous floteis construídos. A petroleira estatal mexicana considera o estaleiro vigués un activo non estratéxico e intenta diminuír a súa elevadísima débeda. Todo parece indicar que México quere retirarse de maneira precipitada do capital de Barreras por orde do novo Goberno de López Obrador.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Realizar un informe detallado sobre:

1.1. Os efectos das inversións que no seu momento desenvolveu PEMEX no tecido da industria naval de Galicia.

1.2. Os fondos públicos da Xunta de Galicia recibidos pola empresa PEMEX, para as súas inversións en Galicia, tanto para a construción naval, como para a adquisición do estaleiro Barreras, en caso de telos recibido.

1.3. Cales teñen sido os mecanismos de control postos en marcha por parte da administración autonómica dos fondos aportados a estas operacións empresariais.

1.4. O posible impacto negativo na empresa Barreras, e as súas auxiliares, da saída do capital da mesma de PEMEX.

2. Estudar a pertinencia da entrada no capital do estaleiro Barreras da Xunta de Galicia, unha vez que PEMEX venda a súa participación.

3. Apoiar a negociación co propio estaleiro, con Pymar, coas empresas contratantes e coas entidades financeiras para atopar socios e avais que aporten garantías para as próximas construcións que Barreras ten en carteira, desenvolvendo un plan de específico de protección das inversións.

Pazo do Parlamento, 04 de marzo de 2019

CSV: GmmWgbzwn8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/03/2019 10:05:08
Nº Rexistro: 47266
Data envio: 05/03/2019 10:05:08.522

grupo socialista Parlamento de Galicia · PSG PSOE

Asinado dixitalmente por:

Abel Fermín Losada Álvarez na data 05/03/2019 10:02:51

Jóse Manuel Pérez Seco na data 05/03/2019 10:03:44

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 05/03/2019 10:03:49

CSV: GmmWgbzwn8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/03/2019 12:57:04
Nº Rexistro: 47286
Data envio: 05/03/2019 12:57:04.362

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de En Marea, por iniciativa da súa deputada **Flora Miranda Pena**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 5.ª.**

Exposición de motivos.

O Servizo Galego de Saúde padece un grave problema de xestión de persoal no entorno da Atención Primaria de Saúde e nomeadamente nos Puntos de Atención Continuada. Isto é consecuencia de anos de mala xestión, de maltrato de profesionais formadas e de falta de programación e vontade política na defensa da sanidade pública.

Sen ir máis lonxe, o Punto de Atención Continuada (PAC) de Vigo viviu o pasado sábado, dous de marzo, un novo colapso asistencial tralo traslado dun dos catro efectivos médicos para substituír unha ausencia no PAC de Moaña desde as 15 horas do propio sábado ata as 8 am do domingo. Neste tempo, con só tres médicas/os no propio PAC de Vigo, a situación asistencial foi de franca sobrecarga con máis de dúas horas de demora na atención de pacientes, que se acumulaban na sá de agarda. Isto suscitou malestar entre as persoas usuarias, que chegaron a ser trinta en espera de ser atendidas.

As propias profesionais advertían ás persoas usuarias desa situación, que ademais de demoras asistenciais redundaba nun severo malestar laboral, como é tónica habitual no entorno da Atención Primaria do SERGAS, especialmente na área de Vigo (lembremos que ten un orzamento en torno a un 11%, inferior ao precario 12.6% galego e moi lonxe do recomendable 25% sobre o total sanitario).

CSV: GmmWgbzwn8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/03/2019 12:57:04
Nº Rexistro: 47286
Data envio: 05/03/2019 12:57:04.362

Ademais do acontecido no PAC de Vigo o día 2, o PAC de Cangas tamén rexistrou unha ausencia non substituída o domingo 3 en horario nocturno, de modo que a cobertura se efectuou cun único efectivo médico, cando a dotación basal é de dous. Esta situación non é extraordinaria, senón que aconteceu de modo perigosamente común nos últimos tempos en diversos PACs no territorio galego.

Cómpre lembrar neste contexto a gravísima consecuencia que tivo sobre a saúde dun paciente no PAC da Estrada a ausencia dun efectivo médico o pasado verán.

Á marxe desta situación conxuntural indebida cómpre lembrar tamén a situación de sobrecarga crónica nos PACs de dotación menor e/ou máis periféricos, como os que teñen necesidade de realizar moitas saídas a emerxencias ou longos traslados ao Hospital de referencia (véxase, por exemplo, a demanda social no PAC de Curtis neste aspecto).

Dita situación non só compromete a atención digna para as persoas enfermas, senón que induce ás profesionais a desenvolver o seu traballo cunha sobrecarga emocional e laboral impropia dun servizo de saúde, condicionando cadros de estrés laboral, fomentando a precariedade, incrementando o malestar e redundando nunha dinámica de maltrato profesional que non contribúe na búsqueda de solucións ao grave problema de dotación de persoal médico.

Estas e estes profesionais levan meses consensuando e reivindicando melloras básicas no que respecta á definición e cómputo da súa xornada laboral, á súa protección de riscos laborais, á dotación de persoal mínimo, ao dereito ao cobro de complementos estipulados e, en definitiva, a un trato digno pola Administración Sanitaria.

Polo exposto, o Grupo Parlamentar de En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei:

CSV: GmmWgbzwn8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/03/2019 12:57:04
Nº Rexistro: 47286
Data envio: 05/03/2019 12:57:04.362

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a atender as demandas profesionais consensuadas polas profesionais dos Puntos de Atención Continuada de cara a garantir non só a atención sanitaria, senón a dotación presente e futura de profesionais suficientes con condicións laborais dignas.

Santiago de Compostela, 5 de marzo de 2019.

Asdo.: Flora Maria Miranda Pena

Deputada do G.P. de En Marea.

Luís Villares Naveira

Voceiro do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Flora María Miranda Pena na data 05/03/2019 12:50:25

Luis Villares Naveira na data 05/03/2019 12:50:33

CSV: GmmWgbzwn8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/03/2019 13:08:32
Nº Rexistro: 47288
Data envio: 05/03/2019 13:08:32.994

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Montserrat Prado Cores**, **Luis Bará Torres**, **Ana Pontón Mondelo**, **Xosé Luis Rivas Cruz**, **Olalla Rodil Fernández** e **Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 5ª**, relativa ás medidas a tomar para garantir a continuidade do servizo de axuda no fogar no concello de Forcarei.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Estes días estamos a ver como no concello de Forcarei se manifestan as 18 traballadoras do servizo de axuda no fogar, reclamando a continuidade dun servizo público esencial que ven ameazado de peche.

Esta problemática arranca no ano 2016, cando se permitiu ao xerente de Servizos Sociais á Comunidade SL, Nonito Crespo, marchar sen cumprir o contrato, con débedas ás traballadoras e sen unha soa penalización a través do prego de contratación. Permitiuse así mesmo que marchara coa fianza do 5% sobre o valor total do contrato deixando débedas con traballadoras e seguridade social.

No ano 2016, tras meses de tardanzas nos cobros por parte das traballadoras adxudicouse de novo o servizo a Serinter Sl, empresa á que as débedas herdadas da anterior concesionaria levaron a unha situación de inviabilidade económica, de novo cunha alcaldía que non fixo ningunha labor de control administrativo, deixando ás traballadoras indefensas e sen cobrar de novo.

CSV: GmmWgbzwn8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/03/2019 13:08:32
Nº Rexistro: 47288
Data envio: 05/03/2019 13:08:32.994

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Esta empresa, á finalización do contrato en Agosto de 2018 solicitou a finalización da concesión, retendo a alcaldía incomprensiblemente a unha empresa en quebra técnica, en concurso de acredores até Novembro, onde grazas á presión do BNG e traballadoras se licita de novo o servizo.

Son meses de atrasos inxustificábeis, tan só explicábeis dende a inoperancia do Goberno municipal de Forcarei e que fan que a Asociación de Empresarios de Servizos Sociais e Axuda a Domicilio de Galiza puxera en aviso @s seus/súas asociad@s da situación do concello.

Todas estas actuacións van en contra e supón o incumprimento do protocolo da inspección de servizos sociais sobre as entidades prestadoras de servizos sociais que desenvolven o servizo de axuda no fogar en Galiza, da propia Xunta de Galicia (2012) onde, entre outros extremos a comprobar nos cumprimentos empresariais, se debe esixir os TC2, contratos, substitucións de baixas etc..., o que, obviamente, non se fixo no concello de Forcarei.

Esta mala fe nas actuacións, este desastre organizativo, así como a inseguridade financeira fixo que en novembro á licitación só se presentara unha empresa, renunciando a formalizar o contrato tras comprobar a débeda.

É polo tanto a situación actual preocupante en Forcarei, cunhas traballadoras suxeitas a un ERE que se fará efectivo antes do día 15 de Marzo e sen empresa que queira asumir o servizo, cun concello que non quere asumir a xestión directa.

É unha quebra técnica do servizo de axuda no fogar en Forcarei, que vai deixar dependentes sen atención pola incapacidade da alcaldía para asumir un servizo obrigatorio e esencial por lei.

CSV: GmmWgbzwn8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/03/2019 13:08:32
Nº Rexistro: 47288
Data envio: 05/03/2019 13:08:32.994

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A asistencia aos servizos sociais é unha obriga da administración autonómica cedida aos concellos de Galicia, pero que é básica e de obrigada prestación.

A lei 27/2013 de 27 de Decembro de Racionalización e sostibilidade da administración local modifica o apartado 2 do artigo 25 da lei de Bases do Réxime local, atribuíndolle aos concellos a "avaliación e información de situacións de necesidade social e a atención inmediata a persoas en situación ou risco de exclusión social."

A maiores abunda a lei 13/2008 do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia nesta obrigatoriedade de prestación polos concellos de Galicia, establecendo no capítulo II, competencias das administracións públicas, artigo 61 a atribución aos concellos da "creación, a xestión e o mantemento dos servizos sociais comunitarios básicos", polo que a NON prestación do servizo por parte do concello é contrario á obrigatoriedade normativa, debendo en caso necesario solicitar a dispensa do mesmo.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 5ª:

"O Parlamento de Galiza insta ao Goberno a:

Realizar de inmediato todas as actuacións precisas para esixirlle ao concello de Forcarei a prestación do servizo de axuda no fogar, que como básica ten a obriga de prestar, sen que signifique ningún empeoramento no servizo que veñen recibindo, e coa subrogación do persoal que o ven prestando até agora, con criterios de igualdade e transparencia.

Presentar un informe á menor brevidade dando conta de:

CSV: GmmWgbzwn8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/03/2019 13:08:32
Nº Rexistro: 47288
Data envio: 05/03/2019 13:08:32.994

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

-Dispensa solicitada polo concello de Forcarei de prestar o servizo.

-Seguimento e fiscalización das empresas e do concello de Forcarei na prestación do servizo do fogar: inspeccións realizadas pola Xunta, expedientes sancionadores abertos, sancións,...”

Santiago de Compostela, 5 de marzo de 2019

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Luis Bará Torres

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 05/03/2019 13:00:51

Ana Pontón Mondelo na data 05/03/2019 13:00:57

CSV: GmmWgbzwn8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/03/2019 13:08:32
Nº Rexistro: 47288
Data envio: 05/03/2019 13:08:32.994

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Xose Luis Rivas Cruz na data 05/03/2019 13:00:58

Olalla Rodil Fernández na data 05/03/2019 13:01:00

Noa Presas Bergantiños na data 05/03/2019 13:01:01

Xosé Luis Bará Torres na data 05/03/2019 13:01:02

CSV: GmmWgbzwn8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/03/2019 10:07:22
Nº Rexistro: 47300
Data envio: 06/03/2019 10:07:22.848

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa da súa deputada **Eva Solla Fernández,** ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate na **Comisión 5.ª**

Exposición de motivos:

Segundo os últimos datos publicados pola Enquisa Nacional de Saúde de España, en Galicia un 34,6% de nenos e nenas sofren de obesidade infantil e sobrepeso, o que fai que nos situemos por enriba da media española como unha das comunidades nas que máis incide esta enfermidade. Unha enfermidade que debe ser tratada dende diferentes puntos de vista, tanto a nivel sanitario como no ámbito sociocultural, no que cada vez se está a evidenciar máis que o risco de sufrir obesidade tamén ven marcado polas condicións materiais de vida, sendo o empobrecemento un factor determinante na alimentación.

Dende a Organización Mundial da Saúde, estase a poñer o foco na obesidade infantil, xa que a obesidade é unha enfermidade que se asocia con outras enfermidades crónicas, como as cardiovasculares, psicolóxicas ou de diabetes e cuxa prevalencia fai imprescindible que sexa tratada como un problema de saúde pública.

O Plan Xermola foi publicado no ano 2013 co obxectivo de diminuír a prevalencia da obesidade na poboación infantil e xuvenil, mellorando o patrón alimentario e de actividade física como principais determinantes desta patoloxía.

Seis anos despois, os datos non melloran e a Xunta de Galicia non fai un balance e avaliación sobre o grao de cumprimento do Plan e incidencia do mesmo. Todo isto nun contexto no que as consecuencias dos recortes sanitarios comezan a facer estragos no propio sistema.

CSV: GmmWgbzwn8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/03/2019 10:07:22
Nº Rexistro: 47300
Data envio: 06/03/2019 10:07:22.848

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Por todo o anterior o Grupo Parlamentario de En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei.

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:

- Elaborar en colaboración coa FEGAMP un Plan que conte con orzamento suficiente para abordar a situación de problemas nutricionais na infancia e adolescencia.
- Retirar a comida lixo dos centros educativos de Galicia.

Santiago de Compostela, 6 de marzo de 2019.

Asdo.: Eva Solla Fernández

Deputada do G.P. de En Marea.

Luís Villares Naveira

Voceiro do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Eva Solla Fernández na data 06/03/2019 09:53:45

Luis Villares Naveira na data 06/03/2019 09:53:54

CSV: GmmWgbzwn8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/03/2019 10:40:44
Nº Rexistro: 47311
Data envio: 06/03/2019 10:40:44.879

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia,** por iniciativa dos seus deputados **Abel Losada Álvarez e José Manuel Pérez Seco**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei** en **Comisión 6.ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo**.

Exposición de motivos

A capacidade exportadora dun territorio é un factor fundamental para avaliar a súa competitividade e a súa capacidade para ter un crecemento económico sostido no tempo. O que quere dicir que é un factor básico para xerar emprego de calidade e asegurar a sustentabilidade do sistema de protección social.

Nun contexto de desaceleración do crecemento exportador no conxunto de España, a economía de Galicia mantivo no ano 2018 un ritmo exportador destacado. Mentres en España as exportacións xa medran por baixo da media da zona euro ou da UE, en Galicia seguen a medrar por riba deses espazos económicos.

No ano 2018, o crecemento das exportacións galegas foi dun un 4,9 %, inferior ó do ano anterior, pero superou a media da UE e do conxunto de España, que quedou no 3,2 %. Este bo resultado débese sobre todo ao dinamismo exportador do sector da automoción, mentres que o sector téxtil presenta un lixeiro descenso.

Este bo balance exportador no último ano, presenta na nosa opinión, un dato que nos parece negativo e extremadamente importante; o do número de empresas exportadoras. Aínda que o seu número medrou nun 8,1 %, o conxunto de España acadou o 26,5%, unha intensidade tres veces maior.

Así, para igualar o peso que temos no PIB de España precisamos incorporar máis de 3.000 novas empresas exportadoras, de xeito especial fóra da UE e cara os países emerxentes. Este horizonte significa incrementar o número de empresas exportadoras nun 40 %.

A acción pública da Xunta de Galicia neste ámbito é na opinión dos socialistas relativamente escasa e pouco coordinada, centrada na publicidade e na propaganda e con déficits moi importantes no apoio directo as empresa, especialmente as Pemes.

CSV: GmmWgbzwn8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/03/2019 10:40:44
Nº Rexistro: 47311
Data envio: 06/03/2019 10:40:44.879

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Realizar, nun prazo de seis meses, unha avaliación detallada das razóns polas que as empresas galegas, especialmente as Pemes, teñen tantas dificultades para incorporarse aos mercados internacionais.

2. En base a esa avaliación, deseñar no prazo dun ano, un Programa específico de apoio ás empresas galegas non exportadoras para internacionalizarse.

3. Neste programa especifico, deberían de coordinarse especificamente os ámbitos da innovación, da calidade e o deseño e da financiación.

Pazo do Parlamento, 04 de marzo de 2019

Asdo.: Abel Losada Álvarez
José Manuel Pérez Seco
Deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Abel Fermín Losada Álvarez na data 06/03/2019 10:38:53

Jóse Manuel Pérez Seco na data 06/03/2019 10:38:58

CSV: GmmWgbzwn8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/03/2019 10:40:44
Nº Rexistro: 47311
Data envio: 06/03/2019 10:40:44.879

grupo socialista Parlamento de Galicia · PSG PSOE

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 06/03/2019 10:39:04

CSV: GmmWgbzwn8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/03/2019 10:41:16
Nº Rexistro: 47313
Data envio: 06/03/2019 10:41:16.761

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia,** por iniciativa dos seus deputados **Abel Losada Álvarez e José Manuel Pérez Seco**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei** en **Comisión 6.ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo**.

Exposición de motivos

Na lexislatura do rural, anunciada polo presidente Feijóo no seu discurso de investidura en 2016, os problemas que atopan os cidadás que queren seguir vivindo e traballando nese rural son moi numerosos, e na nosa opinión as accións da Xunta de Galicia para axudalos escasas e fallas de coordinación.

No caso das actividades económicas no sector primario, o sector gandeiro presenta problemas específicos; ademais das dificultades para acadar explotacións con un tamaño competitivo na economía globalizada, hai outros vinculados a enerxía e as dispoñibilidade das TIC.

Cando estas explotacións, fundamentalmente lácteas, pretenden ampliar o seu tamaño para competir mellor, atópanse cunha obvia necesidade de mellorar o seu subministro enerxético, incrementando a calidade do mesmo e a potencia contratada.

Cando estas explotacións solicitan as empresas subministradoras unha ampliación de potencia no seu subministro eléctrico para mellorar e tecnificar os seus procesos produtivos, atópanse con demandas económicas desmesuradas por parte das empresas eléctricas.

Trátase de desenvolver proxectos de mellora no subministro imprescindibles para a viabilidade e crecemento das empresas, pero a súa contía fai que as Pemes agrogandeiras de Galicia non podan asumilo, sen poñer en risco a propia viabilidade da explotación.

CSV: GmmWgbzwn8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/03/2019 10:41:16
Nº Rexistro: 47313
Data envio: 06/03/2019 10:41:16.761

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Desenvolver unha estratexia concreta de negociación coas empresas subministradoras de electricidade para diminuír os custes de melloras no subministro enerxético as Pemes agrogandeiras.

2. Supeditar a recepción de axudas públicas por parte das empresas subministradoras de enerxía eléctrica a redución efectiva de prezos na mellora no subministro eléctrico as Pemes agrogandeiras.

3. Desenvolver unha liña de axudas financeiras, entre as consellerías de Economía (Igape e Inega) e Medio Rural, para as Pemes agrogandeiras no rural que precisen melloras no seu subministro enerxético.

Pazo do Parlamento, 04 de marzo de 2019

Asdo.: Abel Losada Álvarez
José Manuel Pérez Seco
Deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Abel Fermín Losada Álvarez na data 06/03/2019 10:39:44

Jóse Manuel Pérez Seco na data 06/03/2019 10:39:50

CSV: GmmWgbzwn8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/03/2019 10:41:16
Nº Rexistro: 47313
Data envio: 06/03/2019 10:41:16.761

grupo socialista Parlamento de Galicia · PSG PSOE

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 06/03/2019 10:39:55

CSV: GmmWgbzwn8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/03/2019 10:49:26
Nº Rexistro: 47315
Data envio: 06/03/2019 10:49:26.482

grupo socialista Parlamento de Galicia · PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa das súas deputadas, María Dolores Toja Suárez e Patricia Otero Rodríguez, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 8ª.

Unha vez máis o furtivismo é protagonista das preocupacións das persoas galegas que viven do mar, neste caso trátase da Organización de Produtores de Mexillón de Galicia, OPMEGA, a cal transmitiu ao noso Grupo Parlamentario a súa preocupación ante os roubos, cada vez máis frecuentes, que se producen nos polígonos de bateas.

Así, en datas recentes produciuse o roubo de 100 cordas de fazula, en dúas bateas na ría de Arousa, máis en concreto en Vilaxoan, soamente dous meses despois de sufrir un roubo similar. Como consecuencia presentáronse as correspondentes denuncias ante a Policía Nacional. Lamentan, non obstante, que as denuncias non sempre se producen e os responsables quedan impunes.

Estes roubos, afectan a todos os polígonos bateeiros e o prexuízo económico é moi importante, xa que poden implicar a perda da colleita enteira, o que supón anos enteiros de traballo. É unha situación realmente preocupante, por iso é necesario concienciar á Administración e a todo o sector para erradicar de maneira definitiva estas prácticas, lamentablemente cada vez máis habituais.

As actuacións inmediatas que se levarán a cabo por parte de OPMEGA consisten na intensificación de vixilancia nos polígonos, pero precisan doutras medidas que impliquen a actuación do Goberno galego nestes labores de vixilancia, xa sexa a través do reforzo de ferramentas ou da dotación de máis persoal destinado a salvagardar os intereses dos mexilloeiros.

Por iso, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a levar a cabo un plan de actuacións para loitar contra o furtivismo que está a sufrir o sector das bateas, no que se contemplen, entre outras cuestións, todas as medidas de vixilancia posibles, e o reforzo de ferramentas de carácter tecnolóxico.

CSV: GmmWgbzwn8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/03/2019 10:49:26
Nº Rexistro: 47315
Data envio: 06/03/2019 10:49:26.482

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSdeG PSOE

Pazo do Parlamento, 6 de marzo de 2019

Asinado dixitalmente por:

María Dolores Toja Suárez na data 06/03/2019 10:47:30

Patricia Otero Rodríguez na data 06/03/2019 10:47:44

CSV: GmmWgbzwn8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/03/2019 11:01:46
Nº Rexistro: 47320
Data envio: 06/03/2019 11:01:46.738

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario de En Marea a iniciativa dos seus deputados **Luís Villares Naveira, Francisco Casal Vidal, Davide Rodríguez Estévez** e das súas deputadas **Paula Vázquez Verao, Luca Chao Pérez e Anxeles Cuña Bóveda,** ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, formula a seguinte **Proposición non de lei**, para o seu debate na **Comisión 6.ª**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

A Consellería de Economía e Industria da Xunta de Galicia publicou no Diario Oficial de Galicia, o 6 de febreiro de 2012, a través dunha resolución do 15 de decembro de 2011, o sometemento a información pública a autorización administrativa, aprobación do proxecto de execución, declaración de utilidade pública, inclusión no réxime especial de produción de enerxía eléctrica, aprobación do estudo de impacto ambiental, e do proxecto sectorial de incidencia supramunicipal, das instalacións relativas ao parque eólico Sasdónigas, fase II (expediente LU-11/125-EOL) promovido por a empresa NORVENTO, inicialmente Norvento SL, posteriormente Norvento Sasdónigas SL e agora Norvento Estelo SLU.

Este parque eólico no concello de Mondoñedo, que é un só, inda que dividido en dúas fases, volve, como xa fixo a Mina de Touro, a afectar a un ben patrimonio cultural, segundo a Lei 5/2016 da Lei de patrimonio cultural de Galicia, ademais declarado Patrimonio da Humanidade desde o ano 2015, como é o Camiño do Norte do Camiño de Santiago.

Ademais, afectou a unha empedrada feito en pedra seca, Preto da Subestación, afectación do camiño real a Betanzos-Ferrol. A parcela está pechada sobre si con pedra seca (elemento declarado patrimonio da humanidade) e está empedrada e

CSV: GmmWgbzwn8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/03/2019 11:01:46
Nº Rexistro: 47320
Data envio: 06/03/2019 11:01:46.738

documentada do século XVIII, tamén afecta a un muro con pedra en seco. Tamén afectou ás neveiras no Monte da Costa, elemento singular de Mondoñedo, ao pasarlle unha pista por riba, afección tamén a un campamento romano coñecido como xacemento de Cavana de Vella e documentado como GA 27030035 Castra Aestiva, no que a propia empresa Norvento, parte interesada, fai unhas sondaxes arqueolóxicas nas que determina que non existe tal xacemento arqueolóxico nin campamento romano senón que é un elemento propio do aproveitamento tradicional dos terreos do monte, no que ademais se atopou unha moeda romana, e da que non consta que se vaia facer ningunha intervención máis.

O parque eólico mal chamado Sasdónigas, provocou desfeitas no trazado do Camiño do Norte, que ademais xa provocara as mobilizacións da veciñanza cando as obras dos viais e os aeroxeradores, empezaran no mes de outubro, sen resolverse os recursos de alzada que se interpuxeran contra o mesmo.

A empresa Norvento que nun primeiro momento optara pola colaboración coa veciñanza mostrou despois a verdadeira cara, acudindo á vía expropiatoria, e ofrecendo prezos irrisorios ás propietarias afectadas e ás comunidades de montes veciñais.

A Xunta de Galicia, eliminou o requisito da prevalencia, que beneficia ás grandes empresas multinacionais, Naturgy, Enel Green Power e Capital Energy e á empresa galega Norvento. A saída viable para compatibilizar os parques eólicos e as actividades gandeiro- agrícolas- e de aproveitamento dos montes veciñais en man común, non é deixar as persoas propietarias sen terras, mediante a vía da declaración de utilidade pública, bastante difusa nestes casos, senón potenciar a participación dos axentes locais vía cooperativas de propietarios de terras, e non beneficiar aos grandes monopolios, e sobre todo facilitar a repercusión destes parques eólicos na vida económica das persoas ás que afecta e nos concellos nos que se asenta.

CSV: GmmWgbzwn8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/03/2019 11:01:46
Nº Rexistro: 47320
Data envio: 06/03/2019 11:01:46.738

Ademais, informes preceptivos como o de Augas de Galicia, chegaron máis tarde do que sinala a lei nestes casos, que esixe que antes de publicarse a resolución que da publicidade á aprobación do proxecto deben estar feitos e remitidos os mesmos.

A Lei de Expropiación Forzosa, nas garantías xurisdicionais di no artigo 124 que ninguén pode ser expropiado salvo que concorran causas de utilidade publica ou interese social e previa a correspondente indemnización e segundo o disposto nas leis.

As expropiacións teñen que cumprir os requisitos establecidos na lei. Así, nos artigos 17 e seguintes, concrétase o deber de facer unha relación concreta e individualizada dos bens ou dereitos a expropiar pola beneficiaria da expropiación, neste caso Norvento. A relación contempla as relacións das persoas propietarias, e ábrese información publica mínimo 15 días, as persoas poden facer alegacións, e inda despois téñense que resolver estas alegacións por período de 20 días, sobre a necesidade de ocupación.

Ademais, contempla o artigo 22 que contra este acordo da necesaria ocupación darase recurso de alzada, que é de 10 días desde a notificación persoal ou ben nos boletíns oficiais, para a interposición do mesmo e 20 para a resolución. Se hai propietarios descoñecidos, como pasou neste procedemento hai que facer as actuacións necesarias tendentes á identificación das propietarias, a fin de que comparezan e aleguen o que teñan por conveniente, non sendo posible a ocupación dos terreos mentres estas comunicacións e averiguacións non se leven a cabo.

A interposición do recurso de alzada ten EFECTOS SUSPENSIVOS ata que se dite resolución expresa. Por tanto, o comezo das obras sen contestar á veciñanza foi un acto ilegal e vulnerando os dereitos esenciais nos procedementos expropiatorios, e con indefensión posto que se produciu a ocupación dos terreos

CSV: GmmWgbzwn8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/03/2019 11:01:46
Nº Rexistro: 47320
Data envio: 06/03/2019 11:01:46.738

sen ter título habilitante para elo, xa que non se levaran a cabo os trámites de levantamento de actas previas á ocupación cos necesarios requisitos procesuais e de fondo neste tipo de actuacións.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario de EN MAREA presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 6.ª

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:

1.- Realizar as expropiación con todas as garantías procesuais e de fondo recollidas na Lei de expropiación forzosa, así como a non producir indefensión.

2.- Inspeccionar os parques eólicos e as súas fases, uso fraudulento do procedemento para evitar o pago dos impostos correspondentes, nomeadamente o canon eólico, e outros, aplicando as regularizacións correspondentes e o pago dos mesmos con xuros de mora ós que haxa lugar.

3.- Revisar o procedemento de prevalencia de usos, así como o de utilidade pública, e a súa adecuación á legalidade, así como o impacto económico nas propietarias que viven no campo e ás comunidades de montes veciñais en man común.

4.- Revisar o cumprimento do Doing Business, no tocante á creación de postos de traballo que dan lugar ás exencións fiscais.

5.- Revisar o contido dos contratos de pago pola expropiación do uso do solo, as cláusulas, nomeadamente aquelas abusivas.

6.- Establecer o pago como máximo en dous anos.

Santiago de Compostela, 6 de marzo de 2019.

CSV: GmmWgbzwn8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/03/2019 11:01:46
Nº Rexistro: 47320
Data envio: 06/03/2019 11:01:46.738

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Asdo.: Luís Villares Naveira

Francisco Casal Vidal

Davide Rodríguez Estévez

Paula Vázquez Verao

Luca Chao Pérez

Anxeles Cuña Bóveda

Deputadas, deputados e Voceiro do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Luis Villares Naveira na data 06/03/2019 10:58:43

Francisco Casal Vidal na data 06/03/2019 10:58:50

David Rodríguez Estévez na data 06/03/2019 10:58:57

Paula Vázquez Verao na data 06/03/2019 10:59:03

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 06/03/2019 10:59:06

Luca Chao Pérez na data 06/03/2019 10:59:10

CSV: GmmWgbzwn8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/03/2019 11:57:40
Nº Rexistro: 47336
Data envio: 06/03/2019 11:57:40.145

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario de En Marea a iniciativa dos seus deputados **Luís Villares Naveira, Francisco Casal Vidal, Davide Rodríguez Estévez** e das súas deputadas **Paula Vázquez Verao, Luca Chao Pérez e Anxeles Cuña Bóveda,** ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, formula a seguinte **Proposición non de lei**, para o seu debate na **Comisión 6.ª**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

A Consellería de Economía e Industria da Xunta de Galicia publicou no Diario Oficial de Galicia, o 6 de febreiro de 2012, a través dunha resolución, do 15 de decembro de 2011, o sometemento a información pública a autorización administrativa, aprobación do proxecto de execución, declaración de utilidade pública, inclusión no réxime especial de produción de enerxía eléctrica, aprobación do estudo de impacto ambiental, e do proxecto sectorial de incidencia supramunicipal, das instalacións relativas ao parque eólico Sasdónigas, fase II (Expediente LU-11/125-EOL) promovido por NORVENTO.

Este parque eólico no concello de Mondoñedo, que é un só, inda que dividido en dúas fases, volve, como xa fixo a Mina de Touro, a afectar a un ben patrimonio cultural, segundo a Lei 5/2016 da Lei de patrimonio cultural de Galicia, ademais declarado Patrimonio da Humanidade desde o ano 2015, como é o Camiño do Norte do Camiño de Santiago.

O parque eólico mal chamado Sasdónigas, provocou desfeitas no trazado do Camiño do Norte, que ademais xa provocara as mobilizacións da veciñanza cando as obras dos viais e os aeroxeradores, empezaran no mes de outubro, sen resolverse os recursos de alzada que se interpuxeran contra o mesmo. De feito constan denuncias realizadas ante a Fiscalía Provincial de Lugo do mes de febreiro de 2019, e ante a Xefatura Territorial da Consellería de Economía,

CSV: GmmWgbzwn8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/03/2019 11:57:40
Nº Rexistro: 47336
Data envio: 06/03/2019 11:57:40.145

Emprego e Industria, na Xefatura Territorial da Delegación de Lugo nas que se constata a realización de traballos sen permiso por parte da empresa Norvento e sen a presencia das persoas afectadas e das autoridades municipais no levantamento de actas previas á ocupación. Estes traballos de delimitación, con colocación de estacas nas fincas fixéronse sen contar cos medios, permisos, e a presencia das persoas afectadas, e sen identificación das persoas actuantes en representación da empresa, e coa conivencia cos representantes da Administración autonómica, que deberían velar polo cumprimento estrito da legalidade vixente e do procedemento administrativo e que tampouco fixeron nada para salvagardar os dereitos de todas as partes implicadas.

A Xunta inda non resolvera estes recursos de alzada, que paralizan a vía administrativa, inda que non polo visto as máquinas, que mandadas poden facer o que lles dea a gana co beneplácito das autoridades, Xunta e Concello, e este último ademais non pode dar licencia de obras mentres estes recursos pendan de resolución segundo a Lei de Expropiación Forzosa.

A veciñanza requiriu a presenza da Garda Civil e dos Servizos de protección da Natureza- SEPRONA- por entender que non tiñan os permisos necesarios para comezar as obras, e menos sen terse comunicado á veciñanza, autoridades, persoas propietarias das parcelas afectadas, presidencia dos MVMC, etc..

A denuncia deu lugar ás dilixencias previas do procedemento abreviado 406/2018 na que se solicitaba un informe dos feitos ao SEPRONA, e que se remitiron despois de realizado ao xulgado de Instancia e Instrución nº 1 de Mondoñedo.

A empresa promotora do eólico, Norvento, apegouse as condicións do Convenio Doing Business, que ofrece vantaxes fiscais ás empresas que se asenten en determinados concellos (que teñen que estar adscritos a este convenio e que tamén reporta vantaxes para eles), sempre e cando se creen determinados postos

CSV: GmmWgbzwn8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/03/2019 11:57:40
Nº Rexistro: 47336
Data envio: 06/03/2019 11:57:40.145

de traballo. Evidentemente estes postos teñen que ter relevancia, e ser duradeiros, se estamos a falar de contratos parciais e de duración determinada, para as empresas é moi fácil esta creación, sen que se fiscalice realmente se estamos a falar de creación de emprego de calidade.

A Xunta mentres aprobaba un plan para a mellora do Camiño de Santiago, no ámbito daqueles proxectos e actuacións e promocións a levar a cabo antes da cita do Xacobeo 2021.

As afectacións ao Camiño Norte son evidentes, á vista das fotografías que se recollen.

Vemos xusto nesta imaxe un indicador do Camiño, co que a desfeita xa está consumada, no que a paisaxismo respecta.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario de EN MAREA presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 6.ª

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:

CSV: GmmWgbzwn8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/03/2019 11:57:40
Nº Rexistro: 47336
Data envio: 06/03/2019 11:57:40.145

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

1.- Garantir a protección do CAMIÑO do NORTE do Camiño de Santiago, que establece no réxime común de protección dos bens de interese cultural e catalogados unha contorna de protección de 30 metros no caso de vías culturais, e 200 metros no caso de bens integrantes do patrimonio arqueolóxico.

2.- Rehabilitar o Camiño do Norte do Camiño de Santiago ao seu paso por Mondoñedo e habilitar un trazado alternativo que garanta a seguridade das peregrinas, segundo o disposto 79.1 da Lei 5/2016.

3.- Iniciar accións tendentes a que estas actuacións non supoñan a perda da consideración do Camiño Norte como Patrimonio da Humanidade.

Santiago de Compostela, 6 de marzo de 2019.

Asdo.: Luís Villares Naveira
Francisco Casal Vidal
Davide Rodríguez Estévez
Paula Vázquez Verao
Luca Chao Pérez
Anxeles Cuña Bóveda
Deputadas, deputados e Voceiro do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

CSV: GmmWgbzwn8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/03/2019 11:57:40
Nº Rexistro: 47336
Data envio: 06/03/2019 11:57:40.145

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Luis Villares Naveira na data 06/03/2019 11:55:10

Francisco Casal Vidal na data 06/03/2019 11:55:17

David Rodríguez Estévez na data 06/03/2019 11:55:23

Paula Vázquez Verao na data 06/03/2019 11:55:29

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 06/03/2019 11:55:32

Luca Chao Pérez na data 06/03/2019 11:55:37

CSV: GmmWgbzwn8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/03/2019 12:03:17
Nº Rexistro: 47340
Data envio: 06/03/2019 12:03:17.211

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa dos seus deputados, José Manuel Pérez Seco e Abel Fermín Losada Álvarez, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 6ª.

Poligal é un dos principais fabricantes europeos de film de polipropileno biorientado (BOPP) e polipropileno cast (CPP), que ten fabricas en Narón (España), Arcos de Valdevez (Portugal) e Skarbimierz (Polonia).

A fabrica situada no Polígono da Gándara, concello de Narón, desde 1989. Poligal chegou a empregar a 238 persoas pero, despois de varios ERE, reducións nas quendas e axustes salariais, na actualidade conta cun cadro de persoal de 108 traballadores directos, así como as empresas que dependen da actividade de Poligal.

Trala celebración das eleccións sindicais, o pasado día 22 a dirección da empresa, pertencente ao Grupo Peralada, comunicáballe aos traballadores que a fabrica de Narón era insolvente, e por non poder facer fronte ás súas obrigas vai ser un administrador concursal o interlocutor que se ocupe de xestionar o futuro da fábrica de plásticos do sector da alimentación.

Poligal recibiu subvencións e axudas do Plan de reindustrialización para a comarca de Ferrolterra polo que mercou solo industrial, construíu instalacións e contratou persoal. Ademais, foi en Narón onde comezou e expandiu a súa actividade, chegando a ter que competir, na actualidade, coas fabricas que o seu propio Grupo empresarial ten en Portugal e Polonia.

Por iso, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia para que:

1º) Defenda diante da sociedade propietaria a continuidade da actividade produtiva e o mantemento dos postos de traballo, na planta de Poligal en Narón.

2º) Revise o cumprimento das condicións de concesións de todas as axudas públicas autonómicas recibidas pola empresa Poligal, tanto a través do Igape,

CSV: GmmWgbzwn8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/03/2019 12:03:17
Nº Rexistro: 47340
Data envio: 06/03/2019 12:03:17.211

Gain e os distintos mecanismos de apoio á formación continúa e á actualización profesional.

Pazo do Parlamento, 4 de marzo de 2019

Asinado dixitalmente por:

Jóse Manuel Pérez Seco na data 06/03/2019 11:44:37

Abel Fermín Losada Álvarez na data 06/03/2019 11:44:47

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 06/03/2019 11:44:59

CSV: GmmWgbzwn8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/03/2019 12:13:28
Nº Rexistro: 47345
Data envio: 06/03/2019 12:13:28.223

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputadas e dos seus deputados, María Dolores Toja Suárez, José Manuel Pérez Seco e Abel Fermín Losada Álvarez, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 6ª.

O 18 de novembro de 1992, a Consellería do Territorio e Obras Pública outorga unha autorización administrativa previa para a transferencia da concesión dos aproveitamentos hidroeléctricos dos que era titular Carburos Metálicos SA, a favor de Ferroatlántica SL e Banesto Leasing SAF, baixo unha serie de condicións que deberían de ser cumpridas polos cotitulares.

O 21 de marzo de 1994 dítase resolución definitiva aprobando a referida transferencia e ordénase a súa inscrición no Rexistro de Augas de Galicia, baixo, entre outras, as seguintes condicións:

O réxime de cotitularidade non poderá ser alterado sen previa e expresa autorización administrativa.

Non poderán segregarse de Ferroatlántica SL as actividades de produción de enerxía eléctrica e ferroaleacións polas centrais ás que se refire a autorización.

Como causa de extinción recóllese a perda por parte de Ferroatlántica SL, da súa condición de cotitular dos aproveitamentos.

Contra a dita resolución definitiva a entidade mercantil Ferroatlántica presentou recurso contencioso administrativo, sendo parte demandada a Dirección Xeral de Obras Públicas (COTOP), o Concello de Cee e o Comité de Empresa de Ferroatlántica. Recurso que foi desestimado por sentenza ditada pola Sala do Contencioso-Administrativo do TSX de Galicia do 9 de maio de 1996, confirmada por sentenza do TS do 15 de outubro de 2001.

É necesario salientar da fundamentación xurídica da sentenza do TSX de Galicia que:

- Ferroatlántica SA aceptou ca resolución previa as condicións impostas, ao non recorrer a dita resolución.

CSV: GmmWgbzwn8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/03/2019 12:13:28
Nº Rexistro: 47345
Data envio: 06/03/2019 12:13:28.223

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

- A finalidade da autorización definitiva é a comprobación do cumprimento das ditas condicións.

- A empresa ten a obriga de presentar un plan de viabilidade que garanta a actividade das ferroaleacións.

O dito plan de viabilidade é consecuencia da necesidade de concretar e cumprir a condición esencial consistente na non segregación das actividades de produción de ferroaleacións e enerxía eléctrica.

Como consecuencia da proposta de ERTE presentada por Ferroatlántica nos últimos días, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a que exixa o cumprimento do plan de viabilidade, e que garanta a actividade das ferroaleaccións das fábricas de Cee e Dumbría conforme se recolle na sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia do ano 1996 e ratificado polo Tribunal Supremo na sentenza de 2001.

Pazo do Parlamento, 6 de marzo de 2019

Asinado dixitalmente por:

María Dolores Toja Suárez na data 06/03/2019 12:07:55

Jóse Manuel Pérez Seco na data 06/03/2019 12:08:08

Abel Fermín Losada Álvarez na data 06/03/2019 12:08:16

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 06/03/2019 12:08:24

CSV: GmmWgbzwn8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/03/2019 12:27:37
Nº Rexistro: 47348
Data envio: 06/03/2019 12:27:37.751

grupo socialista Parlamento de Galicia · PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa das súas deputadas e do seu deputado, María Dolores Toja Suárez, Noela Blanco Rodríguez e Julio Torrado Quintela, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 5ª.

Corcubión conta cun edificio rehabilitado para o seu uso como centro de día cunha capacidade para 25 persoas aproximadamente. A súa radicación é inmellorable porque está no centro da localidade contando cunha correctísima accesibilidade e proximidade ao centro de saúde da vila, así como o hospital de Cee a tan só 1,5 km.

Desde o Concello, que leva investido no edificio en torno aos 300.000 euros, e desde este grupo parlamentario foron varias as ocasións nas que se solicitou ao Goberno un convenio para poñelo en funcionamento. Inexplicablemente a resposta da Xunta sempre foi negativa, indicando a existencia dun centro de día en Cabana e outro en Muros, ambos a unha distancia de aproximadamente 45 km, e con tempos de desprazamento de entre 50 minutos e unha hora e dez minutos, ao que lle hai que engadir o tempo de volta.

Tamén a Camariñas lle foi rexeitado o apoio de financiamento conxunto por parte do Goberno galego cando solicitou levar a cabo a construción dun centro de día, ante a necesidade evidente, xa que a poboación camariñesa está moi envellecida. Ante a negativa, o Goberno local, buscou apoios no ente provincial. A resposta novamente remitiuse á dispoñibilidade existente noutros centros de día na Comarca.

Sorprende, enormemente, que a dous meses das eleccións municipais a conselleira de Política Social anuncie a posta en marcha dun convenio de colaboración para poñer en marcha un centro de día no Concello de Malpica, localizado a 22 quilómetros do de Cabana.

Resulta, cando menos, preocupante, que a Xunta denegue a colaboración aos concellos de Corcubión e Camariñas, indicando alternativas a case 50 km, e en cambio as ofreza a Malpica a tan só 22 km. Por outro lado, hai que recordar que nunha resposta escrita a este grupo parlamentario cando se solicitou a posta en marcha do centro de día de Corcubión o Goberno sempre indicou que as necesidades estaban cubertas.

CSV: GmmWgbzwn8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/03/2019 12:27:37
Nº Rexistro: 47348
Data envio: 06/03/2019 12:27:37.751

grupo socialista Parlamento de Galicia · PSG PSOE

Isto lévanos a pensar que lonxe de valorar e sopesar a realidade social das comarcas, e as necesidades dos galegos e galegas, a decisión vén motivada unicamente por criterios políticos e partidistas, facendo unha vez máis un uso indebido dos fondos e recursos públicos, e prexudicando gravemente a aqueles concellos nos que non goberna o PP.

Por todo isto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1º) Asinar, no prazo máximo de tres meses, un convenio co Concello de Corcubión para garantir a posta en marcha do centro de día desta localidade, antes de que finalice o ano 2019.

2º) Asinar, no prazo máximo de tres meses, un convenio de financiamento conxunto co Concello de Camariñas para garantir a posta en marcha do centro de día desta localidade, antes de que finalice o ano 2020.

Pazo do Parlamento, 5 de marzo de 2019

Asinado dixitalmente por:

María Dolores Toja Suárez na data 06/03/2019 12:24:46

Noela Blanco Rodríguez na data 06/03/2019 12:25:01

Julio Torrado Quintela na data 06/03/2019 12:25:07

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 06/03/2019 12:25:13

CSV: GmmWgbzwn8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/03/2019 12:56:07
Nº Rexistro: 47353
Data envio: 06/03/2019 12:56:07.010

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Montserrat Prado Cores**, **Luis Bará Torres**, **Ana Pontón Mondelo**, **Xosé Luis Rivas Cruz**, **Olalla Rodil Fernández** e **Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 5ª**, relativa ás medidas a tomar diante do ERTE da empresa Bosch en Vigo que afecta a máis de 600 traballadores/as.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A empresa Bosch Service Solutions do sector de centros de chamadas está ubicada en Vigo desde o ano 2003, ten un cadro de persoal de 1683 traballadores e traballadoras, maioritariamente feminino (60%), sendo nun 55% persoal indefinido. O resto son contratacións por obra e contratos de formación, o 3%. Ao cadro de persoal hai que engadir unhas 350 persoas contratadas a través de Empresas de Traballo Temporal.

Esta contratación por ETT non fai máis que contribuír a precarizar un sector xa de por si precario, a media da xornada en Bosch é parcial de 35 horas, cun salario bruto mensual medio de 900€ ao mes. O contrato estándar é por obra e servizo, que permite despedir por diminución de volume na obra e só garante que o 50% do persoal sexa indefinido, sen ter en conta neste porcentaxe as contratacións por ETT que fagan as empresas. Cabe destacar que estamos nun sector non temporal, a media de antigüidade do persoal de Bosch é superior aos 6 anos.

CSV: GmmWgbzwn8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/03/2019 12:56:07
Nº Rexistro: 47353
Data envio: 06/03/2019 12:56:07.010

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

O 60% do cadro de persoal de Bosch traballa para proxectos de Vodafone, principalmente en 3 servizos: Soporte Técnico, Provisión (xestión de altas) e Reclamacións. Un 30% traballa para servizos de Orange e o resto noutros servizos: Junkers, Repsol- Viesgo, Leaseplan...

A redución de carga de traballo por parte de Vodafone, motivada pola deslocalización de parte dos servizos a Colombia e Exipto, e a presentación dun ERE por parte desta empresa, provoca que se despidan, até o mes de marzo, a 200 persoas de ETT que traballaban nestes servizos.

Para o persoal de plantilla a empresa presenta un ERTE ata o 31 de xullo que afectará, finalmente, a unhas 600 persoas con suspensións de entre 10 días ata dous meses, dependendo do servizo e das tarefas que realicen.

En ningún momento por parte da empresa se intentou minimizar o impacto nin as consecuencias da medida, tanto no número de persoal afectado como en termos económicos. Tanto é así que tendo a empresa 98 vacantes no centro de Vigo para servizos distintos de Vodafone négase a recolocar ao persoal indefinido afectado polo ERTE alegando que non consideran que cumpre o perfil apropiado, iniciando incluso campañas de contratación para persoal externo.

A empresa pechou o o período de consultas sen informar @s traballadores/as de cal era a situación real, sen previsións certas, sen concrecións, sen documentación completa e correcta... pretendendo que todas as repercusións sexan a costa d@s traballadores/as.

É unha evidencia que a decisión dos gobernos españois de liberalizar o sector das telecomunicacións para facilitar o negocio do capital, e pasar de ser un servizo público a considerarse un servizo de interese xeral, ten modificado profundamente este

CSV: GmmWgbzwn8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/03/2019 12:56:07
Nº Rexistro: 47353
Data envio: 06/03/2019 12:56:07.010

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

sector fundamentalmente en cuestións como: o abandono e deterioro do servizo naqueles territorios que non son economicamente rendíbeis; o conseguinte incremento da "fenda dixital" e a baixa calidade do servizo, a destrución de emprego e a precariedade das condicións de traballo.

É unha constatación que o deseño, a dirección, a organización e a planificación da actividade das telecomunicacións realízanse cada vez máis afastadas do noso país, e ten como consecuencia deixar a Galiza sen un sector estratéxico, en canto á toma de decisións e ao desenvolvemento económico e de emprego. Un sistema de xestión cos centros de decisión noutros territorios conduce a un descoñecemento da realidade económica, e mesmo física de Galiza, que se traduce inevitabelmente nunha redución da cantidade e calidade do servizo, nun atraso económico e tecnolóxico e na execución dunha política empresarial de concentración e centralización tanto do persoal como da estrutura organizativa. A consecuencia é o espolio dunha infraestrutura produtiva fundamental como é a das telecomunicacións e a perda e deterioro de postos de traballo.

As persoas que residen en Galicia, traballan e tributan neste territorio, o mesmo deben facer as empresas. O Goberno galego debe exercer a súa capacidade de presión para evitar a deslocalización de servizos de atención ao cliente. Ás compañías beneficiarias da explotación de recursos d servizos propios, deben contribuír ao retorno industrial de servizos e emprego.

O Goberno galego debe enviar un sinal claro e firme ás compañías que contratan coa Xunta ou xestionan concesións administrativas ou servizos públicos. Debe existir un retorno claro en Galicia, en forma de emprego no sector de servizos ou no sector industrial. Non son admisibles os procesos de deslocalización mentres @s galeg@s reciben cada vez peor servizo e no caso de atención @s clientes o galego é relegado ou

CSV: GmmWgbzwn8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/03/2019 12:56:07
Nº Rexistro: 47353
Data envio: 06/03/2019 12:56:07.010

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

directamente excluído. A capacidade da Xunta como investidor, cliente ou como parte contratante, é innegable. Debe ser exercida con plenitude.

Ante esta situación, o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate na comisión 5ª:

"O Parlamento de Galiza mostra o seu apoio ás reivindicacións das traballadoras e traballadores da compañía Bosch con sede en Vigo.

O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a:

1.- Que como autoridade laboral sexa garante da legalidade vixente, e polo tanto inste a compañía Bosch ubicada en Vigo a paralizar todo o proceso do ERTE en tanto non presente toda a documentación precisa, a empezar pola situación económica da empresa e a afectación real e concreta do ERE de Vodafone.

2.- Manter unha posición activa de mediación entre a dirección de Bosch e as traballadoras e os traballadores afectados para minimizar os efectos do ERTE.

3.- Demandar de Vodafone e de Bosh que garanta a atención a tod@s @s clientes en galego.

4.- Garantir o dereito d@s galeg@s a seren atendidas en galego polas empresas que prestan servizos de atención telefónica e con elo contribuír ao mantemento do emprego en Galiza no sector dos centros de chamadas.

5.- Que en todos os convenios e subvencións que a Xunta realice con empresas de telecomunicación, sexan condicionados á produción local e á creación de emprego en Galiza integrado este en todo o proceso produtivo.

CSV: GmmWgbzwn8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/03/2019 12:56:07
Nº Rexistro: 47353
Data envio: 06/03/2019 12:56:07.010

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

6.- Realizar todas as actuacións precisas para impedir a deslocalización das empresas de telecomunicacións incluídos os servizos de soporte técnico, provisión (xestión de altas) e reclamacións.

7.- Presentar no actual período de sesións un estudo onde se analice a situación do sector así como as necesidades para garantir a súa viabilidade, o seu futuro e o emprego en Galiza.”

Santiago de Compostela, 6 de marzo de 2019

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Luis Bará Torres

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 06/03/2019 12:21:54

CSV: GmmWgbzwn8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

152166

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/03/2019 12:56:07
Nº Rexistro: 47353
Data envio: 06/03/2019 12:56:07.010

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ana Pontón Mondelo na data 06/03/2019 12:21:59

Xose Luis Rivas Cruz na data 06/03/2019 12:22:00

Olalla Rodil Fernández na data 06/03/2019 12:22:02

Noa Presas Bergantiños na data 06/03/2019 12:22:03

Xosé Luis Bará Torres na data 06/03/2019 12:22:04

CSV: GmmWgbzwn8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/03/2019 12:59:06
Nº Rexistro: 47359
Data envio: 06/03/2019 12:59:06.284

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa da súa deputada **Eva Solla Fernández** e do seu deputado **Marcos Cal Ogando,** ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate en **Comisión.**

Exposición de motivos:

A Plataforma Antilindano da Louriña, traslada a seguinte Proposición non de lei, que dende o noso Grupo Parlamentario asumimos como propia e transcribimos integramente para o seu tratamento:

Descrición do HCH-lindano

O lindano é un composto químico, que foi usado como pesticida. É un isómero químico do hexaclorociclohexano (HCH), trátase dunha substancia organoclorada e como tal caracterízase por unha elevada:

- Persistencia: lenta e difícil biodegradación
- Toxicidade: causa efectos adversos no medio natural e as especies animais.
- Mobilidade: fácil volatilidade.
- Bioacumulación y biomagnificación: a difícil biodegradación e a fácil concentración fan que se acumule na cadea trófica.

A temperatura ambiente o seu estado físico e aspecto é o dun po cristalino branco.

CSV: GmmWgbzwn8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/03/2019 12:59:06
Nº Rexistro: 47359
Data envio: 06/03/2019 12:59:06.284

Utilizouse fundamentalmente en agricultura como pesticida e insecticida, en gandería como antiparasitario e en usos farmacolóxicos en seres humanos (contra sarna e piollos).

O proceso de fabricación do produto comercial era altamente xerador de residuos: por cada kg. de produto se xerábanse ao redor de 9 kg. de residuos con las mesmas características contaminantes.

Dende 2015, a Organización Mundial da Saúde (OMS) clasifícao como "canceríxeno para os seres humanos", dentro do Grupo 1: compostos químicos cuxa toxicidade está comprobada.

Tamén actúa como "disruptor endocrino": substancias alleas a un organismo vivo capaces de alterar o seu equilibrio hormonal, pudendo afectar aos sistemas reprodutores e ao sistema neurolóxico. Os efectos agudos por sobreexposición son perniciosos para os sistemas respiratorio, cardiovascular e hepático e poden chegar a causar a morte.

Fabricación de lindano en Galicia e dispersión dos residuos

En Galicia o lindano-HCH se fabricó en Zeltia entre los años 40 y finais dos 60 del siglo XX, na dúa fábrica do Porriño.

Como xa se sinalou, este proceso de fabricación era altamente xerador de residuos que, coa mesma composición química e poder contaminante, foron depositados durante anos de forma incontrolada, no vertedoiro da coñecida como "Gándara de Torneiros". Tamén se usaron como firme en camiños, estradas e ata fincas particulares "porque compactaba moi ben", chegando incluso a propia

CSV: GmmWgbzwn8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/03/2019 12:59:06
Nº Rexistro: 47359
Data envio: 06/03/2019 12:59:06.284

plantilla da fábrica a levalo para as súas casas. Temos hoxe toda unha comunidade residencial, educativa e de servicios erguida enriba do vertedoiro oficial da factoría en Torneiros e resto deste veleno espallado polas Gándaras de Budiño, rúas do casco urbano, camiños rurais e, insistimos, fincas privadas.

A única acción de descontaminación feita foi a executada no ano 2001 coa construción do Parque do Lindano en Torneiros. Nin se continuou co planificado despois dun estudo técnico feito no ano 1998 nin se fixo un seguimento ás advertencias da Confederación Hidrográfica Miño-Sil xa no ano 2012 sobre a presenza deste contaminante nas augas do río Louro. No ano 2017 aparece no Contrasto-Torneiros un novo verquido ao abrir unhas gavias por mor dunha obra de saneamento e hai constancia de varias fincas particulares deste barrio tamén contaminadas.

Regulación legal.

A perigosidade do lindano-HCH fixo que a súa fabricación e uso foran prohibidos ou restrinxidos en moitos países dende os años 80 do século XX.

A nivel internacional, destaca el *Convenio de Estocolmo de 2004* (ratificado por 181 países) *para a eliminación dos compostos orgánicos persistentes* (COP), que inclúe o HCH como contaminante a eliminar en 2010.

En Europa hai lexislación restritiva dende 1979: *Directiva 79/117/CEE*, *Directiva 84/491/CEE*… entre outras. O *Regulamento (CE) 850/2004* prohibiu todos os usos do lindano, con algunhas excepcións que expiraban a finais de 2007.

CSV: GmmWgbzwn8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/03/2019 12:59:06
Nº Rexistro: 47359
Data envio: 06/03/2019 12:59:06.284

En canto ao control da súa presenza en augas, a *Directiva 2013/39/UE sobre substancias prioritarias no ámbito da política de augas* inclúe o HCH como substancia prioritaria e perigosa, establecéndose límites á súa presenza en augas superficiais: concentración media anual de 20 ng/l e concentración máxima admisible de 40 ng/l. Estes límites deben ser considerados nos plans hidrolóxicos para valorar o estado químico das masas de auga.

Esta normativa traspúxose ao ordenamento xurídico español a través do *Real Decreto 817/2015 polo que se establecen os criterios de seguimento e avaliación do estado das augas superficiais as normas de calidade ambiental*, coa mesma cualificación (substancia prioritaria e perigosa) e iguais límites de concentración admisible.

De forma sorprendente e contraditoria, a *Directiva 1998/83/CE sobre calidade augas de consumo humano*, non contempla especificamente o HCH como substancia perigosa e prioritaria, considerándose unicamente como un praguicida e sometido á normativa xeral destas substancias e con límites moi superiores: 100 ng/l para praguicidas individuais e 500 ng/l para o total de praguicidas. Esta normativa é la que se recolle e aplica actualmente no *Real Decreto 140/2003 sobre criterios de calidade de augas de consumo humano*.

Tamén a *Directiva 2000/60/CE Marco da Auga* recolle esixencias de calidade de augas e de plans de acción sobre substancias contaminantes prioritarias nos Plans Hidrolóxicos de Conca. Esixencias de control e acción que, en moitos casos, se están incumprindo.

Por outra parte, sería de aplicación a moitas destas situacións de contaminación a lexislación en materia de solos contaminados e xestión de residuos.

CSV: GmmWgbzwn8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/03/2019 12:59:06
Nº Rexistro: 47359
Data envio: 06/03/2019 12:59:06.284

Especialmente a *Directiva 2008/98/CE Marco sobre Residuos* e o seu desenvolvemento no ordenamento xurídico español: *Lei 22/2011 de residuos e solos contaminados* (modificada parcialmente pola *Lei 5/2013*), a *Lei 4/2015 de 25 de xuño para la prevención e corrección da contaminación do solo*, o *Real Decreto 9/2005 de 14 de xaneiro polo que se establece a relación de actividades potencialmente contaminadoras do solo e os criterios e estándares para a declaración de solos contaminados*, o *Decreto 165/2008 de 30 de setembro de inventario de solos que soportan ou soportaron actividades ou instalacións potencialmente contaminantes do solo e o Decreto 49/2009 de 24 de febreiro polo que se regula a eliminación de residuos mediante depósito en vertedoiro e a execución de recheos*, entre outras normativas. Tamén sería de aplicación, no que puidera afectarlle, o *Real Decreto Lexislativo 1/2016 de 16 de decembro polo que se aproba el texto refundido da Ley de prevención e control integrados da contaminación.*

Entendemos que este Parlamento, no exercicio das súas competencias e liderando a protección do medio ambiente de seu territorio e a saúde pública para las xeracións presentes e futuras, debe promover o desenvolvemento de políticas coordinadas entre todas as autoridades públicas implicadas (municipais, autonómicas, estatais e europeas), especialmente as autoridades competentes en materia de sanidade y protección do medio ambiente.

Por todo o anterior o Grupo Parlamentario de En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei.

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:

1. Instar ao Goberno de España para que inclúan no Real Decreto 140/2003, sobre os criterios de calidade de augas de consumo humano, a lista de

CSV: GmmWgbzwn8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

substancias prioritarias e prioritarias perigosas, así como os parámetros de control e os seus límites establecidos no Real Decreto 817/2015 polo que se establecen os criterios de seguimento e avaliación do estado das augas superficiais e as normas de calidade ambiental, así como a inclusión disto na lexislación autonómica correspondente.

2. **Declarar** como non aptos para a captación de auga de produción destinada ao consumo humano, as augas superficiais e subterráneas que estean afectadas **por estes contaminantes persistentes; as augas que** conteñan substancias prioritarias.

3. **Corrixir as deficiencias da 2º fase dos Plans Hidrolóxicos a executar no horizonte 2016-2021 e que se apliquen as medidas correctoras específicas para a eliminación das substancias prioritarias, nas augas superficiais, de acordo coa lexislación ambiental en vigor, instando tamén ao Goberno de España a facer o mesmo dentro das súas competencias.**

4. **Promover** a nivel autonómico e nos niveis locais directamente afectados, Mesas de Acción institucional e social, que inclúan a participación das autoridades públicas implicadas, organizacións da sociedade civil e representantes do ámbito técnico-científico, como as Universidades, para desenvolver unha acción coordinada a nivel autonómico, estatal e europeo, para intercambiar coñecementos sobre a descontaminación e para mobilizar os fondos autonómicos, estatais e europeos necesarios para abordar un plan de acción integral para desenvolver as tarefas de investigación e solución.

Santiago de Compostela, 6 de marzo de 2019.

CSV: GmmWgbzwn8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/03/2019 12:59:06
Nº Rexistro: 47359
Data envio: 06/03/2019 12:59:06.284

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Asdo.: Eva Solla Fernández

Marcos Cal Ogando

Deputada e deputado do G.P. de En Marea.

Luís Villares Naveira

Voceiro do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Eva Solla Fernández na data 06/03/2019 12:57:12

Marcos Cal Ogando na data 06/03/2019 12:57:20

Luis Villares Naveira na data 06/03/2019 12:57:28

CSV: GmmWgbzwn8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/03/2019 13:02:17
Nº Rexistro: 47364
Data envio: 06/03/2019 13:02:17.579

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa dos seus deputados e da súa deputada, José Manuel Pérez Seco, Luís Manuel Álvarez Martínez e María Luisa Pierres López, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 2ª.

As Fragas do Eume son un parque natural do norte de Galicia que foi creado o 30 de xullo de 1997 e protexe aproximadamente 9.100 ha. nas ribeiras do río Eume, concretamente nos municipios de Cabanas, A Capela, Monfero, Pontedeume e As Pontes de García Rodríguez.

O acceso ás Fragas do Eume desde o concello de Pontedeume nos seus primeiros quilómetros faise a través dunha estrada provincial (DP-6902) desde a parroquia de Nogueirosa ata a parroquia de Ombre, no concello de Pontedeume, e foi aglomerado e pintado non hai moito tempo, pero desde que remata a estrada provincial ata que se accede a pé ao Mosteiro de Caaveiro pertence á Xunta de Galicia, este ultimo tramo na actualidade atopase nun estado lamentable, cheo de fochancas, polo que resulta imposible chegar en coche ata a ponte de Santa Cristina que cruza o río Eume.

Non dá unha boa imaxe que un dos parques naturais máis importantes de Europa teña uns accesos nesas condicións, condicións intransitables e lamentables polo abandono do Goberno galego.

Por iso, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a que, no primeiro semestre do ano 2019, realice o aglomerado e pintado da estrada que dá acceso ao Parque Natural Fragas do Eume, desde a estrada provincial (DP-6902) ata a ponte de Santa Cristina pola que se accede a pé ao mosteiro.

Pazo do Parlamento, 6 de marzo de 2019

Asinado dixitalmente por:

Jóse Manuel Pérez Seco na data 06/03/2019 12:56:08

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 06/03/2019 12:56:20

CSV: GmmWgbzwn8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/03/2019 13:02:17
Nº Rexistro: 47364
Data envio: 06/03/2019 13:02:17.579

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

María Luisa Pierres López na data 06/03/2019 12:56:26

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 06/03/2019 12:56:34

CSV: GmmWgbzwn8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/03/2019 13:54:58
Nº Rexistro: 47369
Data envio: 06/03/2019 13:54:58.823

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa da súas deputada **Julia Torregrosa Sañudo** e dos seus deputados **Marcos Cal Ogando e Antón Sánchez García,** ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate na **Comisión 2.ª**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

Fai tempo que vimos lamentando o incremento abusivo dos alugueres. Os datos que manexa o Observatorio da Vivenda da Xunta –elaborados a partir de case 30.000 contratos de vivenda– son arrepiantes. Dende o ano 2016 o importe mensual medio dos contratos creceu un 31% na Coruña, un 27% en Vigo, un 15,3% en Santiago e un 21,5% en Pontevedra. Así non é de estrañar que moitas familias teñan que renunciar a servizos básicos, como a calefacción en inverno ou unha dieta saudable, para facer fronte ao aumento dos pagos da vivenda.

A subida dos prezos afecta principalmente aos menores de 35 anos, que en moitos casos non contan con recursos suficientes nin para adquirir unha vivenda nin para pagar os alugueres.

A pesar de todo, continúa habendo escaseza de pisos para alugar, polo que as vivendas son ocupadas moi rapidamente, sen importar cal sexa o seu estado ou as condicións que impoña o caseiro. Neste contexto, os abusos prodúcense con frecuencia. Só na Asociación de Amas de Casa, Consumidores e Usuarios das Rías Baixas atenderon en tres meses máis de 30 queixas relacionadas cos alugueres.

CSV: GmmWgbzwn8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/03/2019 13:54:58
Nº Rexistro: 47369
Data envio: 06/03/2019 13:54:58.823

Esta situación explica, en gran medida, que, en cidades como A Coruña e Vigo, o mercado rexistrase dende mediados do ano pasado un incremento do número de solicitantes de pisos de protección no Rexistro Único de Demandantes de Galicia. O problema é que, por culpa da neglixente política de vivenda da Xunta, non hai pisos dabondo para satisfacer a demanda.

Cómpre, polo tanto, que as diferentes Administracións do Estado se coordinen para regular o mercado inmobiliario e garantir alugueres accesibles.

Durante a breve lexislatura de Pedro Sánchez, Podemos tentou pactar unha limitación dos prezos dos alugueres co Goberno, pero, á hora da verdade, ao Partido Socialista treméronlle as pernas e botouse para atrás. Isto non pode repetirse outra vez.

Con independencia da cor que vista o goberno que se forme despois do día 28 de abril, ten que comprometerse co dereito á vivenda dunha maneira clara e urxente; e iso, na actual conxuntura, pasa necesariamente pola limitación do prezo dos alugueres.

Por todo o dito, o Grupo Parlamentario de En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 2.ª.

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a solicitar ao Goberno do Estado entrante que limite o prezo dos alugueres.

Santiago de Compostela, 6 de marzo de 2019.

Asdo.: Julia Torregrosa Sañudo

Marcos Cal Ogando

CSV: GmmWgbzwn8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/03/2019 13:54:58
Nº Rexistro: 47369
Data envio: 06/03/2019 13:54:58.823

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Antón Sánchez García

Deputada, deputado e Voceiro S. do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Julia Torregrosa Sañudo na data 06/03/2019 13:50:45

Marcos Cal Ogando na data 06/03/2019 13:50:54

Antón Sánchez García na data 06/03/2019 13:51:02

CSV: GmmWgbzwn8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/03/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 47376
Data envio: 06/03/2019 15:47:06.700

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA

A Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa dos deputados e deputadas, **Moisés Blanco Paradelo, Martín Fernández Prado, Jaime Castiñeira Broz, Jacobo Moreira Ferro, Marta Nóvoa Iglesias, Mª Julia Rodríguez Barreira, Gonzalo Trénor López** e **Daniel Varela Suanzes-Carpegna,** ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate na Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servicios.**

Exposición de motivos

A estrada OU-533, pertencente a Rede Autonómica de Estradas de Galicia (RAEGA), catalogada como rede Primaria Básica, comunica as localidades da Rúa de Valdeorras (N-120) e A Gudiña (N-525).

Ao longo de 50,15 km debulla un trazado sinuoso que vai atravesando diferentes poboacións, destacando entre outras, Viana do Bolo, como un dos núcleos urbanos máis relevantes.

Estámonos a referir a unha infraestrutura que partindo da N-120, vertebra o oriente ourensán, unindo as comarcas de Valdeorras e as Terras do Bolo, favorecendo o acceso a Autovía A-52 desde a propia A Gudiña.

Polo que se pode dicir, que conta cun tráfico importante, destacando ademais a circulación dun bo número de vehículos pesados que transportan mercancías cara a outros puntos de España, a veciña Portugal ou a diferentes portos da península.

Co obxecto de que poida estar sempre nas mellores condicións de seguridade nos últimos anos ten sido obxecto de varias obras de mellora, de reforzo do firme e acondicionamento en todo o trazado, cuxo investimento ascendeu a 1,2 millóns de € tan só nos últimos tres anos.

De todos é sabido, que o pasado mes de setembro o Administrador de Infraestruturas Ferroviarias (ADIF) aprobou a licitación para a construción da nova estación “Porta de Galicia”, na Gudiña. Cun orzamento de licitación de 4 millóns de euros e un prazo de execución de oito meses, inclúe tamén un enlace coa estrada OU-533.

Será a única nova terminal que se levantará para a chegada do AVE en Galicia. Unha actuación imprescindible que, sen lugar a dúbidas, terá unha forte repercusión na zona, proporcionando un servizo de conexión con Madrid a toda a comarca de Verín, a

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

CSV: GmmWgbzwn8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/03/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 47376
Data envio: 06/03/2019 15:47:06.700

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA

poboacións do norte de Portugal e por suposto, tamén á comarca de Valdeorras, que precisamente terá que acceder a través da OU-533.

Diferentes colectivos, así como concellos e asociacións de empresariais como AEVA (Asociación Empresarial de Valdeorras) teñen insistido na necesidade de que se melloren as prestacións do eixo que constitúe a estrada OU-533, valorando as posibilidades de mellora do seu trazado de tal modo que sirva de enlace de conexión entre a Autovía A-76 e a Autovía A-52, ao seu paso pola Gudiña.

Tendo en conta o anteriormente exposto, o Grupo Parlamentario Popular, presenta a seguinte proposición non de lei en Comisión:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a realizar un estudo de mellora do trazado e as prestacións da estrada OU-533, de modo que conte coas características axeitadas para comunicar, a través dunha renovada infraestrutura, a futura Autovía A-76 desde Valdeorras, coa Autovía A-52, no concello da Gudiña".

Santiago de Compostela, 6 de marzo de 2019

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 06/03/2019 15:42:27

Moisés Blanco Paradelo na data 06/03/2019 15:42:38

Martín Fernández Prado na data 06/03/2019 15:42:43

Jaime Castiñeira Broz na data 06/03/2019 15:42:52

Jacobo Moreira Ferro na data 06/03/2019 15:42:57

Marta Novoa Iglesias na data 06/03/2019 15:43:06

María Julia Rodriguez Barreira na data 06/03/2019 15:43:12

Gonzalo Trenor López na data 06/03/2019 15:43:22

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

CSV: GmmWgbzwn8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/03/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 47376
Data envio: 06/03/2019 15:47:06.700

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA

Daniel Luis Varela Suanzes-Carpegna na data 06/03/2019 15:43:29

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

CSV: GmmWgbzwn8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/03/2019 16:42:18
Nº Rexistro: 47378
Data envio: 06/03/2019 16:42:18.953

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa da súas deputada **Julia Torregrosa Sañudo** e dos seus deputados **Marcos Cal Ogando e Antón Sánchez García,** ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate na **Comisión 2.ª**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

Galicia suma case 300.000 vivendas baleiras dende fai máis de sete anos, o que a sitúa á cabeza do Estado en vivendas sen habitar.

Un estudo da Federación Galega de Empresas Inmobiliarias (Fegein) calcula que das 1.605.998 vivendas que hai na nosa comunidade, 299.301 permanecen baleiras.

Os inmobles baleiros poboan os concellos desertos do rural, pero tamén forman parte da paisaxe urbana de Galicia. As sete cidades galegas suman 89.534 vivendas baleiras, o que supón un 30% do total. As cifras, desagregadas por cidade, son:

- A Coruña: 19.283 vivendas baleiras (14,24% do total da cidade).
- Santiago: 9.518 (16,92%).
- Ferrol: 8.318 (19,77%).
- Lugo: 12.370 (20,74%).
- Pontevedra: 6.886 (17,4%).
- Vigo: 18.588 (12, 94%).
- Ourense: 14.561 (21,7%).

CSV: GmmWgbzwn8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/03/2019 16:42:18
Nº Rexistro: 47378
Data envio: 06/03/2019 16:42:18.953

En contra do que puidera parecer, o volume inmenso de vivenda baleira non está facendo que descendan os prezos dos alugueres. Non existe ningunha correlación semellante, como demostra o feito de que en Vigo hai hoxe 3.500 vivendas baleiras máis que o ano pasado e, aínda así, é a cidade con aluguer máis elevado.

A Coruña, pola súa banda, é o concello coa maior cantidade absoluta de vivendas baleiras, 19.283. O concello coa maior porcentaxe de inmobles deshabitados é Porqueira, cun 40,62%.

Na provincia de Ourense atópanse os concellos con maior porcentaxe de vivendas baleiras. Ademais de Porqueira, cómpre destacar: Castrelo do Val (38,3%), Melón (37,35%), Ramirás (35,42%), Rairiz de Veiga (34,96%) e Carballeda de Avia (34,73%).

Na provincia da Coruña, os concellos coa maior porcentaxe de vivendas sen ocupar son: Carnota (34,22%), Cedeira (33,74%), Malpica de Bergantiños (33,74%) e Camariñas (33,03%).

Na provincia de Lugo, só Foz, cun 33,95%, supera o 30% de vivenda baleira.

Por último, na provincia de Pontevedra, A Guarda, cun 28,33%, e Lalín, cun 28,19%, son os concellos con maior porcentaxe de vivendas baleiras.

Por comarcas, o maior número de vivendas baleiras atopámolo en:

- A Coruña: 35.231.
- Vigo: 27.497.
- Ourense: 20.728.

CSV: GmmWgbzwn8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/03/2019 16:42:18
Nº Rexistro: 47378
Data envio: 06/03/2019 16:42:18.953

- Ferrol: 18.934.
- Santiago: 15.716.
- Lugo: 13.640.

Con estes datos na man, custa entender o aumento dos prezos do aluguer que os galegos e galegas levan anos padecendo, sobre todo nas cidades galegas.

Hai vivenda baleira. O que non hai é unha vontade política firme por parte do Goberno galego de poñela ao servizo da cidadanía.

Por todo o exposto o Grupo Parlamentario de En Marea, presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 2.ª

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a elaborar un plan para poñer a vivenda baleira no mercado inmobiliario a prezos que sexan asumibles pola cidadanía.

Santiago de Compostela, 6 de marzo de 2019.

Asdo.: Julia Torregrosa Sañudo
Marcos Cal Ogando
Antón Sánchez García
Deputada, deputado e Voceiro S. do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Julia Torregrosa Sañudo na data 06/03/2019 16:39:10

CSV: GmmWgbzwn8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/03/2019 16:42:18
Nº Rexistro: 47378
Data envio: 06/03/2019 16:42:18.953

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Marcos Cal Ogando na data 06/03/2019 16:39:20

Antón Sánchez García na data 06/03/2019 16:39:28

CSV: GmmWgbzwn8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/03/2019 16:58:40
Nº Rexistro: 47381
Data envio: 06/03/2019 16:58:40.358

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado e das súas deputadas, José Manuel Pérez Seco, María Dolores Toja Suárez e Patricia Otero Rodríguez, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 8ª.

A Orde do 7 de setembro de 2018 establece as bases reguladoras xerais en réxime de concorrencia competitiva, axudas a proxectos colectivos financiados polo Fondo Europeo Marítimo e da Pesca (FEMP), que contribúan á protección e recuperación da biodiversidade mariña a través dunha mellor xestión e conservación dos recursos mariños e dos seus ecosistemas, así como ao fomento da sensibilización ambiental. (DOG núm. 180, 20.09.2018).

A confraría de Barallobre non será beneficiada con estas axudas. A perda delas está motivada pola existencia de sanciones nos últimos doce meses por comercializar exemplares por talles moi xustos. As consecuencias son inmediatas, así no mes de febreiro xa a confraría presentaba un Expediente de Regulación de Emprego (ERE) extintivo para cinco dos seus sete traballadores.

Hai preocupación, porque isto vai repercutir directamente na menor vixilancia nas costas das confrarías afectadas, así como nunha menor asistencia técnica, polo que se se considera que por parte do Goberno galego, deben, cando menos, valorar as consecuencias destas medidas; así como establecer medidas alternativas, que garantan a igualdade de oportunidades para todas as confrarías, aínda sen recibir estas axudas. Desde a confraría estímase que a falla de vixilancia vai ter consecuencias moi graves nos bancos marisqueiros, e na produción xa minguada nos últimos anos, o que vén causando unha difícil situación económica da confraría.

A Secretaría Xeral de Pesca, coñece cal é a situación en Galicia, xa que mantivo unha reunión o pasado luns 25 de febreiro, cos patróns maiores das confrarías de Ferrol e Barallobre, xunto con outros responsables doutros tres pósitos de Galicia. Nesta reunión abordáronse as posibles solucións á supresión das ditas axudas para a vixilancia e asistencia técnica destas organizacións.

Por iso, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei:

CSV: GmmWgbzwn8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/03/2019 16:58:40
Nº Rexistro: 47381
Data envio: 06/03/2019 16:58:40.358

grupo socialista Parlamento de Galicia · PSG PSOE

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a levar a cabo as medidas necesarias para garantir a vixilancia nas costas afectadas pola Confraría de Barallobre; así como as asistencias técnicas, que se viñan realizando ao abeiro das axudas que no ano 2018 se recollen na da Orde do 7 de setembro de 2018 financiadas polo Fondo Europeo Marítimo e da Pesca (FEMP)

Pazo do Parlamento, 6 de marzo de 2019

Asinado dixitalmente por:

Jóse Manuel Pérez Seco na data 06/03/2019 16:15:32

María Dolores Toja Suárez na data 06/03/2019 16:15:43

Patricia Otero Rodríguez na data 06/03/2019 16:16:01

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 06/03/2019 16:16:12

CSV: GmmWgbzwn8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/03/2019 18:20:46
Nº Rexistro: 47388
Data envio: 06/03/2019 18:20:46.926

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario de En Marea,** por iniciativa da súa deputada **Paula Vázquez Verao** e do seu deputado L**uís Villares Naveira,** ao abeiro do artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate na **Comisión 5.ª**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

A Asociación Auxilia organizou este mes de febreiro de 2019 unha xornada reivindicativa sobre a falta de accesibilidade do HULA.

Deste xeito, Auxilia denuncia a falta de accesibilidade deste Hospital e as dificultades de mobilidade que nel atopan as persoas con mobilidade reducida.

Por unha parte, as dificultades comezan xa nos accesos ao centro sanitario, con prazas insuficientes no aparcadoiro para vehículos de persoas con mobilidade reducida e sen parada de bus na zona de entrada a rehabilitación e Urxencias. Ademais, a falta dunha zona cuberta entre a porta principal e o acceso ao recinto provoca que unha persoa con mobilidade reducida teña que pechar o paraugas nun día de choiva nun amplo tramo lonxitudinal que, ademais, conta cunha incómoda pavimentación irregular.

Outra das queixas é o escaso espazo para as duchas nas habitacións, que ademais de ser pequenas contan cunha mínima barra de apoio.

Por outra parte, os retretes dos servizos accesibles son moi baixos.

Alerta tamén Auxilia do escaso número de zonas de descanso, con cadeiras ou bancos, nos pasillos, e da falta de mostradores adaptados para persoas en cadeira de rodas nos puntos de atención ao paciente ou nos de solicitude de cita.

CSV: GmmWgbzwn8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/03/2019 18:20:46
Nº Rexistro: 47388
Data envio: 06/03/2019 18:20:46.926

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Polo exposto, o Grupo Parlamentario de En Marea formula a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Comisión.

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:

1. Realizar, antes de seis meses, un estudo sobre a accesibilidade do HULA e corrixir as deficiencias detectadas á maior brevidade posible.

2. Habilitar unha zona cuberta entre a zona de acceso ao recinto e a porta principal do HULA e modificar o pavimento para facelo regular.

Santiago de Compostela, 6 de marzo de 2019.

Asdo.: Paula Vázquez Verao

Deputada do G.P. de En Marea

Luís Villares Naveira

Deputado e Voceiro do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Paula Vázquez Verao na data 06/03/2019 18:12:32

Luis Villares Naveira na data 06/03/2019 18:12:40

CSV: GmmWgbzwn8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/03/2019 09:30:00
Nº Rexistro: 47392
Data envio: 06/03/2019 18:58:06.542

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario de En Marea**, a iniciativa da deputada **Paula Vázquez Verao** e do deputado **Luís Villares Naveira**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate na **Comisión 5.ª**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

O proceso de cambio demográfico é un fenómeno complexo e multifactorial.

Para atallar o "problema demográfico" galego -tendo moi en conta a complexidade de factores e condicionantes que motivan a realidade demográfica do País- a Xunta de Galicia debe mudar radicalmente o seu papel, pasando de ser un axente que contribúe a reforzar as dinámicas históricas que nos levan á caída poboacional e á desvertebración territorial a ser un elemento activo que poña todos os seus recursos e capacidades ao servizo dun modelo de País cun bo equilibrio territorial e con capacidade para xerar benestar para a maioría social. Aínda así, non é realista pensar que se poden reverter de xeito radical procesos históricos complexos, polo que o fundamental é adaptar as políticas públicas ás necesidades sociais actuais, garantindo servizos publicos a toda a poboación.

A Xunta de Galicia impulsou, na Xª Lexislatura, o Observatorio Demográfico Galego de cara a propoñer medidas contra o devalo demográfico, tendo a Xunta manifestado que o obxectivo é propoñer unha Lei de Impulso Demográfico antes de finais do ano 2018, cuestión non cumprida.

Non se trata de perseguir a "recuperación demográfica" como fin en sí mesmo, senón de garantir emprego de calidade, especialmente para a xente moza, e benestar para a poboación.

CSV: GmmWgbzwn8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/03/2019 09:30:00
Nº Rexistro: 47392
Data envio: 06/03/2019 18:58:06.542

En 2018, segundo datos do IGE, a poboación galega situouse en 2.701.743 persoas, representando o 5,78% da poboación española, tendo 344.170 menos de 16 anos, 1.684.643 entre 16 e 64, e 672.930 máis de 64 anos, o 24,9% do total.

A moderna historia demográfica de Galiza ven determinada polo fenómeno da intensa emigración ao longo de varios períodos que ten provocado unha perda de peso poboacional respecto ao resto do Estado, moi especialmente de poboación activa. Así, a poboación galega medrou un 37% entre 1900 e 2017, mentres que a española o fixo nun 150%. Así e todo, o devalo demográfico galego entra nunha fase aguda en 2010, punto no que o menor crecemento da paso a un manifesto decrecemento. De feito, si contamos a partir dese punto de inflexión e até 2017, mentres o conxunto da poboación española caeu un 0,9% a galega fixoo nun 3,2% situándonos no grupo das comunidades con peor evolución demográfica do Estado, con maior taxa de envellecemento.

A dinámica demográfica é o resultante do movemento natural da poboación e dos movementos migratorios froito a súa vez das políticas laborais e de benestar. En canto ao primeiro, Galicia é a comunidade co peor saldo vexetativo do Estado, de modo que a diferencia entre nacementos e defuncións arroxou un saldo negativo de 12.692 efectivos en 2016; no primeiro semestre de 2018, o saldo vexetativo negativo foi de 9.135 persoas, á cabeza do Estado. Este resultado é a consecuencia dunha estrutura poboacional cun escaso peso dos grupos de idade potencialmente fértiles, fronte a un elevado peso dos grupos de persoas de idade máis avanzada. En canto ao segundo a falta de emprego, a proliferación de empregos de moi baixa calidade e o déficit de servicios públicos de atención a familia e a infancia turran de emigración da xente moza ao tempo que laminan as súas expectativas futuras freando a natalidade.

O grupo de poboación con maior incidencia nas taxas de fertilidade, aquel comprendido entre os 25 e os 39 anos, foi medrando de modo progresivo ate

CSV: GmmWgbzwn8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/03/2019 09:30:00
Nº Rexistro: 47392
Data envio: 06/03/2019 18:58:06.542

acadar o seu máximo en 2008, con 642.690 persoas. A partir deste punto comeza un acentuado declive, consecuencia tanto da redución de efectivos a consecuencia da caída da natalidade en xeracións anteriores como, sobre todo, da emigración de persoas mozas a causa da ausencia de suficientes oportunidades laborais e de conciliación en Galiza. O resultado é que a fertilidade galega se atopa, con 1,1 fillos por muller entre as máis baixas do planeta, estando a idade media de acceso á maternidade en 32,6 anos (2016).

O envellecemento demográfico é un fenómeno global e, particularmente, común a toda Europa, pero en Galiza preséntanse elementos que fan necesario o deseño de políticas estruturais que afronten o reto de vivir máis vivindo mellor e o reto da conciliación e os usos do tempo:

- Sobreenvellecemento moi acusado en zonas de Montaña e do interior rural.

A taxa de envellecemento é a segunda máis elevada do Estado, cun índice de 192,5 en 2017 (é dicir, existen 192,5 persoas maiores de 65 anos por cada 100 menores de 15; unha proporción que se aproxima a 2 persoas adultas maiores por cada persoa moza).

- Gran diverxencia territorial costa-interior e mantemento dun modelo territorial e económico que non corrixe estas dinámicas.

- Feminización da vellez.

- Alta taxa de dependencia e discapacidade.

O cambio demográfico conleva outro tipo de transformacións, a nivel social, económico e de valores.

Entre os factores que condicionan unha menor natalidade, existen elementos que son indicativos de progreso social –maior lonxevidade en todas as capas sociais, universalización dos métodos anticonceptivos- e outros que teñen que ver con

CSV: GmmWgbzwn8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/03/2019 09:30:00
Nº Rexistro: 47392
Data envio: 06/03/2019 18:58:06.542

dificultades estruturais da economía galega derivadas das políticas públicas, que impiden ás mulleres e familias ter a descendencia que desexan ter.

Por unha parte, existe unha prolongación da etapa autoconsiderada como "mocidade", e un retraso na emancipación residencial, así como un adiamento da idade de fecundidade, condicionada polo elevado prezo dos alugueiros e a precariedade do mercado laboral, que se agrava no caso das mulleres, que ocupan os empregos menos remunerados e de peor calidade (maior taxa de temporalidade e presenza maioritaria no sector servizos).

A falta dun sistema integral de atención a persoas menores e dependentes conleva unha enorme ocupación nestas tarefas por parte das persoas en idade produtiva e reprodutiva, sobre todo por parte das mulleres de mediana idade.

A falta de políticas públicas que favorezan o emprego feminino e a conciliación familiar.

A maioría das persoas coidadoras (72,7%) pertencen ao propio fogar.

A saída da crise a nivel macro non se traslada á economía da maioría social, de xeito que persiste unha alta porcentaxe de persoas en risco de pobreza, o que se agrava no caso das familias con menores a cargo, especialmente se son familias monomarentais.

A situación socioeconómica descrita é un factor de expulsión de poboación cara a emigración.

As proxeccións realizadas polo INE indican que a poboación galega (si nada cambia) pasará de 2.720.668 habitantes en 2016 a 2.489.947 en 2031, unha perda do 8,5% da poboación, 230.721 efectivos menos. E si ben todas as provincias perderán poboación, a situación será particularmente grave en Lugo e Ourense, que perderán en torno ao 12% dos habitantes, producíndose un baleirado de extensas áreas.

CSV: GmmWgbzwn8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/03/2019 09:30:00
Nº Rexistro: 47392
Data envio: 06/03/2019 18:58:06.542

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentario de En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei, para o seu debate na Comisión 5.ª:

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:

1. Elaborar o prometido proxecto de lei de impulso demográfico mediante a promoción dunha gran convención nacional galega sobre cambio demográfico con persoas expertas, forzas políticas, institucións e outros axentes implicados, que, tomando como base o Observatorio Demográfico, fomente o debate social e a achega de propostas por parte de toda a cidadanía.

2. Loitar contra a enorme precariedade laboral que padece Galiza en todas as súas vertentes (temporalidade, accidentes laborais…), coa petición, ao Goberno Central, das competencias plenas en materia de Inspección Laboral para a Comunidade Autónoma e o reforzamento deste servizo.

3. Deseñar plans industriais que posibiliten o despregamento de medianas empresas.

4. Desenvolver a economía circular.

5. Apoiar os cambios lexislativos no Estado que conleven a recuperación da obriga da negociación colectiva e que reforcen a capacidade de contrapeso dos sindicatos fronte ao empresariado.

6. Impulsar un proceso de negociación colectiva en Galiza para acadar acordos que permitan reducir a fenda laboral de xénero e elevar os salarios.

7. Avanzar nunha proposta de modelo de financiamento autonómico que consolide máis recursos e poder fiscal recuperando, no inmediato, o nivel de ingresos/gastos previos aos recortes derivados da política de austeridade.

CSV: GmmWgbzwn8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/03/2019 09:30:00
Nº Rexistro: 47392
Data envio: 06/03/2019 18:58:06.542

8. Substituír o modelo actual da RISGA por unha renda de ingresos mínimos e de complemento de ingresos, de carácter subxectivo e non condicionada, elevando a contía orzamentaria, canto menos, ao cuádruple da actual nunha lexislatura.

9. Impulsar un plan de choque específico contra a pobreza infantil.

10. Dirixirse ao Goberno de España para solicitar máis financiamento para planificar a universalización do ensino 1-3 anos.

11. Planificar, antes de fin de 2019, un plan de desenvolvemento do ensino universal 1-3 anos para estar implementado antes de 2022, trasladando as competencias sobre o mesmo da Consellería de Política Social á de Educación.

12. Dirixirse ao Goberno de España para aumentar os permisos de maternidade e paternidade ata un horizonte que garanta, canto menos, un ano de permiso, para fomentar a corresponsabilidade na atención das crianzas e aplicar medidas específicas que teñan en consideración as necesidades das mulleres tras un parto.

13. Desenvolver un plan de vivenda de alugueiro social para facilitar a emancipación das persoas mozas.

14. Impulsar a colaboración de Xunta e concellos para a incorporación ao parque de alugueiro público das vivendas baleiras.

15. Deseñar plans de apoio á rehabilitación de vivendas no medio rural e programas específicos para acceso da mocidade á vivenda no rural.

16. Impulsar un plan de retorno da mocidade emigrada, con dotación económica anual nos Orzamentos da Xunta, que preste especial atención ao aumento dos fondos de I+D+i.

17. Reforzo dos programas de máster e doutoramento das universidades galegas como estratexia para atraer persoal cualificado.

CSV: GmmWgbzwn8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/03/2019 09:30:00
Nº Rexistro: 47392
Data envio: 06/03/2019 18:58:06.542

18. Creación de medidas ponte entre as actividades formativas de atracción de estudantado estranxeiro e a actividade laboral e/ou empresarial.

19. Deseñar unha estratexia nacional de coidados que garanta redes eficaces de servizos públicos en materia de familia e atención á infancia.

20. Deseño dunha estratexia nacional de atención ás persoas dependentes, así como emprego digno no sector da atención á Dependencia.

21. Profesionalizar o traballo de persoas coidadoras no ámbito familiar, que inclúa a petición ao Goberno Central da recuperación da cotización á SS das persoas coidadoras non profesionais.

22. Impulsar unha lei da Montaña galega que blinde os servizos básicos nos entornos de montaña.

23. Impulsar un plan de acollida de persoas refuxiadas, aumentando o compromiso solidario da Xunta co deber de socorro ás persoas ameazadas nos seus estados de orixe, reforzando a escola pública como elo clave na integración plena de persoas inmigrantes.

24. Poñer freo a aqueles usos do territorio que se retroalimentan co despoboamento, como é o caso da expansión de monocultivo de especies de crecemento rápido ou da megaminaría en detrimento da diversificación das actividades en zonas rurais.

25. Recuperar as políticas de desenvolvemento rural e os seus principios inspiradores: participación activa da poboación a fin de liderar o seu propio desenvolvemento, mobilización da poboación, enfoque territorial, promoción de medianas empresas, apoio á innovación en zonas rurais e mellora da calidade de vida.

CSV: GmmWgbzwn8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/03/2019 09:30:00
Nº Rexistro: 47392
Data envio: 06/03/2019 18:58:06.542

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

26. Apoiar o deseño de estratexias de cambio demográfico e envellecemento activo nas cidades e vilas: planificación urbana participativa coa perspectiva do envellecemento activo e loita contra a soidade. Promoción dun urbanismo inclusivo: espazos públicos máis amables, pensados para as persoas.

Santiago de Compostela, 6 de marzo de 2019.

Asdo.: Paula Vázquez Verao

Deputada do G.P. de En Marea

Luís Villares Naveira

Deputado e Voceiro do G.P. de En Marea

Asinado dixitalmente por:

Paula Vázquez Verao na data 06/03/2019 18:57:21

Luis Villares Naveira na data 06/03/2019 18:57:28

CSV: GmmWgbzwn8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/03/2019 10:16:07
Nº Rexistro: 47396
Data envio: 07/03/2019 10:16:07.311

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de En Marea, por iniciativa dos seus deputados **Marcos Cal Ogando e Antón Sánchez García** e da súa deputada **Eva Solla Fernández**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 2.ª.**

Exposición de motivos

Ecoloxistas en Acción vén de advertir que o pasado mes de febreiro o anticiclón que atravesou a Península e o tráfico motorizado presente nas áreas metropolitanas dispararon os niveis de partículas no aire, a pesar do cal a maior parte das administracións autonómicas non adoptaron ningunha medida para protexer a saúde da cidadanía, nin sequera cando a chegada de po africano agravou aínda máis a situación.

O Principado de Asturias si restrinxiu a circulación e a velocidade dos vehículos en Xixón e Oviedo para reducir as emisións contaminantes, preocupado pola acontecido. Non obstante, a Xunta de Galicia, estivo a velas vir. As cidades de Vigo, A Coruña, Pontevedra, Santiago e Ferrol superaron durante días os límites legais de partículas PM10 (50 microgramos por metro cúbico), e Lugo e Ourense estiveron a piques de facelo, a pesar do cal o Goberno de Feijóo non moveu un dedo para atallar o problema. Non adoptou ningunha medida, nin informativa nin de limitación do tráfico urbano.

Ante esta grave ameaza, Ecoloxistas en Acción esixiu “que se estendan a todas as áreas afectadas as medidas de redución do tráfico motorizado adoptadas polas autoridades de Asturias e Valladolid, advertindo ás persoas máis sensibles á

CSV: GmmWgbzwn8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/03/2019 10:16:07
Nº Rexistro: 47396
Data envio: 07/03/2019 10:16:07.311

contaminación atmosférica, tales como a infancia, as persoas maiores, as mulleres xestantes ou persoas con problemas respiratorios ou cardiovasculares, de que se protexan".

Teñamos en conta que non se trata dun risco abstracto, senón dun perigo real. Segundo un estudo da Axencia Europea de Medio Ambiente, a contaminación atmosférica por partículas foi a responsable de case 28.000 mortes prematuras en España durante o ano 2015.

A situación podería agravarse aínda máis por mor do cambio climático, que reduce as precipitacións e favorece os escenarios proclives a acumulación de contaminación atmosférica, polo que o Goberno da Xunta debería elaborar e aplicar plans de acción que permitan atallar os picos de contaminación.

Polo exposto, o Grupo Parlamentar de En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a deseñar un plan, en colaboración cos concellos, que permita, nas situacións de contaminación atmosférica, adoptar medidas áxiles de redución do tráfico motorizado e advertir de que se protexan as persoas máis sensibles, tales como a infancia, as persoas maiores, as mulleres xestantes ou persoas con problemas respiratorios ou cardiovasculares, nas situacións de contaminación atmosférica.

Santiago de Compostela, 7 de marzo de 2019.

Asdo.: Marcos Cal Ogando

Eva Solla Fernández

CSV: GmmWgbzwn8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/03/2019 10:16:07
Nº Rexistro: 47396
Data envio: 07/03/2019 10:16:07.311

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Antón Sánchez García

Deputadas e Vicevoceiro do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Marcos Cal Ogando na data 07/03/2019 10:14:33

Antón Sánchez García na data 07/03/2019 10:14:46

Eva Solla Fernández na data 07/03/2019 10:14:53

CSV: GmmWgbzwn8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/03/2019 11:07:50
Nº Rexistro: 47408
Data envio: 07/03/2019 11:07:50.685

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de **En Marea,** por iniciativa da súa deputada **Flora Maria Miranda Pena**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 5.ª**, relativa aos coidados paliativos.

Exposición de motivos.

A Morte Digna é unha aspiración lexítima das persoas no exercicio da súa autonomía. Ante o diagnóstico dunha enfermidade grave cun prognóstico infausto, ante a evolución dunha patoloxía sen expectativas de recuperación ou incluso ante o esgotamento natural das funcións vitais pola idade, as persoas aspiramos a un final das nosas vidas nas mellores condicións posibles: preferiblemente nun entorno cálido, próximo, amable, reconfortadas con coidados de persoas queridas e coa mellor atención sanitaria que garanta a ausencia no posible de dor e outros síntomas limitantes da calidade de vida como o insomnio, angustia, dificultade respiratoria, etc.

No noso país aínda non dispoñemos dunha lei que regule a Eutanasia. Mais si podemos facer uso duns coidados paliativos que mitiguen os síntomas que acompañan o final da vida.

Estes coidados poden ser administrados en entorno hospitalario (cando son moi refractarios) ou no ámbito domiciliario (entorno preferido pola meirande parte das persoas).

CSV: GmmWgbzwn8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/03/2019 11:07:50
Nº Rexistro: 47408
Data envio: 07/03/2019 11:07:50.685

Os coidados paliativos no domicilio poden correr a cargo de unidades de hospitalización a domicilio ou das propias profesionais da Atención Primaria de Saúde.

As unidades de hospitalización domiciliaria son altamente cualificadas e específicas da función que se require, mais teñen unha grave limitación: só atenden o ámbito urbano e periurbano, cun radio de acción de 30 quilómetros en torno á cidade na que se instalan (teñen sé hospitalar). Isto atenta contra o principio de xustiza distributiva de recursos, beneficiando ás persoas dos ámbitos periurbanos e penalizando o rural (como é habitual).

O mecanismo compensador, equitativo e accesible por antonomasia en atención sanitaria é a Atención Primaria. Nela traballan profesionais globalmente ben formadas con capacidade para atender os coidados paliativos no entorno no que maioritariamente se requiren: os domicilios das e dos pacientes.

Hai uns anos instaurouse de modo pouco definido e desigual a figura de profesionais referentes en coidados paliativos por cada servizo de atención primaria. Estes profesionais formábanse no seu tempo libre e asumían, a maiores da súa carga asistencial, a función de servir de soporte técnico cualificado ás súas compañeiros e compañeiras do centro de saúde cando un paciente requiría coidados paliativos con certa dificultade. A gratificación era a propia do cumprimento do deber deontolóxico, non outra.

Na práctica, os coidados paliativos en Atención Primaria asúmense, moitas máis veces do recomendable, a maiores dun volume considerable de pacientes na consulta, cunha atención domiciliaria fraccionada e supeditada á dispoñibilidade de tempo (moi escasa na maioría dos centros e profesionais), en ocasións despois de rematada a xornada ordinaria e cunha calidade subóptima debida á propia sobrecarga. (Hai que considerar o tempo en desprazamentos necesario para prestar este tipo de atención).

CSV: GmmWgbzwn8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/03/2019 11:07:50
Nº Rexistro: 47408
Data envio: 07/03/2019 11:07:50.685

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Asumir os coidados paliativos na Atención Primaria de saúde é recomendable, necesario e desexable para a maior parte de persoas e familias, máxime tendo en conta o avellentamento da poboación: a idoneidade de que as persoas que esgotan as súas expectativas vitais de modo natural non sexan remitidas ao hospital é outro factor que recomenda limitar o esforzo terapéutico no domicilio, onde a meirande parte das persoas anciás desexan falecer. (Por outra banda sería tamén unha "boa práctica" na medida en que evita o consumo dun recurso moito máis custoso, o ingreso hospitalario, que en termos de eficiencia e xustiza distributiva é máis desaconsellable). O principio de Autonomía tomando decisións sobre a vida, mais tamén sobre a morte é merecente de ser respectado.

Pero isto é inasumible sen recursos. Sabemos da saturación da Atención Primaria. Este é outro argumento para dotala dignamente. Unha práctica respectuosa, libre, digna, coidadosa e considerada coa vontade das persoas require, fundamentalmente, recursos humanos.

Polo exposto, o Grupo Parlamentar de En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a reforzar a Atención Primaria de saúde tamén para un óptimo dimensionamento dos coidados paliativos asumidos neste entorno, con formación, recursos humanos suficientes e dispoñibilidade de tempo e material para tal función.

Santiago de Compostela, 7 de marzo de 2019.

Asdo.: Flora María Miranda Pena

CSV: GmmWgbzwn8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/03/2019 11:07:50
Nº Rexistro: 47408
Data envio: 07/03/2019 11:07:50.685

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Deputada do G.P. de En Marea.

Luís Villares Naveira

Voceiro do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Flora María Miranda Pena na data 07/03/2019 11:02:27

Luis Villares Naveira na data 07/03/2019 11:02:35

CSV: GmmWgbzwn8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/03/2019 11:07:59
Nº Rexistro: 47409
Data envio: 07/03/2019 11:07:59.315

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario de En Marea**, a iniciativa da deputada **Paula Vázquez Verao** e do deputado **Luís Villares Naveira**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate na **Comisión 5.ª**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

Cada vez é máis numeroso o colectivo de menores que se atopan en situación de tutela ou garda por parte da Xunta de Galicia.

Na situación de garda a Xunta só asume o coidado da persoa menor, que se atopa desprotexida nalgunha faceta da vida e durante un período de tempo, por decisión dos propios proxenitores ou ben por decisión xudicial, aínda que a patria potestade a conserven os proxenitores. Esta garda realízase a través do acollemento residencial ou do acollemento familiar.

No caso da tutela, existe unha situación de desamparo maior, e a Xunta asume a garda e a custodia do propio menor, suspendéndose de facto a patria potestade que teñen os pais, por non darse os requisitos para que o menor continúe baixo a supervisión destes. Así, as modalidades de tutela son acollemento familiar, pola propia familia extensa, de poderse dar este suposto, acollemento por outras familias ou ben internamento residencial.

2993 persoas menores de idade están nalgunha destas dúas situacións. Dentro destes 2326 menores tutelados, 1392 están en residencias e 1315 acollidos no propio entorno da familia extensa, e 286 en acollemento familiar.

CSV: GmmWgbzwn8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/03/2019 11:07:59
Nº Rexistro: 47409
Data envio: 07/03/2019 11:07:59.315

Entre as circunstancias que máis abundan para os proxenitores nestas situacións son os problemas mentais, violencia, problemas coas drogas, hospitalizacións ou estancias laborais fóra do fogar, xunto con outras como a falta de escolarización, que constitúen situacións de risco para os e as menores e nos que non hai un desamparo, que si se dá nos casos máis graves de tutela. O acollemento poderá realizarse en residencias se as circunstancias son especialmente difíciles.

Ademais dos problemas dos proxenitores, engádense outros como os problemas de índole psicolóxico ou psiquiátrico que poden padecer os e as propios menores, nalgúns casos con imposibilidade da convivencia produto da adición a substancias.

En total existen 75 centros de protección de menores en Galicia, cun total de 887 prazas de internado, e 371 de atención de día, claramente insuficientes e con deficiencias a nivel de infraestruturas e persoal.

A propia Memoria dos Orzamentos da Xunta recoñece, na análise DAFO, os puntos identificados como debilidades na protección da infancia, constatando o fracaso da Xunta na falta de programas de Educación Familiar e na indefinición entre servizos sociais, educación e sanidade, para a intervención e tratamento de problemas da infancia e de saúde mental. Ademais, cómpre analizar o aumento de trastornos do comportamento entre a infancia, que ocasionan comportamentos que poden derivar en imposición de medidas xudiciais a menores.

Nos últimos anos constátase un aumento constante na apertura de expedientes de protección da infancia: 377 no ano 2013, 621 no 2014, 943 no 2015, 1.141 no 2016 e 925 no 2017.

Asemade, cómpre unha análise dos novos perfís debidos á crise social.

Faltan recursos, recoñéceo a propia Memoria citada: “Incremento do número de medidas xudiciais de internamento terapéutico, para as que o recurso existente

CSV: GmmWgbzwn8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/03/2019 11:07:59
Nº Rexistro: 47409
Data envio: 07/03/2019 11:07:59.315

queda escaso." "-Escaseza de recursos específicos para a atención de menores con problemas de comportamento e saúde mental."

Asemade, falta conexión dos centros e da Consellería de Política Social cos servizos sociais comunitarios para o seguimento dos casos.

A propia Memoria dos Orzamentos de 2019 para a Consellería de Política Social recoñece, tamén, a "existencia de áreas de competencia non definida entre servizos sociais, educación e sanidade, para a intervención e tratamento de problemas da infancia e de saúde mental.

Por outra parte, o sistema de protección de menores está fundamentalmente privatizado.

Doutra banda, Galicia é a Comunidade Autónoma con maior porcentaxe de menores de 6 anos en centros: aínda hai 104 nenos e nenas menores de 6 anos en centros, segundo UNICEF.

En canto ao acollemento de MENAS, non hai recursos en centros, polo que a Xunta propuxo impulsar o acollemento familiar, pero sen ir acompañado dun aumento de recursos en Educación Familiar, persoas intérpretes ou colaboración na información sobre MENA no Estado. O CGCEES emitiu un comunicado sobre esta cuestión, que transcribimos:

As Educadoras e os Educadores Sociais son unhas/uns das/os profesionais con responsabilidade educativa nos centros de acollida que deben atender en primeira instancia, e ao longo do proceso de acompañamento, ás/os nenas, nenos e adolescentes migrantes sen referentes adultos, tal como queda definido na lexislación española. Nos últimos meses constatouse a creación de novos centros de emerxencia, a través de convenios con "entidades colaboradoras", con pouca marxe de tempo, sen ter en conta a cualificación profesional necesaria do persoal contratado e con contratos laborais precarios. O CGCEES

CSV: GmmWgbzwn8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/03/2019 11:07:59
Nº Rexistro: 47409
Data envio: 07/03/2019 11:07:59.315

manifesta o seu total desacordo con estas actuacións e reclama que se actúe dentro da legalidade e no marco dos convenios colectivos establecidos.

Na acollida de MENAS o Estado suspende. Galicia acolle 169 MENAS hoxe (84 en 2017), menos do 2% do Estado.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario de En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:

1. Incrementar o número de prazas do sistema de protección de menores en acollemento residencial, de xestión directa.

2. Incrementar os recursos persoais e materiais deste tipo de centros para garantir de xeito integral a protección dos e das menores implicadas.

3. Incrementar o número de inspeccións non comunicadas, para detectar e subsanar as deficiencias que se detecten na atención a menores en ditos centros.

4. Incrementar o número de familias en réxime de acollemento mediante a implementación dun proxecto piloto de acollemento profesional.

5. Incrementar o número de acollementos para os e as menores de 6 anos.

6. Incrementar os recursos destinados ás familias, nomeadamente económicos e de carácter socioterapéutico.

7. Mellorar os sistemas de detección temperá de problemas condutuais nas familias a través dos centros educativos e sanitarios, mediante unha coordinación eficaz entre estes eidos e os servizos sociais comunitarios.

CSV: GmmWgbzwn8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/03/2019 11:07:59
Nº Rexistro: 47409
Data envio: 07/03/2019 11:07:59.315

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

8. Incrementar os recursos para saúde mental na Atención Primaria e, particularmente, para atención á infancia con trastornos mentais.

9. Reforzar os programas de Educación Familiar, contando con profesionais de Educación Social.

10. Impulsar a acollida de menores estranxeiros non acompañados, de acordo co Goberno do Estado, ofrecendo recursos que posibiliten un esforzo solidario importante da Comunidade Autónoma, no marco dun plan de acollida de persoas refuxiadas que conte coa presenza de educadores e educadoras sociais no proceso acolledor.

11. Realizar un estudo sobre a evolución do perfil das e dos menores que se atopan no sistema de protección e sobre a rotación dos mesmos entre os distintos centros da Comunidade Autónoma.

Santiago de Compostela, 7 de marzo de 2019.

Asdo.: Paula Vázquez Verao

Deputada do G.P. de En Marea

Luís Villares Naveira

Deputado e Voceiro do G.P. de En Marea

Asinado dixitalmente por:

CSV: GmmWgbzwn8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/03/2019 11:07:59
Nº Rexistro: 47409
Data envio: 07/03/2019 11:07:59.315

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Paula Vázquez Verao na data 07/03/2019 10:35:13

Luis Villares Naveira na data 07/03/2019 10:35:31

CSV: GmmWgbzwn8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/03/2019 13:26:19
Nº Rexistro: 47428
Data envio: 07/03/2019 13:26:19.731

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario de En Marea**, a iniciativa da súa deputada **Paula Vázquez Verao,** ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate na **Comisión 5.ª**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O feito de non contar cun centro específico de atención á diversidade funcional na comarca de Compostela provoca situacións tanto de falta de atención ás persoas con diversidade funcional como de falta de posibilidades de conciliación nas familias.

O alumnado do Centro de Educación Especial A Barcia, de Santiago de Compostela, ao non ter centro de continuidade, inmediatamente despois da etapa educativa, sendo rapaces e rapazas de 21 anos, perde a súa socialización, o seu entorno social de amizades e compañeiros/as e sofren un parón na súa evolución educativa.

Asemade, aínda cando conseguen atopar praza nun centro, o cambio de entorno é difícil para persoas con discapacidade intelectual.

A falta de prazas residenciais na comarca de Compostela empeora as posibilidades de conciliación das familias.

A Plataforma de Familias con Diversidade Funcional de Santiago, de recente creación, que aglutina as reivindicacións da Asociación de Nais e Pais do Alumnado (ANPA) do centro de educación especial da Barcia, xunto ás familias

CSV: GmmWgbzwn8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/03/2019 13:26:19
Nº Rexistro: 47428
Data envio: 07/03/2019 13:26:19.731

de persoas con trastornos do espectro autista e do alumnado do centro de educación especial López Navalón, do Pedroso, reivindica a necesidade de ter prazas residenciais suficientes para as persoas con diversidade funcional da comarca de Compostela, adaptadas tamén ás necesidades das persoas con discapacidade intelectual.

As promesas de apertura do CEGADI a usos de atención directa de persoas con diversidade funcional fóronse adiando. A Xunta alega que o atraso na apertura do centro de atención directa se debe ao atraso nunha transferencia de 500.000 € pendente do IMSERSO e á necesaria posta en funcionamento dos dous organismos que neste complexo dependen do Estado, en virtude dun convenio asinado entre Xunta e Estado. Así mesmo, a Xunta volve prometer que en 2019 se comezará a licitar o material para a posta en marcha deste centro e prometendo que, no que depende da Xunta, estará en funcionamento antes de remate de 2019, obviando que xa prometera abrir o CEGADI, primeiro, na primeira metade de 2017, logo, a finais de 2017. De feito, no Plan de Acción Integral para as Persoas con Discapacidade 2010-2013, prevíase a apertura do CEGADI en 2013; sen embargo, na Estratexia Galega sobre discapacidade 2015-2020 non se menciona este complexo.

A previsión de prazas de atención directa era de 162 (60 para habilitación funcional, emocional e psicosocial, 70 para formación e 32 de residencia), moi necesarias polo acusado déficit das mesmas na comarca de Santiago, pero insuficientes, no que ten que ver coas prazas residenciais.

Polo exposto, o Grupo Parlamentario de En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:

CSV: GmmWgbzwn8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/03/2019 13:26:19
Nº Rexistro: 47428
Data envio: 07/03/2019 13:26:19.731

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

1. Reunirse de xeito inmediato coa Plataforma de Familias con Diversidade Funcional de Santiago.

2. Aumentar o número de prazas residenciais de atención directa para persoas con diversidade funcional na comarca de Compostela, incluíndo a posta en marcha inmediata destes usos no CEGADI.

Santiago de Compostela, 7 de marzo de 2019.

Asdo.: Paula Vázquez Verao

Deputada do G.P. de En Marea

Luís Villares Naveira

Voceiro do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Paula Vázquez Verao na data 07/03/2019 11:19:47

Luis Villares Naveira na data 07/03/2019 11:19:54

CSV: GmmWgbzwn8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/03/2019 13:34:29
Nº Rexistro: 47439
Data envio: 07/03/2019 13:34:29.386

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de En Marea, por iniciativa dos seus deputados **Marcos Cal Ogando e Antón Sánchez García,** ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 2.ª.**

Exposición de motivos

A Sociedade Galega de Historia Natural (SGHN) advertiu recentemente do perigo inmenso que supoñen as plantacións de Eucalyptus globulus (EG) para a abundancia e a calidade da auga.

Segundo indica a documentación académica manexada pola SGHN, "os solos baixo eucaliptais son moi hidrofóbicos, provocando grandes flutuacións estacionais nos caudais". Así o demostrou o cambio de "rotación forraxeira millo-pasteiro a unha plantación de E. globulus", que "alterou a hidroloxía da estación seca nunha pequena bacía, facendo que o nivel da capa freática ao cabo de seis anos baixase o dobre de rápido que antes da plantación". "Durante os 10 primeiros anos dunha plantación de *E. globulus* o caudal diminuíu nun 22% debido a unha maior intercepción da chuvia (sobre todo no período húmido) e a unha maior evapotranspiración durante o período seco". "No mesmo senso, cando hai un menor demanda de auga polas plantacións de eucaliptos aumentan os caudais nos cursos de auga".

Así as cousas, os investigadores aconsellan que "influencia da plantación de *E. globulus* sobre as reservas e as descargas de auga debería terse en conta no manexo da bacía hidrolóxica". Nesta materia, imos cun significativo retraso en comparación co noso país veciño, xa que "hai máis de 30 anos, en Portugal xa se

CSV: GmmWgbzwn8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/03/2019 13:34:29
Nº Rexistro: 47439
Data envio: 07/03/2019 13:34:29.386

coñecían problemas coa baixada da capa freática e o subministro de auga en zonas con escasas precipitacións e e grandes plantacións de *Eucalyptus*".

A calidade da auga nas contornas das plantacións de eucaliptos vén condicionada polas follas do E. globulus, que "teñen un maior contido de aceites esenciais, fenoles e taninos (...), e menor de nutrientes, apenas a metade no caso de nitróxeno e fósforo". Como consecuencia:

- Os seus lixiviados diminúen o contido de osíxeno das augas, aumentando a súa acidez, condutividade e contido fenólico.
- Os fungos acuáticos colonizan con máis dificultade as súas follas.
- As súas follas descompóñense máis lentamente sobre todo se as augas xa son oligotróficas, é dicir, pobres en nutrientes.

Ante este escenario, a SGHN advirte de que:

- A alteración, en cantidade e calidade, dos aportes de materia orgánica particulada nos eucaliptais afecta á viabilidade e á ecoloxía dos macro-invertebrados acuáticos.
- Os monocultivos de eucaliptos afectan ás comunidades de macro-invertebrados bentónicos en cauces fluviais pequenos, reducindo tanto o número de invertebrados como o de taxóns presentes, incluídos algúns dos principais taxóns de macroinvertebrados acuáticos como *Echinogammarus* sp., *Leuctra* spp. e Nemouridae.
- As follas de eucaliptos son un alimento pobre para os trituradores, que son incapaces de crecer e morren cando só dispoñen de follas de eucalipto

CSV: GmmWgbzwn8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/03/2019 13:34:29
Nº Rexistro: 47439
Data envio: 07/03/2019 13:34:29.386

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Levamos tempo subliñando o perigo inmenso que supón o monocultivo do eucalipto, tanto polo papel protagonista que interpreta tódolos anos na tempada de lumes, como polos prexuízos enormes que causa á contorna natural. Os datos que pon sobre a mesa a SGHN son unha nova chamada de atención que, por responsabilidade coa terra, a Xunta de Galicia tería que atender de maneira urxente.

Polo exposto, o Grupo Parlamentar de En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a elaborar un informe sobre o impacto do eucalipto na auga da súa contorna que permita intervir na mellora da súa calidade e das flutuacións de caudais.

Santiago de Compostela, 7 de marzo de 2019.

Asdo.: Marcos Cal Ogando

Antón Sánchez García

Deputado e Vicevoceiro do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Marcos Cal Ogando na data 07/03/2019 13:30:02

CSV: GmmWgbzwn8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/03/2019 13:34:29
Nº Rexistro: 47439
Data envio: 07/03/2019 13:34:29.386

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Antón Sánchez García na data 07/03/2019 13:30:10

CSV: GmmWgbzwn8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/03/2019 13:49:01
Nº Rexistro: 47445
Data envio: 07/03/2019 13:49:01.717

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa da súa deputada **Eva Solla Fernández** e do seu deputado **Marcos Cal Ogando,** ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate en **Comisión.**

Exposición de motivos:

O Lindano, segundo a Organización Mundial da Saúde, é un canceríxeno de tipo 1 que foi fabricado pola compañía Zeltia durante moitos anos, nunha planta situada no polígono de Torneiros, no concello do Porriño. Estímase que máis de 1.000 toneladas de residuos xerados nesta fábrica, foron vertidos na zona e outros puntos da rexión, empregando unha parte deste compoñente químico como material para o arranxo de estradas, orixinando diferentes focos de contaminación.

Outra zona de contaminación no concello do Porriño foi a zona de Contrasto, na que no mes de outubro realizáronse analíticas para as que se lles tomaron mostras de sangue as veciñas e veciños da zona.

En relación a estas analíticas, a alcaldesa de Porriño, informou no pasado pleno do luns a instancias dunha pregunta rexistrada por EU Son Porriño, sobre os resultados positivos de Lindano atopados nas analíticas e a falta absoluta de información e coñecemento relativo a algún plan ou actuación por parte tanto por parte da Consellería de Sanidade, así como dos comités científico técnicos anunciados pola Consellería de Medioambiente.

CSV: GmmWgbzwn8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/03/2019 13:49:01
Nº Rexistro: 47445
Data envio: 07/03/2019 13:49:01.717

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Por todo o anterior o Grupo Parlamentario de En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Comisión.

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:

- Informar de xeito urxente, dos resultados das analíticas realizadas, dando traslado da previsión e planificación que se vai a levar a cabo.

- Promover a nivel autonómico e nos niveis locais directamente afectados, Mesas de Acción institucional e social, que inclúan a participación das autoridades públicas implicadas, organizacións da sociedade civil e representantes do ámbito técnico-científico, como as Universidades, para desenvolver unha acción coordinada a nivel autonómico, estatal e europeo, para intercambiar coñecementos sobre a descontaminación e a protección da saúde pública e para mobilizar os fondos autonómicos, estatais e europeos necesarios para abordar un plan de acción integral que desenvolva as tarefas de investigación e solución do problema.

- Iniciar controis poboacionais ás persoas que viven nas zonas de Contrasto e Torneiros ou aquelas outras que teñen ou tiveron contacto cos mesmos, con arranxo á evidencia científica que indica cales son os prexuízos da sustancia a todos os niveis (endocrino, neurolóxico...)

Santiago de Compostela, 7 de marzo de 2019.

Asdo.: Eva Solla Fernández
Marcos Cal Ogando
Deputada e deputado do G.P. de En Marea.

CSV: GmmWgbzwn8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/03/2019 13:49:01
Nº Rexistro: 47445
Data envio: 07/03/2019 13:49:01.717

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Luís Villares Naveira

Voceiro do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Eva Solla Fernández na data 07/03/2019 13:46:56

Marcos Cal Ogando na data 07/03/2019 13:47:03

Luis Villares Naveira na data 07/03/2019 13:47:11

CSV: GmmWgbzwn8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/03/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 47453
Data envio: 07/03/2019 14:09:01.201

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de En Marea, por iniciativa dos seus deputados **Davide Rodríguez Estévez e Antón Sánchez García,** ao abeiro do recollido no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 7.ª,** sobre a exclusión dos axentes do sector dentro do Consello Forestal á hora de dialogar e traballar para facer políticas forestais de consenso.

Exposición de motivos

Trala celebración da última xuntanza do Consello Forestal, o pasado 19 de febreiro, o Sindicato Labrego Galego, Asociación Frouma e Amigos da Terra, denunciaron, unha vez máis, a exclusión dos axentes do sector á hora de dialogar e traballar para facer políticas forestais de consenso.

Dende a súa creación no 2004 como órgano consultivo e asesor da Administración, o Consello Forestal de Galicia coxeou na súa faceta de ser a "*canle de participación dos axentes sectoriais, sociais e científicos para a elaboración e execución de políticas orientadas ao desenvolvemento sustentable*", tal como marca a Conferencia de Nacións Unidas dende o ano 1992. E, nos últimos tempos, converteuse nun instrumento de trámite para xustificar unha consulta pública que, en realidade, non se producía.

No último pleno do Consello Forestal, o conselleiro de Medio Rural aludiu sempre á *Comisión especial non permanente de estudo e análise das reformas da política forestal, de prevención e extinción de incendios forestais e do Plan Forestal de Galicia* e aos grupos de expertos creados no Parlamento de Galicia, como única vía de traballo para a elaboración das políticas forestais.

CSV: GmmWgbzwn8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/03/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 47453
Data envio: 07/03/2019 14:09:01.201

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Isto é un grave erro xa que a participación das organizacións sociais e sectoriais son vitais.

Concretamente, no aspecto da prevención e defensa contra os incendios forestais, o conselleiro negou en repetidas ocasións a solicitude de creación dunha Mesa dos Lumes no seo do Consello Forestal, onde poder aportar e debater propostas para avanzar nunha solución a esta problemática do territorio galego, que ten moito que ver coas políticas forestais e do medio rural. Cabe recordar que a creación desta mesa de traballo foi un compromiso adquirido pola Consellería, na figura de Tomás Fernández Couto, na anterior convocatoria do Consello Forestal (18 de abril de 2018), trala polémica xurdida pola tramitación do PLADIGA e a presión das organizacións sociais.

Dende a Xunta de Galicia volven a poñer a política de costas ao pobo, en troques de contar coa experiencia e traballo dos axentes sociais.

O Goberno da Xunta de Galicia e o PP seguen sen ter en consideración os axentes sociais representativos do sector forestal do país. Seguen tendo unha visión dos montes unicamente co fin de producir madeira de mala calidade, deixando de lado a multifuncionalidade e a loita contra o cambio climático. A Consellaría de Medio Rural segue sen dar prioridade á imprescindible xestión sustentable dos montes e ecosistemas forestais de Galicia para conseguir o desenvolvemento económico, ecolóxico e social do conxunto do país.

Polo exposto, o Grupo Parlamentar de En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a constituír comisións e grupos de traballo dentro do Consello Forestal que integren e desenvolvan as políticas forestais que Galicia precisa.

CSV: GmmWgbzwn8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/03/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 47453
Data envio: 07/03/2019 14:09:01.201

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Santiago de Compostela, 7 de marzo de 2019.

Asdo.: Davide Rodríguez Estévez

Antón Sánchez García

Deputado e vicevoceiro do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

David Rodríguez Estévez na data 07/03/2019 14:05:38

Antón Sánchez García na data 07/03/2019 14:05:50

CSV: GmmWgbzwn8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/03/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 47455
Data envio: 07/03/2019 14:32:03.432

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario de En Marea, por iniciativa dos seus deputados **Francisco Casal Vidal, Manuel Lago Peña e Luis Villares Naveira,** ao abeiro do artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 6.ª,** relativa ao concurso voluntario de acredores con proposta de liquidación para a fábrica de Poligal en Narón**.**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O conselleiro delegado de Poligal, Santiago Font, comunicaba na mañá do venres 22 de febreiro á representación social que a compañía vén de solicitar **concurso voluntario de acredores con proposta de liquidación para a fábrica de Poligal en Narón** e, polo tanto, co posíbel despedimento dos seus preto de 120 traballadores e traballadoras da plantilla, o que afectaría tamén ao emprego dos mais de 50 postos de traballo indirectos.

Os traballadores e traballadoras de Poligal Packaging Narón e En Marea rexeitamos esta decisión e entendemos que **a empresa ten futuro e viabilidade**. Afirmamos que á falta de coñecer a documentación presentada na mañá do 22 no xulgado do Mercantil de Barcelona, para os traballadores e traballadoras de Poligal en Narón non existen razóns xustificadas para unha medida tan drástica, máis cando a fábrica pertence ao grupo Peralada que desvía a produción a outras plantas, segundo máis lle conveña para cadrar (ou descadrar) as contas.

A noticia caeu como un xerro de auga fría entre as traballadoras e traballadores, a quen a empresa quere enviar para a casa cun permiso retribuído até que se nomee ao/á administrador/a concursal. De ningunha maneira era esperable unha decisión

CSV: GmmWgbzwn8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/03/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 47455
Data envio: 07/03/2019 14:32:03.432

desta índole, pois aínda que a dirección fala de perdas acumuladas, as nóminas están ao día e non se rexistraron atrasos nos pagos a todos os provedores e acredores.

Cómpre lembrar que Poligal (que se dedica á fabricación de plástico para a industria alimentaria e laminación) foi o buque insignia das subvencións e dos famosos plans de reindustrialización para a comarca de Ferrolterra, ao abeiro das que recibiu suculentas axudas para mercar solo industrial, montar as naves e contratar persoal. E **foi dende Narón, cos resultados obtidos e as patentes desenvoltas, dende onde expandiu a súa actividade levantando fábricas en Portugal e Polonia, coas que agora ten que competir**.

Foi a principios do 2006 cando a Dirección da Empresa de forma oculta comeza unhas inversións en Portugal, concretamente na localidade de Arcos de Valdevez. Tras meses negándoo a empresa acabou recoñecendo dita inversión, asegurando que serían complementarias e afirmando novas inversións en Narón.

Dentro destas inversións están a ampliación da nave da factoría, onde albergaríase unha nova liña de produción de "cast". Para ilo solicitou subvencións apoiándose no Plan Ferrol acadando así as seguintes subvencións:

- 2.645.520 €, dos 6.382.082€ do orzamento financiable. REINDUS 2007
- 552.099€, de 5.520.990€ financiable e do 1.945.219€ da solicitada (é dicir, o 10% do orzamento financiable). IG100 IGAPE.
- IGAPE (Incentivos Rexionais), non concedida.
- 508.750€ dos 2.554.000€ solicitado e 5.108.000€ do orzamento financiable. REINDUS 2009

CSV: GmmWgbzwn8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/03/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 47455
Data envio: 07/03/2019 14:32:03.432

Resumindo, os prestamos concedidos a interese 0% e dous anos de carencia foi de:

1ª Fase: 2.645.520 €
2ª Fase: 508.750 €

Un total de 3.154.270 € que equivalía ao 27,45% do orzamento financiable (REINDUS 2007 e 2009) máis os 508.750 € do IG100 a fondo perdido ao remate da inversión.

No 2008, solicita de novo unha axuda ao Plan Ferrol para a renovación da Liña 1 de produción, concedéndolle 922.720 € dun orzamento financiable de 2.742.400 €. REINDUS 2008.

Cadro resumo:

Liña de Cast	Préstamo REINDUS 2007	2.645.520
	Préstamo REINDUS 2009	922.720
	A fondo perdido IG100 2007	552.099
Renov. Liña 1	Préstamo REINDUS 2008	922.720
	Total	4.629.089

A Empresa chegou a ter ingresado nas súas contas a contía de 4.490.960 € que tivo que devolver ao non desenvolver as inversións comprometidas nos proxectos presentados.

CSV: GmmWgbzwn8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/03/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 47455
Data envio: 07/03/2019 14:32:03.432

Xa metidos no 2010, e coincidindo coa "Crise económica" como xustificaron algúns, entre eles a Dirección de Poligal, serviu de escusa para paralizar as inversións, deixando só a construción da nova nave na parte de atrás da empresa pero sen maquinaria nin renovacións da mesma. A escusa, a crise.

Entón, ano tras ano a Empresa comeza en Narón un proceso de axustes e reorganización que levaron consigo a presentación de varios Expedientes de Regulación algúns deles rexeitados pola Autoridade Laboral e outros non chegaron a presentarse por falta de acordo. Así se aguanta a situación até a chegada da Reforma Laboral do 2010, onde as normas de xogo cambian drasticamente para a parte social.

A partires de aquí a empresa apoiada no sustento que lle daba a Reforma Laboral realizou un Expediente de Regulación de Emprego 2010-2011 que supuxo a suspensión de emprego para a plantilla de 4 meses que se prorrogaron no 2011-2012 con outros 2 meses de suspensión.

A finais do 2012 e tras rematar os ERE´s de suspensión, é cando na Empresa desembarca o que actualmente é o CEO do grupo Poligal e propón á parte social unha redución de 35 postos de traballo ou o peche. É entón cando se asina un Acordo Global con data 29/11/12 onde se acorda a extinción de 35 postos de traballo e un mes de suspensión para o resto a cambio dun Plan de Viabilidade contendo unha estabilidade laboral e inversións que garantía o futuro da planta de Narón.

Cabe resaltar que dito Plan de Viabilidade foi asinado polo propio Santiago Font, CEO do grupo Poligal.

CSV: GmmWgbzwn8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/03/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 47455
Data envio: 07/03/2019 14:32:03.432

Do Plan, só se investiu nunha regranuladora, quedando pendente a parte importante da renovación da factoría, e a que garantiría o futuro, a inversión na liña 1 de produción, e a liña de cast, nas que acordouse investir ao redor duns 6 millóns de euros. Este incumprimento por parte da empresa foi denunciado pola representación dos traballadores existindo unha sentencia firme do TSXG que obriga a empresa a cumprir os seus compromisos no acordo de extinción dos 35 postos de traballo.

Pasa o tempo e a empresa inviste máis de 40 millóns de euros nunha nova fábrica en Polonia, Skarbimierz, e na factoría de Portugal montan unha liña de cast, cunha inversión de 15 M€. E a maiores anuncian na prensa a súa intención de seguir medrando, incluso plantexando mercar unha fábrica en México. Todas elas producindo produtos cuxas patentes foron desenvoltas en Narón onde se encontra a súa unidade de I+D+i.

A Empresa crea unha maraña organizativa coa única **finalidade de descapitalizar e deslocalizar calquera empresa en calquera momento, e facer imposible coñecer de verdade a rendibilidade concreta de cada factoría.** Así temos que:

- Os responsable de compras, de vendas, director financeiro, recursos humanos, calidade, I+D, seguridade alimentaria, son os responsables das tres (Polonia, Narón e Portugal).
- Poligal Global Service é a cormercializadora do grupo e único cliente das tres factorías, eles deciden o que se fai, cando e onde, podendo así manexar os pedidos en funcións dos intereses empresariais. A maiores, as tres factorías pagan un canon a esta comercializadora pola prestación de servizos. Nesta comercializadora están centralizadas tamén as nóminas dos que son xefes e responsables das 3 empresas simultaneamente. Por certo,

CSV: GmmWgbzwn8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/03/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 47455
Data envio: 07/03/2019 14:32:03.432

Poligal Global Service opera dende as instalacións de Poligal Narón sen abonar aluguer nin ningún outro servizo do que é usuario.

- Incrementaron gastos conscientemente (uns 500.000 €) á planta de Narón ao non ser copartícipes o resto de factorías dos custes de fabricación de especialidades de I+D, repercutindo o 100% deste custe na factoría de Narón. Os traballadores exixiron en varias reunións coa empresa que eses custes de probas de materiais, do que se van a beneficiar o resto das empresas do grupo debería ser presupostado anualmente e costeado entre as tres.

A situación actual é a descrita no inicio desta exposición de motivos, e Poligal Narón está ameazada de morte. A empresa alega que o mercado está sobrecapacitado, pero se desenvolveron inversións en novos proxectos fora e non aquí, onde tiñan o compromiso, incluso con sentencia firme por incumprimento do acordo global do ERE do 2012, que ignoraron. Os traballadores van a exixir a execución da mencionada sentencia.

Poligal Narón conta cunha plantilla máis que cualificada, nestes anos conseguíronse os máis altos recoñecementos en calidade e seguridade alimentaria, chegando a obter e manter a BRC.

Esta planta e plantel teñen a característica de innovación e desenvolvemento de materiais especiais, recordando que o propio empresario definía Poligal Narón como a “Boutique” do grupo.

Resumindo:

CSV: GmmWgbzwn8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/03/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 47455
Data envio: 07/03/2019 14:32:03.432

- Hai unha evidencia de mercado actual e potencial e pedidos en vigor na planta de Narón. A factoría de Narón exporta o 80% da súa produción polo que non está limitada aos movementos do mercado local en España.
- A empresa non xustifica en absoluto as teóricas perdas deste centro de produción, e en caso de explicitarllas evidenciase que poden deberse a enxeñería contable e a imputación desmesurada de costes de todo o Grupo a esta factoría.
- Narón produce plásticos especiais que só se producen nesta factoría do Grupo, pero a empresa di que manterá o mercado, pero non se sabe de onde sacarán estes produtos. O que parece que pensan facer é levar as patentes desenvoltas en Narón a outras factorías e montar maquinaria en nas plantas doutros países.
- A actividade de I+D+i desenvólvese en Narón cos seus custos derivados, polo que os beneficios en forma de novos produtos deberían recaer tamén nesta factoría.

Por todo elo encontrámonos diante dunha ilexítima e inxusta deslocalización, cunha decisión empresarial de primar outras plantas, a pesares de que o Grupo creouse en Narón e alí desenvolven todos os produtos, todo elo con axudas públicas da Xunta de Galicia e do Goberno de España.

Ante todo o exposto e considerando que o Goberno da Xunta de Galicia debe intervir e a este fin, En Marea presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Comisión:**

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:

1.- **I**ntervir de maneira contundente ante a empresa para garantir o mantemento da actividade e dos postos de traballo na planta de Poligal en Narón.

CSV: GmmWgbzwn8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/03/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 47455
Data envio: 07/03/2019 14:32:03.432

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

2.- Desenvolver todas as accións necesarias para conseguir que a empresa, como primeiro paso na negociación de posibles solucións ao conflito, retire o plan de liquidación por non estar en absoluto xustificado. Deste xeito recibir a nivel de Conselleiro aos representantes sociais de Poligal para desenvolver as estratexias necesarias para reverter o peche e o ERE.

3.- Exixir a empresa, como receptora de axudas para a súa implantación e desenvolvemento, a realización dunha auditoría, con control público, que explicite se Poligal Narón está a ser cargado con custos que non lle corresponderían, o que podería alterar as súas contas de resultados.

4.- Considerar a exixencia de devolución das axudas adxudicadas a empresa, en caso de insistir na súa intención de liquidar a factoría e deslocalizar a produción a outros países.

5.- Modificar todas as convocatorias de axudas directas, financeiras ou subvencións de calquera tipo as empresas para que inclúan cláusulas de garantía da actividade produtiva e dos postos de traballo a medio/longo prazo, en función dos importes das mesmas.

6.- Reforzar e apoiar ante a empresa aos traballadores de Poligal na súa exixencia de cumprimento da sentencia xudicial que lle obriga a facer inversións que melloren a competitividade da planta de Narón.

CSV: GmmWgbzwn8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/03/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 47455
Data envio: 07/03/2019 14:32:03.432

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

7.- Instar ao Goberno do Estado e trasladar ao Congreso dos Deputados a necesidade dunha Lei que axude a impedir ou limitar a deslocalización de centros de produción ou servizos perfectamente viables coas actuacións tecnolóxicas, de I+D+i e de produtividade necesarias.

Santiago de Compostela, 7 de marzo de 2019.

Asdo.: Francisco Casal Vidal
Manuel Lago Peñas
Luís Villares Naveira
Deputados e voceiro do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Francisco Casal Vidal na data 07/03/2019 14:30:39

José Manuel Lago Peñas na data 07/03/2019 14:30:49

Luis Villares Naveira na data 07/03/2019 14:30:56

CSV: GmmWgbzwn8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/03/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 47461
Data envio: 07/03/2019 16:23:34.512

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de EN MAREA, a iniciativa das súas deputadas **Luca Chao Pérez e Ánxeles Cuña Bóveda,** ao abeiro do artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 4.ª.**

Exposición de motivos.

Dende o ano 2013, o alumnado ten que cursar seis horas semanais de materias específicas e de libre configuración, a escoller entre materias de 4, 3, 2 e 1 hora. Alumnos e alumnas teñen que matricularse en, polo menos, dúas destas materias. Se a suma de dúas delas é de cinco horas, poden completar a carga horaria ou ben coa materia de Relixión ou ben cunha materia alternativa programada polo Centro. O problema é que moitos centros non teñen ningunha materia alternativa programada porque non teñen medios para impartila. Así, na práctica, moitos dos alumnos/as que queren cursar materias optativas vénse na obriga de inscribirse en Relixión Católica.

O Decreto 86/2015, do 25 de xuño, que establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato en Galicia, determina que en 1º curso de Bacharelato a Relixión é unha materia específica.

Este decreto establece como necesario que o alumnado curse dúas materias específicas para poder titular, e isto implica que cando ao alumnado lle ofertan materias optativas autonómicas como Robótica, Antropoloxía, Coeducación para o século XXI ou Tecnoloxía da Información e a Comunicación, a distribución da

CSV: GmmWgbzwn8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/03/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 47461
Data envio: 07/03/2019 16:23:34.512

carga horaria para poder titular obriga ao alumnado a cursar necesariamente Relixión Católica case na totalidade dos centros escolares galegos.

Non tería por que ser así. Noutras comunidades autónomas buscouse un encaixe moito máis sensato que non obriga a ninguén a cursar unha materia confesional nun estado aconfesional. É o caso da Comunidade de Madrid, onde tódalas materias específicas e de libre configuración son de 2 horas semanais; ou o de Castela e León, nos que as materias son todas de 2 e 4 horas.

Asistimos a unha queixa interposta polo profesorado de filosofía de secundaria ante a Valedoría do Pobo e ante o Parlamento de Galicia no día de onte. A queixa realízase pola obrigatoriedade do alumnado de cursar Relixión Católica en 1º de Bacharelato. A finalidade da queixa é garantir o dereito do alumnado á liberdade ideolóxica, relixiosa e de culto.

A CE ampara a igualdade ante a lei, sen que poda prevalecer discriminación por razón de nacemento, raza, sexo, relixión, opinión ou calquera condición ou circunstancia persoal ou social no artigo 14 e a liberdade ideolóxica, de crenza, credo e culto de todas as persoas e comunidades no artigo 16.

Ademais, proclámase a laicidade do Estado, no apartado 16.3 ao sinalar que ningunha confesión terá carácter estatal.

O Estatuto de Autonomía di no artigo 31 que é competencia plena da CA de Galicia o regulamento e administración do ensino en toda a súa extensión, niveis e graos.

Baixo o prisma do artigo 1 da CE no que se recolle que o Estado é un estado social, democrático de dereito, que ten como valores superiores a liberdade, a xustiza, a igualdade non é normal a imposición de cursar esta materia para poder acceder a outras, xa que se vulneran os cimentos mesmos do Estado, e por tanto os dereitos e deberes fundamentais sinalados no artigo 10, e

CSV: GmmWgbzwn8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/03/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 47461
Data envio: 07/03/2019 16:23:34.512

nomeadamente aqueles protexidos constitucionalmente, como son o 14 e o 16 e a igualdade que imbúe todo o sistema constitucional español.

Por ser un agravio comparativo con outras comunidades, nas que o alumnado si que se forma libremente nas materias que desexan e escollen, sen outra limitación, e por atentar contra o principio básico de igualdade, de liberdade de ideolóxica, crenza, culto e de laicidade do Estado, e o dereito a non declarar sobre a mesma este grupo solicita a eliminación deste requisito para cursar outras materias de interese para o alumnado.

Tendo en conta que existe unha solución sinxela á situación e que no período de alegacións ao decreto o Goberno foi explicitamente advertido do que podía suceder, o Partido Popular non pode alegar ignorancia para rebaixar a súa responsabilidade. Está forzando deliberadamente a moitos rapaces e rapazas a cursar a materia de Relixión en contra dos seus intereses reais.

Por todo o exposto o Grupo Parlamentar de En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Comisión.

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1.- Eliminar a obrigatoriedade de cursar a materia de Relixión en todos os centros de ensino, tanto públicos como privados, para o acceso a outras materias.

2.- Deseñar unha alternativa que permita en todos os casos non cursar a materia de Relixión a aqueles alumnos e alumnas que non teñan interese nela e dotar aos centros de recursos suficientes para poder impartilas.

Santiago de Compostela, 7 de marzo de 2019.

Asdo.: Luca Chao Pérez

Ánxeles Cuña Bóveda

CSV: GmmWgbzwn8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/03/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 47461
Data envio: 07/03/2019 16:23:34.512

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Deputadas do G.P. de En Marea

Luís Villares Naveira

Voceiro do G.P. de En Marea

Asinado dixitalmente por:

Luca Chao Pérez na data 07/03/2019 16:06:32

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 07/03/2019 16:06:40

Luis Villares Naveira na data 07/03/2019 16:06:46

CSV: GmmWgbzwn8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/03/2019 16:45:35
Nº Rexistro: 47471
Data envio: 07/03/2019 16:45:35.983

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa das súas deputadas **Paula Quinteiro Araujo, Flora Miranda Pena, Carmen Santos Queiruga** e do seu deputado **Luís Villares Naveira,** ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate na **Comisión 8ª.**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

Coa aprobación do Real Decreto 28/2018, do 28 de decembro, para a revalorización das pensións públicas e outras medidas urxentes en materia social, laboral e de emprego, modificáronse as cotizacións á seguridade social tamén para os traballadores do mar, con especial incidencia aos pertencentes ao Grupo II de cotización ao Réxime Especial do Mar incluíndo ás mariscadoras e pescadores artesanais, con incremento que en moitos casos poden supoñer enormes riscos para a continuidade da actividade, sobre todo de determinadas mariscadoras e pequenas embarcacións.

A pesar de que en principio advertíase da exclusión deste incremento ás embarcacións inferiores a 10 toneladas, na realidade esta exclusión non se levou a cabo na aplicación nin redacción definitiva do decreto.

Estes colectivos non foron escoitados, xa que non consensuaron con eles ningunha destas medidas porque non se abordou na mesa de negociación das comisións executivas do ISM e, ademais, denuncian que non recibiron información clara e previa por parte deste organismo polo que non tiñan prevista a contía que recibiron das novas cotas da seguridade social.

CSV: GmmWgbzwn8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/03/2019 16:45:35
Nº Rexistro: 47471
Data envio: 07/03/2019 16:45:35.983

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Un dos incrementos máis importantes nas cotizacións das mariscadoras e outros colectivos, ten a ver co incremento das bases de cotización das continxencias profesionais polo feito de ter coeficientes redutores para a xubilación, pero esta tense feito de forma lineal sen contemplar os diferentes coeficientes de cada sector, sendo polo tanto unha suba inxusta.

A mellora das prestacións que contempla o decreto, como é o incremento da prestación por cese de actividade ou a exención de pago de cotas unha vez superados os 60 días de baixa médica, non compensa o brutal incremento dos custes para as mariscadores e pescadores artesanais como ben se pode comprobar na seguinte táboa:

2018			**2019**	
Bases 1335€			**Base 1419€**	
Cota mensual			**Cota mensual 240,05€**	
194,26		**Conceptos**		
Tipo	**Cota**		**Tipos**	**Cota**
26,5%	117,93€	Continxencias Comúns	26,74%	126,48
2,60	12,45	I.T Comúns	1,56%	7,38
1,65%	22,03	I.T de A.T	3,45%	48,96
1,70%	22,70	I.M.S de A.T.	3,70%	52,50
0,70	9,35	Formación Profesional	0.1%	1,42
2,2%	9,79	Protección cese actividade	0,7%	3.31%

Por todo o exposto o Grupo Parlamentario de **En Marea**, formula a seguinte Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 8.ª

CSV: GmmWgbzwn8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/03/2019 16:45:35
Nº Rexistro: 47471
Data envio: 07/03/2019 16:45:35.983

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:

Primeiro.- Demandar do Goberno Central a negociación dun acordo cas confrarías para mellorar as condicións dos traballadores do mar que contemple as novas cotas de cotización e as melloras nas prestacións.

Segundo.- Deixar sen efecto a parte relativa ao incremento da custes de cotización para o sector do mar, namentres non se chegue a un acordo co conxunto do sector.

Terceiro.- Realizar un estudio para saber cal é a situación dos traballadores do mar en Galicia tendo en conta as diferentes continxencias profesionais e, en base a este, demandar ao goberno central protecciónes para eles.

Santiago de Compostela, 7 de marzo de 2019.

Asdo.: Paula Quinteiro Araujo
Flora Miranda Pena
Carmen Santos Queiruga
Luís Villares Naveira
Deputadas e Voceiro do G.P. de En Marea

Asinado dixitalmente por:

CSV: GmmWgbzwn8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/03/2019 16:45:35
Nº Rexistro: 47471
Data envio: 07/03/2019 16:45:35.983

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Paula Quinteiro Araújo na data 07/03/2019 16:44:16

Flora María Miranda Pena na data 07/03/2019 16:44:33

Carmen Santos Queiruga na data 07/03/2019 16:44:41

Luis Villares Naveira na data 07/03/2019 16:44:51

CSV: GmmWgbzwn8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO
PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións:
Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.
Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25
Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727

CSV: GmmWgbzwn8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/